
XUNTA DE GALICIA













PLAN DIRECTOR
da Rede Natura 2000 de Galicia

Documento de síntese Xuño-2012

XUNTA DE GALICIA

PLAN DIRECTOR

da Rede Natura 2000 de Galicia

Documento de síntese Xuño-2012

Cofinanciado

FEDER

PLAN DIRECTOR
da Rede Natura 2000 de Galicia

Dirección Técnica

Ricardo García-Borregón Millán
Rogelio Fernández Díaz
Belén Bris Marino

Dirección Xeral de Conservación da Natureza
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

Equipo redactor

Pablo Ramil Rego
Rafael Crecente Maseda
Javier Ferreiro da Costa
Boris Alejandro Hinojo Sánchez
Belén de Nóvoa Fernández
Marco Antonio Rubinos Román
Manuel Antonio Rodríguez Guitián

Grupo de Investigación 1934-TB
IBADER – Campus de Lugo
Universidade de Santiago de Compostela

Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
Juan Picos Martín
Xana Álvarez Bermúdez
Víctor Estévez González

Grupo de Investigación AF-4
E.U.I.T. Forestal – Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

Enrique Urcola Fernández-Miranda
Patricio Aguilar Cavanillas
Lucía Martínez de la Fuente

Consulting e Ingeniería Internacional S. A. (CIISA)

Limiar

O Tratado de Funcionamento da Unión Europea establece no seu artigo 191 (antigo artigo 174 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea) que a política da Unión no ámbito do medio ambiente contribuirá, entre outros, a garantir a conservación e a protección e a mellora do medio ambiente.

O Cumio de Río de Janeiro de 1992, introducía un novo paradigma mundial mediante a procura dun modelo de desenvolvemento humano sostible. Estes mesmos principios serían tamén os inspiradores de que a Comisión Europea promulgase a DC 92/43/CEE, coñecida como Directiva Hábitat, que fixaba como obxectivo fundamental propiciar o mantemento da biodiversidade no ámbito territorial da Unión Europea, ao tempo que se tiñan en conta as esixencias económicas, sociais, culturais e rexionais.

Para acadar o seu obxectivo principal, a DC 92/43/CEE crea unha rede ecolóxica europea coherente de zonas especiais de conservación, denominada «Natura 2000», composta polos lugares que alberguen tipos de hábitats naturais e por hábitats de especies, dos que deberán garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, e na que tamén se inclúen as zonas designadas conforme ás disposicións da DC 2009/147/CE.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle no seu artigo 27.30 a competencia exclusiva para ditar normas adicionais de protección do medio e a paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23a da Constitución.

Os lugares que vertebran a Rede Natura 2000 en Galicia foron declarados polo Goberno Autónomico, ao amparo da Lei 9/2001, como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), integrándose deste modo dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos. Pola súa banda, a Lei estatal 42/2007 designa estes espazos como Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

A articulación de medidas de xestión require, de acordo coa DC 92/43/CEE, a realización dun plan de xestión específico para os lugares da Rede Natura 2000, así como o establecemento de medidas regulamentarias e administrativas, acordes coas esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats e especies de interese para a conservación, e especialmente as contempladas nos anexos das DC 92/43/CEE e da DC 2009/147/CE.

Instrumento de planificación e xestión, que se estrutura e adapta no presente documento, á figura do "Plan de Ordenación dos Recursos Naturais", prevista na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, e na Lei 42/2007, complementando os obxectivos formulados nas propias normativas autonómica e estatal, cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000.

O presente Plan contempla o ámbito de protección dos espazos, a identificación dos compoñentes clave para a conservación da biodiversidade e a avaliación das afeccións que poidan incidir no seu estado de conservación. A necesidade de dotar aos distintos espazos de criterios homoxéneos de planificación e ordenación, xustifica a inclusión dunha zonificación de usos para cada espazo, coherente coa distribución territorial dos valores naturais e cos usos do territorio. Acordes coa zonificación establécense as directrices de ordenación, incluíndo as normas de uso e aproveitamento do territorio e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar dos hábitats naturais e das especies silvestres.

En consecuencia, tendo en conta a declaración do pasado ano 2010 como “Ano de Biodiversidade”, e o novo horizonte para o ano 2020 na conservación da biodiversidade a nivel mundial e europeo, o presente Plan contribúe á conservación dos recursos naturais a través do fomento do desenvolvemento sostible, tendo en conta que a conservación da biodiversidade poderá, en determinados casos, requirir o mantemento e mesmo o estímulo de determinadas actividades humanas.

Santiago de Compostela, xuño de 2012

Plan Director

1. Introdución 1
1.1 A Rede Natura 2000 2
1.2 Establecemento da Rede Natura 2000 4
1.3 Espazos Naturais Protexidos 15
1.4 Áreas protexidas por instrumentos internacionais 28
1.5 Planificación e xestión, instrumentos existentes 33

2. Obxectivos de conservación e xestión 35
2.1 Obxectivos dos espazos da área litoral 38
2.2 Obxectivos dos espazos de humidais e corredores fluviais 44
2.3 Obxectivos dos espazos das áreas de montaña 50

3. Ámbito territorial 57

4. Patrimonio natural e biodiversidade 59
4.1 Hábitats naturais da DC 92/43/CEE 60
4.2 Especies de interese para a conservación 67

5. Dinámica de usos do solo 83
5.1 Trazos Xerais 85
5.2 Comparación con outras Comunidades Autónomas 91
5.3 Previsións futuras 94

6. Aspectos socioeconómicos e territoriais 95

7. Valoración da Rede Natura 2000 98
7.1 Metodoloxía da valoración ambiental 99
7.2 Valoración da Rede Natura 2000 de Galicia 101
7.3 Indicadores ambientais 109

8. Zonificación da Rede Natura 2000 110
8.1 Zonificación do Plan Director 111
8.2 Zonificación existente noutros espazos 113
8.3 Zonificación da Rede Natura 2000 de Galicia 119

9. Medidas de xestión 125
9.1 Medidas e normativa xeral 128
9.2 Medidas e normativa por compoñentes 133
9.3 Normativa zonal 202

10. Avaliación ambiental 217

11. Plan de seguimento 222

12. Desenvolvemento do Plan Director 223

13. Memoria económica do Plan Director 224

14. Bibliografía 229

Anexo Cartográfico

1. Introdución

1 Introdución

Coa finalidade de asegurar o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna establecidas nos Anexos II, IV, V da DC 92/43/CEE e no Anexo I da DC 2009/147/CE, o presente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, establece un conxunto de medidas de planificación e xestión para os lugares que integran a Rede Natura 2000 na Comunidade Autónoma de Galicia. Ditas medidas estarán orientadas a evitar que nos devanditos lugares, e nas futuras zonas especiais de conservación, se produzan alteracións ou deterioracións significativas no que respecta aos obxectivos de conservación contemplados en ambas as dúas directivas europeas.

De acordo coa DC 92/43/CEE, a articulación das medidas de xestión anteriores require a realización dun plan de xestión específico para os lugares da Rede Natura 2000, así como o establecemento de medidas regulamentarias e administrativas, acordes coas esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats e especies de interese para a conservación, e especialmente as contempladas nos anexos das DC 92/43/CEE e da DC 2009/147/CE. Instrumento de planificación e xestión, que se estrutura e adapta no presente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, á figura do "Plan de Ordenación dos Recursos Naturais", prevista na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, e na Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, complementando os obxectivos formulados nas propias normativas autonómica e estatal, cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000.

1.1 A Rede Natura 2000

Segundo o artigo 174 do Tratado Constitutivo da Unión Europea (Comunidade Europea), a política da Unión no ámbito do medio ambiente contribuirá a garantir a conservación, a protección e a mellora do medio ambiente; A protección da saúde das persoas; A utilización prudente e racional dos recursos naturais; O fomento de medidas a escala internacional destinadas a facer fronte aos problemas rexionais ou mundiais do medio ambiente. A política da Unión Europea, no ámbito do medio ambiente terá como obxectivo alcanzar un nivel de protección elevado, tendo presente a diversidade de situacións existentes nas distintas rexións da Unión. Basearase nos principios de cautela e de acción preventiva, no principio de corrección dos atentados ao medio ambiente, preferentemente na fonte mesma, e no principio de quen contamina paga. Neste contexto, as medidas de harmonización necesarias para responder a esixencias na protección do medio ambiente incluirán, nos casos apropiados, unha cláusula de salvagarda que autorice aos Estados membros a adoptar, por motivos ambientais non económicos, medidas provisionais sometidas a un procedemento comunitario de control.

En coherencia con estes aspectos, a Comisión Europea, promulgou a Directiva 92/43/CEE, coñecida como Directiva Hábitat, que asume como obxectivo fundamental propiciar o mantemento da biodiversidade no ámbito territorial da Unión Europea, ao tempo que se teñen en conta as esixencias económicas, sociais, culturais e rexionais. En consecuencia, a Directiva Hábitat, deberá contribuír a alcanzar o obxectivo xeral dun desenvolvemento sostible, tendo en conta que o mantemento desta biodiversidade poderá, en determinados casos, requirir o mantemento e mesmo o estímulo de determinadas actividades humanas.

Directiva 92/43/CEE
Conservación de los hábitats naturales y de los hábitats de especies

Artigo 3.

1. Se crea una red ecológica europea coherente de zonas especiales de conservación, denominada «Natura 2000». Dicha red, compuesta por los lugares que alberguen tipos de hábitats naturales que figuran en el Anexo I y de hábitats de especies que figuran en el Anexo II, deberá garantizar el mantenimiento o, en su caso, el restablecimiento, en un estado de conservación favorable, de los tipos de hábitats naturales y de los hábitats de las especies de que se trate en su área de distribución natural.
La red Natura 2000 incluirá asimismo las zonas de protección especiales designadas por los Estados miembros con arreglo a las disposiciones de la Directiva 2009/147/CE.

2. Cada Estado miembro contribuirá a la constitución de Natura 2000 en función de la representación que tengan en su territorio los tipos de hábitats naturales y los hábitats de especies a que se refiere el apartado 1. Con tal fin y de conformidad con las disposiciones del artículo 4, cada Estado miembro designará lugares y zonas especiales de conservación, teniendo en cuenta los objetivos mencionados en el apartado 1.

3. Cuando lo consideren necesario, los Estados miembros se esforzarán por mejorar la coherencia ecológica de Natura 2000 mediante el mantenimiento y, en su caso, el desarrollo de los elementos del paisaje que revistan primordial importancia para la fauna y la flora silvestres que cita el artículo 10.

A Directiva 92/43/CEE considera ademais que, no territorio da Unión Europea, os hábitats naturais seguen degradándose e que un número crecente de especies silvestres están gravemente ameazadas; que, habida conta de que os hábitats e as especies ameazadas forman parte do patrimonio natural da Comunidade e de que as ameazas que pesan sobre eles teñen a miúdo un carácter trasfronteirizo, é necesario tomar medidas a nivel comunitario co fin de conservalos. Para iso,

e habida conta das ameazas que pesan sobre determinados tipos de hábitats naturais e sobre determinadas especies, é necesario definilas como prioritarias co fin de propiciar a rápida posta en marcha de medidas tendentes á súa conservación. Así como para garantir o mantemento do seu estado de conservación, ou no seu caso o restablecemento a unhas condicións favorables, dos hábitats naturais e das especies de interese comunitario, débense designar zonas especiais de conservación co fin de realizar unha rede ecolóxica europea coherente. Na devandita rede ecolóxica, xunto ás zonas especiais de conservación para os hábitats do Anexo I e as especies do Anexo II da DC 92/43/CEE, integraranse as zonas especiais de protección das aves designadas en virtude da DC 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

A Directiva Hábitat, considera que en cada zona designada se deben aplicar as medidas de xestión necesarias, habida conta dos obxectivos de conservación establecidos no momento da súa designación, e en concreto das medidas destinadas a fomentar a conservación dos hábitats naturais prioritarios e das especies prioritarias de interese comunitario. Actuación que, por outra banda, constitúe unha responsabilidade común de todos os Estados membros.



Figura 1.- A Rede Natura 2000 creouse, ao abeiro da DC 92/43/CEE, coa finalidade de garantir o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies ameazadas .

1.2 Establecemento da Rede Natura 2000

A Directiva 92/43/CEE crea unha rede ecolóxica coherente, a Rede Natura 2000, formada polos lugares declarados en conformidade coa Directiva 2009/147/CE, como *Zonas de Especial Protección para as Aves* ZEPA (Special Protection Area SPA), así como daquelas designadas para a conservación dos hábitats do Anexo I e das especies de flora e fauna silvestre do Anexo II da propia Directiva 92/43/CEE, designadas na súa fase inicial como *Lugares de Importancia Comunitaria* LIC (Sites of Community Importance SCI), e na súa fase final como *Zona Especial de Conservación* ZEC (Special Area of Conservation SAC).

A designación dun territorio como ZEPA realízase tras a avaliación da importancia do lugar para a conservación dos hábitats das aves (artigo 4 da Directiva 2009/147/CE), incluídas no anexo I da Directiva Aves, así como de especies migratorios de chegada regular non contempladas no devandito anexo, e consta unicamente dunha etapa. Isto implica que os lugares designados como ZEPA se integran directamente na rede Natura 2000. No ámbito normativo español, son as Comunidades Autónomas as que declaran as ZEPA (Lei 42/2007).

Rede Natura 2000 de Galicia: ZEPA

Código	ZEPA	Declaración	ha	Long.	Lat.
ES0000001	Illas Cíes	24/02/1988	900	W 8 54	N 42 13
ES0000085	Ribadeo	12/01/1990	536	W 7 04	N 43 28
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	12/01/1990	3.025	W 7 51	N 43 41
ES0000087	Complexo intermareal Umia-O Grove	20/01/1990	2.813	W 8 51	N 42 27
ES0000254	Illa de Ons	03/07/2001	924	W 8 56	N 42 23
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	03/07/2001	1.742	W 8 50	N 43 21
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	19/06/2003	7.962	W 8 57	N 43 16
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	19/06/2003	4.266	W 8 15	N 43 33
ES0000313	Complexo Litoral de Corrubedo	19/06/2003	971	W 9 01	N 42 33
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	02/04/2004	2.169	W 7 32	N 43 43
ES0000373	Ría de Foz	02/04/2004	564	W 7 14	N 43 33
ES0000374	Ancares	02/04/2004	12.564	W 6 53	N 42 51
ES0000375	Esteiro do Miño	02/04/2004	1.688	W 8 44	N 41 56
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	02/04/2004	31.287	W 8 07	N 41 58
ES0000436	A Limia	12/11/2009	6.939	W 7 44	N 42 05
ES0000437	Pena Trevinca	19/06/2008	22.510	W 6 93	N 42 20

Táboa 1.- ZEPA declaradas en Galicia.

En Galicia a declaración de ZEPA iníciase no ano 1988, coa de Illas Cíes, declarándose posteriormente no ano 1990, as de Ribadeo, Ría de Ortigueira e Ladrido, e Complexo intermareal Umia - O Grove. Posteriormente no ano 2001 decláranse as de Illa de Ons, Serra de Enciña da Lastra, e no 2003 as de Costa da Morte (Norte), Costa de Ferrolterra - Valdoviño, Complexo Litoral de Corrubedo, e no ano 2004 as de Costa da Mariña Occidental, Ría de Foz, Ancares, Esteiro do Miño e Baixa Limia - Serra do Xurés. As designación das ZEPA realizouse a partir da información científico-técnica dispoñible relativa á identificación das áreas con maior riqueza e efectivos poboacionais das especies contempladas no Anexo I da Directiva Aves, así como de especies migratorios de chegada regular non contempladas no Anexo I.

Con posterioridade, publicábase o Decreto 131/2008, do 19 de xuño (DOG 124, 27/06/2008), mediante o cal se aprobaba o decreto de declaración da ZEPA Pena Trevinca, así como o Decreto 411/2009, de 12 de novembro (DOG 230, 24/11/2009) polo que se declaraba a ZEPA da Limia. Estas declaracións realizáronse en conformidade coa Sentenza de 28 de xuño de 2007, do Tribunal de

Xustiza das Comunidades Europeas que obrigaba a Galicia a ampliar a superficie incluída baixo a figura de ZEPA. Deste xeito, engadíanse estas dúas ás creadas con anterioridade en Galicia, ascendendo o total de ZEPA galegas a un total de 16.




Figura 2.- Situación das Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) declaradas en Galicia.

En canto á designación dos LIC e ZEC, o artigo 4 da Directiva 92/43/CEE deseña un protocolo que inclúe tres fases. Na transposición da Directiva Hábitat ao ordenamento xurídico español (Real Decreto 1997/1995, modificado polo RD 1193/1998 e polo RD 1421/2006; Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes; Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade), establécese o papel das Comunidades Autónomas e do Estado, na configuración e xestión da Rede Natura 2000. O procedemento para a creación da Rede Natura 2000 recóllese no artigo 4 da DC 92/43/CEE, e consta de tres etapas.

A primeira etapa consistiu na elaboración por parte das Comunidades Autónomas dunha lista provisional de lugares co fin de ser designados como Lugares de Importancia Comunitaria (LIC). A elaboración das listas autonómicas foi realizada de acordo cos requirimentos técnicos establecidos no Anexo III da DC 92/43/CEE, e a partir da información científico-técnica dispoñible en cada territorio. Propoñendo, para cada unha das Rexións Bioxeográficas, un conxunto de áreas concretas,

designadas como pLIC (pSCI = proposed Site of Community Importance) que engloban tipos de hábitats naturais enumerados no Anexo I da DC 92/43/CEE, e tipos de hábitats de especies autóctonas de flora e fauna, enumeradas no Anexo II da mencionada normativa.

Con data do 11 de Marzo de 1999, o consello da Xunta de Galicia (Orde da Consellería de Medio Ambiente de 28/10/1999. DOG 216, 9/11/1999) acordou remitir ao Estado Español, a primeira proposta de lugares seleccionados para formar parte da Rede Europea Natura 2000 para as rexións bioxeográficas Atlántica e Mediterránea, xunto coa información relativa a cada lugar. Posteriormente, o Estado Español remitiu á Comisión Europea, as listas dos Lugares de Importancia Comunitaria propostos polas distintas Comunidades Autónomas.




Figura 3.- Rexións Bioxeográficas da Unión Europea. Fonte: Nature & Biodiversity Unit. Directorate General Environment. European Commission.

Independentemente da protección vinculada coa normativa europea, que leva consigo a necesidade de establecer medidas para evitar a deterioración dos lugares que forman parte das propostas de Lugares de Importancia Comunitaria. A Xunta de Galicia outorgou a estes lugares a condición de Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral, ENRPX (Orde do 28 de outubro de 1999 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para á a súa inclusión en Rede Europea Natura 2000, como Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral. DOG 216, 9/11/1999, corrección de erros DOG 242, 17/12/1999), incluíndoos temporalmente no Rexistro Xeral do Espazos en Réxime de Protección Xeral.

A proposta inicial de Lugares de Importancia Comunitaria (pLIC), elaborada polas Comunidades Autónomas no ano 1999, foi sendo sometida a avaliación polos equipos técnicos da Dirección Xeral de Medio da Comisión Europea, solicitándose información adicional sobre os espazos propostos, así como formulando a necesidade de incrementar os existentes ou crear novos espazos, co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos pola DC 92/43/CEE.

No ano 2000, a Xunta de Galicia prorroga a declaración de ENRPX dos lugares que forman parte da proposta autonómica da Rede Natura 2000, manténdose sen variación os límites dos espazos en relación coa Orde do 28 de outubro de 1999. (Orde 07/11/2000 pola que se prorroga a declaración

provisional das zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral. DOG 220, 14/11/2000).

Como consecuencia, a Xunta de Galicia adecúa a proposta inicial de pLIC, ampliando a mesma. A nova proposta foi aprobada polo consello da Xunta de Galicia do 19 de Abril de 2001, e incluída dentro da Orde da Consellería de Medio Ambiente do 7 de xullo do 2001 (Orde do 7 de xuño de 2001 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral. DOG 118, 19/06/2001). Como aconteceu coa Orde do 28 de outubro de 1999, a nova declaración (Orde 7/06/2001), mantén a condición dos espazos propostos como Lugares de Importancia Comunitaria (pLIC), como Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral.

No ano 2002, a Xunta de Galicia prorroga a declaración de ENRPX dos lugares que forman parte da proposta autonómica da Rede Natura 2000, manténdose sen variación os límites dos espazos en relación coa Orde do 7 de xuño de 2001. (Orde 13/06/2002 pola que se prorroga a declaración provisional das zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral. DOG 116, 18/06/2002).

No ano 2003, a Xunta de Galicia realiza unha nova adecuación da proposta de Lugares de Importancia Comunitaria (pLIC), outorgando aos espazos resultantes a condición de Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral, a semellanza do establecido nas anteriores modificacións (Orde do 9 de xuño pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para á súa inclusión en Rede Europea Natura 2000, como Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral. DOG 115, 16/06/2003).

A Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, define con carácter xeral os espazos naturais que han de considerarse merecedores dunha protección especial, establece as súas categorías, regula o seu procedemento de declaración e dispón o seu réxime xeral de protección, considerándose a posibilidade de establecer réximes de protección preventiva. A Lei prevé oito tipos de réximes de protección: Reservas naturais, parques, monumentos naturais, humidais protexidos, zonas de especial protección dos valores naturais, paisaxes protexidas, espazos naturais de interese local e espazos privados de interese natural, en atención aos recursos naturais ou biolóxicos e aos valores que conteñan (Artigo 9).

Mediante, o Decreto Autonómico 72/2004 (DOG 69, 12/04/2004), decláranse definitivamente como Espazos Naturais protexidos, e en coherencia co disposto na Lei 9/2001, os lugares que formaban parte da proposta autonómica da Rede Natura 2000 (59 pLIC e 14 ZEPA), incluíndoos na categoría de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Posteriormente, mediante a Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DOG 95, 19/05/2004), publícanse os límites dos diversos espazos considerados como ZEPVN.

O artigo 4.2 da Directiva 92/43/CEE, recolle a segunda etapa no procedemento de establecemento dos lugares que conformasen a Rede Natura 2000 designados en función da distribución dos tipos de hábitats do Anexo I e das especies de flora e fauna do Anexo II. O desenvolvemento desta segunda etapa, leva consigo finalmente a designación de común acordo entre a Unión Europea e cada un dos estados membros dunha lista de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) para cada unha das cinco rexións bioxeográficas, que alberguen un ou varios tipos de hábitats naturais prioritarios, ou unha ou varias especies prioritarias.

No ano 2002 publícase no Boletín das Comunidades Europeas o listado de LIC da Rexión Macaronésica (Decisión da Comisión de 28/12/2001 pola que se aproba a lista de Lugares de Importancia Comunitaria con respecto á Rexión Bioxeográfica Macaronésica, en aplicación da Directiva 92/43/CEE do Consello. Diario Oficial das Comunidades Europeas 9/1/2002). No ano 2004

apróbanse os listados de LIC da Rexión Alpina (Decisión da Comisión de 22/12/2003 pola que se adopta a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Alpina. DOUE. 21/01/2004). Rexión Continental (Decisión da Comisión de 7/11/2004 pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Continental. DOUE 28/12/2004) e Atlántica (Decisión da Comisión de 7/12/2004 pola que se adopta, de conformidade coa DC92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Atlántica. DOUE, 29/12/2004).




Figura 4.- Distribución dos espazos da Rede Natura 2000 nos 27 Estados Membros da UE.

Para finalmente aprobarse no ano 2005 o listado de LIC da Rexión Boreal (Decisión da Comisión de 13/01/ 2005 pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Boreal. DOUE 11/02/2005) e no ano 2006 a Rexión Bioxeográfica Mediterránea (Decisión da Comisión de 19/07/ 2006, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Mediterránea. DOUE 21/9/2006). Derivada da adhesión á Unión Europea de distintos países do CE do Continente Europeo, foi necesario modificar o mapa de rexións bioxeográficas, incluíndo a Rexión Bioxeográfica Panónica. Posteriormente, tras a adhesión de Hungría e Romanía á Unión Europea, modifícase o mapa de Rexións Bioxeográfica, incluíndo as do Mar Negro e a Estépica.

Segundo os datos achegados pola Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea en maio do ano 2010, a Rede Natura 2000 estaba conformada por máis de 26.000 lugares, que abranguen un total de máis de 920.000 Km2, dos que 754.710 corresponden a superficies terrestres e que representan algo menos do 18% da superficie continental da Unión Europea (EUR27). Incluíndo 5.315

ZEPA, cunha superficie de 593.486 Km^2, estando representado en 700 ZEPA medios mariños, que representan unha superficie de 102.663 Km^2. En canto aos LIC, o seu número ascende a 22.529, que engloban unha superficie de 719.015 Km^2, estando representados os medios mariños en 1.412 LIC, abranguendo unha superficie de 132.923 Km^2.

Rede Natura 2000 no Estado Español						
	ZEPA			LIC		
Comunidade Autónoma	nº	ha	%CCAA(*)	nº	ha	%CCAA(*)
Andalucía	63	1.649.570	18,4	195	2.633.508	28,7
Aragón	45	852.391	17,7	156	1.057.751	21,9
Asturias	13	240.368	21,0	49	304.124	26,8
Cantabria	8	79.361	14,8	21	138.036	25,7
Castilla y León	70	2.001.933	21,2	121	1.895.798	20,1
Castilla-La Mancha	38	1.590.106	19,9	72	1.574.025	19,7
Catalunya	73	911.253	25,5	115	1.057.658	29,7
Comunitat Valenciana	43	789.310	31,1	94	693.830	26,8
Ceuta e Melilla	3	685	15,9	5	2.073	20,8
Extremadura	69	1.089.307	26,1	87	828.925	19,9
Galicia	16	101.135	3,0	59	374.435	11,7
Illes Balears	55	142.130	17,6	138	207.277	19,2
Illas Canarias	43	280.183	35,9	177	468.020	37,8
Madrid	7	186.149	23,1	7	321.330	39,9
Murcia	22	207.136	16,9	51	351.664	14,8
Navarra	17	80.687	7,7	42	255.145	24,3
La Rioja	5	166.947	32,9	6	168.708	33,2
País Vasco	6	39.443	5,3	52	135.682	18,6
Total	596	10.408.094	20,1	1348	12.467.989	23,1

Cálculos efectuados no fuso 29N da proxección ED50, a partires da cartografía dixital da Rede Natura 2000 do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (ano 2010) e da territorial do Instituto Xeográfico Nacional. (*) Porcentaxe da superficie terrestre sobre a superficie continental autonómica.

Táboa 2.- A Rede Natura 2000 en España. Datos de LIC e ZEPA por Comunidades Autónomas.

O artigo 4.5, da Directiva Hábitat aclara que, dende o momento en que un lugar figure na lista dos Lugares de Importancia Comunitaria aprobados pola Comisión, quedará sometido ao disposto no seu artigo 6, apartados 2, 3 e 4. A Rede Natura 2000 en España aparece conformada no ano 2010, por 596 ZEPA, que representan unha superficie de 10.408.094 ha (20,1% do territorio continental español), e 1.348 LIC que engloban 12.467.989 ha (o 23,1% terrestre español). A lista actual, de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) de Galicia, esta conformada por 10 LIC pertencentes á Rexión Bioxeográfica Mediterránea e de 55 LIC pertencentes á Rexión Bioxeográfica Atlántica. Seis dos LIC posúen territorios emprazados tanto na Rexión Atlántica como na Mediterránea (Os Ancares – O Courel, Canón do Sil, Río Cabe, Veiga de Ponteliñares, Baixa Limia, Macizo Central e Río Támega), de acordo coa delimitación clásica de ambas as dúas unidades bioxeográficas establecidas por Rivas-Martínez (1987) e adaptada por a DG XI da Comisión Europea. En consecuencia, o número de espazos que conforman na actualidade a Rede Natura 2000 de Galicia é de 59 LIC aos que habería que unir as 16 ZEPA.

O espazo continental (medios terrestres e medios de transición) de 15 das 16 ZEPA establecidas en Galicia coincide co delimitado para os LIC, salvo na ZEPA A Limia. Ademais, soamente unha pequena fracción do espazo mariño (ecosistemas de augas mariñas próximas á costa), delimitado polas ZEPA, carece de correspondencia co dos LIC. Nos listados actualizados de Lugares de Importancia Comunitaria para a Rexión Bioxeográfica Atlántica (Decisión 2012/13/UE), e para a Rexión Bioxeográfica Mediterránea (Decisión 2012/9/UE), figuran distintos espazos do territorio de Galicia aos que se indica a ausencia de hábitats prioritarios. Na información contida no presente Plan revisouse a información referida aos compoñentes da biodiversidade (hábitats e especies de interese comunitario) de xeito que cada un dos lugares da Rede Natura 2000 de Galicia (LIC e ZEPA) conteñen un ou máis tipos de hábitats prioritarios.

A terceira etapa, establecida no articulo 4.2 da DC 92/43/CEE consiste na designación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) como Zona Especial de Conservación (ZEC). No artigo 1, letra l, da Directiva defínese a ZEC como *un Lugar de Importancia Comunitaria designado por los Estados miembros mediante un acto reglamentario, administrativo y/o contractual, en el cual se apliquen las medidas de conservación necesarias para el mantenimiento o el restablecimiento, en un estado de conservación favorable, de los hábitats naturales y/o de las poblaciones de las especies para las cuales se haya designado el lugar*".




Figura 5.- Rede Natura 2000 (LIC & ZEPA) en España. Fonte: Ministerio de Medio Ambiente. Novembro 2010.

O artigo 4.4, da Directiva Hábitat dispón que, unha vez elixido un Lugar de Importancia Comunitaria conforme ao procedemento regulado no apartado 2 desta mesma disposición, o Estado membro (as Comunidades Autónomas segundo o disposto no artigo 5 do RD 1997/1995) de que se trate dará ao devandito lugar a designación de ZEC o máis rapidamente posible e como máximo nun prazo de seis anos, fixando as prioridades en función da importancia dos lugares, para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dun tipo de hábitat natural dos do Anexo I ou dunha especie das do Anexo II e para a coherencia de Natura 2000, así como en función das ameazas de deterioración e destrución que pesen sobre eles.

Unha das maiores novidades nesta etapa é a aprobación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. No seu artigo 41 establece que os Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), as Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) terán a consideración de espazos protexidos coa denominación "Espazos Protexidos Rede Natura 2000". Nos artigos seguintes establece o seu procedemento de declaración, conectividade, seguimento e cambio de categoría, establecendo no artigo 45 as medidas de conservación ao abeiro do artigo 6 da DC 92/43/CEE.

Rede Natura 2000 de Galicia

Rexión Bioxeográfica Mediterránea

Código	Lugar (LIC)	P	ha	Lonxitude	Latitude
ES1120001	Os Ancares – O Courel❖	✱	102.438,9	W 7 0	N 42 45
ES1120014	Canón do Sil	✱	5.961,49	W 7 37	N 42 24
ES1120016	Río Cabe❖	✱	1.576,53	W 7 29	N 42 33
ES1130001	Baixa Limia❖	✱	34.248,13	W 8 8	N 41 49
ES1130002	Macizo Central❖	✱	46.829,43	W 7 16	N 42 11
ES1130005	Río Támega❖	✱	718,76	W 7 26	N 41 58
ES1130006	Veiga de Ponteliñares❖	✱	129,68	W 7 51	N 42 2
ES1130007	Pena Trevinca	✱	24.860,33	W 6 56	N 42 12
ES1130008	Pena Maseira	-	5.853,81	W 7 1	N 41 58
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	✱	1.722,83	W 6 50	N 42 28

[✱] LIC con presenza de hábitats ou especies prioritarias. [❖] LIC incluído nas listas de referencia da Rexión Mediterránea e Atlántica

Táboa 3.- Rede Natura 2000 en Galicia, listado de LIC da Rexión Bioxeográfica Mediterránea.

Rede Natura 2000 de Galicia

Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Rexión Bioxeográfica Mediterránea




Figura 6.- Situación dos Lugares de Importancia Comunitaria exclusivos da Rexión Bioxeográfica Mediterránea en Galicia.

Rede Natura 2000 de Galicia

Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Rexión Bioxeográfica Atlántica




Figura 7.- Situación dos Lugares de Importancia Comunitaria exclusivos da Rexión Bioxeográfica Atlántica en Galicia.

Rede Natura 2000 de Galicia

Rexión Bioxeográfica Atlántica

Código	Lugar (LIC)	P	ha	Lonxitude	Latitude
ES0000001	Illas Cíes	✱	990,33	W 8 54	N 42 13
ES1110001	Ortigueira - Mera	✱	3.795,09	W 7 51	N 43 41
ES1110002	Costa Ártabra	✱	7.658,53	W 8 10	N 43 36
ES1110003	Fragas do Eume	✱	9.076,82	W 7 58	N 43 22
ES1110004	Encoro de Abegondo – Cecebre	✱	493,41	W 8 17	N 43 16
ES1110005	Costa da Morte	✱	12.094,43	W 8 55	N 43 14
ES1110006	Complexo húmido de Corrubedo	✱	9.264,64	W 9 2	N 42 34
ES1110007	Betanzos - Mandeo	✱	864,58	W 8 12	N 43 20
ES1110008	Carnota - Monte Pindo	✱	4.628,87	W 9 6	N 42 51
ES1110009	Costa de Dexo	✱	349,96	W 8 19	N 43 24
ES1110010	Estaca de Bares	✱	935,79	W 7 42	N 43 45
ES1110011	Esteiro do Tambre	✱	1.582,61	W 8 55	N 42 47
ES1110012	Monte e lagoa de Louro	✱	1.160,88	W 9 7	N 42 46
ES1110013	Xubia - Castro	✱	1.985,91	W 8 1	N 43 28
ES1110014	Serra do Careón	✱	6.567,87	W 7 57	N 42 55
ES1110015	Río Anllóns	✱	41,58	W 8 46	N 43 13
ES1110016	Río Tambre	✱	151,7	W 8 18	N 43 0
ES1120001	Os Ancares – O Courel ❖	✱	102.438,9	W 7 0	N 42 45
ES1120002	Río Eo	✱	781,13	W 7 1	N 43 32
ES1120003	Parga - Ladra - Támoga	✱	5.013,01	W 7 35	N 43 10
ES1120004	A Marronda	✱	1.211,97	W 7 15	N 43 6
ES1120005	As Catedrais	✱	304,36	W 7 6	N 43 33
ES1120006	Carballido	✱	4.633,94	W 7 7	N 43 12
ES1120007	Cruzul - Agüeira	✱	618,46	W 7 7	N 42 49
ES1120008	Monte Faro	✱	3.002,29	W 7 33	N 42 37
ES1120009	Monte Maior	✱	1.243,49	W 7 32	N 43 38
ES1120010	Negueira	✱	4.511,8	W 6 51	N 43 8
ES1120011	Ría de Foz - Masma	✱	575,17	W 7 15	N 43 33
ES1120012	Río Landro	✱	88,94	W 7 36	N 43 39
ES1120013	Río Ouro	✱	72,16	W 7 17	N 43 35
ES1120015	Serra do Xistral	✱	22.480,98	W 7 33	N 43 27
ES1120016	Río Cabe ❖	✱	1.576,53	W 7 29	N 42 33
ES1120017	Costa da Mariña occidental	✱	487,58	W 7 33	N 43 42
ES1130001	Baixa Limia ❖	✱	34.248,13	W 8 8	N 41 49
ES1130002	Macizo Central ❖	✱	46.829,43	W 7 16	N 42 11
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	✱	1.948,55	W 7 28	N 42 12
ES1130004	Pena Veidosa	✱	2.354,5	W 7 55	N 42 31
ES1130005	Río Támega ❖	✱	718,76	W 7 26	N 41 58
ES1130006	Veiga de Ponteliñares ❖	✱	129,68	W 7 51	N 42 2
ES1140001	Sistema fluvial Ulla - Deza	✱	1.306,84	W 8 20	N 42 47
ES1140002	Río Lérez	✱	18,6	W 8 34	N 42 29
ES1140003	A Ramallosa	-	91,85	W 8 49	N 42 6
ES1140004	Complexo Ons - O Grove	✱	7.506,75	W 8 52	N 42 27
ES1140005	Monte Aloia	-	782,86	W 8 39	N 42 4
ES1140006	Río Tea	✱	111,72	W 8 30	N 42 13
ES1140007	Baixo Miño	✱	2.791,64	W 8 51	N 41 52
ES1140008	Brañas de Xestoso	✱	1.080,12	W 8 20	N 42 41
ES1140009	Cabo Udra	✱	623,36	W 8 49	N 42 40
ES1140010	Costa da Vela	✱	1.384,81	W 8 51	N 42 15
ES1140011	Gándaras de Budiño	✱	727,07	W 8 37	N 42 5
ES1140012	Illas Estelas	✱	713,12	W 8 51	N 42 8
ES1140013	Serra do Candán	✱	10.683,18	W 8 14	N 42 34
ES1140014	Serra do Cando	✱	5.402,34	W 8 23	N 42 28
ES1140015	Sobreirais do Arnego	✱	1.080,83	W 8 6	N 42 46
ES1140016	Enseada de San Simón	✱	2.252,06	W 8 38	N 42 18

[✱] LIC con presenza de hábitats ou especies prioritarias. [❖] LIC incluído nas listas de referencia da Rexión Mediterránea e Atlántica

Táboa 4.- Rede Natura 200 en Galicia, listado de LIC da Rexión Bioxeográfica Atlántica

Rede Natura 2000 de Galicia

Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Lugares compartidos entre a Rexión Bioxeográfica Atlántica e Mediterránea




Figura 8.- Situación dos Lugares de Importancia Comunitaria con áreas compartidas entre a Rexión Bioxeográfica Atlántica e Mediterránea.

1.3 Espazos Naturais Protexidos

1.3.1 Rede Galega de Espazos Protexidos

O desenvolvemento da Rede Natura 2000 supuxo un importante aliciente para o establecemento da Rede Galega de Espazos Protexidos, desenvolvida no marco da Lei 9/2001 (artigo 10.1) e constituída por 7 dos 9 tipos de espazos protexidos que establece a mencionada normativa: Reserva Natural, Parque Nacional, Parque Natural, Monumento Natural, Humidal Protexido, Paisaxe Protexida, Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (artigo 10.2).

Un aspecto a destacar na actual configuración da Rede Galega de Espazos Protexidos, é que un mesmo lugar xeográfico poden coincidir parcial ou totalmente dúas ou máis figuras de protección. Nestes casos, a figura de protección que maior superficie ocupa e que engloba territorialmente á maioría dos espazos naturais protexidos, é a Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza

Artigo 16. Zona de especial protección dos valores naturais.

1. Considérase como zona de especial protección dos valores naturais aqueles espacios dos que, polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegura-la súa conservación e non teñan outra protección específica, sen prexuízo do disposto no artigo 9 desta lei.

2. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos.
Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente.

3. Incluiranse tamén as zonas especiais de conservación que conforman a Rede Natura 2000, creada ó amparo das directivas CE 2009/147 e 92/43, e que non posúan outra figura de protección das establecidas nesta lei

A proposta de Rede Natura 2000 enviada no ano 2003 á Comisión Europea, incluía en Galicia 59 lugares, situándose 4 lugares de forma integra na Rexión Mediterránea e 49 na Rexión Atlántica, aos que habería que unir 6 lugares que se adscriben a ambas as dúas unidades bioxeográficas (Os Ancares – O Courel, Canón do Sil, Río Cabe, Veiga de Ponte Liñares, Baixa Limia, Macizo Central e Río Támega). Xunto cos 59 (pLIC), a proposta galega incluía 14 ZEPA, cuxos límites xeográficos aparecen englobados dentro de diferentes LIC. A proposta do ano 2003, será finalmente aprobada pola Comisión Europea (Decisión da Comisión de 7/12/2004 pola que se adopta, de conformidade coa DC92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Atlántica. DOUE 29/12/2004 e Decisión da Comisión de 19/07/2006, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Mediterránea. DOUE 21/9/2006).

Previa á súa aprobación pola Comisión, a Xunta de Galicia, mediante o Decreto 72/2004 (Decreto 72/2004, do 2 de abril de 2004. DOG 69, 12/04/2004), declarou como espazos naturais protexidos, outorgándolles a categoría de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), aos 59 pLIC e ás 14 ZEPA. Integrándose en consecuencia a Rede Natura 2000 dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos.

Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

Artigo 1. Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

1. Decláranse como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais os espazos naturais que se relacionan a continuación e que se identifican nos anexos do presente decreto:
a) Anexo I: zonas propostas como Lugares de Importancia Comunitaria para formar parte da Rede Natura 2000.
b) Anexo II: lugares declarados como Zona de Especial Protección para as Aves segundo a Directiva 2009/147/CE, relativa á conservación das aves silvestres.

2. De conformidade co artigo 10. 2 º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, os espazos naturais incluídos na figura de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais intégranse na Rede galega de espazos protexidos.

Con posterioridade, mediante a publicación da Orde do 21 de decembro de 2007 (DOG 9, 14/01/2008) aplicábase, provisionalmente, o réxime de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) ao espazo natural Miño-Neira, con motivo das actividades forestais que se estaban a realizar nel e que motivaron a manifestación da preocupación de diferentes institucións, organizacións ambientais e particulares.

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se aplica, provisionalmente, o réxime de zona de especial protección dos valores naturais ao espazo natural Miño-Neira.

Artigo 1. Aplicación, de xeito provisional, do réxime de zona de especial protección dos valores naturais.

1. De conformidade co disposto no número 4º do artigo 25 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, aplícase, provisionalmente, o réxime de zona de especial protección dos valores naturais ao espazo natural Miño-Neira.

Máis recentemente, veñen de ser declaradas dúas novas ZEPA no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia: mediante Decreto 131/2008, do 19 de xuño (DOG 124, 27/06/2008), aprobábase a ZEPA Pena Trevinca (ES0000437), mentres que co Decreto 411/2009, de 12 de novembro (DOG 230, 24/11/2009) declarábase a ZEPA da Limia (ES0000436), contemplando no artigo 1.2º a declaración do seu ámbito territorial como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), de conformidade co artigo 16 da Lei 9/2001. A primeira delas inclúese por completo no LIC-ZEPVN Pena Trevinca (ES1130007), mentres que a segunda inclúe dentro dos seus límites ao LIC-ZEPVN Veiga de Ponteliñares (ES1130006).

Decreto 411/2009, do 12 de novembro, polo que se declara a zona de especial protección para as aves da Limia.

Artigo 1. Declaración.

1. De conformidade co establecido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, declárase a zona de especial protección para as aves A Limia. Os límites e a extensión deste espazo protexido veñen recollidos e cartografados no anexo I e II deste decreto.

2. De conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, declárase zona de especial protección dos valores naturais o ámbito territorial definido no punto anterior.

Espazos Naturais Protexidos

	Superficie Total	Medio terrestre-transicional		Medio Mariño (0-100 m)	
		Superficie	Porcentaxe	Superficie	Porcentaxe
Galicia	3.354.355,5 ha	2.957.509,0 ha	----	396.846,5 ha	----
Espazos Protexidos Rede Natura 2000					
LIC – Galicia	374.434,8 ha	347.324,8 ha	11,7 %	27.110,0 ha	6,8 %
LIC – A Coruña	61.190,8 ha	45.194,9 ha	1,5 %	15.995,9 ha	4,0 %
LIC – Lugo	156.406,3 ha	156.002,8 ha	5,3 %	403,5 ha	0,1 %
LIC – Ourense	118.285,7 ha	118.285,7 ha	4,0 %	----	----
LIC – Pontevedra	38.552,0 ha	27.841,4 ha	0,9 %	10.710,6 ha	2,7 %
ZEPA – Galicia	101.134,9 ha	88.362,8 ha	3,0 %	12.772,1 ha	3,2 %
Total Rede Natura 2000	389.565,9 ha	354.575,6 ha	12,0 %	34.990,3 ha	8,8 %
Rede Galega de Espazos Protexidos					
Parque Nacional	8.492,4 ha	1.165,1 ha	< 0,1 %	7.327,3 ha	1,8 %
Parque Natural	50.105,2 ha	49.509,3 ha	1,7 %	595,9 ha	0,2 %
ZEPVN	390.407,9 ha	355.417,6 ha	12,0 %	34.990,3 ha	8,8 %
Monumentos Naturais	1.396,4 ha	1.371,5 ha	< 0,1 %	24,9 ha	< 0,1 %
Humidais Protexidos	7.697,5 ha	4.433,0 ha	0,1 %	3.264,5 ha	0,8 %
Paisaxes Protexidas	917,7 ha	917,7 ha	< 0,1 %	----	----
Total RGEP	398.634,5 ha	359.862,6 ha	12,2 %	38.951,9 ha	9,7 %
Outros espazos naturais protexidos					
ENIL	729,1 ha	729,1 ha	< 0,1 %	----	----
EPIN	9,7 ha	9,7 ha	< 0,1 %	----	----

As superficies calculadas corresponden ás delimitacións dos distintos tipos de categorías de espazos naturais protexidos adaptadas nos límites autonómicos á cartografía que se acordou sexa empregada por todas as Comunidades Autónomas na 8ª reunión do Comité de Espazos Naturais Protexidos, e que será a que envíe o Banco de Datos da Biodiversidade ás CCAA ata que exista no Rexistro Central de Cartografía unha insrición das Delimitacións Territoriais autonómica, en virtude do establecido no RD 1545/2007, de 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.

Táboa 5.- Espazos Naturais Protexidos de Galicia. Datos relativos á superficie diferenciados entre a área ocupada por medios terrestres e medios de augas transicionais (tramos fluvio-mariños de esteiros, marismas, lagoas costeiras, etc), fronte ás áreas ocupada polo medio mariño próximo á costa, establecendo o seu límite externo na cota batimétrica de 100 m.

Rede Natura 2000 – Rede Galega de Espazos Protexidos

Zona de Especial Protección para a Aves, ZEPA

Código	ZEPA	Pr	RB	ha	LIC	ZEPVN	PNC	PNA	HP	MN
					Rede Galega de Espazos Protexidos					
ES0000001	Illas Cíes	Po	A	990,00	●	●	⦿	●	-	-
ES0000085	Ribadeo	Lu	A	614,00	❍	●	-	-	✪	-
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	A	3.025,00	⦿	●	-	-	❍	-
ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	A	2.813,00	⦿	●	-	-	❍	-
ES0000254	Illa de Ons	Po	A	924,00	⦿	●	⦿	-	-	-
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	M	1.742,00	●	●	-	⦿	-	-
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	A	7.962,00	❍	●	-	-	-	-
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	A	4.266,00	❍	●	-	-	❍	-
ES0000313	Complexo litoral de Corrubedo	C	A	971,00	⦿	●	-	●	⦿	-
ES0000372	Costa da Mariña occidental	Lu	A	2.169,00	❍	●	-	-	-	-
ES0000373	Ría de Foz	Lu	A	564,00	⦿	●	-	-	-	-
ES0000374	Ancares	Lu	A/M	12.564,00	⦿	●	-	-	-	-
ES0000375	Esteiro do Miño	Po	A	1.688,00	⦿	●	-	-	-	-
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	A/M	31.287,00	⦿	●	-	❍	-	-
ES0000436	A Limia	Ou	M	6.939,00	✪	●	-	-	-	-
ES0000437	Pena Trevinca	Ou	M	22.510,00	⦿	⦿	-	-	-	-

[Pr] Provincia. [RB] Rexión Bioxeográfica, (A) Atlántica, (M) Mediterránea. [ZEPA] Zona de Especial Protección para as Aves. [LIC]. Lugar de Importancia Comunitaria. [PNC] Parque Nacional. [PNA] Parque Natural. [ZEPVN] Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. [HP] Humidal Protexido. [MN] Monumento Natural. [●] Coincidente. [⦿] Incluído en. [✪] Inclúe a. [❍] Intersección.

Táboa 6.- Correspondencia entre as distintas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) existentes en Galicia e os distintos espazos integrados na Rede Galega de Espazos Protexidos.

Rede Natura 2000 – Rede Galega de Espazos Protexidos

Lugar de Importancia Comunitario, LIC

						Rede Galega de Espazos Protexidos				
Código	LIC	Pr	RB	ha	ZEPA	ZEPVN	PNC	PNA	HP	MN
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	A	3.868,00	⭘	●	-	-	❍	-
ES1110002	Costa Ártabra	C	A	7.546,00	❍	●	-	-	❍	-
ES1110003	Fragas do Eume	C	A	9.127,00	-	●	-	●	-	-
ES1110004	Encoro de Abegondo-Cecebre	C	A	493,00	-	●	-	-	-	-
ES1110005	Costa da Morte	C	A	11.809,00	❍	●	-	-	-	-
ES1110006	Complexo húmido de Corrubedo	C	A	9.263,00	⭘	●	❍	⭘	⭘	-
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	A	1.020,00	-	●	-	-	-	-
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	A	4.674,00	-	●	-	-	-	-
ES1110009	Costa de Dexo	C	A	347,00	-	●	-	-	-	⭘
ES1110010	Estaca de Bares	C	A	852,00	-	●	-	-	-	-
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	A	1.581,00	-	●	-	-	-	-
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	A	1.096,00	-	●	-	-	-	-
ES1110013	Xubia-Castro	C	A	2.074,00	-	●	-	-	-	-
ES1110014	Serra do Careón	C	A	6.662,00	-	●	-	-	-	-
ES1110015	Río Anllóns	C	A	162,00	-	●	-	-	-	-
ES1110016	Río Tambre	C	A	583,00	-	●	-	-	-	-
ES1120001	Os Ancares – O Courel	Lu	A/M	102.562,00	⭘	●	-	-	-	-
ES1120002	Río Eo	Lu	A	1.003,00	❍	●	-	-	⭘	-
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	A	4.938,00	-	●	-	-	-	-
ES1120004	A Marronda	Lu	A	1.239,00	-	●	-	-	-	-
ES1120005	As Catedrais	Lu	A	297,00	-	●	-	-	-	❍
ES1120006	Carballido	Lu	A	4.828,00	-	●	-	-	-	-
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	A	652,00	-	●	-	-	-	-
ES1120008	Monte Faro	Lu	A	2.988,00	-	●	-	-	-	-
ES1120009	Monte Maior	Lu	A	1.247,00	-	●	-	-	-	-
ES1120010	Negueira	Lu	A	4.558,00	-	●	-	-	-	-
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	A	643,00	⭘	●	-	-	-	-
ES1120012	Río Landro	Lu	A	127,00	-	●	-	-	-	❍
ES1120013	Río Ouro	Lu	A	109,00	-	●	-	-	-	-
ES1120014	Canón do Sil	Lu	M	5.914,00	-	●	-	-	-	-
ES1120015	Serra do Xistral	Lu	A	22.964,00	-	●	-	-	-	-
ES1120016	Río Cabe	Lu	A/M	1.787,00	-	●	-	-	-	-
ES1120017	Costa da Mariña occidental	Lu	A	491,00	❍	●	-	-	-	-
ES1130001	Baixa Limia	Ou	A/M	33.920,00	⭘	●	-	❍	-	-
ES1130002	Macizo Central	Ou	A/M	46.983,00	-	●	-	⭘	-	⭘
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	A	1.984,00	-	●	-	-	-	-
ES1130004	Pena Veidosa	Ou	A	2.321,00	-	●	-	-	-	-
ES1130005	Río Támega	Ou	A/M	630,00	-	●	-	-	-	-
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	A/M	160,00	⦿	●	-	-	-	-
ES1130007	Pena Trevinca	Ou	M	24.894,00	⭘	●	-	-	-	-
ES1130008	Pena Maseira	Ou	M	5.715,00	-	●	-	-	-	-
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	M	1.742,00	●	●	-	⦿	-	-
ES0000001	Illas Cíes	Po	A	990,00	●	●	⦿	●	-	-
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	A	1.633,00	-	●	-	-	-	-
ES1140002	Río Lérez	Po	A	149,00	-	●	-	-	-	-
ES1140003	A Ramallosa	Po	A	92,00	-	●	-	-	-	-
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	A	7.607,00	⭘	●	❍	-	❍	
ES1140005	Monte Aloia	Po	A	783,00	-	●	-	●	-	-
ES1140006	Río Tea	Po	A	357,00	-	●	-	-	-	-
ES1140007	Baixo Miño	Po	A	2.871,00	⭘	●	-	-	-	-
ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	A	1.077,00	-	●	-	-	-	-
ES1140009	Cabo Udra	Po	A	623,00	-	●	-	-	-	-
ES1140010	Costa da Vela	Po	A	1.419,00	-	●	-	-	-	-
ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	A	727,00	-	●	-	-	-	-
ES1140012	Illas Estelas	Po	A	725,00	-	●	-	-	-	-
ES1140013	Serra do Candán	Po	A	10.699,00	-	●	-	-	-	-
ES1140014	Serra do Cando	Po	A	5.458,00	-	●	-	-	-	-
ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	A	1.124,00	-	●	-	-	-	-
ES1140016	Enseada de San Simón	Po	A	2.218,00	-	●	-	-	-	-

Táboa 7.- Correspondencia entre Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) en Galicia e espazos integrados na Rede Galega de Espazos Protexidos. [●] Coincidente. [⦿] Incluído en. [⭘] Inclúe a. [❍] Intersección.




Figura 9.- Situación das Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN).

A Rede Galega de Espazos Protexidos, ademais das ZEPVN, inclúe 1 Parque Nacional, 7 Parques Naturais, 5 Humidais Protexidos, 8 Monumentos Naturais e 2 Paisaxes Protexidas. O Parque Nacional das Illas Atlánticas, cunha superficie de 8.480 ha (7.285,2 ha marítimas e 1.194,8 ha terrestres), distribuído entre catro pequenos sistemas insulares: Cíes (2.658 ha marítimas e 433 ha terrestres), Ons (2.171 ha marítimas e 470 terrestres), Sálvora (2.309 ha marítimas e 248 terrestres) e Cortegada (147,2 marítimas e 43,8 terrestres). Dos catro sistemas insulares que forman o Parque Nacional, unicamente o de Cortegada, non se atopa incluído na Rede Natura 2000. O Arquipélago de Cies, posúe ademais a designación de Parque Natural, así como as de ZEPA e LIC. O Arquipélago de Ons intégrase dentro do LIC Complexo Ons – Grove e da ZEPA Illa de Ons. Pola súa banda, a illa de Sálvora inclúese no LIC do Complexo Húmido de Corrubedo.




Figura 10.- Situación do Parque Nacional de Galicia.

Xunto co Parque Nacional, a Rede Galega de Espazos Protexidos, inclúe outros 6 Parques Naturais, un deles de ámbito marítimo-terrestre, o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, que foi ademais designado como LIC (Complexo Húmido de Corrubedo), ZEPA (Complexo Litoral de Corrubedo), Humidal Protexido (Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo) e Humidal de importancia internacional, Ramsar (Complexo de Corrubedo).

No espazo sublitoral de Galicia, sitúase o Parque Natural de Monte Aloia, cuxa área intégrase dentro do LIC Monte Aloia, e o Parque Natural das Fragas do Eume, englobado dentro do LIC Fragas do Eume.

O resto dos Parques Naturais sitúanse no espazo interior de Galicia, e en concreto nas áreas montañosas do extremo suroriental. O Parque Natural do Invernadeiro (5.722 ha), queda englobado dentro do LIC e ZEPVN do Macizo Central. Mentres que o Parque Natural da Serra de Enciña da Lastra (3.151 ha), engloba ao LIC, ZEPA e ZEPVN da Serra de Enciña da Lastra (1.742 ha). Finalmente o Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés, que vén de ser ampliado mediante o

Decreto 401/2009 (29.345 ha), englóbase case na súa totalidade dentro do LIC e ZEPVN Baixa Limia, e da ZEPA e ZEPVN Baixa Limia – Serra do Xurés.




Figura 11.- Situación dos Parques Naturais de Galicia.

Parques Naturais

Parque Natural	Pr	ha	BOE/ DOG	LIC	ZEPA
Monte Aloia	Po	746,00	04/12/1978	●	-
Illas Cíes	Po	433,58	15/11/1980	●	●
Complexo dunar de Corrubedo	C	996,25	15/06/1992	●	●
O Invernadeiro	Ou	5.722,00	27/06/1997	●	-
Fragas do Eume	C	9.126,00	11/08/1997	●	-
Serra da Enciña da Lastra	Ou	1.742,00	03/05/2002	●	●
Baixa Limia – Serra do Xurés	Ou	29.345,00	29/10/2009	●	●

BOE/DOG: data de publicación nos boletíns oficiais da respectiva disposición de declaración.
Espazo incluído parcial ou totalmente dentro da Rede Natura 2000 (●)

Táboa 8.- Parques Naturais de Galicia e relación coa Rede Natura 2000.

Dentro dos réximes de protección establecidos pola Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, outórgase unha figura específica de espazo natural protexido, para os humidais, co fin de promover e contribuír a unha mellor conservación destes ecosistemas, atendendo á súa especial fraxilidade e valor dende o punto de vista ambiental. Deste modo, mediante o Decreto 110/2004, de 27 de maio (DOG 108, 07/06/2004), modificado polo Decreto 132/2005, de 28 de abril (DOG 102, 30/05/2005), a Xunta de Galicia declarou, como Humidais Protexidos, os cinco humidais incluídos no listado de Ramsar (Convenio asinado en 1971 e ratificado por España en 1982), cuxos límites xeográficos corresponden aos establecidos nas fichas descritivas dos humidais Ramsar elaboradas con anterioridade ao Decreto 110/2004. Asimesmo, este sería substituido polo Decreto 127/2008.

Rede Galega de Espazos Protexidos

Humidais Protexidos




Figura 12.- Situación dos Humidais Protexidos de Galicia.

Humidais Protexidos

Nome do humidal	Municipio	Pr	DOG
Complexo Intermareal Umia-Grove	A Illa de Arousa, O Grove, Sanxenxo, Cambados, Meaño	Po	07/06/2004
Ría de Ortigueira e Ladrido	Ortigueira, Cariño	C	07/06/2004
Complexo de Corrubedo	Ribeira	C	07/06/2004
Lagoa e Areal de Valdoviño	Valdoviño	C	07/06/2004
Ría de Ribadeo	Ribadeo	Lu	07/06/2004

Táboa 9.- Humidais Protexidos de Galicia.

Posteriormente, no ano 2006, o Ministerio de Medio Ambiente (Resolución de 17/01/2006, da Dirección Xeral para a Biodiversidade), procederá a modificar os límites do Ramsar da Lagoa e Areal de Valdoviño.

Estes humidais protexidos se atopan delimitados en zonas duns amplos valores ambientais, motivo polo cal se superpoñen en todos os seus casos, dun xeito total ou parcial, coas dúas figuras integrantes da Rede Natura 2000, é dicir, con Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e con Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), os cales tamén contan coa declaración de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN).

Humidais Protexidos - Rede Natura 2000		
Humidais Protexidos	LIC	ZEPA
Complexo Intermareal Umia-Grove	Complexo Ons - O Grove	Complexo Intermareal Umia - O Grove
Ría de Ortigueira e Ladrido	Ortigueira - Mera	Ría de Ortigueira e Ladrido
Complexo de Corrubedo	Complexo Húmido de Corrubedo	Complexo Litoral de Corrubedo
Lagoa e Areal de Valdoviño	Costa Artabra	Costa de Ferrolterra - Valdoviño
Ría do Ribadeo	Río Eo	Ribadeo

Táboa 10.- Humidais Protexidos de Galicia e a súa relación coa Rede Natura 2000.



Figura 13.- Os humidais protexidos son áreas de elevados valores ambientais que motivan a súa inclusión nas dúas figuras integrantes da Rede Natura 2000 (LIC e ZEPA).

Finalmente dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos, inclúense 5 Monumentos Naturais, que representan áreas dunha gran singularidade en relación cos compoñentes da xea, bioticos ou culturais. A Fraga de Catasós e o Souto de Rozabales, inclúen exemplares monumentais de Castanea sativa, mentres que a Carballa da Rocha, alberga un exemplar sobresaínte de Quercus robur. Pola contra, o Souto da Retorta, inclúe os exemplares máis antigos, e de maior envergadura, de Eucalyptus globulus de Galicia. Os Monumentos Naturais de A Costa de Dexo e A Praia das Catedrais, son áreas de grande interese paisaxístico, albergando interesantes formacións e hábitats característicos dos acantilados atlánticos europeos. Como representacións dos elementos salientables xeolóxicos do interior de Galicia, a Serra de Pena Corneira é unha mostra de cristas graníticas, domos alvéolos, corredores deprimidos e caos de bolos, incluindo además áreas

colonizadas por matogueiras secas, así como por masas arborizadas de carballos e rebolos; mentres que o pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós é un elemento da natureza constituído por unha formación xeolóxica de notoria singularidade, beleza e interese científico.

Rede Galega de Espazos Protexidos

Monumentos Naturais




Figura 14.- Situación dos Monumentos Naturais de Galicia

Monumentos Naturais

Monumento Natural	Municipio	Pr	ha	DOG	LIC	ZEPA
A Fraga de Catasós	Lalín	Po	4,50	12/04/2000	-	-
O Souto da Retorta	Viveiro	Lu	3,20	12/04/2000	●	-
O Souto de Rozabales	Manzaneda	Ou	1,80	12/04/2000	●	-
A Costa de Dexo	Oleiros	C	266,00	10/05//2000	●	-
A Praia das Catedrais	Ribadeo	Lu	28,94	04/02/2005	●	-
A Carballa da Rocha	Rairiz de Veiga	Ou	0,64	23/03/2007	-	-
A Serra de Pena Corneira	Carballeda de Avia, Leiro, Avión	Ou	998,00	18/01/2008	-	-
Pregamento Campodola-Leixazós	Folgoso do Courel	Lu	90,00	07/05/2012	●	-

DOG: data de publicación no Diario Oficial de Galicia do respectivo Decreto de declaración.
Espazo incluído parcial ou totalmente dentro da Rede Natura 2000 (●)

Táboa 11.- Monumentos Naturais e relación coa Rede Natura 2000.

Dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos, inclúense dúas Paisaxes Protexidas, declaradas no pasado ano 2008: A denominada Val do río Navea, con 691 has entre os concellos ourensáns de San Xoán de Río e a Pobra de Trives; e a dos Penedos de Pasarela e Traba, con 212 ha entre os concellos coruñeses de Laxe e Vimianzo. Cabe salientar que ningunha das dúas se superpón con ningunha das outras figuras que forman a Rede Galega de Espazos Protexidos, e polo tanto da Rede Natura 2000.

Rede Galega de Espazos Protexidos

Paisaxes Protexidas




Figura 15.- Situación das Paisaxes Protexidas de Galicia

Paisaxes Protexidas

Paisaxe Protexida	Municipio	Pr	ha	DOG	LIC	ZEPA
Val do río Navea	San Xoán de Río, A Pobra de Trives	Ou	691,0	03/12/2008	-	-
Penedos de Pasarela e Traba	Laxe, Vimianzo	C	212,0	31/12/2008	-	-

DOG: data de publicación no Diario Oficial de Galicia do respectivo Decreto de declaración.
Espazo incluído parcial ou totalmente dentro da Rede Natura 2000 (●)

Táboa 12.- Paisaxes Protexidas e relación coa Rede Natura 2000.

1.3.2 Outros espazos naturais protexidos

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, define con carácter xeral no Capítulo II «Dos réxime dos espazos naturais protexidos» do seu Título I, os espazos naturais que deben considerarse merecedores dunha protección especial, establecendo as súas categorías e regulando o seu procedemento de declaración. Entre os 9 tipos de espazos naturais protexidos que establece a dita Lei, existen dous tipos que non forman parte da Rede Galega de Espazos Protexidos: son os Espazos Naturais de Interese Local (ENIL) e os Espazos Privados de Interese Natural (EPIN). A declaración destes espazos iniciarase por instancia de parte, correspondéndolle á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a tramitación do procedemento de declaración.

Ambas as dúas figuras regúlanse mediante o Decreto 124/2005, de 6 de maio (DOG 97, 23/05/2005), no cal se dispón que o procedemento de declaración das categorías de Espazo Natural de Interese Local e Espazo Privado de Interese Natural iniciarase por instancia de parte, correspondéndolle á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a tramitación do procedemento de declaración. Na antedita disposición tamén se fixan os criterios que se seguirán para a súa formación e xestión, e establecendo a documentación mínima que debe conter cada expediente.

Lei 9/2001 de Conservación da Natureza

Artigo 17.-Espazo natural de interese local.

1. Por petición do concello e logo de informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a Consellería de Medio Ambiente poderá declarar como espazos naturais de interese local aqueles espacios integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

2. A responsabilidade e competencia na xestión destes espazos será municipal, e non se considerarán incluídos na Rede galega de espacios protexidos.

3. A súa declaración como tales non implicará a asignación de recursos da Comunidade Autónoma, aínda que poderán ter preferencia na obtención de axudas para a súa conservación e xestión.

Artigo 18.-Espazo privado de interese natural.

1. As institucións e os propietarios particulares dos terreos nos que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestres dos que se considere de interese a súa protección poderanlle propoñer á Consellería de Medio Ambiente, mediante a presentación dunha memoria suficientemente motivada, a súa declaración como espazo privado de interese natural.

2. A declaración supón o compromiso formal do promotor de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que o motivaron.

3. Estes espazos non se incluirán na Rede galega de espazos naturais protexidos.

4. A súa declaración non implicará a obrigatoriedade, por parte da Consellería de Medio Ambiente, de achegar recursos públicos, aínda que poderán ter preferencia na concesión de axudas e subvencións.

Ata o momento seis son os espazos declarados recentemente de xeito provisional dentro destas categorías, repartíndose en cinco Espazos Naturais de Interese Local (ENIL), situados dous na provincia de Ourense (Voutureira e Puzo do Lago), un na provincia da Coruña (Illas de San Pedro), outro na provincia de Lugo (Loio-Ruxidoira) e outro na de Pontevedra (Xunqueira de Alba); e un Espazo Privado de Interese Natural (EPIN) na provincia de Pontevedra, o denominado Sobreiras de Faro.

Outros Espazos Naturais Protexidos

ENIL

Nome	Municipio	Pr	Sup.	DOG	LIC	ZEPA
Voutureira	San Cibrao das Viñas	Ou	183,7 ha	14/01/2008	-	-
Puzo do Lago	Maside	Ou	37,6 ha	05/02/2009	-	-
Illas de San Pedro	A Coruña	C	10,4 ha	10/06/2009	-	-
Xunqueira de Alba	Pontevedra	Po	67,0 ha	27/10/2009	-	-
Loio-Ruxidoira	Paradela	Lu	437,0 ha	14/10/2011	-	-

EPIN

Nome	Municipio	Pr	Sup.	DOG	LIC	ZEPA
Sobreiras do Faro	Oia	Po	9,7 ha	07/03/2008	-	-

DOG: data de publicación no Diario Oficial de Galicia da respectiva Orde de declaración.
Espazo incluído parcial ou totalmente dentro da Rede Natura 2000 (●)

Táboa 13.- Espazos Naturais Protexidos de Galicia non incluidos na Rede Galega de Espazos Protexidos.

Para que se produza a declaración definitiva destes espazos, é requisito indispensable que os promotores da declaración acheguen ao organismo competente en materia de conservación da natureza e xestión de espazos protexidos o plan de conservación correspondente ao espazo durante o período de declaración provisional destes lugares (un máximo de dous anos).

Outros Espazos Naturais Protexidos

ENIL e EPIN




Figura 16.- Situación dos Espazos Naturais de Interese Local e dos Espazos Privados de Interese Natural de Galicia.

1.4 Áreas protexidas por instrumentos internacionais

Na Lei 42/2007, de 13 de decembro (BOE 299, 14/12/2007), do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, establécese que as áreas protexidas por instrumentos internacionais son as que se atopan de conformidade con, e en cumprimento do disposto nos Convenios e Acordos internacionais dos que sexa parte España. Dentro do conxunto de tipos de áreas listados na antedita disposición, en Galicia é posible atopar tres: humidais de Importancia Internacional, Areas Mariñas Protexidas do Convenio OSPAR e Reservas da Biosfera.

Nas áreas protexidas por instrumentos internacionais o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, coa participación das Comunidades autónomas, elaborará, no marco do Plan Estratéxico Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, unhas directrices de conservación, que deberán ser aprobadas por acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, en paralelo coas correspondentes ás da Rede Natura 2000, como marco orientativo para a planificación e xestión destes espazos. A Lei 42/2007 establece tamén que a información relativa a estas áreas formará parte do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

O réxime de protección destas áreas será o establecido nos correspondentes convenios e acordos internacionais, sen prexuízo da vixencia de réximes de protección, ordenación e xestión específicos o ámbito territorial da cal coincida total ou parcialmente con as devanditas áreas, sempre que se adecúen ao previsto nos devanditos instrumentos internacionais. Ademáis, de acordo co artigo 50 da Lei 42/2007, estas áreas entran a formar parte do Inventario Español de Espazos Naturais Protexidos, Rede Natura 2000 e Áreas protexidas por instrumentos internacionais, o cal á súa vez se inclúe no Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

1.4.1 Humidais de Importancia Internacional - Ramsar

O Convenio de Ramsar, sobre Humidais de Importancia Internacional (asinado en 1971), foi ratificado por España no ano 1982 (BOE do 20 de agosto), sendo incluídos polo Estado Español, dentro da "Lista de Ramsar" cinco humidais galegos: Complexo Intermareal Umia - Grove, Rías de Ortigueira e Ladrido, Complexo das praias, duna e lagoas de Corrubedo, Lagoa e areal de Valdoviño e Ría do Eo, este último con territorios pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia e ao Principado de Asturias. Os límites xeográficos corresponden aos establecidos nas fichas descritivas dos humidais Ramsar elaboradas para a súa declaración, aínda que con posterioridade, no ano 2006, o Ministerio de Medio Ambiente (Resolución de 17/01/2006, da Dirección Xeral para a Biodiversidade, BOE 47, 24/02/2006), procederá a modificar os límites do Ramsar da Lagoa e Areal de Valdoviño.

Áreas protexidas por instrumentos internacionais

Humidal de Importancia internacional - Ramsar

Humidal	Declaración BOE	Modificación BOE	Natura 2000 LIC	Natura 2000 ZEPA	Sup. (ha)
Complexo Umia-Grove	05/12/1989	----	●	●	2.476,72
Rías de Ortigueira e Ladrido	05/12/1989	----	●	●	2.985,28
Complexo de Corrubedo	26/03/1993	----	●	●	982,90
Lagoa e Areal de Valdoviño	26/03/1993	24/02/2006	●	●	485,23
Ría do Eo	04/10/1994	----	●	●	563,44

Humidal de Importancia internacional - Ramsar: BOE: datas de declaración e modificación da publicación do Acordo Consello de Ministros no BOE. Espazo incluído parcial ou totalmente dentro da Rede Natura 2000 (●).

Táboa 14.- Humidais de importancia internacional - Ramsar de Galicia. Relación coa Rede Natura 2000.

Áreas protexidas por instrumentos internacionais

Humidais de Importancia Internacional - Ramsar




Figura 17.- Situación dos Humidais de Importancia Internacional (Convenio de Ramsar) de Galicia.

1.4.2 Reservas da Biosfera

As reservas de Biosfera constitúen un elemento esencial do Programa MaB (Home e Biosfera) da UNESCO. Son áreas de ecosistemas terrestres, costeiros ou mariños nos que se promove a conservación dos recursos naturais e o desenvolvemento económico e social das comunidades locais, tendo en conta todas as necesidades sociais, culturais, económicas dos seus poboadores, apoiadas nunha base científica.

As Reservas da Biosfera son lugares excepcionais para a investigación, a observación a longo prazo, a formación, a educación e a sensibilización do público, permitindo ao mesmo tempo que as comunidades locais participen plenamente na conservación e o uso sostible dos recursos. A Conferencia de Sevilla confirmou a especial importancia das reservas de biosfera instituídas no marco do Programa MaB (Man and Biosphere), sobre o Home e a Biosfera para a conservación da diversidade biolóxica, en harmonía coa salvagarda dos valores culturais aos que están vinculadas.

A Rede Mundial de Reservas de Biosfera da UNESCO iniciouse en 1976 e, dende entón, non deixou de crecer. En España existen na actualidade 40 Reservas de Biosfera, das que 5 se atopan en territorio galego (un 10%): Terras do Miño; Área de Allariz; Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Burón; e a Reserva Transfronteiriza Gerês - Xurés. Entre todas elas suman dentro do territorio galego case 610.000 ha, o cal representa un 21% do total do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os obxectivos da Rede española de Reservas da Biosfera son:

a) Manter un conxunto definido e interconectado de «laboratorios naturais»; estacións comparables de seguimento das relacións entre as comunidades humanas e os territorios en que se desenvolven, con especial atención aos procesos de mutua adaptación e aos cambios xerados.

b) Asegurar a efectiva comparación continua e a transferencia da información así xerada aos escenarios en que resulte de aplicación.

c) Promover a xeneralización de modelos de ordenación e xestión sostible do territorio.

A regulación, caracterización e potenciación destas Reservas de Biosfera baséase no feito de que constitúen un modelo de xestión integrada, participativa e sostible do patrimonio e dos recursos naturais, cos obxectivos básicos de conxugar a preservación da biodiversidade biolóxica e dos ecosistemas, cun desenvolvemento ambientalmente sostible que produza a mellora do benestar da poboación, potenciando a participación pública, a investigación, a educación na integración entre desenvolvemento e medio, e a formación en novas formas de mellorar esa integración.

Áreas protexidas por instrumentos internacionais

Reserva da Biosfera			Rede Natura		Rede Galega de Espazo Protexidos			
Ano	Denominación	Superficie	LIC	ZEPA	PN	ZEPVN	HP	MN
2002	Terras do Miño	363.669 ha	●	-	-	●	-	-
2005	Área de Allariz	21.482 ha	●	-	-	●	-	●
2006	Os Ancares Lucenses	53.664 ha	●	●	-	●	-	-
2007	Río Eo, Oscos e Terras de Burón*	108.007 ha	●	●	-	●	●	●
2009	Gerês- Xurés*	62.777 ha	●	●	●	●	-	-

[Ano] Ano de declaración. [LIC]. Lugar de Importancia Comunitaria. [ZEPA] Zona de Especial Protección para as Aves. [PN] Parque Natural. [ZEPVN] Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. [HP] Humidal Protexido. [MN] Monumento Natural. [●] Reserva que abrangue total ou parcialmente algún espazo natural protexido. (*) Superficie incluida no territorio galego.

Táboa 15.- Correspondencia entre as Reservas da Biosfera existentes en Galicia e os distintos espazos integrados na Rede Natura 2000 e na Rede Galega de Espazos Protexidos.

Áreas protexidas por instrumentos internacionais

Reservas da Biosfera



Figura 18.- Situación das Reservas da Biosfera en Galicia.

1.4.3 Áreas Mariñas Protexidas do Convenio OSPAR

O Anexo V sobre Protección e Conservación dos Ecosistemas e a Diversidade Biolóxica das áreas mariñas forma parte integrante do Convenio para a protección do medio mariño do Atlántico do Nordeste (Convenio de Oslo-París, OSPAR), adoptado en París o 22/09/1992 e ratificado por España o 25/01/1994. Instrumento de ratificación publicado no BOE 150, de 24/06/1998. O Anexo V foi adoptado en Sintra (Portugal) o 23 de xullo de 1998, en reunión extraordinaria, xunto a un Apéndice 3 sobre criterios de determinación das actividades humanas aos fins do devandito Anexo. Neste Convenio establécese que as partes Contratantes adoptarán as medidas necesarias para protexer e conservar os ecosistemas e a diversidade biolóxica da zona marítima e, se é posible, recuperar as zonas mariñas que padeceran efectos nocivos. A tal fin, cooperarán de cara á adopción de programas e medidas que regulen as actividades humanas determinadas segundo os criterios que figuran no Apéndice 3.

Deste xeito, o día 27 de xuño de 2008 na xuntanza da Comisión OSPAR levada a cabo en Brest, integrábase na Rede OSPAR de Áreas Mariñas Protexidas ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, de xeito que esta era a primeira área mariña protexida de España con carácter internacional, ademais de formar parte dos primeiros acordos para incorporar novas áreas mariñas a esta rede, posto que xunto a este senlleiro espazo litoral galego tamén se integraron outras áreas mariñas de países como Dinamarca, Francia, Portugal, Suecia, Alemaña, Noruega e Reino Unido.




Figura 19.- Situación das Areas Mariñas Protexidas polo Convenio OSPAR en Galicia.

1.5 Planificación e xestión, instrumentos existentes

O artigo 5 do RD 1997/1995, regula o procedemento, no ámbito do estado español para a designación das ZEC, conforme ao establecido no artigo 4 da DC 92/43/CEE. De acordo co RD 1997/1995, unha vez que a Comisión Europea, baseándose na lista proposta polo Estado español, seleccione e aprobe a lista de Lugares de Importancia Comunitaria, estes lugares serán declarados pola Comunidade Autónoma correspondente como Zonas Especiais de Conservación o antes posible e como máximo nun prazo de seis anos, fixando as prioridades en función da súa importancia, para aplicarlles as medidas de conservación necesarias para o mantemento ou o restablecemento, nun Estado de conservación favorable, dun tipo de hábitat natural dos do Anexo I da DC 92/43/CEE ou dunha especie das do Anexo II da mesma e para a coherencia de Natura 2000, así como en función das ameazas de deterioración e destrución que pesen sobre eles.

A declaración dun lugar como LIC supón a obriga de establecer medidas preventivas que eviten a súa deterioración, así como o dos hábitats e dos núcleos poboacionais das especies para os cales foi designada (artigo 4.5 da DC 92/43/CEE). A designación dun ZEC obriga a adoptar medidas concretas de conservación para os devanditos hábitats e especies, é dicir, plans de xestión e medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais (artigo 6.1 e 6.2 da DC 92/43/CEE).

Directiva 92/43/CEE
Conservación de los hábitats naturales y de los hábitats de especies

Artigo 6.

1. Con respecto a las zonas especiales de conservación, los Estados miembros fijarán las medidas de conservación necesarias que implicarán, en su caso, adecuados planes de gestión, específicos a los lugares o integrados en otros planes de desarrollo, y las apropiadas medidas reglamentarias, administrativas o contractuales, que respondan a las exigencias ecológicas de los tipos de hábitats naturales del Anexo I y de las especies del Anexo II presentes en los lugares.

2. Los Estados miembros adoptarán las medidas apropiadas para evitar, en las zonas especiales de conservación, el deterioro de los hábitats naturales y de los hábitats de especies, así como las alteraciones que repercutan en las especies que hayan motivado la designación de las zonas, en la medida en que dichas alteraciones puedan tener un efecto apreciable en lo que respecta a los objetivos de la presente Directiva.

A Lei 4/1989, de 27 de Marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestres (derogada pola Lei 42/2007) supuxo como novidade para a política de conservación a incorporación da planificación de espazos naturais, mediante a realización dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) e os Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX), como peza clave na xestión dos Espazos Naturais Protexidos. Os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais configúranse pola Lei, fuxindo de pretensións inviables, como instrumentos flexibles que permitirán, con diverso nivel de intensidade, un tratamento prioritario e integral en determinadas zonas para a conservación e recuperación dos recursos, espazos naturais e especies a protexer. As disposicións contidas nestes Plans constituirán un límite para calquera outros instrumentos de ordenación territorial ou física, prevalecendo sobre os xa existentes, condición indispensable se se pretende atallar a grave deterioración que sobre a natureza produciu a acción do home. A Lei confire ás Administracións Públicas competentes a aprobación dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, ofrecendo así ás Comunidades Autónomas un importante instrumento para a implantación das súas políticas territoriais. Con posterioridade, a Lei 42/2007 modifica os contidos mínimos dos PORN, integrando aspectos que ata o momento da súa publicación eran elementos característicos dos PRUX.

No ámbito da planificación dos Espazos Naturais Protexidos de Galicia, a **Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza**, incorpora aos PORN e PRUX un novo instrumento de planificación, os **Plans de Conservación** (PC). Os espazos naturais protexidos con instrumentos de planificación e xestión aprobados, limítanse maioritariamente aos distintos arquipélagos que conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas, aos diferentes espazos que foron declarados como Parque Natural, e ao Espazo Privado de Interese Natural Sobreiras do Faro. Exceptuando os elaborados dende o ano 2002 en diante, a maioría destes instrumentos non contemplan os obxectivos e directrices establecidos pola DC 92/43/CEE, e en consecuencia pola Rede Natura 2000.

Instrumentos de Planificación

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais

	Declaración do Espazo		PORN		Natura -2000	
Espazo Natural	Norma	BOE/DOG	Norma	DOG	LIC	ZEPA
Parque Natural das Illas Cíes	RD 2497/1980	15/11/1980	D 156/1998	05/06/1998	●	●
Illa de Cortegada	----	----	D 88/2002	01/04/2002	-	-
Parque Nacional das Illas Atlánticas	Lei 15/2002	02/07/2002	D 274/1999	28/10/1999	●	●
Parque Natural de Monte Aloia	RD 3160/1978	18/01/1979	D 274/2001	23/10/2001	●	-
Parque Natural de Corrubedo	D 139/1992	15/06/1992	D 148/1992	16/06/1992	●	●
Parque Natural Fragas do Eume	D 218/1997	11/08/1997	D 211/1996	05/06/1996	●	-
Parque Natural da Baixa Limia	D 401/2009	29/10/2009	D 64/2009	30/03/2009	●	●
Parque Natural de O Invernadeiro	D 155/1997	27/06/1997	D 166/1999	04/06/1999	●	-
Parque Natural da Enciña da Lastra	D 157/2002	03/05/2002	D 77/2002	18/03/2002	●	●

Plan Reitor de Uso e Xestión

	Declaración do Espazo		PRUX		Natura -2000	
Espazo Natural	Norma	BOE/DOG	Norma	DOG	LIC	ZEPA
Parque Natural da Baixa Limia	D 401/2009	29/10/2009	D 155/1998	05/06/1998	●	●
Parque Natural de Monte Aloia	RD 3160/1978	18/01/1979	D 65/2009	30/03/2009	●	-

Plan de Conservación

	Declaración do Espazo		PC		Natura -2000	
Espazo Natural	Norma	BOE/DOG	Norma	DOG	LIC	ZEPA
EPIN Sobreiras do Faro	Orde 18/02/2008	07/03/2008	D 222/2010	12/01/2011	-	-

Táboa 16.- Instrumentos de planificación (PORN, PRUX, PC) existentes nos Espazos Naturais Protexidos de Galicia.

- Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Concello de Ribeira, A Coruña). DOG 114, 16/06/1992.
- Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do espazo natural das Fragas do Eume. DOG 110, 05/06/1996.
- Decreto 156/1998, do 28 de maio, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural das Illas Cíes. DOG 107, 5/06/1998.
- Decreto 155/1998, do 28 de maio, polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés. DOG 107, 5/06/1998.
- Decreto 166/1999, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Invernadeiro. DOG. 106, 4/06/1999.
- Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas. DOG 209, 28/10/1999.
- Decreto 274/2001, do 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural de Monte Aloia. DOG 205. 23/10/2001.
- Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Serra da Enciña da Lastra. DOG 55, 18/04/2002.
- Decreto 88/2002, do 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Espacio Natural da Illa de Cortegada e o seu contorno
- Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés. DOG 61, 30/03/2009. Modificado polo Decreto 401/2009, de 22 de outubro, DOG 212, 29/10/2009.
- Decreto 65/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Monte Aloia.
- Decreto 222/2010, do 23 de decembro, polo que se aproba o Plan de conservación do espazo privado de interese natural Sobreiras do Faro.

2. Obxectivos de conservación e xestión

2 Obxectivos de conservación e xestión

O presente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia constitúe o instrumento básico para a planificación, ordenación e xestión en rede dos espazos protexidos da Rede Natura 2000 (LIC/ZEC e ZEPA), dando cumprimento ás esixencias establecidas nas directivas europeas (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE, DC 2000/60/CE), na normativa estatal (Lei 42/2007) e na autonómica (Lei 9/2001). Este Plan cumpre a función pública do goberno do territorio para a organización racional e equilibrada da súa utilización e, en xeral, dos recursos naturais.



Figura 20.- O presente Plan ten como obxectivo principal o mantemento do estado de conservación favorable da biodiversidade tendo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais.

O presente Plan Director incorpora as directrices, recomendacións e fundamentos técnicos establecidos nas Directrices de Conservación da Rede Natura 2000, documento aprobado ao abeiro da Lei 42/2007 polo Pleno da Conferencia Sectorial do Medio Ambiente en materia de Patrimonio Natural e Biodiversidade, na sesión celebrada en Madrid o 13 de xullo de 2011 (publicitada na Resolución de 21 de setembro de 2011, da Secretaría de Estado de Cambio Climático, BOE nº 244, 10/10/2011). En consecuencia, este Plan ten como obxectivo principal o mantemento, ou no seu caso o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies de flora e fauna de interese para a conservación, tendo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais. Para acadalo, o Plan Director fixa os seguintes obxectivos parciais:

1. A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo o mantemento das paisaxes, os medios ecolóxicos e os hábitats, así como a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética.
2. Contribuír a garantir a biodiversidade mediante o establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais salientados no Anexo I da DC 92/43/CEE e das poboacións e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, xunto coas especies de aves, e de forma concreta as salientadas no I da DC 2009/147/CE, e as especies de aves migratorias. Así como, os núcleos poboacionais e os hábitats das especies incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
3. Establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais e as augas subterráneas, así como dos ecosistemas acuáticos e humidais, que favoreza a súa conservación e o seu uso sostible.
4. A regulación das actividades, proxectos, e plans susceptibles de afectar, de forma apreciable, á integridade dos espazos, ou das súas compoñentes (hábitats e especies), en coherencia co artigo 6 da DC 92/43/CEE, co artigo 45 da Lei 42/2007 e acorde coa lexislación vixente.
5. Propiciar o desenvolvemento sostible, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio. Este uso debe ser compatible co mantemento dos ecosistemas e non reducir a viabilidade dos outros recursos aos que se asociase, nin minguar as posibilidades de desfrute destes ás xeracións vindeiras.
6. Integrar os obxectivos concretos de conservación coas esixencias económicas, sociais e culturais, así como coas particularidades territoriais dos diferentes espazos protexidos (LIC/ZEC e ZEPA) que integran a Rede Natura 2000 en Galicia.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia integra no seu ámbito de planificación, ademais dos criterios emanados das disposicións que conforman o marco vixente en materia de conservación da biodiversidade, aqueles plans, programas ou proxectos con incidencia na conservación e xestión de medio ambiente natural. Entre estes instrumentos, posúen unha especial relevancia os Plans Hidrolóxicos de Cuncas, as Directrices de Ordenación do Territorio, ou o Plan de Ordenación do Litoral, así como aqueles plans de ordenación dos recursos naturais no ámbito dos distintos Parques Naturais e do Parque Nacional que se atopan incluídos na Rede Natura 2000.

De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e tendo en conta as propias características deste Plan Director, a continuación propóñense os obxectivos de conservación para os espazos Natura 2000 de Galicia, clasificados en tres grupos de tipoloxía afín de ZEC e ZEPA: a) área litoral, b) humidais e corredores fluviais, e c) área de montaña.

Os obxectivos propostos se atopan orientados ao mantemento ou, se é o caso, ao restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais de interese comunitario do Anexo I e das especies de flora e fauna de interese comunitario presentes no Anexo II da Directiva 92/43/CEE e das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e os seus hábitats. Os devanditos obxectivos establécense tendo en conta os medios dispoñibles e o período de vixencia do Plan Director.

Dentro dos obxectivos propostos dáse prioridade a aqueles que supoñan unha intervención directa sobre os valores naturais polos que foron declaradas as ZEC (hábitats naturais e especies de interese comunitario) e ZEPA (especies do Anexo I e migratorias e os seus hábitats) así como sobre as súas principais presións e ameazas, e procesos ecolóxicos. Á vista da información recollida sobre hábitats e especies con motivo da elaboración do informe sexenal sobre a aplicación da Directiva 92/43/CEE de conformidade co establecido no seu artigo 17, así como a necesidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 11, considérase prioritario avanzar no coñecemento sobre os hábitats e especies nos que se detectaron carencias de información tanto no inventario coma no estado de conservación, así como no seguimento de hábitats e especies, en particular os prioritarios e ameazados. Para o correcto manexo da información relativa aos tipos de hábitat e especies, tamén se considera de especial interese determinar a distribución de hábitats e especies de presenza discutida, en particular ao relativo ás Listas de referencia de hábitats e especies para cada rexión bioxeográfica e medio mariño.

Tamén se presta especial atención a fomentar o aproveitamento sostible dos recursos naturais, un uso público ordenado e compatible coa conservación dos valores naturais e a investigación como instrumento de apoio á xestión dos espazos Natura 2000. Tamén se prioriza a educación ambiental e a implicación social na conservación dos espazos Natura 2000.

A formulación dos obxectivos que se listan a continuación, permitirá definir para cada espazo ou grupos de espazos, unha serie de accións que os desenvolverán e que se poderán incluír dentro de plans de xestión específicos. As accións deseñaranse de forma individual ou en programas de forma que dean resposta tanto a obxectivos xerais para o conxunto da rede como a outros máis específicos que se poderán desenvolver nun ámbito máis concreto e mesmo no conxunto do territorio da comunidade autónoma.

En todo caso, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza avaliará periódicamente, durante o periodo de vixencia do Plan Director, o desenvolvemento e cumprimento dos seguintes obxectivos, de xeito que poidan ser revisados e reaxustados para asegurar o mantemento ou restablecemento nun estado de conservación favorable dos compoñentes clave da biodiversidade.

2.1 Obxectivos dos espazos da área litoral

2.1.1 Zonas Especiais de Conservación (ZEC)

- ES1110002 Costa Ártabra
- ES1110005 Costa da Morte
- ES1110006 Complexo húmido de Corrubedo
- ES1110008 Carnota - Monte Pindo
- ES1110009 Costa de Dexo
- ES1110010 Estaca de Bares
- ES1110011 Esteiro do Tambre
- ES1110012 Monte e lagoa de Louro
- ES1120005 As Catedrais
- ES1120017 Costa da Mariña occidental
- ES0000001 Illas Cíes
- ES1140003 A Ramallosa
- ES1140004 Complexo Ons - O Grove
- ES1140009 Cabo Udra
- ES1140010 Costa da Vela
- ES1140012 Illas Estelas
- ES1140016 Enseada de San Simón

1. Prioridade: Hábitats naturais

1.	Mellorar e completar o inventario dos tipos de hábitat naturais nos espazos protexidos Rede Natura 2000 da área litoral
1.0	Mellorar e completar o inventario dos hábitats naturais do medio mariño en xeral e particularmente dos tipos 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, 1170 Arrecifes, 1180 Estruturas submariñas causadas por emisións de gases e 8330 Furnas mariñas, así como ou inventariado dás súas especies características.
2.0	Mellorar e completar o inventario dos fondos de maërl e das súas especies características.
3.0	Mellorar e completar o inventario dos hábitats naturais ligados aos humidais costeiros.
4.0	Mellorar e completar o inventario dos queirogais costeiros, en particular do tipo de hábitat prioritario 4040* Queirogais secos atlánticos costeiros de Erica vagans, así como o inventariado das súas especies características.
2.	Definir os estados de conservación actual e favorable dos tipos de hábitat naturais e identificar as súas principais presións e ameazas nos espazos protexidos Rede Natura 2000 da área litoral
1.0	Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitats costeiros e particularmente do tipo de hábitat natural prioritario 1150 * Lagoas costeiras, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.
2.0	Definir os estados de conservación actual e favorable dos sistemas dunares costeiros e particularmente dos tipos de hábitat naturais prioritarios 2130 * Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises) e 2150 * Dunas fixas descalcificadas atlánticas (Calluno-Ulicetea), identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.
3.	Mellorar o estado de conservación dos tipos de hábitat naturais así como as condicións do seu ámbito, nos espazos protexidos Rede Natura 2000 da área litoral
1.0	Identificar e restaurar os hábitats de marisma que presenten unha deterioración que implique a súa descontinuidade, recuperando a estrutura e composición da súa vexetación natural.

2.0 Identificar e restaurar os hábitats dunares que presenten unha deterioración que implique a súa descontinuidade, recuperando a estrutura e composición da súa vexetación natural.

3.0 Alcanzar o bo estado ecolóxico das masas de auga de transición e costeiras, tal e como se define na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE), realizando un seguimento dos datos obtidos pola Rede de Seguimento do Estado Ecolóxico das augas de Galicia nas ZEC da área litoral.

4.0 Coñecer a calidade da auga dos diversos tipos de humidais da área litoral, tanto nos seus aspectos físico-químicos como biolóxicos, así como as súas variacións no tempo.

2. Prioridade: Especies de interese comunitario

1. Mellorar e completar o inventario das especies de interese comunitario nos espazos protexidos Rede Natura 2000 da área litoral

1.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies *Centaurea borjae*, *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica* e *Rumex rupestris* nas ZEC da área litoral.

2.0 Establecer os niveis de abundancia poboacional e distribución das especies *Alosa alosa* e *Alosa fallax* nas ZEC da área litoral.

3.0 Establecer os niveis de abundancia poboacional e distribución dos réptiles mariños presentes nas ZEC da área litoral e en particular das especies *Caretta caretta* e *Chelonia mydas*.

4.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies de quirópteros nas ZEC da área litoral.

5.0 Establecer os niveis de abundancia poboacional e distribución dos mamíferos mariños presentes nas ZEC da área litoral e en particular das especies *Tursiops truncatus* e *Phocoena phocoena.*

2. Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de interese comunitario e identificar as súas principais presións e ameazas nos espazos protexidos Rede Natura 2000 da área litoral

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de flora prioritarias e ameazadas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de réptiles mariños, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de mamíferos mariños, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación das especies de interese comunitario así como as condicións do seu ámbito, nos espazos protexidos Rede Natura 2000 da área litoral

1.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza de *Centaurea borjae*, *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica* e *Rumex rupestris*.

2.0 Establecer un programa de seguimento e erradicación de especies de flora e fauna exótica invasora no ámbito da área litoral dos espazos da Rede Natura 2000.

3. Prioridade: Procesos ecolóxicos

1. Potenciar a conectividade ecolóxica dos espazos litorais co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Establecer canles de colaboración coas distintas administracións e organismos implicados na xestión do medio mariño para establecer ou favorecer a conectividade ecolóxica nos espazos litorais

2. Potenciar a conectividade ecolóxica dos cursos fluviais co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Colaborar co organismo de cunca para establecer ou favorecer a conectividade ecolóxica nos tramos en que esta non exista e mellorala nas zonas nas que se poida considerar deficiente.

3. Garantir unha dinámica litoral o máis natural posible

1.0 Establecer canles de colaboración coas distintas administracións e organismos implicados na xestión do medio mariño para evitar a alteración da dinámica litoral.

2.0 Establecer mecanismos para mellorar o coñecemento e realizar o seguimento da dinámica litoral.

3.0 Establecer e desenvolver unha estratexia de adaptación ás previsións de cambios da dinámica litoral por efecto do cambio climático nas ZEC da área litoral.

4. Prioridade: Aproveitamento sostible dos recursos

1. Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación dos espazos da área litoral, que permitan garantir o equilibrio dos procesos naturais

1.0 Promover a colaboración entre as consellerías con competencias en materia de conservación da natureza e de asuntos mariños para a xestión axeitada e sostible dos recursos pesqueiros e marisqueros.

2.0 Promover a implantación de boas prácticas profesionais no desenvolvemento das actividades que teñan lugar no ámbito mariño e costeiro dos espazos da Rede Natura 2000.

3.0 Fomentar o mantemento da pesca e marisqueo tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais con profesionais ou Entidades representativas do sector pesqueiro que se comprometan á aplicación de medidas compatibles coa conservación dos tipos de hábitat naturais e especies de interese comunitario.

5. Prioridade: Uso público

1. Promover un uso público ordenado e compatible coa conservación dos tipos de hábitats naturais e especies de interese comunitario

1.0 Difundir, entre a poboación local e os visitantes, os valores naturais existentes en cada ZEC, o contido e propostas do plan de xestión e a súa relación cos usos tradicionais.

2.0 Promover a creación e adecuación en cada ZEC das infraestruturas de uso público necesarias para achegar a poboación local e os visitantes aos valores do espazo natural, de forma ordenada e compatible cos obxectivos de conservación.

6. Prioridade: Investigación, educación e participación cidadá

1. Favorecer liñas de investigación que permitan a mellora do coñecemento dos recursos naturais, así como do efecto que teñen sobre o medio natural os diferentes tipos de usos e aproveitamentos establecidos no espazo

1.0 Promover proxectos de investigación nas ZEC como instrumento de apoio á xestión da Rede Natura 2000.

2. Favorecer o coñecemento e implicación social na conservación das ZEC

1.0 Deseñar programas específicos de educación ambiental e sensibilización sobre os problemas e solucións dos valores naturais e paisaxísticos das ZEC.

2.0 Fomentar a participación, a través de campañas de voluntariado ambiental, na limpeza de praias, marismas e fondos mariños, erradicación de especies invasoras e en xeral en todas aquelas actuacións que supoñan unha mellora na conservación das ZEC.

2.1.2 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

- ES0000001 Illas Cíes
- ES0000085 Ribadeo
- ES0000086 Ría de Ortigueira e Ladrido
- ES0000087 Complexo intermareal Umia - O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira
- ES0000176 Costa da Morte (Norte)
- ES0000254 Illa de Ons
- ES0000258 Costa de Ferrolterra - Valdoviño
- ES0000313 Complexo litoral de Corrubedo
- ES0000372 Costa da Mariña occidental
- ES0000373 Ría de Foz
- ES0000375 Esteiro do Miño

1. Prioridade: Hábitats das especies de aves do Anexo I e migratorias

1. Mellorar e completar o inventario dos tipos de hábitat naturais nos espazos protexidos Rede Natura 2000 da área litoral

1.0 Identificar e establecer de forma precisa a localización e superficie dos tipos de hábitats das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE.

2.0 Identificar e establecer de forma precisa a localización e superficie dos tipos de hábitats das especies de aves acuáticas e/ou ligadas ao medio acuático ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE.

2. Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitat das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE, así como das súas principais presións e ameazas

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitats costeiros e particularmente do tipo de hábitat natural prioritario 1150* Lagoas costeiras, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos sistemas dunares costeiros e particularmente dos tipos de hábitat naturais prioritarios 2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises) e 2150* Dunas fixas descalcificadas atlánticas (Calluno-Ulicetea), identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación dos hábitat das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE así como as condicións do seu ámbito, nas ZEPA da área litoral

1.0 Identificar e restaurar os hábitats de marisma que presenten unha deterioración que implique a súa descontinuidade, recuperando a estrutura e composición da súa vexetación natural.

2.0 Identificar e restaurar os hábitats dunares que presenten unha deterioración que implique a súa descontinuidade, recuperando a estrutura e composición da súa vexetación natural.

3.0 Alcanzar o bo estado ecolóxico das masas de auga de transición e costeiras, tal e como se define na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE), realizando un seguimento dos datos obtidos pola Rede de Seguimento do Estado Ecolóxico das augas de Galicia nas ZEPA da área litoral.

4.0 Coñecer a calidade da auga dos diversos tipos de humidais da área litoral, tanto nos seus aspectos físico-químicos como biolóxicos, así como as súas variacións no tempo.

2. Prioridade: Especies de aves do Anexo I e migratorias

1. Mellorar e completar o inventario das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE nas ZEPA da área litoral

1.0 Mellorar e completar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies de aves mariñas migratorias, con especial atención á pardela balear *Puffinus mauretanicus.*

2.0 Mellorar e completar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies de aves mariñas nidificantes, con especial atención á pardela cincenta *Calonectris diomedea* e ao paíño europeo *Hydrobates pelagicus.*

3.0 Mellorar e completar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies de aves

acuáticas nidificantes.

2. Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE, así como das súas principais presións e ameazas

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de aves ameazadas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Mellorar o sistema de vixilancia das poboacións de aves mariñas reprodutoras da rede de ZEPA, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3.0 Establecer un sistema de vixilancia das especies de aves acuáticas nidificantes nos humidais da rede de ZEPA, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

4.0 Mellorar o sistema de vixilancia das poboacións de aves acuáticas invernantes nos humidais da rede de ZEPA, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE nas ZEPA da área litoral

1.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza das poboacións de aves mariñas reprodutoras da rede de ZEPA.

2.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da gabita euroasiática *Haematopus ostralegus.*

3.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza do pernileiro común *Burhinus oedicnemus.*

4.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da píllara papuda *Charadrius alexandrinus.*

5.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica.*

6.0 Establecer un programa de seguimento e erradicación de especies de flora e fauna exótica invasora nas ZEPA da área litoral.

3. Prioridade: Procesos ecolóxicos

1. Potenciar a conectividade ecolóxica dos cursos fluviais co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Colaborar co organismo de cunca para establecer ou favorecer a conectividade ecolóxica nos tramos en que esta non exista e mellorala nas zonas nas que se poida considerar deficiente.

2. Garantir unha dinámica litoral o máis natural posible

1.0 Establecer canles de colaboración coas distintas administracións e organismos implicados na xestión do medio mariño para evitar a alteración da dinámica litoral.

2.0 Establecer mecanismos para mellorar o coñecemento e realizar o seguimento da dinámica litoral.

3.0 Establecer e desenvolver unha estratexia de adaptación ás previsións de cambios da dinámica litoral por efecto do cambio climático nas ZEPA da área litoral, en relación coa súa afección ás aves e os seus hábitats.

4. Prioridade: Aproveitamento sostible dos recursos

1. Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación dos espazos da área litoral, que permitan garantir o equilibrio dos procesos naturais

1.0 Promover a implantación de boas prácticas profesionais no desenvolvemento das actividades que teñan lugar no ámbito mariño e costeiro das ZEPA.

2.0 Fomentar o mantemento da pesca e marisqueo tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais con profesionais ou Entidades representativas do sector pesqueiro que se comprometan á aplicación de medidas compatibles coa conservación das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e sobre os seus hábitats.

5. Prioridade: Uso público

1. Promover un uso público ordenado e compatible coa conservación das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e dos seus hábitats

1.0 Difundir, entre a poboación local e os visitantes, os valores naturais existentes en cada ZEPA, o contido e propostas do plan de xestión e a súa relación cos usos tradicionais.

2.0 Promover a creación e adecuación en cada ZEPA das infraestruturas de uso público necesarias para achegar a poboación local e os visitantes aos valores do espazo natural, de forma ordenada e compatible cos obxectivos de conservación.

6. Prioridade: Investigación, educación e participación cidadá

1. Favorecer liñas de investigación que permitan a mellora do coñecemento dos recursos naturais, así como do efecto que teñen sobre o medio natural os diferentes tipos de usos e aproveitamentos establecidos no espazo

1.0 Promover proxectos de investigación nas ZEPA como instrumento de apoio á xestión da Rede Natura 2000.

2.0 Promover e regular a marcaxe de aves silvestres na rede de ZEPA como instrumento de apoio á xestión das especies de aves e os seus hábitats.

2. Favorecer o coñecemento e implicación social na conservación das ZEPA

1.0 Deseñar programas específicos de educación ambiental e sensibilización sobre os problemas e solucións dos valores naturais e paisaxísticos das ZEPA.

2.0 Fomentar a participación, a través de campañas de voluntariado ambiental, na limpeza de praias, marismas e fondos mariños, erradicación de especies invasoras e en xeral en todas aquelas actuacións que supoñan unha mellora na conservación das ZEPA.

2.2 Obxectivos dos espazos de humidais e corredores fluviais

2.2.1 Zonas Especiais de Conservación (ZEC)

- ES1110001 Ortigueira - Mera
- ES1110004 Encoro de Abegondo - Cecebre
- ES1110007 Betanzos - Mandeo
- ES1110013 Xubia - Castro
- ES1110015 Río Anllóns
- ES1110016 Río Tambre
- ES1120002 Río Eo
- ES1120003 Parga - Ladra - Támoga
- ES1120009 Monte Maior
- ES1120011 Ría de Foz - Masma
- ES1120012 Río Landro
- ES1120013 Río Ouro
- ES1120014 Canón do Sil
- ES1120015 Serra do Xistral
- ES1120016 Río Cabe
- ES1130005 Río Támega
- ES1130006 Veiga de Ponteliñares
- ES1140001 Sistema fluvial Ulla - Deza
- ES1140002 Río Lérez
- ES1140006 Río Tea
- ES1140007 Baixo Miño
- ES1140008 Brañas de Xestoso
- ES1140011 Gándaras de Budiño

1. Prioridade: Hábitats naturais

1.	**Mellorar e completar o inventario dos tipos de hábitat naturais nos espazos protexidos Rede Natura 2000 con tipoloxía de humidais e corredores fluviais**
1.0	Mellorar e completar o inventario dos tipos de hábitat de auga doce, en particular das augas estancadas, así como o inventariado das súas especies características
2.0	Mellorar e completar o inventario das queirogais húmidos, en particular do tipo de hábitat prioritario 4020 * Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix,* así como o inventariado das súas especies características
3.0	Mellorar e completar o inventario dos prados húmidos e mesófilos, así como o inventariado das súas especies características
4.0	Mellorar e completar o inventario dos hábitats naturais de turbeiras de cobertor, turbeiras altas, turbeiras baixas e áreas pantanosas, así como o inventariado das súas especies características
5.0	Mellorar e completar o inventario dos hábitats prioritarios 91D0* Turbeiras boscosas e 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus* excelsior, así como o inventariado das súas especies características
2.	**Definir os estados de conservación actual e favorable dos tipos de hábitat naturais e identificar as súas principais presións e ameazas nos espazos protexidos Rede Natura 2000 con tipoloxía de humidais e corredores fluviais**
1.0	Definir os estados de conservación actual e favorable dos sistemas lacustres, en particular dos tipos de hábitat de augas estancadas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo

de seguimento do seu estado de conservación

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos queirogais húmidos, en particular do tipo de hábitat prioritario 4020 * Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación

3.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos prados húmidos e mesófilos, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación

4.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitats naturais de turbeiras de cobertor, turbeiras altas, turbeiras baixas e áreas pantanosas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación

5.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos tipos de hábitats naturais 91D0* Turbeiras boscosas e 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación

3. Mellorar o estado de conservación dos tipos de hábitat naturais así como as condicións do seu ámbito, nos espazos protexidos Rede Natura 2000 con tipoloxía de humidais e corredores fluviais

1.0 Alcanzar o bo estado ecolóxico e químico dos cursos fluviais, tal e como se define na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE), por medio do incremento da calidade das súas augas, recuperación da vexetación de ribeira e eliminación de obstáculos.

2.0 Coñecer a calidade da auga dos diversos tipos de humidais, tanto nos seus aspectos físico-químicos como biolóxicos, así como as súas variacións no tempo.

2. Prioridade: Especies de interese comunitario

1. Mellorar e completar o inventario das especies de interese comunitario nos espazos protexidos Rede Natura 2000 con tipoloxía de humidais e corredores fluviais

1.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional de *Eryngium viviparum*, *Luronium natans* e *Sphagnum pylaesii*.

2.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional do mexillón de río *Margaritifera margaritifera.*

3.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional dos odonatos nos humidais e cursos fluviais, con especial atención ás especies *Coenagrion mercuriale*, *Gomphus graslinii*, *Macromia splendens* e *Oxygastra curtisii.*

4.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional do cangrexo de río autoctono *Austropotamobius pallipes.*

5.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional do sapoconcho común *Emys orbicularis.*

6.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional da auganeira *Galemys pyrenaicus.*

2. Mellorar e completar o inventario das especies de interese comunitario nos espazos protexidos Rede Natura 2000 con tipoloxía de humidais e corredores fluviais

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de flora *Eryngium viviparum*, *Luronium natans* e *Sphagnum pylaesii*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable do mexillón de río *Margaritifera margaritifera*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos odonatos nos humidais e corredores fluviais, con especial atención ás especies *Coenagrion mercuriale*, *Gomphus graslinii*, *Macromia splendens* e *Oxygastra curtisii*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

4.0 Definir os estados de conservación actual e favorable do cangrexo de río autoctono *Austropotamobius pallipes*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

5.0 Definir os estados de conservación actual e favorable do sapoconcho común *Emys orbicularis*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

6.0 Definir os estados de conservación actual e favorable da auganeira *Galemys pyrenaicus*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación das especies de interese comunitario así como as condicións do seu ámbito, nos espazos protexidos Rede Natura 2000 con tipoloxía de humidais e corredores fluviais

1.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza de *Eryngium viviparum*, *Luronium natans* e *Sphagnum pylaesii.*

2.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza do mexillón de río *Margaritifera margaritifera.*

3.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza das especies de odonatos *Coenagrion mercuriale*, *Gomphus graslinii*, *Macromia splendens* e *Oxygastra curtisii.*

4.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza do cangrexo de río autoctono *Austropotamobius pallipes.*

5.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza do sapoconcho común *Emys orbicularis.*

6.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza da auganeira *Galemys pyrenaicus.*

7.0 Establecer un programa de seguimento e erradicación de especies de flora e fauna exótica invasora no ámbito dos humidais e cursos fluviais dos espazos da Rede Natura 2000.

3. Prioridade: Procesos ecolóxicos

1. Potenciar a conectividade ecolóxica dos cursos fluviais co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Colaborar co organismo de cunca para establecer ou favorecer a conectividade ecolóxica nos tramos en que esta non exista e mellorala nas zonas nas que se poida considerar deficiente.

2. Garantir unha dinámica hidrolóxica do conxunto de humidais o máis natural posible

1.0 Establecer medidas de xestión hídrica que aseguren un comportamento o máis natural posible dos humidais, tendo en conta o seu grao de estacionalidade.

2.0 Establecer mecanismos para mellorar o coñecemento e realizar o seguimento das dinámicas hidrolóxicas.

3.0 Establecer e desenvolver unha estratexia de adaptación ás previsións de cambios da dinámica hidrolóxica por efecto do cambio climático nas ZEC con tipoloxía de humidais e corredores fluviais.

4. Prioridade: Aproveitamento sostible dos recursos

1. Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación dos humidais e cursos fluviais, e que permitan garantir o equilibrio dos procesos naturais

1.0 Promover a implantación de boas prácticas profesionais no desenvolvemento das actividades agrícolas e gandeiras que teñan lugar no ámbito da ZEC.

2.0 Fomentar o mantemento da agricultura e gandaría extensiva tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais con profesionais, asociacións de profesionais ou comunidades de montes que se comprometan á aplicación de medidas compatibles coa conservación dos tipos de hábitat naturais e especies de interese comunitario.

5. Prioridade: Uso público

1. Promover un uso público ordenado e compatible coa conservación dos tipos de hábitats naturais e especies de interese comunitario

1.0 Difundir, entre a poboación local e os visitantes, os valores naturais existentes en cada ZEC, o contido e propostas do plan de xestión e a súa relación cos usos tradicionais.

2.0 Promover a creación e adecuación en cada ZEC das infraestruturas de uso público necesarias para achegar a poboación local e os visitantes aos valores do espazo natural, de forma ordenada e compatible cos obxectivos de conservación.

6. Prioridade: Investigación, educación e participación cidadá

1. Favorecer liñas de investigación que permitan a mellora do coñecemento dos recursos naturais, así como do efecto que teñen sobre o medio natural os diferentes tipos de usos e aproveitamentos establecidos no espazo

1.0 Promover proxectos de investigación nas ZEC como instrumento de apoio á xestión da Rede Natura 2000.

2. Favorecer o coñecemento e implicación social na conservación das ZEC

1.0 Deseñar programas específicos de educación ambiental e sensibilización sobre os problemas e solucións dos valores naturais e paisaxísticos das ZEC.

2.0 Fomentar a participación, a través de campañas de voluntariado ambiental, na limpeza de praias, marismas e fondos mariños, erradicación de especies invasoras e en xeral en todas aquelas actuacións que supoñan unha mellora na conservación das ZEC.

2.2.2 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

- ES0000436 A Limia

1. Prioridade: Hábitats das especies de aves do Anexo I e migratorias

1. Mellorar e completar o inventario dos hábitat das especies de aves do Anexo I e migratorias nas ZEPA con tipoloxía de humidais e corredores fluviais

1.0 Identificar e establecer de forma precisa a localización e superficie dos tipos de hábitats das especies de aves de carácter estepario e/ou ligadas ao medio agrícola.

2.0 Identificar e establecer de forma precisa a localización e superficie dos tipos de hábitats das especies de aves de aves acuáticas e/ou ligadas ao medio acuático.

2. Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitat das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE, así como das súas principais presións e ameazas

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos queirogais húmidos, en particular do tipo de hábitat prioritario 4020 * Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos prados húmidos e mesófilos, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitats das aves de carácter estepario ou ligadas ao medio agrícola, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación dos hábitat das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE así como as condicións do seu ámbito, nas ZEPA con tipoloxía de humidais e corredores fluviais

1.0 Manter ou restaurar superficies axeitadas de humidais naturais e seminaturais que constitúen hábitat de diversas especies de avifauna ameazada en áreas agrícolas.

2.0 Dispoñer de superficies axeitadas nas que se practique unha agricultura extensiva e sostible para beneficio das especies de avifauna ameazada en áreas agrícolas.

3.0 Alcanzar o bo estado ecolóxico e químico dos cursos fluviais, tal e como se define na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE), por medio do incremento da calidade das súas augas, recuperación da vexetación de ribeira e eliminación de obstáculos.

4.0 Coñecer a calidade da auga dos diversos tipos de humidais, tanto nos seus aspectos físico-químicos como biolóxicos, así como as súas variacións no tempo.

2. Prioridade: Especies de aves do Anexo I e migratorias

1. Mellorar e completar o inventario das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE nas ZEPA con tipoloxía de humidais e corredores fluviais

1.0 Mellorar e completar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies de aves de carácter estepario e ligadas ao medio agrícola.

2.0 Mellorar e completar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies de aves de aves acuáticas ou ligadas ao medio acuático.

2. Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE, así como das súas principais presións e ameazas

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies ameazadas de aves acuáticas e/ou ligadas ao medio acuático, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies ameazadas de aves de carácter esteparios e/ou ligadas ao medio agrícola, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3.0 Mellorar o sistema de vixilancia das poboacións de aves acuáticas invernantes nos humidais da rede de ZEPA, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE nas ZEPA da área litoral

1.0 Reducir a incidencia dos factores limitantes sobre as especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e sobre os seus hábitats.

2.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza do sisón común *Tetrax tetrax.*

3.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza do perlineiro común *Burhinus oedicnemus.*

4.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da avefría *Vanellus vanellus.*

5.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da becacina cabra *Gallinago gallinago.*

6.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da calandriña común *Calandrella brachydactyla.*

7.0 Establecer un programa de seguimento e erradicación de especies de flora e fauna exótica invasora.

3. Prioridade: Procesos ecolóxicos

1. Potenciar a conectividade ecolóxica dos cursos fluviais co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Colaborar co organismo de cunca para establecer ou favorecer a conectividade ecolóxica nos tramos en que esta non exista e mellorala nas zonas nas que se poida considerar deficiente.

2. Garantir unha dinámica hidrolóxica do conxunto de humidais o máis natural posible

1.0 Establecer medidas de xestión hídrica que aseguren un comportamento o máis natural posible dos humidais, tendo en conta o seu grao de estacionalidade.

2.0 Establecer mecanismos para mellorar o coñecemento e realizar o seguimento das dinámicas hidrolóxicas.

3.0 Establecer e desenvolver unha estratexia de adaptación ás previsións de cambios da dinámica hidrolóxica por efecto do cambio climático nas ZEPA con tipoloxía de humidais e corredores fluviais.

4. Prioridade: Aproveitamento sostible dos recursos

1. Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación dos humidais e cursos fluviais, e que permitan garantir o equilibrio dos procesos naturais

1.0 Promover a implantación de boas prácticas profesionais no desenvolvemento das actividades agrícolas e gandeiras que teñan lugar no ámbito da ZEPA.

2.0 Fomentar o mantemento da agricultura e gandaría extensiva tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais con profesionais, asociacións de profesionais ou comunidades de montes que se comprometan á aplicación de medidas compatibles coa conservación das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e sobre os seus hábitats.

5. Prioridade: Uso público

1. Promover un uso público ordenado e compatible coa conservación das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e dos seus hábitats

1.0 Difundir, entre a poboación local e os visitantes, os valores naturais existentes en cada ZEPA, o contido e propostas do plan de xestión e a súa relación cos usos tradicionais.

2.0 Promover a creación e adecuación en cada ZEPA das infraestruturas de uso público necesarias para achegar a poboación local e os visitantes aos valores do espazo natural, de forma ordenada e compatible cos obxectivos de conservación.

6. Prioridade: Investigación, educación e participación cidadá

1. Favorecer liñas de investigación que permitan a mellora do coñecemento dos recursos naturais, así como do efecto que teñen sobre o medio natural os diferentes tipos de usos e aproveitamentos establecidos no espazo

1.0 Promover proxectos de investigación nas ZEPA como instrumento de apoio á xestión da Rede Natura 2000.

2.0 Promover e regular a marcaxe de aves silvestres na rede de ZEPA como instrumento de apoio á xestión das especies de aves e os seus hábitats.

2. Favorecer o coñecemento e implicación social na conservación das ZEPA

1.0 Deseñar programas específicos de educación ambiental e sensibilización sobre os problemas e solucións dos valores naturais e paisaxísticos das ZEPA.

2.0 Fomentar a participación, a través de campañas de voluntariado ambiental, na limpeza de humidais, cursos fluviais e o seu ámbito, erradicación de especies invasoras e en xeral en todas aquelas actuacións que supoñan unha mellora na conservación das ZEPA.

2.3 Obxectivos dos espazos das áreas de montaña

2.3.1 Zonas Especiais de Conservación (ZEC)

- ES1110003 Fragas do Eume
- ES1110014 Serra do Careón
- ES1120001 Ancares - Courel
- ES1120004 A Marronda
- ES1120006 Carballido
- ES1120007 Cruzul - Agüeira
- ES1120008 Monte Faro
- ES1120010 Negueira
- ES1130001 Baixa Limia
- ES1130002 Macizo Central
- ES1130003 Bidueiral de Montederramo
- ES1130004 Pena Veidosa
- ES1130007 Pena Trevinca
- ES1130008 Pena Maseira
- ES1130009 Serra da Enciña da Lastra
- ES1140005 Monte Aloia
- ES1140013 Serra do Candán
- ES1140014 Serra do Cando
- ES1140015 Sobreirais do Arnego

1. Prioridade: Hábitats naturais

1. Mellorar e completar o inventario dos tipos de hábitat naturais nos espazos protexidos rede Natura 2000 con tipoloxía de áreas de montaña

1.0	Mellorar e completar o inventario dos tipos de hábitat de auga doce, en particular das augas estancadas, así como o inventariado das súas especies características.
2.0	Mellorar e completar o inventario dos queirogais húmidos, en particular do tipo de hábitat prioritario 4020* Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix,* así como o inventariado das súas especies características.
3.0	Mellorar e completar o inventario dos queirogais característicos de alta montaña, en particular dos tipos de hábitat natural 4060 Queirogais alpinos e boreais e 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos, así como o inventariado das súas especies características.
4.0	Mellorar e completar o inventario dos prados húmidos e mesófilos, en particular do tipo de hábitat natural 6520 Prados de sega de montaña, así como o inventariado das súas especies características.
5.0	Mellorar e completar o inventario dos hábitats naturais de turbeiras altas, turbeiras baixas e áreas pantanosas, así como o inventariado das súas especies características.
6.0	Mellorar e completar o inventario dos hábitats rochosos e covas, en particular do tipo de hábitat natural 8310 Covas non explotadas polo turismo, así como o inventariado das súas especies características.
7.0	Mellorar e completar o inventario dos hábitats prioritarios 91D0* Turbeiras boscosas e 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior, así* como o inventariado das súas especies características.

2. Definir os estados de conservación actual e favorable dos tipos de hábitat naturais e identificar as súas principais presións e ameazas nos espazos protexidos rede Natura 2000 con tipoloxía de áreas de montaña

1.0	Definir os estados de conservación actual e favorable dos sistemas lacustres, en particular dos tipos de hábitat

de augas estancadas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos queirogais húmidos, en particular do tipo de hábitat prioritario 4020* Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos queirogais característicos de alta montaña, en particular dos tipos de hábitat natural 4060 Queirogais alpinos e boreais e 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

4.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos prados húmidos e mesófilos, en particular do tipo de hábitat natural 6520 Prados de sega de montaña, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

5.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitats rochosos e covas, en particular do tipo de hábitat natural 8310 Covas non explotadas polo turismo, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

6.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitats naturais de turbeiras altas, turbeiras baixas e áreas pantanosas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

7.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos tipos de hábitats naturais 91D0* Turbeiras boscosas e 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación dos tipos de hábitat naturais así como as condicións do seu ámbito, nos espazos protexidos rede Natura 2000 con tipoloxía de áreas de montaña

1.0 Alcanzar o bo estado ecolóxico e químico dos cursos fluviais, tal e como se definiu na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE), por medio do incremento da calidade das súas augas, recuperación da vexetación de ribeira e eliminación de obstáculos.

2.0 Coñecer a calidade da auga dos diversos tipos de humidais, tanto nos seus aspectos físico-químicos como biolóxicos, así como as súas variacións no tempo.

2. Prioridade: Especies de interese comunitario

1. Mellorar e completar o inventario das especies de interese comunitario nos espazos protexidos rede Natura 2000 con tipoloxía de áreas de montaña

1.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional de *Eryngium viviparum*.

2.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies de flora ameazada, en particular de *Culcita macrocarpa, Festuca elegans, F.summilusitanica, Narcissus asturiensis, N. cyclamineus, N. pseudonarcissus nobilis, Petrocoptis grandiflora, Sphagnum pylaesii, Santolina semidentata, Vandenboschia speciosa*, *Veronica micrantha* e *Woodwardia radicans.*

3.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional do mexillón de río *Margaritifera margaritifera.*

4.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional dos odonatos presentes nos humedales e cursos fluviais das áreas de montaña, con especial atención ás especies *Coenagrion mercuriale*, *Gomphus graslinii*, *Macromia splendens* e *Oxygastra curtisii.*

5.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional do cangrexo de río autoctono *Austropotamobius pallipes.*

6.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional de morcegos cavernícolas.

7.0 Mellorar a información relativa á distribución e abundancia poboacional do oso pardo *Ursus arctos.*

2. Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de interese comunitario e identificar as súas principais presións e ameazas nos espazos protexidos rede Natura 2000 con tipoloxía de áreas de montaña

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable de *Eryngium viviparum*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de flora ameazada, en particular de *Culcita macrocarpa, Festuca elegans, F.summilusitanica, Narcissus asturiensis, N. cyclamineus, N. pseudonarcissus nobilis, Petrocoptis grandiflora, Sphagnum pylaesii, Santolina semidentata, Vandenboschia speciosa*, *Veronica micrantha* e *Woodwardia radicans*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3.0 Definir os estados de conservación actual e favorable do mexillón de río *Margaritifera margaritifera*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

4.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos odonatos presentes nos humidais e cursos fluviais das áreas de montaña, con especial atención ás especies *Coenagrion mercuriale*, *Gomphus graslinii*, *Macromia splendens* e *Oxygastra curtisii*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

5.0 Definir os estados de conservación actual e favorable do cangrexo de río autoctono *Austropotamobius pallipes*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

6.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de morcegos cavernícolas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

7.0 Definir os estados de conservación actual e favorable do oso pardo *Ursus arctos*, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación das especies de interese comunitario así como as condicións do seu ámbito, nos espazos protexidos rede Natura 2000 con tipoloxía de áreas de montaña

1.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza de *Eryngium viviparum*.

2.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza das especies de flora ameazada, en particular de *Culcita macrocarpa, Festuca elegans, F.summilusitanica, Narcissus asturiensis, N. cyclamineus, N. pseudonarcissus nobilis, Petrocoptis grandiflora, Sphagnum pylaesii, Santolina semidentata, Vandenboschia speciosa*, *Veronica micrantha* e *Woodwardia radicans.*

3.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza do mexillón de río *Margaritifera margaritifera.*

4.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza das especies de odonatos *Coenagrion mercuriale*, *Gomphus graslinii*, *Macromia splendens* e *Oxygastra curtisii.*

5.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza do cangrexo de río autoctono *Austropotamobius pallipes.*

6.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza de morcegos cavernícolas.

7.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat e reducir os factores de ameaza do oso pardo *Ursus arctos.*

8.0 Establecer un programa de seguimento e erradicación de especies de flora e fauna exótica invasora no ámbito das áreas de montaña dos espazos da rede Natura 2000.

3. Prioridade: Procesos ecolóxicos

1. Potenciar a conectividade ecolóxica das áreas de montaña co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Mellorar a conectividade e permeabilidade dos hábitats boscosos, estableciendo os mecanismos necesarios para reducir a súa fragmentación.

2. Potenciar a conectividade ecolóxica dos cursos fluviais co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Colaborar co organismo de cunca para establecer ou favorecer a conectividade ecolóxica nos tramos en que esta non exista e mellorala nas zonas nas que se poida considerar deficiente.

4. Prioridade: Aproveitamento sostible dos recursos

1. Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación das áreas de montaña, e que permitan garantir o equilibrio dos procesos naturais

1.0 Promover a implantación de boas prácticas profesionais no desenvolvemento das actividades agrícolas, gandeiras e forestais que teñan lugar no ámbito da ZEC.

2.0 Fomentar o mantemento da agricultura e gandaría extensiva tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais con profesionais, asociacións de profesionais ou comunidades de montes que se comprometan á aplicación de medidas compatibles coa conservación dos tipos de hábitat naturais e especies de interese comunitario.

3.0 Establecer un seguimento sobre os usos tradicionais que incidan sobre as breixeiras húmidas, en particular do tipo de hábitat natural 4020 * Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.

5. Prioridade: Uso público

1. Promover un uso público ordenado e compatible coa conservación dos tipos de hábitats naturais e especies de interese comunitario

1.0 Difundir, entre a poboación local e os visitantes, os valores naturais existentes en cada ZEC, o contido e propostas do plan de xestión e a súa relación cos usos tradicionais.

2.0 Promover a creación e adecuación en cada ZEC das infraestruturas de uso público necesarias para achegar a poboación local e os visitantes aos valores do espazo natural, de forma ordenada e compatible cos obxectivos de conservación.

6. Prioridade: Investigación, educación e participación cidadá

1. Favorecer liñas de investigación que permitan a mellora do coñecemento dos recursos naturais, así como do efecto que teñen sobre o medio natural os diferentes tipos de usos e aproveitamentos establecidos no espazo

1.0 Promover proxectos de investigación nas ZEC como instrumento de apoio á xestión da Rede Natura 2000.

2. Favorecer o coñecemento e implicación social na conservación das ZEC

1.0 Deseñar programas específicos de educación ambiental e sensibilización sobre os problemas e solucións dos valores naturais e paisaxísticos das ZEC.

2.0 Fomentar a participación, a través de campañas de voluntariado ambiental, en todas aquelas actuacións que supoñan unha mellora na conservación das ZEC.

2.3.2 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

- ES0000374 Ancares
- ES1130009 Serra da Enciña da Lastra
- ES0000376 Baixa Limia - Serra do Xurés
- ES0000437 Pena Trevinca

1. Prioridade: Hábitats das especies de aves do Anexo I e migratorias

1. Mellorar e completar o inventario dos hábitat das especies de aves do Anexo I e migradoras nas ZEPA con tipoloxía de áreas de montaña

1.0 Identificar e establecer de forma precisa a localización e superficie dos tipos de hábitat da comunidade de aves forestais.

2.0 Identificar e establecer de forma precisa a localización e superficie dos tipos de hábitats da comunidade de aves rupícolas.

2. Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitat das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE, así como das súas principais presións e ameazas

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitáts da comunidade de aves forestais, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable dos hábitáts da comunidade de aves rupícolas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar o estado de conservación dos hábitat das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE así como as condicións do seu ámbito, nas ZEPA con tipoloxía de áreas de montaña

1.0 Conservar e aumentar a superficie de bosque autóctono, buscando un grao máximo de diversidade estructural e específica acorde cos requerimentos ecolóxicos dunha maioría de especies de aves

2.0 Alcanzar o bo estado ecolóxico e químico dos cursos fluviais, tal e como se definiu na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE), por medio do incremento da calidade das súas augas, recuperación da vexetación de ribeira e eliminación de obstáculos.

3.0 Coñecer a calidade da auga dos diversos tipos de humidais, tanto nos seus aspectos físico-químicos como biolóxicos, así como as súas variacións no tempo.

2. Prioridade: Especies de aves do Anexo I e migratorias

1. Mellorar e completar o inventario das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE nas ZEPA con tipoloxía de áreas de montaña

1.0 Mellorar e completar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies da comunidade de aves forestais.

2.0 Mellorar e completar a información relativa á distribución e abundancia poboacional das especies da comunidade de aves rupícolas.

2. Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE, así como das súas principais presións e ameazas

1.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies da comunidade de aves forestais, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

2.0 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies da comunidade de aves rupícolas, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3.0 Mellorar o sistema de vixilancia das poboacións de aves acuáticas invernantes na rede de ZEPA, identificar os seus principais factores de ameaza e establecer e desenvolver un protocolo de seguimento do seu estado de conservación.

3. Mellorar e completar o inventario das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE nas ZEPA con tipoloxía de áreas de montaña

1.0 Reducir a incidencia dos factores limitantes sobre as especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e sobre os seus hábitats

2.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza do voitre branco *Neophron percnopterus..*

3.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da águia real *Aquila chrysaetos.*

4.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da pita do monte *Tetrao urogallus cantabricus.*

5.0 Mellorar a dispoñibilidade de hábitat de cría e reducir os factores de ameaza da perdiz charrela *Perdix perdix hispaniensis.*

6.0 Establecer un programa de seguimento e erradicación de especies de flora e fauna exótica invasora.

3. Prioridade: Procesos ecolóxicos

1. Potenciar a conectividade ecolóxica das áreas de montaña co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Mellorar a conectividadee permeabilidade dos hábitats boscosos, estableciendo os mecanismos necesarios para reducir a súa fragmentación.

2. Potenciar a conectividade ecolóxica dos cursos fluviais co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

1.0 Colaborar co organismo de cunca para establecer ou favorecer a conectividade ecolóxica nos tramos en que esta non exista e mellorala nas zonas nas que se poida considerar deficiente.

4. Prioridade: Aproveitamento sostible dos recursos

1. Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación das áreas de montaña, e que permitan garantir o equilibrio dos procesos naturais

1.0 Promover a implantación de boas prácticas profesionais no desenvolvemento das actividades agrícolas, gandeiras e forestais que teñan lugar no ámbito da ZEPA.

2.0 Promover tratamentos selvícolas que favorezan a heteroxeneidade das masas forestais.

3.0 Fomentar o mantemento da agricultura e gandaría extensiva tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais con profesionais, asociacións de profesionais ou comunidades de montes que se comprometan á aplicación de medidas compatibles coa conservación das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e sobre os seus hábitats.

5. Prioridade: Uso público

1. Promover un uso público ordenado e compatible coa conservación das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e dos seus hábitats

1.0 Difundir, entre a poboación local e os visitantes, os valores naturais existentes en cada ZEPA, o contido e propostas do plan de xestión e a súa relación cos usos tradicionais.

2.0 Promover a creación e adecuación en cada ZEPA das infraestruturas de uso público necesarias para achegar a poboación local e os visitantes aos valores do espazo natural, de forma ordenada e compatible cos obxectivos de conservación.

6. Prioridade: Investigación, educación e participación cidadá

1. Favorecer liñas de investigación que permitan a mellora do coñecemento dos recursos naturais, así como do efecto que teñen sobre o medio natural os diferentes tipos de usos e aproveitamentos establecidos no espazo

1.0 Promover proxectos de investigación nas ZEPA como instrumento de apoio á xestión da rede Natura 2000.

2.0 Promover e regular a marcaxe de aves silvestres na rede de ZEPA como instrumento de apoio á xestión das especies de aves e os seus hábitats.

2. Favorecer o coñecemento e implicación social na conservación das ZEPA

1.0 Deseñar programas específicos de educación ambiental e sensibilización sobre os problemas e solucións dos valores naturais e paisaxísticos das ZEPA.

2.0 Fomentar a participación, a través de campañas de voluntariado ambiental en todas aquelas actuacións que supoñan unha mellora na conservación das ZEPA.

3. Ámbito territorial

3 Ámbito territorial

O ámbito territorial do presente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, corresponde aos 59 Lugares de Importancia Comunitaria (Decisión 2012/13/UE de Execución da Comisión de 18/11/2011 e Decisión 2012/9/UE de Execución da Comisión de 18/11/2011) e ás 16 Zonas de Especial Protección para as Aves (Decreto 72/2004, Decreto 131/2008, Decreto 411/2009) designados en Galicia, cuxo ámbito territorial posúe simultaneamente a condición de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (Decreto 72/2004, Decreto 411/2009). Os límites territoriais de cada un dos espazos aquí considerados aparecen publicados na Resolución do 30 de Abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se dispón a publicación no Diario Oficial de Galicia, da cartografía onde se recollen os límites dos Espazos Naturais declarados Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de Abril (DOG 69, 12/04/2004); así como nos anexos dos Decretos 131/2008 e 411/2009.

A cartografía dixital dos espazos protexidos Rede Natura 2000 de Galicia empregada no presente Plan incorpora unha serie de modificacións sobre a información oficial cartográfica Natura 2000 constituíndo unha clara mellora sobre a mesma, que na actualidade require o emprego dunha escala 1:50.000 ou máis precisa (Decisión 2011/484/UE). Os cambios realizados comprenden a dixitalización dos espazos da Rede Natura 2000 de Galicia sobre unha base cartográfica a escala 1:5.000 para incorporala á Información Oficial Natura 2000, coa conseguinte mellora na precisión da delimitación destes espazos. Por outra banda, tamén se resolveron discrepancias por desprazamentos entre a cartografía da Rede Natura 2000 da Xunta de Galicia e a cartografía da Información Oficial de Natura 2000. Finalmente, os límites autonómicos dos espazos foron axustados ao límite administrativo rexional que se acordou na 8ª reunión do Comité de Espazos Naturais Protexidos sexa empregado por todas as Comunidades Autónomas, e que será proporcionado polo Banco de Datos da Biodiversidade ata que exista no Rexistro Central de Cartografía unha inscrición das Delimitacións Territoriais autonómicas, en virtude do establecido no Real Decreto 1545/2007, de 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.

Naqueles territorios que pola súa condición de Parque Nacional ou Parque Natural, ou pola súa singularidade posúen, ou no futuro poden ser dotados dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), o presente Plan Director considérase complementario, coas normas específicas incluídas

nos mencionados PORN, salvo que na aprobación destes se especifique de forma expresa o contrario. De producirse un conflito no momento de aplicar unha norma, deben extremarse os principios de cautelas, así como considerarse como válida aquela norma que mellor asegure o cumprimento dos obxectivos de conservación formulados na DC 92/43/CEE e na DC 2009/147/CE.

A estrutura e contidos do presente Plan Director, permiten adaptar o ámbito territorial do Plan ás modificacións derivadas da ampliación da Rede Natura 2000 a curto ou medio prazo.




Figura 21.- Situación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) de Galicia.

4. Patrimonio Natural e Biodiversidade

4 Patrimonio Natural e Biodiversidade

A Rede Natura 2000 de Galicia está constituída por 59 Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e 16 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA). Dende un punto de vista bioxeográfico, clasificáronse os distintos espazos dentro de tres grandes unidades (Área Litoral, Humidais e corredores fluviais, Áreas de Montaña) que mostran condicións homoxéneas tanto en relación cos tipos de hábitats e especies de interese para a conservación, como en relación aos tipos de usos e aproveitamentos.




Figura 22.- A cegoña branca (*Ciconia ciconia*) é unha especie incluída no Anexo I da DC 2009/147/CE, estando presentes varios dos seus hábitats na Rede Natura 2000 de Galicia.

4.1 Hábitats naturais da DC 92/43/CEE

A Directiva 92/43/CEE define como "hábitats naturais de interese comunitario", os que no territorio da Unión Europea atópanse ameazados de desaparición na súa área de distribución natural; ou ben; presentan unha área de distribución natural reducida a causa da súa regresión ou debido á súa área intrinsecamente restrinxida; ou ben constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou de varias das nove rexións bioxeográficas seguintes: alpina, atlántica, boreal, continental, macaronésica, do Mar Negro, mediterránea, panónica e estépica".

Como "hábitats prioritarios" considéranse os tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición presentes no territorio considerado no artigo 2 cuxa conservación supón unha especial responsabilidade, habida conta da importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio considerado no artigo 2. No Anexo I da mencionada Directiva Comunitaria enuméranse os hábitats considerados de interese comunitario así como os prioritarios, sinalando estes últimos mediante un asterisco [*].

O Anexo I da DC 92/43/CEE engloba 231 tipos de hábitats de interese comunitario, dos que 71 tipos son considerados como hábitats prioritarios. En Galicia están presentes 72 tipos de interese comunitario (33%), dos cales 18 son considerados como prioritarios (25%). Todos os tipos de hábitats naturais do Anexo I da DC 92/43/CEE, mostran unha presenza significativa dentro dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), así como nas Zonas de Especial Protección para as Aves, declarados en Galicia.

Entre os tipos de hábitats prioritarios presentes en Galicia destacan as Lagoas Costeiras (Nat-1150*), as dunas fixas (Nat-2000 2130*, 2150*), os queirogais húmidos (Nat-2000 4020*), os queirogais costeiros (Nat-2000 4040 *), diversos tipos de turbeiras e medios higrófilos (Nat-2000 7110*, 7130*, 7210*, 7220*, 91D0*), entre as que destacan pola súa rareza dentro do conxunto galego e da zona meridional da Rexión Atlántica, as turbeiras de cobertor (Nat-2000 7130*), xunto con diversos tipos de formacións herbáceas de carácter natural e seminatural (Nat-2000 6210*, 6220*, 6230*) e diversas formacións leñosas, como os lauredais (Nat-2000 5230*), os bosques aluviais (Nat-2000 91E0*), os bosques de barrancos (Nat-2000 9180*) e os bosques mediterráneos de *Taxus baccata* (Nat-2000 9380*).



Figura 23. Tipo de hábitat prioritario Nat-2000 4020* Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* no LIC Complexo Húmido de Corrubedo

Listaxe de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE en Galicia

1. HÁBITATS COSTEIROS E VEXETACIÓN HALOFÍTICA		UE	
11. Augas mariñas e medios de marea	G	Atl	Med
1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda	●	●	○
1130 Esteiros	●	●	○
1140 Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar	●	●	○
1150 * Lagoas costeiras	●	●	○
1160 Grandes calas e baías pouco profundas	●	●	○
1170 Arrecifes	●	●	○
12. Acantilados marítimos e praias de coídos			
1210 Vexetación anual sobre argazos	●	●	○
1220 Vexetación perenne de coídos	●		
1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas	●	●	○
13. Marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais			
1310 Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areentas	●	●	○
1320 Pasteiros de *Spartina* (*Spartinion maritimi*)	●	●	○
1330 Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*)	●	●	
14. Marismas e pasteiros salinos mediterráneos e termoatlánticos			
1420 Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (*Sarcocornetea fructicosae*)	●	●	○
2. DUNAS MARÍTIMAS E CONTINENTAIS			
21. Dunas marítimas das costas atlánticas, do mar do Norte e do Báltico			
2110 Dunas móbiles embrionarias	●	●	○
2120 Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas)	●	●	○
2130 * Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)	●	●	○
2150 * Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)	●		○
2190 Depresións intradunales húmidas	●		○
22. Dunas marítimas das costas mediterráneas			
2230 Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*	●	●	○
2260 Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavenduletalia*	●	●	○
3. HÁBITATS DE AUGA DOCE			
31. Augas estancadas			
3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areentas (*Littorelletalia uniflorae*)	●	●	●
3120 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areentos do mediterráneo occidental con *Isoetes* spp.	●		
3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*	●		?
3140 Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de *Chara* spp.	●	●	●
3150 Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*	●	●	●
3160 Lagos e estanques distróficos naturais	●	●	●
32. Augas correntes			
Tramos de cursos de auga con dinámica natural e semi natural (leitos menores, medios e maiores), nos que a calidade da auga non presenta alteracións significativas			
3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*	●	●	●
3270 Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de *Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.	●	●	●

Tipos de hábitats de interese comunitario en Galicia [G]. Listaxes de Referencia dos tipos de hábitats de interese comunitario na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Tipo de hábitat de interese comunitario incluído na listaxe de referencia da Unión Europea para España no litoral da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [○]. Presenza do hábitat na Rexión Bioxeográfica Mediterránea de España non segura e que necesita un exame científico máis detallado [?].

Táboa 17. - Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia

Listaxe de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE en Galicia

		UE	
4. QUEIROGAIS E MATOGUEIRAS DE ZONA TEMPERADA	G	Atl	Med
4020 * Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*	●	●	●
4030 Queirogais secos europeos	●	●	●
4040 * Queirogais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*	●	●	
4060 Queirogais alpinos e boreais	●	●	●
4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos	●	●	●
5. MATOGUEIRAS ESCLERÓFILAS			
51. Matogueiras submediterráneas e de zona temperada			
5120 Formacións montanas de *Genista purgans*	●	●	●
52. Matogueiras arborescentes mediterráneas			
5230 * Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*	●		●
6. FORMACIÓNS HERBOSAS NATURAIS E SEMINATURAIS			
61. Prados naturais			
6160 Prados ibéricos silíceos de *Festuca indigesta*	●	●	●
6170 Prados alpinos e subalpinos calcáreos	●	●	●
62. Formacións herbosas secas seminaturais e facies de matogueira			
6210 Prados secos semi naturais e facies de matogueira sobre substratos calcáreos (*Festuco-Brometalia*) (* paraxes con notables orquídeas)	●	●	●
6220 * Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do *Thero-Brachypodietea*	●	●	●
6230 * Formacións herbosas con *Nardus*, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)	●	●	●
64. Prados húmidos seminaturais de herbas altas			
6410 Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*)	●	●	●
6420 Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinion-Holoschoenion*	●	●	●
6430 Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino	●	●	●
65. Prados mesófilos			
6510 Prados pobres de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*)	●	●	●
6520 Prados de sega de montaña	●		
7. TURBEIRAS ALTAS, TURBEIRAS BAIXAS (FENS E MIRES) E ÁREAS PANTANOSAS			
71. Turbeiras ácidas de esfagnos			
7110 * Turbeiras altas activas	●	●	●
7120 Turbeiras altas degradadas que aínda poden rexenerarse de xeito natural	●		
7130 Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)	●	●	
7140 Mires de transición	●	●	●
7150 Depresións sobre substratos turbosos do (*Rhynchosporion*)	●	●	●
72. Áreas pantanosas calcarias			
7210 * Turbeiras calcarias do *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae*	●	●	●
7220 * Mananciais petrificantes con formación de tuf (*Cratoneurion*)	●	●	●
7230 Turbeiras baixas alcalinas	●	●	●

Tipos de hábitats de interese comunitario en Galicia [G]. Listaxes de Referencia dos tipos de hábitats de interese comunitario na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Tipo de hábitat de interese comunitario incluído na listaxe de referencia da Unión Europea para España no litoral da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [O]. Presenza do hábitat na Rexión Bioxeográfica Mediterránea de España non segura e que necesita un exame científico máis detallado [?].

Táboa 18. - Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia (continuación)

Listaxe de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE en Galicia

		UE	
8. HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS	G	Atl	Med
81. Desprendementos rochosos			
8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos	●	●	●
82. Pendentes rochosas con vexetación casmofítica			
8210 Pendentes rochosas calcícola con vexetación casmofítica	●	●	●
8220 Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica	●	●	●
8230 Roquedos siliceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*	●	●	●
8240 * Pavimentos calcáreos	●		
83. Outros hábitats rochosos			
8310 Covas non explotadas polo turismo	●	●	●
8330 Furnas mariñas	●	●	●
9. BOSQUES			
Bosques (sub)naturais de especies autóctonas, en monte alto con sotobosque típico, que responden a un dos seguintes criterios: raros ou residuais, e/ou que albergan especies de interese comunitario.			
91. Bosques da Europa temperada			
9120 Faiais acidófilos atlánticos con sotobosque de *Ilex* e ás veces de *Taxus* (*Quercion robori-petraeae* ou *Ilici-Fagenion*)	●	●	●
9180 * Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do *Tilio-Acerion*	●		●
91D0 * Turbeiras boscosas	●		
91E0 * Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)	●	●	●
91F0 Bosques mixtos de *Quercus robur*, *Ulmus laevis*, *Ulmus minor*, *Fraxinus excelsior* o *Fraxinus angustifolia*, das veigas dos grandes ríos (*Ulmenion minoris*)	●		
92. Bosques mediterráneos caducifolios			
9230 Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*	●	●	●
9260 Soutos	●	●	●
92A0 Bosques galería de *Salix alba* e *Populus alba*	●	●	●
93. Bosques esclerófilos mediterráneos			
9330 Sobreirais	●	●	●
9340 Aciñeirais	●	●	●
9380 Acevedos	●	●	●
95. Bosques de coníferas de montañas mediterráneas e macaronésicas			
9580 * Bosques mediterráneos de *Taxus baccata*	●	●	●

Tipos de hábitats de interese comunitario en Galicia [G]. Listaxes de Referencia dos tipos de hábitats de interese comunitario na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Tipo de hábitat de interese comunitario incluído na listaxe de referencia da Unión Europea para España no litoral da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [O]. Presenza do hábitat na Rexión Bioxeográfica Mediterránea de España non segura e que necesita un exame científico máis detallado [?].

Táboa 19. - Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia (continuación)

O territorio galego conta cunha serie de hábitats de interese comunitario que non se atopan rexistrados nas Listaxes de Referencia da Unión Europea para España, tanto na Rexión Bioxeográfica Atlántica como na Mediterránea (ETC/BD 2011a, 2011b, 2011c). En concreto podemos atopar 10 tipos repartidos en 7 dos 9 grupos de hábitats de interese comunitario que integra a Directiva Hábitat.

Tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE de nova incorporación		
Nat-2000		Hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE
1220		Vexetación perenne de coídos
2150	✶	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)
2190		Depresións intradunares húmidas
3120		Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areentos do mediterráneo occidental con *Isoetes spp.*
3130		Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*
6520		Prados de sega de montaña
7120		Turbeiras altas degradadas que todavía poden rexenerarse de maneira natural
8240	✶	Pavimentos calcáreos
91D0	✶	Turbeiras boscosas
91F0		Bosques mixtos de *Quercus robur*, *Ulmus laevis*, *Ulmus minor*, *Fraxinus excelsior* ou *Fraxinus angustifolia*, das veigas dos grandes ríos (*Ulmenion minoris*)

Táboa 20.- Tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes en Galicia non rexistrados nas Listaxes de Referencia da Unión Europea para España, tanto na Rexión Bioxeográfica Atlántica como na Mediterránea (ETC/BD 2011a, 2011b, 2011c).

A identificación destes tipos de hábitats de interese comunitario no territorio galego deriva dunha mellor identificación e interpretación dos hábitats da área mariña e costeira; dunha mellor caracterización dos humidais presentes no territorio, baseado fundamentalmente no Inventario de Humidais de Galicia (CMADS, 2003); dunha tipificación dos ecosistemas boscosos máis adecuada de acordo coa información científica dispoñible (Izco *et al*. 1999; Rodríguez Guitián 2004), da elaboración de manuais de interpretación dos hábitats de interese comunitario para o territorio galego (Ramil *et al*, 2008a, 2008b) e da elaboración da cartografía de hábitats dos lugares da Rede Natura 2000, a cal se integra no presente Plan, cartografía que segue a metodoloxía proposta nos traballos de Izco *et al*. (2001) e Ramil *et al*. (2005).



Figura 24.- Tipo de hábitat de interese comunitario Nat-2000 2120 Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas)

O avance científico no coñecemento do territorio galego é pois patente e xustifica as diferenzas existentes entre a relación dos tipos de hábitats de interese comunitario de Galicia fronte ás Listaxes de Referencia da Unión Europea para o territorio español (ETC/BD 2011a, 2011b, 2011c). No entanto pode achegarse bibliografía científica de forma específica para cada un dos tipos de hábitats de interese comunitario que xustifican a súa incorporación ás listaxes de referencia da UE para o Estado español:

Bibliografía de referencia		
Nat-2000		Bibliografía
1220		Guitián, 1989; Míguez-Rodríguez et al., 1996; Samartín Bienzobás & Lago Canzobre, 1998; Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
2150	✶	Álvarez Díaz, 1972; Bellot, 1968; Soñora, 1989; Izco, 1992, 2001; Guitián, 1989; Guitián & Guitián, 1989, 1990; Izco, 2001; Izco *et al*., 1988, 1989, 1993; Izco & Sánchez, 1996; Sánchez Fernández, 1995; Míguez-Rodríguez et al., 1996; Samartín Bienzobás & Lago Canzobre, 1998; Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
2190		Álvarez Díaz, 1972; Bellot, 1968; Valdés Bermejo, 1986; Soñora, 1989; Izco, 1992, 2001; Guitián, 1989; Guitián & Guitián, 1989, 1990; Izco, 2001; Izco *et al*., 1988, 1989, 1993; Izco & Sánchez, 1996; Sánchez Fernández, 1991, 1995; Míguez-Rodríguez et al., 1996; Samartín Bienzobás & Lago Canzobre, 1998; Cortizo & Sahuquillo, 1999; Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
3120		Bellot, 1968; Géhu, 1975; Silva-Pando, 1990; Moina & Casado, 1998; Ortiz, 1986; Pulgar, 1999; Izco et al, 2001; CMADS, 2003; Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
3130		Bellot, 1952, 1968; Géhu, 1975; Morla Juaristi, 1983; Ortiz, 1986, Rodríguez-Oubiña, 1986; Fernández Aláez et al., 1987; Silva-Pando et al., 1987; Soñora, 1989; Silva-Pando, 1990; Rodríguez-Oubiña & Ortiz, 1991; Rodríguez-Oubiña et al., 1997; Molina & Casado, 1998; Pulgar, 1999; Izco et al., 2001; CMADS, 2003; Romero et al., 2004a, 2004b; Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
6520		Giménez de Azcárate, 1993a, 1993b; Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
7120		Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
8240	✶	Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
91D0	✶	Ortiz, 1986; Izco et al., 2001; Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b
91F0		Amigo & Romero, 1998; Amigo et al., 2004; Rodríguez Guitián, 2004; Ramil *et al*., 2005, 2008a, 2008b

Táboa 21.- Bibliografía científica que sustentan a presenza dos tipos de hábitats de interese comunitario en Galicia fronte ás Listaxes de Referencia da Unión Europea para o Estado Español nas Rexións Bioxeográficas Atlántica e Mediterránea (ETC/BD, 2011a, 2011b, 2011c)

Por outra parte existen varios tipos de hábitats de interese comunitario que foron identificados na configuración inicial da Rede Natura 2000 de Galicia, mais sen seguir os criterios establecidos no Manual de Interpretación dos Hábitats da Unión Europea -EUR 27 (Comisión Europea, 2007). Para estes tipos de hábitats non existen referencias científicas que poidan avalar a súa presenza no territorio galego. Trátase dos tipos Nat-2000 3170* Estanques temporais mediterráneos, Nat-2000 5210 Matogueiras arborescentes de *Juniperus spp*. e Nat-2000 9160 Carballeiras pedunculadas ou albares subatlánticas e medioeuropeas do *Carpinion betuli*.

En relación ao hábitat Nat-2000 3170* Estanques temporais mediterráneos, as charcas temporais presentes en Galicia prolongan o mantemento da lámina de auga ata o inicio ou mediados do verán, debido ás condicións climáticas do territorio, o que determina o desenvolvemento de diferentes comunidades ás descritas para o tipo Nat-2000 3170*, que son características dos tipos Nat-2000 3110, Nat-2000 3120 e Nat-2000 3130 (CMADS, 2003).

O segundo tipo, Nat-2000 5210 Matogueiras arborescentes de *Juniperus spp*., correspóndese a formacións esclerófilas de carácter perennifolio de ámbito Mediterráneo e sub-Mediterráneo, conformadas por especies arborescentes do xénero *Juniperus*. No entanto, en Galicia non existen en

estado silvestre especies arborescentes de *Juniperus* e menos aínda comunidades características (cf. Izco *et al*., 1999).

O terceiro tipo, Nat-2000 9160 Carballeiras pedunculadas ou albares subatlánticas e medioeuropeas do *Carpinion betuli*, non foi considerado como hábitat presente na Rexión Bioxeográfica Atlántica de España de acordo ao equipo que desenvolveu o proxecto de Inventario Nacional de Hábitats de España, tal e como se recolle no ano 1992 (Rivas Martínez *et al*., 1993). Esta situación mantense no Atlas e Manual de Hábitats de España (MMA, 2003) e en posteriores traballos promovidos polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (VVAA, 2009), así como nos manuais de interpretación de hábitats do territorio galego (Ramil et al., 2008a, 2008b).



Figura 25.- Tipo de hábitat prioritario Nat-2000 91E0 * Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

4.2 Especies de Interese para a Conservación

Dentro dos denominados compoñentes clave para a conservación establécense ademais dos hábitats de interese comunitario, aquelas especies catalogadas legalmente como protexidas ou ameazadas polas normativas comunitarias, a comunmente chamada Directiva Hábitat [DC 92/43/CEE] e Directiva Aves [DC 2009/147/CE], así como aquelas especies incluídas na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011], dentro do cal se crea o Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA); ademais das especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [Decreto 88/2007], recentemente modificado [Decreto 167/2011], engadindo 7 novas especies ao catálogo. Dentro deste conxunto de especies incluiríanse especies paraugas, é dicir aquelas cunha demanda suficientemente ampla de requirimento de hábitat e da súa área que protexéndoas protexeríase automaticamente a moitas outras especies silvestres (Shrader-Frechette & McCoy, 1993), o que inclúe tamén a aqueles taxons tipificados nalgún dos anexos de normativas de carácter internacional como o Convenio de Berna relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa (1979) e a Convención de Bonn sobre a conservación das especies migratorias de animais silvestres (1979), no entanto a práctica totalidade dos taxons incluídos nestes dous textos legais xa estarían recollidas nas normas citadas anteriormente.

Especies protexidas de Galicia

	DC 92/43/CEE				DC 2009/147/CE						RD 139/2011			D 88/2007			
	P	II	IV	V	1	2.A	2.B	e	3.A	3.B	En	Vu	PE	E	V	III	TOT
Flora	3	19	21	10	-	-	-	-	-	-	5	-	23	49	64	2	127
Invertebrados	-	11	7	3	-	-	-	-	-	-	1	3	11	8	10	-	25
Peixes	-	7	-	4	-	-	-	-	-	-	-	-	3	-	3	-	12
Anfibios	-	2	8	2	-	-	-	-	-	-	-	1	11	-	8	-	14
Réptiles continentais	-	4	7	-	-	-	-	-	-	-	-	-	20	2	9	-	21
Réptiles mariños	2	2	5	-	-	-	-	-	-	-	-	1	4	1	1	-	5
Aves	-	-	-	-	81	19	50	15	4	16	9	8	199	13	17	-	268
Mamíferos continentais	1	12	27	5	-	-	-	-	-	-	1	11	16	1	12	-	33
Mamíferos mariños	-	4	21	5	-	-	-	-	-	-	-	9	9	-	2	-	26
TOTAIS	6	61	96	29	81	19	50	15	4	16	16	33	296	74	126	2	531

Directiva Hábitat [DC 92/43/CEE]: Especie Prioritaria [P] Anexo II [II]. Anexo IV [IV]. Anexo V [V]. Directiva Aves [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [e]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: En Perigo de Extinción no Catálogo Español de Especies Ameazadas [En]. Vulnerable no Catálogo Español de Especies Ameazadas [Vu]. Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Catálogo Galego de Especies Ameazadas [D 88/2007]: En Perigo de Extinción [E]. Vulnerable [V]. Susceptibles de aproveitamento discreto [III].

Táboa 22.- Estatus de protección das especies silvestres presentes en Galicia de acordo á normativa comunitaria, estatal e galega

A distribución do número de especies nos diferentes catálogos de protección normalmente destacan os grupos de vertebrados e as especies de flora vascular, debido en parte a criterios de escala e dispoñibilidade científica. No entanto outros grupos como os dos invertebrados ou fungos soen estar menos representados, situación que sucede tamén nas listaxes vermellos de especies como os da IUCN. A dificultade intrínseca do estudo dos grupos de flora e fauna obriga, á hora de establecer a planificación e xestión da biodiversidade, á priorización das actuacións de conservación, tal e como a establece no programa europeo CORINE-Biotopes a Comisión das Comunidades Europeas (1991a, 1991b), restrinxindo a valoración da biodiversidade do territorio europeo basicamente aos hábitats, ás plantas vasculares e aos animais macroscópicos.

Na táboa anterior englóbanse en total un total de 531 taxons protexidos, dos que os grupos máis numerosos son o das aves con 268 e o da flora con 127. Porén,o grupo cunha menor representación absoluta de especies é o dos peixes, con 12 taxons recollidos nesta listaxe, aínda que a súa representación a nivel continental é boa. Sinalar tamén a presenza de especies de carácter mariño nos grupos dos invertebrados, no de réptiles con 5 quelonios e no dos mamíferos con ata 26.

As categorías de protección de maior entidade corresponderíanse, en función da normativa citada, con aquelas especies incluídas no Anexo I da Directiva Aves (DC 2009/147/CE), aquelas tipificadas como prioritarias de acordo á Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) ou as que se catalogan "En perigo de extinción" segundo o Catálogos Español e Galego de Especies Ameazadas. O grupo menos numeroso destas especies en Galicia é o das prioritarias, contabilizándose soamente 6 taxons prioritarios presentes, *Centaurea borjae, Eryngium viviparum, Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica, Caretta caretta, Chelonia mydas* e *Ursus arctos.* A conservación destas especies supón unha especial responsabilidade para a Unión Europea habida conta da importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio da Comunidade Europea.

No tocante á Directiva Hábitat, esta contén, ademais da listaxe de especies prioritarias, tres anexos no que se relacionan as especies denominadas de interese comunitario. O Anexo II inclúe especies de animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación. Entre estas especies, constátase a presenza no territorio galego de 61, predominando as plantas, os invertebrados e os mamíferos terrestres. Cabe sinalar que de entre o listaxe de especies do Anexo II e prioritarias excluíuse o taxon *Callimorpha quadripunctaria* debido a que a súa protección no ámbito europeo radica na existencia dun fenómeno migratorio estacional, que resulta da aparición dun grande número de espécimes en determinadas áreas da illa de Rodas (Grecia). Considerándose pola contra en moitos territorios da Rexión Mediterránea como unha praga que afecta fundamentalmente aos froiteiros, polo que, non hai xustificación científica para manter medidas de protección especial sobre a especie en Galicia.

O Anexo IV da Directiva Hábitat inclúe especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita no territorio da Unión Europea. En Galicia este grupo aparece constituído por 96 especies, na súa maioría pertencentes aos grupos de flora e de mamíferos, que acaparan 69 especies. O outro anexo da Directiva Hábitat, o Anexo V inclúe especies animais e vexetais de interese comunitario cuxa recollida na natureza e explotación poden ser obxecto de medidas de xestión, delas, poden atoparse en Galicia un total de 29, 10 no grupo da flora, 3 no de invertebrados e 16 no de vertebrados.

Deixando os diferentes Anexos da Directiva Hábitat, débese mencionar a Directiva Comunitaria dedicada á conservación das aves silvestres, comunmente denominada Directiva Aves creada en 1979, e que recentemente vén de codificarse novamente, en aras da claridade, no Diario Oficial Europeo, xa que esta Directiva Comunitaria, agora DC 2009/147/CE, leva incorporado un bo número de modificacións ao longo do seu tempo de vida. Esta Directiva contén unha serie de anexos no que se mencionan determinadas aves silvestres. No Anexo I serán obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución, deste grupo de aves, poden atoparse en Galicia ata 81 especies.

En canto ás especies enumeradas no Anexo II da Directiva Aves poderán ser obxecto de caza no marco da lexislación nacional, aínda que os Estados membros velarán por que a caza destas especies non comprometa os esforzos de conservación realizados na súa área de distribución. En Galicia existen un total de 19 especies na Parte A do Anexo II, as cales poderán cazarse dentro da zona xeográfica marítima e terrestre de aplicación na Unión Europea. Mentres que as enumeradas na Parte B só poderán cazarse nos Estados membros respecto aos que se mencionan, o que supón 15 especies en Galicia.

Encadradas no Anexo III da Directiva 2009/147/CE constátase a presenza na súa Parte A dun total de 5 especies en Galicia, para as que a súa venda, transporte para a venda ou retención para a venda, non estará prohibida sempre que as aves teñan sido matadas ou capturadas de forma lícita, ou foran adquiridas licitamente doutro modo. Por outro lado en Galicia inclúense 16 especies na Parte B do Anexo III para as que os Estados membros poderán autorizar no seu territorio a venda, transporte para a venda ou retención para a venda, sempre que as aves tivéranse matado ou capturado de forma lícita, ou foran adquiridas licitamente doutro modo.

Así mesmo, a DC 2009/147/CE determina a necesidade de tomar medidas semellantes con respecto ás especies migratorias non contempladas no Anexo I, cuxa chegada sexa regular. Actualmente nesta situación atópanse máis de 120 aves de entre as que se pode destacar o lavanco real *Anas platyrhynchos*, *o* porrón moñudo *Aythya fuligula* ou a avefría *Vanellus vanellus.*

De acordo á "Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial" regulado mediante Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, e que crea o Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA), recóllense para Galicia un total de 344 especies, que son merecedoras dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico e cultural, singularidade, rareza, ou grao de ameazada, argumentado e xustificado cientificamente; así como aquela que figure como protexida nos anexos das directivas e os convenios internacionais ratificados por España, e que por cumprir estas condicións sexan incorporadas á Listaxe. Deste conxunto de especies é posible atopar en Galicia 16 tipificadas no CEEA como "En Perigo de Extinción", especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causais da súa actual situación seguen actuando, nas que se citan como exemplo *Centaurea borjae, Luronium natans, Macromia splendens, Numenius arquata, Botaurus stellaris, Uria aalge* ou *Ursus arctos*. Na categoría do CEEA "Vulnerable" inclúense en Galicia 33 taxons, a maioría mamíferos. As especies "Vulnerables" do CEEA son aquelas que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre elas non son corrixidos,

O Catálogo Galego de Especies Ameazadas" (CGEA) aprobado mediante o Decreto 88/2007 do 18 de abril, incluía 192 especies de flora e fauna silvestre, aínda que coa recente modificación (Decreto 167/2011) amplíase ese número a 199 taxons catalogados nas categorías de "En Perigo de Extinción" (74 taxons) e "Vulnerable" (126 taxons), aparecendo o esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*) nas dúas categorías (E e V), no entanto a categoría "En Perigo de Extinción" restrinxiríase ás súas poboacións insulares e da provincia da Coruña. Así mesmo no Anexo III do CGEA regúlase a utilización ou recolección de especies ou subespecies de flora ou fauna, para un aproveitamento discreto e sostible, sempre e cando se garanta que este aproveitamento non afecte ás poboacións naturais das devanditas especies, onde se inclúen dúas especies de algas, *Lithothamnion corallioides* e *Phymatholithon calcareum.*

Unha peculiaridade inherente na lexislación de protección de especies é a non concordancia taxonómica que se produce entre as diferentes normas e listaxes de especies protexidas e ameazadas. Os textos legais, pola súa condición, non recollen na maioría dos casos e con suficiente celeridade os avances científico-técnicos que se producen no eido taxonómico, o que ten unha relativa importancia, posto que a especie é o elemento sometido a protección legal en moitas destas normativas. Deste modo, pode ilustrarse a variabilidade taxonómica existente mediante algúns exemplos como o fento *Vandenboschia speciosa* (Willd.) G. Kunkel, nome científico aceptado polo proxecto *Flora Ibérica* e incluído deste modo no CGEA, mentres que na Directiva Hábitat recóllese esta especie como *Trichomanes speciosum* (Willd.), denominación aceptada para a especie en *Flora Europaea*. Noutro caso, a lagartixa serrana *Iberolacerta monticola* Boulenger, 1905 asignada ao xénero *Iberolacerta* (Arribas, 1996), aparece aínda como *Lacerta monticola* Boulenger, 1905, na Directiva Hábitat, mentres que xa se inclúe no CGEA coa denominación actualizada. Co fin de evitar a proliferación de sinonimias neste documento, optouse por incluír unha listaxe no Anexo I do Plan que confronte a nomenclatura empregada fronte a das normativas de protección máis relevantes.

A continuación indícanse nas correspondentes táboas as especies de interese para a conservación (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE, RD 139/2011 e D 88/2007) documentadas en Galicia. Esta listaxe é un documento aberto e que debe ser sometido periodicamente a revisión, adecuándoo aos cambios normativos así como á información científico-técnica dispoñible.

Especies de Interese para a conservación de Galicia

	DC 92/43/CEE				RD 139/2011		D 88/2007			UE	
	P	II	IV	V		C		C	G	Atl	Med
Algas											
Ahnfeltiopsis pusilla								V	●		
Fauchea repens								V	●		
Griffithsia opuntioides								E	●		
Lithothamnion corallioides				⊙				V/III	●		
Petalonia zosterifolia								E	●		
Phymatholithon calcareum				⊙				V/III	●		
Solieria chordalis								V	●		
Fungos (Liques)											
Bactrospora carneopallida								E	●		
Cladonia subgenus cladina				⊙					●		
Lecanographa dialeuca								E	●		
Leptogium cochleatum								E	●		
Pseudocyphellaria aurata								E	●		
Briófitos											
Barbilophozia binsteadii								V	●		
Cephalozia connivens								V	●		
Cephalozia crassifolia								V	●		
Chiloscyphus fragrans								V	●		
Cryphaea lamyana								V	●		
Cyclodictyon laetevirens								V	●		
Fontinalis squamosa								V	●		
Frullania oakesiana								V	●		
Hamatocaulis vernicosus		⊙				PE		V	●	●	●
Lepidozia cupressina								V	●		
Metzgeria temperata								V	●		
Orthodontium pellucens								V	●		
Radula holtii								V	●		
Riccia fluitans								V	●		
Riccia huebeneriana								V	●		
Schistostega pennata								V	●		
Sphagnum magellanicum								V	●		
Sphagnum molle								V	●		
Sphagnum pylaesii		⊙				PE		V	●	●	
Sphagnum spp. (agás *S. pylaesii*)				⊙					●		
Splachnum ampullaceum								E	●		
Tayloria tenuis								V	●		
Telaranea nematodes								V	●		
Tortula solmsii								V	●		
Ulota calvescens								V	●		
Ulota coarctata								V	●		
Zygodon conoideus								E	●		

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5], Península, Ceuta e Melilla [6], Mediterráneo e Atlántico da Península [7], Excepto no Sistema Central [8], Excepto no Estreito de Xibraltar e Golfo de Cádiz [9], . Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Categorías do Catálogo Español de Especies Ameazadas: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖷]: Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [*a*], Poboacións insulares [*b*], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [*c*], Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e de montaña da provincia de Ourense [*d*], Poboacións nidificantes [*e*], Poboación do Monte Pindo [f]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Especies presentes en Galicia [G]. Listaxes de Referencia das especies do Anexo II da Directiva Hábitat na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Especie do Anexo II da Directiva Hábitat incluída na listaxe de referencia da Unión Europea para España na área mariña da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [⊙].

Táboa 23.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de Interese para a conservación de Galicia

	DC 92/43/CEE				RD 139/2011		D 88/2007			UE	
	P	II	IV	V	🗍	C	🖶	C	G	Atl	Med
Fentos											
Christella dentata						En		E	●		
Culcita macrocarpa		⊙	⊙			PE		E	●	●	●
Dryopteris aemula								V	●		
Dryopteris guanchica								V	●		
Hymenophyllum tunbrigense								V	●		
Hymenophyllum wilsonii						En		E	●		
Isoetes fluitans								E	●		
Lycopodiella inundata								E	●		
Lycopodium sp.				⊙					●		
Pilularia globulifera								E	●		
Vandenboschia speciosa		⊙	⊙			PE		V	●	●	
Woodwardia radicans		⊙	⊙			PE		V	●	●	
Plantas											
Alyssum loiseleurii								V	●		
Antirrhinum majus subsp. *linkianum*								E	●		
Arabis juressi								V	●		
Armeria humilis subsp. *humilis*								E	●		
Armeria humilis subsp. *odorata*								E	●		
Armeria merinoi								E	●		
Armeria rothmaleri								V	●		
Arnica montana				⊙					●		
Callitriche palustris								E	●		
Campanula adsurgens								V	●		
Cardamine raphanifolia subsp. *gallaecica*								V	●		
Carex hostiana								V	●		
Centaurea borjae	⊙	⊙	⊙			En		E	●	●	
Centaurea janeri subsp. *gallaecica*								V	●		
Centaurea ultreiae								E	●		
Chaetopogon fasciculatus subsp. *prostratus*								E	●		
Crepis novoana								E	●		
Cytisus insularis								E	●		
Deschampsia setacea								E	●		
Eleocharis parvula								E	●		
Erodium maritimum								E	●		
Eryngium duriaei subsp. *juresianum*								E	●		
Eryngium viviparum	⊙	⊙	⊙			PE		E	●	●	●
Euphorbia uliginosa								E	●		
Festuca brigantina subsp. *actiophyta*		⊙	⊙					V	●		
Festuca elegans		⊙	⊙			PE			●	●	●
Festuca summilusitanica		⊙	⊙			PE			●	●	●
Galium teres								V	●		
Genista ancistrocarpa								E	●		
Gentiana lutea				⊙					●		
Hydrocharis morsus-ranae								E	●		
Iris boissieri			⊙			PE		E	●		
Isatis platyloba								V	●		
Leontodon farinosus								V	●		
Leucanthemum gallaecicum								E	●		

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5], Península, Ceuta e Melilla [6], Mediterráneo e Atlántico da Península [7], Excepto no Sistema Central [8], Excepto no Estreito de Xibraltar e Golfo de Cádiz [9], . Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Categorías do Catálogo Español de Especies Ameazadas: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [*a*], Poboacións insulares [*b*], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [*c*], Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e de montaña da provincia de Ourense [*d*], Poboacións nidificantes [*e*], Poboación do Monte Pindo [f]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Especies presentes en Galicia [G]. Listaxes de Referencia das especies do Anexo II da Directiva Hábitat na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Especie do Anexo II da Directiva Hábitat incluída na listaxe de referencia da Unión Europea para España na área mariña da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [⊙].

Tábоa 24.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de Interese para a conservación de Galicia

	DC 92/43/CEE				RD 139/2011		D 88/2007			UE	
	P	II	IV	V		C		C	G	Atl	Med
Plantas											
Limonium dodartii						PE		E	●		
Limonium humile								V	●		
Linaria arenaria								E	●		
Linaria polygalifolia subsp. *aguillonensis*								E	●		
Lindernia procumbens						PE			●		
Linkagrostis juressi								V	●		
Luronium natans		⊙	⊙			En		E	●	●	●
Nanozostera noltii						PE			●		
Narcissus asturiensis		⊙	⊙			PE		V	●	●	●
Narcissus bulbocodium				⊙					●		
Narcissus cyclamineus		⊙	⊙			PE		V	●	●	
Narcissus pseudonarcissus subsp. *nobilis*		⊙	⊙			PE		V	●	●	●
Narcissus triandrus			⊙			PE			●		
Nymphoides peltata								E	●		
Omphalodes littoralis subsp. *gallaecica*	⊙	⊙	⊙			En		E	●	●	
Orchis provincialis						PE			●		
Petrocoptis grandiflora		⊙	⊙			PE		E	●		●
Prunus lusitanica								V	●		
Quercus lusitanica							*f*	V	●		
Ranunculus bupleuroides								V	●		
Ranunculus serpens								V	●		
Rhamnus pumila subsp. *legionensis*								E	●		
Rhynchospora fusca								E	●		
Rhynchospora modesti-lucennoi								E	●		
Rumex rupestris		⊙	⊙			PE		E	●	●	
Ruscus aculeatus				⊙					●		
Santolina melidensis								E	●		
Santolina semidentata		⊙	⊙			PE		V	●	●	●
Scirpus pungens								E	●		
Scirpus triqueter								V	●		
Scrophularia herminii				⊙					●		
Sedum pruinatum								V	●		
Selinum carvifolia subsp. *broteri*								V	●		
Serratula legionensis								E	●		
Silene marizii								V	●		
Spergula viscosa								V	●		
Spiranthes aestivalis			⊙			PE		V	●		
Succisa pinnatifida								E	●		
Thymelaea broteriana			⊙			PE		V	●		
Utricularia minor								V	●		
Veronica micrantha		⊙	⊙			PE		V	●	●	●

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5], Península, Ceuta e Melilla [6], Mediterráneo e Atlántico da Península [7], Excepto no Sistema Central [8], Excepto no Estreito de Xibraltar e Golfo de Cádiz [9], . Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Categorías do Catálogo Español de Especies Ameazadas: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [*a*], Poboacións insulares [*b*], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [*c*], Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e de montaña da provincia de Ourense [*d*], Poboacións nidificantes [*e*], Poboación do Monte Pindo [f]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Especies presentes en Galicia [G]. Listaxes de Referencia das especies do Anexo II da Directiva Hábitat na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Especie do Anexo II da Directiva Hábitat incluída na listaxe de referencia da Unión Europea para España na área mariña da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [⊙].

Táboa 25.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de Interese para a conservación de Galicia

	DC 92/43/CEE				RD 139/2011		D 88/2007			UE	
	P	II	IV	V	🗍	C	🖶	C	G	Atl	Med
Anélidos											
Hirudo medicinalis				⊙					●		
Artrópodo											
Aricia morronensis								V	●		
Austropotamobius pallipes		⊙		⊙		Vu		E	●	●	●
Cerambyx cerdo		⊙	⊙			PE		V	●	●	●
Coenagrion mercuriale		⊙				PE			●	●	●
Euphydryas aurinia		⊙				PE			●	●	●
Gomphus graslinii		⊙	⊙			PE		E	●	●	●
Lucanus cervus		⊙				PE			●	●	●
Macromia splendens		⊙	⊙			En		E	●	●	●
Oxygastra curtisii		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Parnassius apollo			⊙			PE			●		
Zerynthia rumina								E	●		
Cnidarios											
Eunicella verrucosa								V	●		
Equinodermos											
Echinus esculentus								V	●		
Moluscos											
Anodonta cygnea								V	●		
Bolma rugosa								E	●		
Charonia lampas subsp. *lampas*						Vu		V	●		
Eastonia rugosa								E	●		
Elona quimperiana		⊙	⊙			PE		E	●	●	●
Geomalacus maculosus		⊙	⊙			PE		V	●	●	●
Margaritifera margaritifera		⊙		⊙		PE		E	●	●	●
Nucella lapillus						PE			●		
Patella ulyssiponensis						PE			●		
Potomida littoralis								V	●		
Unio pictorum								V	●		
Peixes											
Alosa alosa		⊙		⊙				V	●	●	○
Alosa fallax		⊙		⊙					●	●	○
Barbus bocagei				⊙	7	PE			●		
Cetorhinus maximus									●		
Chondrostoma arcasii		⊙							●	●	●
Chondrostoma duriense		⊙							●	●	●
Cobitis paludica		⊙							●	●	●
Gasterosteus gymnurus								V	●		
Hippocampus guttulatus					7	PE			●		
Hippocampus hippocampus					7	PE			●		
Petromyzon marinus		⊙					*a*	V	●	●	○
*Salmo salar**		⊙		⊙					●	●	

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5], Península, Ceuta e Melilla [6], Mediterráneo e Atlántico da Península [7], Excepto no Sistema Central [8], Excepto no Estreito de Xibraltar e Golfo de Cádiz [9], . Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Categorías do Catálogo Español de Especies Ameazadas: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [*a*], Poboacións insulares [*b*], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [*c*], Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e de montaña da provincia de Ourense [*d*], Poboacións nidificantes [*e*], Poboación do Monte Pindo [f]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Especies presentes en Galicia [G]. Listaxes de Referencia das especies do Anexo II da Directiva Hábitat na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Especie do Anexo II da Directiva Hábitat incluída na listaxe de referencia da Unión Europea para España na área mariña da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [⊙]

* só en auga doce

Táboa 26.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de Interese para a conservación de Galicia

	DC 92/43/CEE				RD 139/2011		D 88/2007			UE	
	P	II	IV	V	🗍	C	🖶	C	G	Atl	Med
Anfibios											
Alytes obstetricans			⊙			PE			●		
Bufo calamita			⊙			PE			●		
Chioglossa lusitanica		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Discoglossus galganoi		⊙	⊙			PE	*b*	V	●	●	●
Hyla arborea			⊙			PE		V	●		
Lissotriton boscai						PE	*b*	V	●		
Pelobates cultripes			⊙			PE		V	●		
Pelodytes punctatus						PE			●		
Rana iberica			⊙			PE		V	●		
Rana perezi				⊙					●		
Rana temporaria subsp. *parvipalmata*				⊙		PE		V	●		
Salamandra salamandra							*b*	V	●		
Triturus helveticus						PE			●		
Triturus marmoratus			⊙			PE			●		
Réptiles continentais											
Anguis fragilis						PE	*b*	V	●		
Blanus cinereus						PE			●		
Chalcides bedriagai			⊙			PE	*c*	E	●		
Chalcides bedriagai			⊙			PE		V	●		
Chalcides striatus						PE			●		
Coronella austriaca			⊙			PE			●		
Coronella girondica						PE			●		
Emys orbicularis		⊙	⊙			PE		E	●	●	●
Iberolacerta galani								V	●		
Iberolacerta monticola		⊙	⊙			PE	*d*	V	●	●	●
Lacerta lepida						PE	*b*	V	●		
Lacerta schreiberi		⊙	⊙			PE			●	●	●
Lacerta vivipara						PE		V	●		
Mauremys leprosa		⊙	⊙			PE			●	●	●
Natrix maura					*6*	PE	*b*	V	●		
Natrix natrix						PE	*b*	V	●		
Podarcis hispanica						PE			●		
Podarcis muralis			⊙			PE			●		
Psammodromus algirus						PE			●		
Psammodromus hispanicus						PE			●		
Rhinechis scalaris						PE	*b*	V	●		
Tarentola mauritanica						PE			●		
Réptiles mariños											
Caretta caretta	⊙	⊙	⊙			Vu		V	●	●	⊙
Chelonia mydas	⊙	⊙	⊙			PE			●		
Dermochelys coriacea			⊙			PE		E	●		
Eretmochelys imbricata			⊙			PE			●		
Lepidochelys kempii			⊙			PE			●		

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5], Península, Ceuta e Melilla [6], Mediterráneo e Atlántico da Península [7], Excepto no Sistema Central [8], Excepto no Estreito de Xibraltar e Golfo de Cádiz [9], . Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Categorías do Catálogo Español de Especies Ameazadas: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [*a*], Poboacións insulares [*b*], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [*c*], Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e de montaña da provincia de Ourense [*d*], Poboacións nidificantes [*e*], Poboación do Monte Pindo [f]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Especies presentes en Galicia [G]. Listaxes de Referencia das especies do Anexo II da Directiva Hábitat na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Especie do Anexo II da Directiva Hábitat incluída na listaxe de referencia da Unión Europea para España na área mariña da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [⊙].

Táboa 27.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de interese para a conservación

Aves	DC 2009/147/CE							RD139/2011		D 88/2007	
	1	2.A	2.B	E	3.A	3.B	M	🗍	C	🖶	C
Accipiter gentilis									PE		
Accipiter nisus									PE		
Acrocephalus arundinaceus							●		PE		
Acrocephalus paludicola	●								PE		
Acrocephalus scirpaceus							●		PE		
Actitis hypoleucos							●		PE		
Aegithalos caudatus									PE		
Alauda arvensis			●								
Alca torda							●		PE		
Alcedo atthis	●								PE		
Alectoris rufa		●			●						
Alle alle							●				
Anas acuta		●				●	●				
Anas clypeata		●				●	●				
Anas crecca		●				●	●			*e*	E
Anas penelope		●				●	●				
Anas platyrhynchos		●			●		●				
Anas querquedula		●					●				
Anas strepera		●					●				
Anser albifrons			●				●				
Anser anser		●				●	●				
Anser brachyrhynchus			●				●				
Anser fabalis		●					●				
Anthus campestris	●								PE		
Anthus petrosus							●		PE		
Anthus pratensis							●		PE		
Anthus spinoletta									PE		
Anthus trivialis							●		PE		
Apus apus							●		PE		
Apus pallidus									PE		
Aquila chrysaetos	●								PE		E
Ardea cinerea							●		PE		
Ardea purpurea	●								PE		
Arenaria interpres							●		PE		
Asio flammeus	●								PE		
Asio otus									PE		
Athene noctua									PE		
Aythya ferina		●				●	●				
Aythya fuligula		●				●	●				
Aythya marila			●			●	●		PE		
Aythya nyroca	●								En		
Botaurus stellaris	●								En		E
Branta bernicla			●				●		PE		
Branta leucopsis	●								PE		
Bubo bubo	●								PE		V
Bubulcus ibis							●		PE		
Bucephala clangula			●				●		PE		
Burhinus oedicnemus	●							*5*	PE		E
Buteo buteo									PE		
Calandrella brachydactyla	●								PE		
Calidris alba							●		PE		
Calidris alpina							●		PE		
Calidris canutus			●				●		PE		
Calidris ferruginea							●		PE		
Calidris maritima							●		PE		

Anexos da Directiva 2009/147/CE [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [E]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Especies migratorias en Galicia non contempladas no Anexo I [M]

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5]. Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA) [PE]. Categorías do CEEA: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións nidificantes [*e*]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Táboa 28.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de interese para a conservación

	DC 2009/147/CE							RD139/2011		D 88/2007	
Aves	1	2.A	2.B	E	3.A	3.B	M	🗍	C	🖶	C
Calidris minuta							●		PE		
Calonectris diomedea	●							*4*	PE		
Caprimulgus europaeus	●								PE		
Caprimulgus ruficollis									PE		
Certhia brachydactyla									PE		
Cettia cetti									PE		
Charadrius alexandrinus	●							*3*	PE		V
Charadrius dubius							●		PE		
Charadrius hiaticula							●		PE		
Chlidonias hybridus	●								PE		
Chlidonias niger	●								En		
Ciconia ciconia	●								PE		
Cinclus cinclus									PE		
Circaetus gallicus	●								PE		
Circus aeruginosus	●								PE		
Circus cyaneus	●								PE		V
Circus pygargus	●								Vu		V
Cisticola juncidis									PE		
Clamator glandarius							●		PE		
Clangula hyemalis			●				●				
Coccothraustes coccothraustes									PE		
Columba livia		●									
Columba oenas			●	●							
Columba palumbus		●			●						
Corvus corone			●	●							
Corvus monedula			●	●							
Coturnix coturnix			●	●			●				
Cuculus canorus							●		PE		
Cygnus cygnus	●										
Cygnus olor			●				●				
Delichon urbica							●		PE		
Dendrocopos major									PE		
Dendrocopos medius	●								PE		
Dryocopus martius	●								PE		
Egretta alba	●								PE		
Egretta garzetta	●								PE		
Elanus caeruleus	●								PE		
Emberiza cia									PE		
Emberiza cirlus									PE		
Emberiza citrinella									PE		
Emberiza hortulana	●								PE		
Emberiza schoeniclus lusitanica							●		En		E
Erithacus rubecula									PE		
Falco columbarius	●								PE		
Falco naumanni	●								PE		
Falco peregrinus	●								PE		
Falco subbuteo							●		PE		
Falco tinnunculus									PE		
Ficedula hypoleuca									PE		
Fratercula arctica							●		PE		
Fringilla montifringilla									PE		
Fulica atra		●				●	●				
Fulmarus glacialis							●		PE		
Galerida cristata									PE		
Gallinago gallinago		●				●	●			e	E

Anexos da Directiva 2009/147/CE [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [E]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Especies migratorias en Galicia non contempladas no Anexo I [M]

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5]. Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA) [PE]. Categorías do CEEA: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións nidificantes [e]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Táboa 29.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de interese para a conservación

	DC 2009/147/CE							RD139/2011		D 88/2007	
Aves	1	2.A	2.B	E	3.A	3.B	M	🗍	C	🖶	C
Gallinula chloropus			●								
Garrulus glandarius			●								
Gavia arctica	●								PE		
Gavia immer	●								PE		
Gavia stellata	●								PE		
Grus grus	●								PE		
Gyps fulvus	●								PE		
Haematopus ostralegus			●				●		PE	*e*	V
Hieraaetus fasciatus	●								Vu		V
Hieraaetus pennatus	●								PE		
Himantopus himantopus	●								PE		V
Hippolais polyglotta							●		PE		
Hirundo daurica							●		PE		
Hirundo rustica							●		PE		
Hydrobates pelagicus	●								PE		V
Ixobrychus minutus	●								PE		V
Jynx torquilla							●		PE		
Lanius collurio	●								PE		
Lanius excubitor											
Lanius meridionalis									PE		
Lanius senator							●		PE		
Larus argentatus			●				●				
Larus cachinnans			●	●							
Larus canus			●				●		PE		
Larus fuscus			●				●				
Larus glaucoides							●				
Larus hyperboreus							●				
Larus marinus			●				●		PE		
Larus melanocephalus	●								PE		
Larus minutus	●								PE		
Larus ridibundus			●	●			●				
Larus sabini							●				
Limosa lapponica	●		●				●		PE		
Limosa limosa			●				●		PE		
Locustella luscinioides							●		PE		
Locustella naevia							●		PE		
Loxia curvirostra									PE		
Lullula arborea	●								PE		
Luscinia megarhynchos							●		PE		
Luscinia svecica	●								PE		V
Lymnocryptes minimus		●				●	●				
Melanitta fusca			●				●				
Melanitta nigra			●			●	●				
Melanocorypha calandra	●								PE		
Mergus albellus	●										
Mergus merganser			●				●				
Mergus serrator			●				●				
Merops apiaster							●		PE		
Miliaria calandra							●				
Milvus migrans	●								PE		
Milvus milvus	●								En		E
Monticola saxatilis							●		PE		
Monticola solitarius									PE		
Motacilla alba							●		PE		
Motacilla cinerea									PE		

Anexos da Directiva 2009/147/CE [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [E]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Especies migratorias en Galicia non contempladas no Anexo I [M]

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5]. Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA) [PE]. Categorías do CEEA: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións nidificantes [*e*]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Táboa 30.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de interese para a conservación

Aves	DC 2009/147/CE 1	2.A	2.B	E	3.A	3.B	M	RD139/2011	C	D 88/2007	C
Motacilla flava							●		PE		
Muscicapa striata							●		PE		
Neophron percnopterus	●							*3*	Vu		V
Netta rufina			●	●			●				
Numenius arquata			●				●	*2*	En	*e*	E
Numenius phaeopus			●				●		PE		
Nycticorax nycticorax	●								PE		
Oceanodroma leucorhoa	●								PE		
Oenanthe hispanica							●		PE		
Oenanthe oenanthe							●		PE		
Oriolus oriolus							●		PE		
Otus scops							●		PE		
Pandion haliaetus	●								Vu		V
Parus ater									PE		
Parus caeruleus									PE		
Parus cristatus									PE		
Parus major									PE		
Parus palustris									PE		
Perdix perdix subsp. *hispaniensis*	●	●			●						V
Pernis apivorus	●								PE		
Petronia petronia									PE		
Phalacrocorax aristotelis									Vu		V
Phalacrocorax carbo							●				
Phalaropus fulicaria							●		PE		
Philomachus pugnax	●		●						PE		
Phoenicurus ochruros									PE		
Phoenicurus phoenicurus							●		Vu		V
Phylloscopus bonelli							●		PE		
Phylloscopus collybita							●		PE		
Phylloscopus ibericus							●		PE		
Phylloscopus trochilus									PE		
Pica pica			●	●							
Picus viridis									PE		
Platalea leucorodia	●								PE		
Plectrophenax nivalis							●		PE		
Plegadis falcinellus	●								PE		
Pluvialis apricaria	●		●			●			PE		
Pluvialis squatarola			●				●		PE		
Podiceps auritus	●								PE		
Podiceps cristatus							●		PE		
Podiceps nigricollis							●		PE		
Porzana parva	●								PE		
Porzana porzana	●								PE		
Prunella collaris									PE		
Prunella modularis									PE		
Ptyonoprogne rupestris									PE		
Puffinus gravis							●		PE		
Puffinus griseus							●		PE		
Puffinus mauretanicus	●								En		E
Puffinus puffinus							●		Vu		
Puffinus yelkouan	●								PE		
Pyrrhocorax pyrrhocorax	●								PE		
Pyrrhula pyrrhula									PE		
Rallus aquaticus			●								
Recurvirostra avosetta	●								PE		

Anexos da Directiva 2009/147/CE [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [E]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Especies migratorias en Galicia non contempladas no Anexo I [M]

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5]. Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA) [PE]. Categorías do CEEA: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións nidificantes [*e*]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Táboa 31.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de interese para a conservación

Aves	DC 2009/147/CE 1	2.A	2.B	E	3.A	3.B	M	RD139/2011	C	D 88/2007	C
Regulus ignicapilla									PE		
Regulus regulus									PE		
Remiz pendulinus									PE		
Riparia riparia							●		PE		
Rissa tridactyla							●		PE		V
Saxicola rubetra							●		PE		
Saxicola torquata									PE		
Scolopax rusticola		●				●	●			*e*	V
Serinus citrinella									PE		
Sitta europaea									PE		
Somateria mollissima			●			●	●				
Stercorarius parasiticus							●		PE		
Stercorarius pomarinus							●		PE		
Stercorarius skua							●		PE		
Sterna albifrons	●								PE		
Sterna caspia	●								PE		
Sterna dougallii	●								PE		
Sterna hirundo	●								PE		
Sterna paradisaea	●								PE		
Sterna sandvicensis	●								PE		
Streptopelia decaocto			●								
Streptopelia turtur			●	●			●				
Strix aluco									PE		
Sturnus vulgaris			●	●			●				
Sula bassana									PE		
Sylvia atricapilla									PE		
Sylvia borin							●		PE		
Sylvia cantillans							●		PE		
Sylvia communis							●		PE		
Sylvia hortensis									PE		
Sylvia melanocephala									PE		
Sylvia undata	●								PE		
Tachybaptus ruficollis							●		PE		
Tachymarptis melba							●		PE		
Tadorna ferruginea	●								PE		
Tadorna tadorna							●		PE		
Tetrao urogallus	●		●			●			En		E
Tetrax tetrax	●								Vu		E
Tichodroma muraria									PE		
Tringa erythropus			●				●		PE		
Tringa glareola	●								PE		
Tringa nebularia			●				●		PE		
Tringa ochropus							●		PE		
Tringa totanus			●				●		PE		
Troglodytes troglodytes									PE		
Turdus iliacus			●	●			●				
Turdus merula			●								
Turdus philomelos			●	●							
Turdus pilaris			●	●			●				
Turdus torquatus							●		PE		
Turdus viscivorus			●	●							
Tyto alba									PE		
Upupa epops							●		PE		
Uria aalge	●							*1*	En	*e*	E
Uria aalge	●								PE	*e*	E
Vanellus vanellus			●	●			●			*e*	E

Anexos da Directiva 2009/147/CE [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [E]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Especies migratorias en Galicia non contempladas no Anexo I [M]

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5]. Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA) [PE]. Categorías do CEEA: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións nidificantes [*e*]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Táboa 32.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de Interese para a conservación de Galicia

	DC 92/43/CEE				RD 139/2011		D 88/2007			UE	
	P	II	IV	V	❐	C	🖶	C	G	Atl	Med
Mamíferos continentais											
Barbastella barbastellus		⊙	⊙			PE			●	●	●
Canis lupus				⊙					●		
Capra pyrenaica				⊙					●		
Eptesicus serotinus			⊙			PE			●		
Felis silvestris			⊙			PE			●		
Galemys pyrenaicus		⊙	⊙		*8*	Vu		V	●	●	●
Genetta genetta				⊙					●		
Hypsugo savii			⊙			PE			●		
Lutra lutra		⊙	⊙			PE			●	●	●
Martes martes				⊙					●		
Miniopterus schreibersii		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Mustela erminea						PE			●		
Mustela putorius				⊙					●		
Myotis alcathoe			⊙			PE			●		
Myotis bechsteinii		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Myotis blythii		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Myotis daubentonii			⊙			PE			●		
Myotis emarginata		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Myotis myotis		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Myotis mystacina			⊙			Vu		V	●		
Myotis nattereri			⊙			PE			●		
Nyctalus lasiopterus			⊙			Vu		V	●		
Nyctalus leisleri			⊙			PE			●		
Nyctalus noctula			⊙			Vu		V	●		
Pipistrellus pipistrellus			⊙			PE			●		
Pipistrellus pygmaeus			⊙			PE			●		
Plecotus auritus			⊙			PE			●		
Plecotus austriacus			⊙			PE			●		
Rhinolophus euryale		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Rhinolophus ferrumequinum		⊙	⊙			Vu		V	●	●	●
Rhinolophus hipposideros		⊙	⊙			PE		V	●	●	●
Tadarida teniotis			⊙			PE			●		
Ursus arctos	⊙	⊙	⊙			En		E	●	●	●

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [❐]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5], Península, Ceuta e Melilla [6], Mediterráneo e Atlántico da Península [7], Excepto no Sistema Central [8], Excepto no Estreito de Xibraltar e Golfo de Cádiz [9], . Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Categorías do Catálogo Español de Especies Ameazadas: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [*a*], Poboacións insulares [*b*], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [*c*], Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e de montaña da provincia de Ourense [*d*], Poboacións nidificantes [*e*], Poboación do Monte Pindo [f]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Especies presentes en Galicia [G]. Listaxes de Referencia das especies do Anexo II da Directiva Hábitat na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Especie do Anexo II da Directiva Hábitat incluída na listaxe de referencia da Unión Europea para España na área mariña da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [⊙].

Táboa 33.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Especies de Interese para a conservación de Galicia

	DC 92/43/CEE				RD 139/2011		D 88/2007			UE	
	P	II	IV	V	🗍	C	🖶	C	G	Atl	Med
Mamíferos mariños											
Balaena mysticetus			⭘						●		
Balaenoptera acutorostrata			⭘			Vu			●		
Balaenoptera borealis			⭘			Vu			●		
Balaenoptera musculus			⭘			Vu			●		
Balaenoptera physalus			⭘			Vu			●		
Cystophora cristata				⭘					●		
Delphinus delphis			⭘		*4*	PE			●		
Erignathus barbatus				⭘					●		
Globicephala macrorhynchus			⭘			Vu			●		
Globicephala melas			⭘		*4*	PE			●		
Grampus griseus			⭘			PE			●		
Halichoerus grypus		⭘		⭘					●		
Hyperoodon ampullatus			⭘			PE			●		
Kogia breviceps			⭘			PE			●		
Lagenorhynchus acutus			⭘						●		
Lagenorhynchus albirostris			⭘						●		
Megaptera novaeangliae			⭘			Vu			●		
Orcinus orca			⭘		*9*	PE			●		
Phoca hispida hispida				⭘					●		
Phoca vitulina		⭘		⭘					●		
Phocoena phocoena		⭘	⭘			Vu		V	●	●	
Physeter macrocephalus			⭘			Vu			●		
Pseudorca crassidens			⭘			PE			●		
Stenella coeruleoalba			⭘			PE			●		
Tursiops truncatus		⭘	⭘			Vu		V	●	●	⭘
Ziphius cavirostris			⭘			PE			●		

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [🗍]:Reprodutora [1], Galicia [2], Península e Baleares [3], Atlántico [4], Península, Baleares e Canarias Orientais [5], Península, Ceuta e Melilla [6], Mediterráneo e Atlántico da Península [7], Excepto no Sistema Central [8], Excepto no Estreito de Xibraltar e Golfo de Cádiz [9], . Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Categorías do Catálogo Español de Especies Ameazadas: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [🖶]: Poboacións do Cantábrico e Arco Ártabro [*a*], Poboacións insulares [*b*], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [*c*], Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e de montaña da provincia de Ourense [*d*], Poboacións nidificantes [*e*], Poboación do Monte Pindo [f]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Especies presentes en Galicia [G]. Listaxes de Referencia das especies do Anexo II da Directiva Hábitat na Unión Europea para España (ETC/DB 2011) [UE]: Rexión Bioxeográfica Atlántica [Atl], Rexión Bioxeográfica Mediterránea [Med]. Especie do Anexo II da Directiva Hábitat incluída na listaxe de referencia da Unión Europea para España na área mariña da Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non considerada para Galicia [⭘].

Táboa 34.- Especies de interese para a conservación presentes en Galicia.

Do mesmo modo que sucede para os tipos de hábitats do Anexo I da DC/92/43/CEE, existe unha Listaxe de Referencia para as especies do Anexo II da Directiva Hábitat, nas que se integran estas por Rexión Bioxeográfica e Estado Membro. No tocante ao territorio galego teñen importancia as listaxes da Rexión Bioxeográfica Atlántica, Atlántica Mariña e Mediterránea (ETC/BD 2011a, 2011b, 2011c).

De contrastar o conxunto de especies de interese para a conservación presente en Galicia fronte ás Listaxes de Referencia da Unión Europea para o Estado Español, detéctase a ausencia de catro especies nas Listaxes da UE (ETC/BD, 2011a, 2011b, 2011c), a gramínea *Festuca brigantina*, a tartaruga verde (*Chelonia mydas*) e dous mamíferos mariños, a foca gris (*Halichoerus grypus*) e a foca común (*Phoca vitulina*).

No primeiro caso, en Galicia atópase a única poboación da subespecie *Festuca brigantina* (Markgr.-Dann.) Markgr.-Dann subsp. *actiophyta* Gutiérrez Villarías (Gutiérrez Villarías *et al*., 1997). Este endemismo aparece unicamente no litoral coruñés, nas repisas de zonas acantiladas e afloramentos rochosos cuminais da Serra da Capelada ou en áreas do cumio do entorno de Moeche en As Somozas (Gómez-Orellana & Ortiz, 2004).

Polo que respecta á tartaruga mariña *Chelonia mydas*, a súa presenza en Galicia está ben documentada (Pleguezuelos *et al*., 2002; López *et al*., 2007; MARM, 2008), aínda que aparece como escasa, tratándose de observacións de individuos illados e divagantes.

Unha situación similar á da tartaruga verde en España sucédelles aos mamíferos mariños, *Halichoerus grypus* e *Phoca vitulina*, xa que a súa presenza na Rexión Bioxeográfica Atlántica Mariña é tamén escasa, sobre todo no caso da foca común, e unicamente se observan individuos illados, divagantes ou varamentos destas especies, tal e como recollen entre outros Covelo & Martínez (2001), Purroy & Varela (2003) ou López *et al*. (2007).

Por outra banda, na Rede Natura 2000 de Galicia atópanse citadas dúas especies, *Jasione lusitanica* e *Rhinolophus mehelyi* que, baseándose na última información científica dispoñible, deberían excluírse para Galicia, xa que a súa presenza no territorio galego non está avalada por estudos científicos.

O taxon *Jasione lustianica* A. DC. foi frecuentemente confundido con *J. maritima* (Duby) Merino, descrita en Galicia e con *J. montana* L., especie común no territorio galego (Sales & Hedge, 2001). Posiblemente esta situación levou á súa inclusión na Rede Natura de Galicia, mais a distribución de *Jasione lusitanica* A. DC. é moi reducida, restrinxida a unha área litoral de aproximadamente 44 Km. entre Esposende e Oporto, con presenza puntual ao Norte e Sur desta zona.

No tocante ao quiróptero *Rhinolophus mehelyii*, a súa identificación no Norte da Península Ibérica debeuse a erros na súa determinación (Palomo & Gibert (coord.), 2002; Palomo, Gisbert & Blanco, 2007).

5. Dinámica de usos do solo

5 Dinámica de usos do solo

A análise dos cambios de ocupación do territorio que se producen como consecuencia das diversas actividades humanas sobre o territorio, e pola dinámica natural dos ecosistemas, constitúe un indicador de transcendental importancia para avanzar no coñecemento das potencialidades cara a un desenvolvemento máis sostible dun territorio (OSE, 2006).

No presente apartado preséntanse os resultados para Galicia da dinámica de ocupación das coberturas de usos do solo nos períodos 1987-2000 e 2000-2005 a partir da información proporcionada polas bases de datos CORINE Land cover (CLC) 1990, CLC2000, CLC2006, CLC-Change 1990-2000 e CLC-Change 2000-2006. Englobadas dentro do Programa CORINE (Coordination of Information of the Environment), iniciado o 27 de xuño de 1985 en virtude dunha decisión do Consello de Ministros da Unión Europea (CE/338/85); pasando en 1995 a ser responsabilidade da Axencia Europea do Medio Ambiente (EEA). A Autoridade nacional do proxecto é o Instituto Xeográfico Nacional- Centro Nacional de Información Xeográfica de España (IGN-CNIG) como Centro Nacional de Referencia en Ocupación do Solo.

O proxecto CORINE Land cover (CLC) ten como obxectivo fundamental a captura de datos de tipo numérico e xeográfico para a creación dunha base de datos europea a escala 1:100.000 sobre a cobertura e uso do territorio e a permanente actualización de dita base de datos xeográfica. Provindo da información necesaria a obtención de indicadores de cambios de ocupación do territorio comparables entre distintas áreas. Para garantir isto e conseguir a máxima consistencia, a base de datos CLC fundamentase nunha nomenclatura de ocupación do solo única no ámbito europeo e unha metodoloxía de produción estandarizada claramente definida polo Equipo Técnico de Europa, permitindo así a realización de estudos no ámbito europeo e a comparación dos datos dos diferentes territorios con suficiente obxectividade (IGN, 2004).

CLC describe a cobertura do terreo de acordo cun esquema xeral de clasificación xerárquico de tres niveis; o primeiro nivel intégrase por 5 clases (categorías xerais de coberturas do terreo), o segundo nivel se integra por 15 clases e nun terceiro nivel de detalle de 44 clases (Bossard *et al*., 2000). Con todo, as clases de coberturas empregadas no Proxecto CLC, poden resultar demasiado xerais con respecto ao sistema de unidades ambientais empregado no presente Plan, cuxo ámbito territorial se restrinxe á Rede Natura 2000, non existindo unha correspondencia directa entre elas.

Nas bases de datos de ocupación do solo CLC 1990, CLC 2000 e CLC 2006 a unidade mínima superficial cartografable é 25 ha e a anchura mínima dos elementos lineais 100 m. Mentres que nas bases de datos de cambio de ocupación do solo CLC- Change 1990-2000 e CLC- Change 2000- 2006 a superficie da unidade mínima cartografable é de 5 ha manténdose a anchura mínima en 100 m.

A elaboración das bases de datos CLC 1990 e CLC 2000 realizouse a través da fotointerpretación de imaxes de satélite principalmente do ano 1987 e dos anos 1999 e 2000. A Base de datos CLC 2006, pola súa parte foi elaborada a partir das Bases de datos CLC 2000 e CLC- Change 2000- 2006 realizada mediante a fotointerpretación de imaxes de satélite do ano 2005. Unha parte esencial do proceso de elaboración do CLC 2000 foi a fase de verificación, validación e control de calidade do produto final. Sendo a exactitude temática de en torno ao 85% (JRC, 1997; JRC, 2005; IGN, 2006).

A Base de datos de cambios CLC– Change 1990-2000 xorde como resultado da intersección das bases de datos CLC 1990 e CLC 2000. Non obstante, os polígonos de diferenza non sempre se corresponden a cambios reais xa que unha parte dos polígonos de diferenza menores a 25 ha se corresponderen a cambios técnicos e unha parte importante de cambio real é omitida (cambios illados menores de 25 ha) (IGN, 2010). Por outra banda, o mapa de cambios resultado do cruzamento directo de CLC90 e CLC00 ten una confiabilidade do 72% (debido á exactitude temática do 85% de CLC90 e CLC00), o que significa que o 28% dos cambios, posiblemente, non sexan cambios senón errores temáticos na clasificación dos mapas (Mas *et al*., 2003; Pontius, R. G. y Lippitt, C., 2006).

A xeración da Base de datos CLC Change 2000-2006, pola contra, realizouse a través da fotointerpretación directa de imaxes de satélite IMAGE2000 e IMAGE2006. Sendo un produto é independente, non derivado de CLC00 e CLC06. Obtendo así unha cobertura de europea de cambios reais superiores a 5ha, cun ancho maior de 100 m detectables en imaxes satélite independentemente da súa posición; é dicir, estando conectados ou non a un polígono existente do CLC2000 (IGN, 2010). Este enfoque proporciona resultados máis detallados, xa que os cambios menores a 25 ha e maiores a 5 ha son todos cartografados, independentemente da súa posición, mentres eses polígonos están parcialmente perdidos co antigo enfoque. O tipo de cambio identificado é tamén máis próximo á realidade xa que cartografa procesos de cambio real, xa que nos cambios proporcionados polo enfoque da intersección non se examina individualmente cál é o proceso real (IGN, 2010).

Como resultado das diferentes metodoloxías descritas, CLC-Change1990-2000 e CLC-Change2000-2006 non poden ser comparados directamente ao ser xerados a partir de dúas metodoloxías diferentes, sendo a do período 2000-2006 a que proporcionará unha base de datos de cambios que se aproximará mellor á realidade (IGN, 2010).

A raíz do proxecto CORINE LAND COVER (CLC) xurdiu en España o proxecto SIOSE (Sistema de Información de Ocupación do Solo en España) co obxectivo de integrar a información das Bases de Datos de coberturas e usos do solo das Comunidades Autónomas e da Administración Xeral do Estado. A escala de referencia do proxecto é de 1:25.000, mentres que as unidades espaciais mínimas de representación varían entre 0,5ha e 2ha en función dos elementos a cartografar. O modelo de Datos do SIOSE, baseado nos polígonos como unidades de traballo dentro dos que se establecen Usos (relacionados coas actividades socioeconómicas que se realizan sobre a superficie) e Coberturas (relacionadas directamente coas propiedades biofísicas do terreo), soluciona diversos problemas derivados da nomenclatura de CORINE Land cover, como a proliferación de clases mixtas debido a obrigatoriedade de asignar unha clase aos polígonos que conteñen diferentes categorías de cobertura do terreo; ou a problemática derivada de non reflectir variacións espaciais de importancia de certos parámetros da cobertura de territorio ao non integrarse na base de datos (Valcarcel *et al*, 2008). Non obstante, aínda non se dispoñen de datos que permitan a análise da dinámica da coberturas de usos do solo, xa que se establece unha periodicidade de 5 anos para a elaboración da cartografía tomando como referencia temporal o ano 2005.

5.1 Trazos xerais

Segundo os datos CLC correspondentes ao ano 2005 o territorio galego caracterízase polo predominio de coberturas forestais e espazos abertos (61% do territorio) acompañado de coberturas agrícolas (37%), orientadas á gandaría (principalmente prados e cultivos forraxeiros) e autoconsumo (hortas). As coberturas artificiais (que se compoñen de zonas urbanas; zonas industriais, comerciais e de transportes; zonas de extracción mineira, vertedoiros e de construción e zonas verdes artificiais, non agrícolas) representan o 1,7% do territorio, o poboamento atópase disperso por toda a xeografía, en parte asociada a usos agrícolas tradicionais polo que a maior parte desta superficie correspóndese con un tecido urbano discontinuo.

Principais coberturas de ocupación do solo 2005




Figura 26.- Distribución das grandes clases de cobertura de usos do solo en Galicia no ano 2005 (CLC 2006).

A partir das Bases de Datos CLC-Change 1990-2000 e CLC-Change 2000-2006 se obtiveron os principais cambios que se produciron nas coberturas de ocupación do solo no períodos 1987-2000 e 2000-2005 en Galicia. Non obstante, debido a diferenza nas metodoloxías empregadas, as bases de datos de cambios de ocupación do solo CLC-Change 1990-2000 e CLC-Change 2000-2006 non son comparables polo que os resultados se analizan de forma separada para os dous períodos (IGN, 2010). De forma xeral, estes datos indican para Galicia un mantemento do sistema territorial de Galicia con limitados cambios nas coberturas de usos do solo. Estes cambios apenas representan para o período 2000-2005 o 1,5% da superficie galega e o 2,7% se nos referimos ao período 1987-2000. Non obstante a maior parte destes cambios se relacionan con cambios no clase de cobertura dentro dunha mesma categoría xeral (por exemplo cambio no tipo de cobertura forestal ou cambio no tipo de cobertura agrícola). Así, se só temos en conta os cambios entre as distintas categorías de coberturas do solo os cambios rexistrados no período 2000-2005 tan só representan o 0,16% da superficie galega e o 0,6% no período 1987-2000. Estes reducidos cambios se poden asociar de forma maioritaria co incremento nas infraestruturas de transporte e zonas industriais e comercias e cos fluxos en ambos sentidos entre as coberturas forestais e agrícolas.

Cambios de ocupación do solo en Galicia 1987 - 2000 (CLC-Change 1990-2000)




Figura 27.- Principais cambios na cobertura do solo entre 1987 e 2000. Fonte: Base de datos CLC-Change 1990-2000.

Cambios de ocupación do solo en Galicia 2000 – 2005 (CLC-Change 2000-2006)




Figura 28.- Principais cambios na cobertura do solo entre 2000 e 2005. Fonte: Base de datos CLC-Change 2000-2006.

5.1.1 Coberturas forestais

As coberturas forestais e espazos abertos delimitadas por CLC 2006 supoñen o 61% da superficie galega. Destas máis da metade (53%) están ocupadas por coberturas de vexetación arbustiva e diversos tipos de pasteiros. O 45% da cobertura forestal delimitada por CLC está ocupada por masas arboradas, sendo as formacións cultivadas (fundamentalmente plantacións de eucaliptos e piñeiros) a clase dominante. En baixa proporción aparecen as coberturas con áreas abertas con pouca ou sen vexetación, aínda que non por iso de menor importancia; inclúense nesta categoría as praias e dunas, afloramentos rochosos, espazos con vexetación escasa e zonas queimadas.

A información proporcionada polas Bases de datos CLC-Change 1990-2000 e CLC-Change 2000-2006 relativos aos fluxos na superficies de coberturas forestais e espazos abertos indican unha limitada flutuación en ambos os dous períodos (diminución do 0,48% e 0,15% da superficie forestal nos períodos 1987-2000 e 2000-2005 respectivamente).

A información de cambios nas coberturas do uso do territorio proporcionada por CLC indica que as formacións arbóreas viron diminuída lixeiramente a súa superficie en ambos os dous períodos, especialmente no máis recente (diminución do 0,5% e 1,9% da superficie con cobertura arbórea en 1987-2000 e 2000-2005); o menor detrimento no primeiro dos períodos débese fundamentalmente ao incremento nas plantacións de eucalipto. As coberturas de vexetación arbustiva e herbácea, pola súa parte, experimentaron unha diferente dinámica nos dous períodos, diminuíndo a súa superficie entre os anos 1987 e 2000 (0,5% da cobertura de vexetación arbustiva e herbácea) e incrementando a mesma no período 2000-2005 (incremento do 2% da cobertura de vexetación arbustiva e herbácea) debido fundamentalmente ao incremento das matogueiras boscosas de transición.




Figura 29.- Fluxos nas coberturas forestais de e espazos abertos durante os períodos 1987 e 2000 (CLC-Change 1990-2000) e 2000-2005 (CLC-Change 2000-2006).

Estes reducidos cambios na superficie da cobertura forestal e espazos abertos durante os dous períodos de estudo, relaciónanse fundamentalmente co proceso de artificialización seguido do proceso de transformación entre coberturas forestais e agrícolas. No primeiro caso, o proceso está determinado maioritariamente pola aparición de novas infraestruturas de transporte.

5.1.2 Coberturas agrícolas

Segundo os datos CLC 2006, as coberturas agrícolas representan máis da terceira parte do territorio galego (37%) aparecendo ocupadas maioritariamente por un mosaico de cultivos (64%). O predominio das zonas forestais e a importancia do sector forestal na economía rural, vense reflectidos en que máis dunha terceira parte das zonas cultivadas presentan importantes intersticios forestais. Outras coberturas como viñedos, terras de labor, praderías e cultivos anuais asociados con cultivos permanentes non chegan a representar o 1% da cobertura agrícola.

Os datos relativos aos fluxos nas coberturas agrícolas en CLC- Change 1990-2000 e CLC- Change 2000- 2006 indican que as coberturas agrícolas en Galicia experimentaron unha moi reducida dinámica nestes dous períodos; diminuíndo en 1.300 ha no período 1987- 2000 como resultado fundamentalmente da transformación de cultivos con importante vexetación natural a coberturas artificiais e á conversión de terreos con cobertura forestal en coberturas agrícolas. En canto ás novas superficies agrícolas, a maioría procede da transformación de amplas zonas de matogueira, mentres que o resto de ganancias teñen a súa orixe na transformación de zonas avaliadas previamente como artificiais, xeralmente como zonas de extracción mineira (OSE, 2006). No período 2000-2005 as coberturas agrícolas permaneceron relativamente estables, non experimentando a penas cambios na súa superficie.




Figura 30.- Fluxos nas superficies agrícolas durante os períodos 1987 e 2000 (CLC-Change 1990-2000) e 2000-2005 (CLC-Change 2000-2006).

5.1.3 Coberturas artificiais

As coberturas artificiais delimitadas por Corine Land Cover (CLC) inclúen as zonas Urbanas; zonas industriais, comerciais e de transportes; zonas de extracción mineira e en construción; zonas verdes artificiais, non agrícolas, etc. Estas coberturas artificiais representan, segundo CLC 2006, no ano 2005 un 1,7% do territorio galego. A maior extensión desta clase correspóndese con zonas urbanas (67%); seguidas das áreas destinadas á actividade mineira e en construción (17%), zonas industriais, comerciais e de transporte (15%) e, finalmente, as zonas verdes artificiais, non agrícolas, que ocupan o 1% do total.

As bases de datos de cambios de coberturas de ocupación do solo CLC-Change 1990-2000 e CLC-Change 2000-2006 indican un incremento nas coberturas artificiais de 8.800 ha (0,3% da superficie galega) no período 1987-2000; este incremento vincúlase maioritariamente ao desenvolvemento das redes de infraestruturas de transporte (A6, A52 e AP9 fundamentalmente). No período 2000-2005 o incremento da superficie das coberturas artificiais foi de moita menor intensidade (2.500 ha), sendo as zonas industriais comerciais e de transporte as que rexistraron a maior parte deste incremento.

De forma xeral a distribución das coberturas afectadas polo proceso de artificialización segue o mesmo patrón que a distribución xeral de coberturas en todo o territorio galego: a superficie máis afectada correspóndese con zonas forestais cunha clara diferenciación segundo o uso posterior . É de destacar no período 2000-2005 a porcentaxe de coberturas artificiais que provén da transformación doutra categoría artificial (OSE, 2006).

Cambios nas coberturas artificiais




Figura 31.- Orixe das novas coberturas artificiais en porcentaxe nos períodos 1987- 2000 (CLC-Change 1990-2000) e 2000-2005 (CLC-Change 2000-2006) e destino das novas coberturas artificiais en porcentaxe nos períodos 1987- 2000 (CLC-Change 1990-2000) e 2000-2005 (CLC-Change 2000-2006).

5.2 Comparación con outras Comunidades Autónomas

As coberturas de usos do solo en Galicia están representadas, na súa maior parte, por coberturas forestais, con preto do 61% do territorio segundo a información proporcionada por CLC 2006. Esta proporción sitúa a Galicia en niveis semellantes aos do resto de comunidades do Norte de España, que forman o grupo que maior porcentaxe do seu territorio posúen dentro desta categoría, composto por Asturias, Cantabria e Euskadi, e ás que tamén se sumaría Canarias e Ceuta.

A seguinte categoría por orde de importancia superficial serían as coberturas agrícolas, que representan máis dun terzo (37%) da superficie galega, e que novamente volve a situar ao territorio galego en niveis semellantes ao resto de comunidades da Cornixa Cantábrica, inferiores á media nacional e aos doutras comunidades cunha dedicación agrícola moito máis representativa, como Andalucía, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Illes Balears, Murcia ou Extremadura. Con todo, contrasta bastante o tipo de agricultura da zona Norte de España, que ademais de supoñer unha menor representatividade espacial está máis orientada á gandaría (prados, pasteiros, cultivos forraxeiros) e á produción hortícola en pequena escala e autoconsumo, coa desenvolvida nas comunidades que posúen unha maior porcentaxe superficial, situadas en áreas de maior xericidade e polo tanto vencelladas a grandes superficies cerealísticas e aos cultivos de regadío que posúen un maior grao de intensidade.

No tocante ás superficies artificiais, Galicia conta con menos do 2% dentro desta categoría, valor semellante á media española e ás comunidades limítrofes (Asturias, Castilla y León), aínda que inferior aos valores doutras comunidades do Norte de España (Cantabria, Euskadi), e sensiblemente inferior ás comunidades que posúen unha maior proporción do territorio ocupado por zonas artificiais, como Illes Balears, Canarias, Catalunya, Comunitat Valenciana, Madrid Ceuta ou Melilla.




Figura 32.- Porcentaxes de ocupación do solo nas principais clases de cobertura por Comunidades Autónomas de España no ano 2005. Fonte: Base de Datos CLC 2006.

A nivel xeral, as proporcións de cambios das clases de coberturas de uso do solo no territorio galego, para os períodos 1987-2000, e 2000-2005 seguen a tendencia xeral do total do territorio nacional, e do resto de Comunidades Autónomas do Norte da Península Ibérica.

As coberturas artificiais creceron en todas as autonomías españolas en maior ou menor medida, especialmente no período 1987-2000 presentando en Galicia un aumento inferior á media española aínda que cercano ás proporcións de comunidades próximas e de características territoriais semellantes como Asturias ou Cantabria. Contrastan cos valores de cambio que amosan comunidades do centro e levante español, con aumentos de máis do 40% no período 1987-2000 (Madrid, Illes Balears, Comunitat Valenciana, Murcia).




Figura 33.- Porcentaxes de cambio nas coberturas artifiiciais por comunidades autónomas de España nos períodos 1987-2000 e 2000-2006. Fonte: CLC-Change 1990- 2000 e CLC-Change 2000-2006.

Nas coberturas agrícolas, o descenso no territorio galego é case nulo, tendencia decrecente semellante á presentada no global estatal e ás Comunidades do Norte Peninsular con características territoriais similares ás galegas como Asturias e Euskadi, mentres que noutras comunidades o descenso é un pouco máis acusado como Illes Balears e Comunitat Valenciana e noutras o detrimento é superior como Madrid e Melilla.




Figura 34.- Porcentaxes de cambio nas coberturas agrícolas por comunidades autónomas de España nos períodos 1987-2000 e 2000-2006. Fonte: CLC-Change 1990- 2000 e CLC-Change 2000-2006.

No tocante ás coberturas forestais e espazos abertos, o descenso en Galicia presenta valores inferiores aos do territorio español, e se sitúa moi por debaixo dos descensos amosados en Andalucía, Extremadura, Murcia ou Illes Balears. No tocante ao resto de Comunidades do Norte Peninsular como Asturias, ou Euskadi as cifras galegas son moi similares aos destes territorios; pola contra noutras Comunidades setentrionais como Cantabria ou Navarra a superficie forestal incrementase a súa superficie de forma neta no período 1987-2005.




Figura 35.- Porcentaxes de cambio nas coberturas forestais e espazos abertos por comunidades autónomas de España nos períodos 1987-2000 e 2000-2006. Fonte: CLC-Change 1990- 2000 e CLC-Change 2000-2006.



Figura 36.- As coberturas forestais ocupan case un 61 % do territorio galego.

5.3 Previsións futuras

Á vista dos resultados obtidos na análise de coberturas de uso do solo elaborado a partir de CLC e as características territoriais, estruturais e socioeconómicas da Comunidade Autónoma Galega pódense mencionar algúns dos trazos principais que poden marcar a evolución futura nas Coberturas de uso do solo en Galicia.

De forma xeral, pódese afirmar que os cambios nas coberturas dos usos do solo en Galicia serán graduais e progresivos, cun ritmo lento inferior ao doutras Comunidades Autónomas que experimentan un maior dinamismo nas súas coberturas do terreo. Polo tanto, pode falarse dunha tendencia a manterse o sistema territorial galego a corto e medio prazo.

A pesares desta tendencia ao mantemento do sistema territorial e ao ritmo lento que se pode prever para os cambios nas coberturas de usos do solo en Galicia é previsible que os pequenos cambios xurdidos dentro da matriz estable continúen a tendencia xeral que se puxo de manifesto en anos pasados: incremento da superficie de coberturas artificiais en detrimento fundamentalmente da superficie das coberturas forestais e espazos abertos.

É de esperar que ditos cambios xurdan en determinadas áreas do territorio galego xa que as zonas do interior de Galicia presentan en xeral unha tendencia demográfica máis regresiva que as áreas costeiras, fuxindo desta tendencia os concellos que albergan os núcleos urbanos e cabeceiras de comarca e as proximidades dos seus enlaces por estrada (Saco Álvarez, 2005; Xunta de Galicia, 2011); polo tanto é de esperar que as coberturas artificiais sigan incrementando a súa superficie nas comarcas litorais e nas proximidades das áreas urbanas e cabeceiras de comarca.

Nos espazos da Rede Natura 2000, en concreto, e de acordo coa DC92/43/CEE que ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres; os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, o deterioro dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivaron a designación das zonas. Polo tanto é de esperar que nestes espazos a dinámica de usos do solo conduza a incrementar a superficie dos hábitats naturais de interese comunitario listados no anexo I da DC92/43/CEE, e especialmente aqueles considerados prioritarios pola Directiva en detrimento de medios artificiais, superficies forestais con especies alóctonas e mosaicos agrícolas intensivos.

As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (Xunta de Galicia, 2011) constitúen o elemento central do conxunto de instrumentos de ordenación do territorio contemplados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Estas teñen como finalidade establecer as pautas espaciais de asentamento das actividades, precisando a definición dun modelo territorial para Galicia; marcando unha serie de retos territoriais e unhas orientacións estratéxicas para o modelo territorial galego. Polo que a evolución futura das diferentes coberturas de uso do solo en Galicia se atopan en parte suxeitas a estas directrices. Entre as orientacións que propoñen as DOT se poden mencionar, entre outras, o favorecemento da compactidade, harmonización do desenvolvemento das cidades co fin de prever a urbanización difusa; fortalecemento dos núcleos tradicionais e do litoral e valorización do territorio; mellora da accesibilidade, mobilidade e comunicación; freo ao despoboamento rural e favorecemento do reequilibrio territorial; protección do patrimonio natural e cultural.

6. Aspectos socioeconómicos e territoriais

6 Aspectos socioeconómicos e territoriais

Dende finais do século XVIII, o peso da poboación galega ven diminuíndo de xeito constante no conxunto da poboación estatal, pasando dun 13% no censo de Floridablanca (1787) a un 6% na actualidade. Os factores que están detrás deste menor dinamismo con respecto ao resto do Estado son tres e atópanse interrelacionados: a emigración que con distintas fases (intensidade e destino) percorreu todo o século XX; o alto número de falecidos debido ao progresivo envellecemento da poboación e a baixa natalidade que fai de Galicia unha das comunidades autónomas con menor ratio de fillos por muller (Prada Blanco, 2004).

A pesares da perda continúa de poboación Galicia constitúe un territorio densamente habitado: conta cunha poboación de máis de 2.796.000 habitantes segundo cifras do Padrón municipal de habitantes, o que supón unha densidade de poboación de case 94 habitantes por km^2, a poboación sitúase preferentemente nas provincias da Coruña e Pontevedra (41% e 34% da poboación galega respectivamente), representando as dúas provincias orientais tan so o 25% do total autonómico. En canto á concentración espacial da poboación destaca a provincia de Pontevedra na que a densidade de poboación é de 211 habitantes por km^2 (Coruña: 142 hab/km^2, Ourense: 46 hab/km^2 e Lugo: 36 hab/km^2).

A Comunidade Autónoma de Galicia abrangue unha extensión de 29.575 km^2. Desta superficie o 17% sitúase a unha altitude inferior aos 200 metros, mentres que case o 7% do territorio supera os 1.000 metros de altitude. Esta distribución física do territorio condiciona a distribución da poboación galega ao longo do espazo (IGE, 2006), dando lugar a un desequilibrio demográfico moi notable non só entre provincias senón, sobre todo, entre zonas do interior e zonas costeiras e entre os centros urbanos e as zonas rurais. Non obstante, ata mediados do século XX sendo a produción agraria para subsistencia o sistema económico imperante, a distribución da poboación foi máis homoxénea xa que, agás nalgunhas zonas costeiras, os recursos non se atopaban moi diferenciados (Dopico Gutiérrez del Arroyo & Losada Álvarez, 2002).

As zonas do interior de Galicia en xeral presentan baixas densidades de poboación ademais dunha tendencia máis regresiva que as áreas costeiras. Foxen desta tendencia os concellos que albergan núcleos urbanos. Cabe sinalar que as cabeceiras de comarca e as proximidades dos seus enlaces por estrada presentan tamén unha situación demográfica máis favorable que o resto de áreas. En xeral as

áreas máis favorables dende un punto de vista poboacional posúen a súa vez un maior dinamismo demográfico que o resto (Saco Álvarez, 2005).

Todo isto configura unha pauta de distribución da poboación desequilibrada, que apunta a un crecemento poboacional nas zonas urbanas costeiras e do interior, co conseguinte declive das zonas rurais do interior; configurando así unha especie de modelo gravitatorio, onde as concentracións humanas con máis peso exercen a súa atracción sobre as zonas menos poboadas e peor dotadas polo xeral de servizos e oportunidades de emprego (Saco Álvarez, 2005). Producíndose unha polarización da poboación na costa occidental; formando unha gran área metropolitana que adopta forma de corredor e que abarca dende a fronteira portuguesa ata Ferrol (Dopico Gutiérrez del Arroyo & Losada Álvarez, 2002).

Distribución territorial da poboación




Figura 37.- Densidade de poboación por concellos. Fonte: Elaboración propia a partires dos datos proporcionados polo IGE.

No seu conxunto, a poboación galega ten unha estrutura demográfica envellecida, un elevado nivel de ruralización y un ritmo de renovación xeracional insuficiente para que a estrutura poboacional cambie a curto prazo, polo que todo fai esperar un crecemento vexetativo negativo, unha diminución da poboación e un aumento do envellecemento. No futuro, todo parece indicar que a poboación vaise a concentrar na área occidental e nos centros urbanos de carácter comarcal e tamaño medio. Segundo os diferentes índices demográficos na actualidade a provincia cunha estrutura mais envellecida é a de Ourense situándose no extremo oposto Pontevedra. Non obstante, as pirámides poboacionais das

catro provincias galegas correspóndense cunha pirámide de tipo regresiva (o grupo de poboación adulta predomina sobre o da poboación nova e a porcentaxe de anciáns é elevado) tendendo a unha pirámide totalmente invertida.

Este forte envellecemento demográfico provoca un peso da poboación inactiva moi elevado respecto á poboación activa. Este feito ponse aínda máis de manifesto ao referirnos á poboación de sexo feminino debido a maior esperanza de vida e a menor incorporación da muller ao sistema económico.

No pasado o sector de actividade máis importante na economía galega segundo a porcentaxe de persoas ocupadas era o sector primario con máis do 45% da poboación ocupada no ano 1976. A importancia deste sector na economía galega diminuíu nos últimos 40 anos debido ao abandono masivo do rural galego ata alcanzar as porcentaxes de pouco máis do 8% do total dos ocupados en Galicia; este papel de liderado na economía galega o asumiu dende os anos 90 o sector servizos que incrementou notablemente o número de persoas ocupadas ata alcanzar máis do 60% de persoas ocupadas nel. Foi o sector secundario o que se mantivo máis estable nos últimos anos, aínda que se rexistraron lixeiros incrementos nos primeiros anos no sector industrial e nos derradeiros no sector da construción. Este proceso de terciariación é un proceso común a todo o territorio español e europeo aínda que en Galicia este fenómeno ponse máis de manifesto debido á grande importancia que o sector primario tiña a mediados de século na economía galega.

Na actualidade é o sector servizos o máis representado en todo o territorio galego con cifras que roldan o 61% dos ocupados. O segundo sector en canto a ocupación é o sector secundario mentres que o sector primario é o que acada un menor peso. Non obstante, en comparación con outros territorios do entorno, a súa contribución é elevada.



Figura 38.- Malia a importante diminución da ocupación no sector primario, esta segue a ser unha peza fundamental na economía e na configuración da paisaxe galega.

7. Valoración da Rede Natura 2000

7 Valoración da Rede Natura 2000

Os lugares da Rede Natura 2000 xorden co obxectivo principal de manter nun estado de conservación favorable os elementos da biodiversidade que os compoñen, garantindo deste modo a súa conservación. Os activos ambientais que albergan os lugares da Rede Natura 2000 son moi variados, contribuíndo e dando servizos a todos os cidadáns, no entanto estes bens presentan en moitos caso unha complexidade considerable para a súa avaliación.

Os Estados Membros da Unión Europea adquiriron, de acordo á Directiva Hábitat, o compromiso de avaliar periodicamente os lugares da Rede Natura 2000, así como os tipos de hábitats naturais e especies considerados de interese comunitario nos diferentes anexos da citada directiva. Para este fin desenvolvéronse unha serie de criterios comúns, co fin de avaliar o estado de conservación destes elementos. Cabe resaltar tamén que, de acordo á Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, as Administracións Públicas do Estado Español teñen a obriga de dotarse de ferramentas para coñecer o estado de conservación do seu patrimonio natural e da biodiversidade, e as causas que determinan os seus cambios. Afondar neste coñecemento ten como función servir de base á xestión e planificación do medio natural co gallo de asegurar o seu mantemento nun estado de conservación favorable.

A correcta identificación e xeorreferenciación dos elementos máis significativos do patrimonio natural é un factor clave de cara á avaliación ambiental do territorio, e por tanto dos lugares da Rede Natura 2000. A necesidade de integrar espacialmente estes compoñentes, así como contar cunha visión de conxunto da Rede Natura 2000, fai preciso efectuar unha estruturación da información dentro dunha plataforma na que sexa posible combinar estes elementos e que permita a súa consulta e manexo. O instrumento resultante é o Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB) [http://inspire.xunta.es/siteb/acceso.php] (Ramil *et al*. 2008), que se constitúe como unha potente ferramenta para a análise da información e a obtención de resultados, co obxectivo de orientar e formular as actuacións de xestión dos Espazos Naturais, sen esquecer a potencialidade deste sistema para achegar información ambiental ao público en xeral ao permitir o acceso dende internet. Neste proceso, adquire un papel relevante, a dispoñibilidade de mapas de hábitats elaborados con criterios cartográficos e ecolóxicos coherentes, e a unha escala de detalle axeitada ás dimensións do espazo e á propia representación espacial dos tipos de hábitats. A súa carencia, supliuse coa realización dunha cartografía dixital a partir de fotointerpretación de orto-imaxes en cor, validando a devandita interpretación posteriormente no campo.

7.1 Metodoloxía de Valoración Ambiental

No contexto do Plan que aquí se presenta, exponse unha ferramenta para a avaliación ambiental dos lugares da Rede Natura 2000 en Galicia. Os principais antecedentes da metodoloxía de valoración proposta xorden co desenvolvemento da Directiva Hábitat. Por unha parte, esta Directiva inclúe unha serie de criterios de valoración da biodiversidade na Rede Natura 2000, polos que se avalía a importancia dos lugares que a integran para os hábitats e especies de interese comunitario que albergan. Estes criterios recóllense no seu Anexo III e desenvólvense nunha documentación elaborada pola Comisión Europea (1995). Esta avaliación foi un elemento fundamental para a clasificación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e para a súa futura designación como Zonas de Especial Conservación (ZEC). Mediante esta valoración da biodiversidade da Rede Natura 2000 establécese a importancia relativa dos lugares que compoñen en función do valor que estes teñen para o mantemento e conservación dos tipos de hábitats e especies de interese comunitario, en canto a que a presenza destes elementos é froito da historia biolóxica e ecolóxica ao longo do tempo do territorio.

Porén, mediante os criterios de avaliación do Anexo III da Directiva Hábitat non se efectúa unha valoración do estado de conservación dos tipos de hábitats e especies de interese comunitario, tanto polos criterios empregados, como pola escala da valoración, xa que esta restrinxíase á Rede Natura 2000. A obrigatoriedade por parte dos Estados membros da Unión Europea, de conformidade coa Directiva Hábitat, de avaliar o estado de conservación das especies e hábitats de interese comunitario en todo o territorio determinou a creación de criterios para levar a cabo esta tarefa (Comisión Europea, 2005, 2006). A avaliación do estado de conservación dos elementos de interese comunitario debe facerse cunha periodicidade de 6 anos, comezando coa realizada no período 2001-2006, que englobou a 25 países da Unión Europea e 11 rexións bioxeográficas, (sete terrestres e catro mariñas) nos que se avaliaron máis de 200 tipos de hábitats naturais e practicamente 1.200 especies (Comisión das Comunidades Europeas, 2009). Este traballo supuxo o maior esforzo sobre o estudo da biodiversidade na Unión Europea ata o momento, e en posteriores avaliacións poderase afondar na dinámica e no éxito de conservación da biodiversidade do territorio europeo.

A metodoloxía de valoración ambiental aplicada no presente Plan integra os criterios de avaliación que establece a Directiva Hábitat no Anexo III (Comisión Europea, 1995), así como os derivados da avaliación do estado de conservación dos tipos de hábitats e especies de interese comunitario na Unión Europea (Comisión Europea, 2005, 2006). Ademais esta metodoloxía emprega outra serie de índices ambientais xa utilizados previamente noutros estudos de valoración ambiental de espazos naturais (Rivas-Martínez *et al* 1993, Meaza 2000, Izco Sevillano & Ramil Rego 2001). Ao contrario das valoracións efectuadas a nivel europeo, esta metodoloxía está orientada directamente á xestión e planificación dos lugares da Rede Natura 2000, permitindo mediante a mesma unha correcta zonificación dos lugares, co obxectivo de determinar áreas e usos, así como avaliar a biodiversidade do territorio estudado. É unha valoración ambiental bioxeográfica, integral e multicriterio e, aínda que non é a súa principal función, permitirá no futuro o seguimento ambiental dos lugares da Rede Natura 2000 mediante avaliacións futuras e o seu estudo comparativo.

A dispoñibilidade dunha información global para toda a Rede Galega de Espazos Protexidos relativa á presenza de tipos de hábitats e especies de interese para a conservación e o emprego de Tecnoloxías de Información Xeográfica é unha parte fundamental da metodoloxía de valoración ambiental. Así, mediante este sistema obtense, por un lado, a diagnose e importancia para a conservación dos lugares da Rede Natura 2000 en base ás súas especies e hábitats consideradas de

interese para a conservación, e por outro, a cartografía de valoración ambiental dos diferentes espazos que compoñen a Rede Natura 2000 en Galicia.

As unidades cartográficas empregadas para efectuar a valoración ambiental corresponden a hábitats no sentido dado por Blondel (1979,1995), o que permite a súa integración con outras capas de información cartográfica (unidades paisaxísticas, unidades lito-estratigráficas, mapas de distribución de especies, etc), e ser empregadas como unidades básicas para a xestión e planificación do Espazo Natural, constituíndo polo tanto, Unidades Ambientais.

O seu desenvolvemento pode ser consultados no Anexo VII (Xeorreferenciación e valoración dos compoñentes da biodiversidade) do presente Plan, mentres que a aplicación desta metodoloxía inclúese nos anexos referidos aos Espazos Naturais (Anexos IV, V e VI). Ademais, grazas á páxina web do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB) [http://inspire.xunta.es/siteb/acceso.php], é posible visualizar os resultados da avaliación ambiental incluíndo a posibilidade de visualización dinámica da cartografía de unidades ambientais, hábitats e valoración mediante un visor cartográfico propio.

O esquema metodolóxico de valoración ambiental empregado neste Plan constrúese en tres niveis de análise. Con iso preténdese obter un procedemento homoxéneo que permita obter a valoración integral dun Espazo Natural e dos seus compoñentes clave, e que á vez xere criterios obxectivos para establecer a súa zonificación. O primeiro nivel corresponde á "Valoración absoluta das unidades ambientais" [V1], establecida para o conxunto da Rede Natura 2000, a partir de criterios de carácter ecolóxico, cultural e económico das distintas unidades ambientais do territorio. A partir desta valoración e tendo en conta a importancia do lugar para os tipos de hábitats e especies, e o grao de conservación das unidades ambientais de cada Espazo Natural obtense a "Valoración ambiental do Espazo Natural" [V2]. O terceiro nivel da valoración incide a nivel das unidades cartográficas presentes en cada Espazo Natural, é dicir da representación territorial das unidades ambientais "Valoración relativa das unidades cartográficas" [V3], obtendo así un mapa de valoración do espazo natural.

VALORACIÓN AMBIENTAL				
V1	Valoración absoluta das unidades ambientais	RN	EN	Map
V1a	Valoración Ecolóxica da unidade ambiental	●		
V1b	Valoración Cultural da unidade ambiental	●		
V1c	Valoración Económica da unidade ambiental	●		
V1	Cálculo da valoración absoluta das UA	●		
V2	Valoración ambiental do Espazo Natural	RN	EN	Map
V2a	Valor do lugar para a conservación dos hábitats		●	
V2b	Valor do lugar para a conservación das especies		●	
V2c	Valoración relativa das unidades ambientais do lugar		●	●
V3	Valoración relativa das unidades cartográficas	RN	EN	Map
V3a	Valor de conservación da tesela		●	
V3b	Valor de Impacto da tesela		●	
V3	Cálculo da valoración relativas das teselas		●	●

Valoración establecida para o conxunto da Rede Natura 2000 [RN]. Valoración independente de cada Espazo Natural [EN]. Representación cartográfica da valoración [Map].

Táboa 35.- Índices empregados para o cálculo da valoración ambiental.

7.2 Valoración da Rede Natura 2000 de Galicia

De acordo cos obxectivos da metodoloxía de valoración ambiental, establécese a súa aplicabilidade a aqueles tipos de unidades de carácter natural e seminatural, xunto con aquelas que están vinculadas cos sistemas de aproveitamento e explotación dos recursos biolóxicos, excluíndo polo tanto en boa medida as relacionadas coa explotación de recursos xeolóxicos (canteiras, minas), os elementos construtivos e infraestruturas, as áreas perturbadas temporalmente e os depósitos de lixo.

Unha serie de unidades ambientais presentan a peculiaridade de sufriren algún tipo de perturbación ou transformación, o que se reflicte na subunidade que se lle asigna á unidade cartografada durante a elaboración da cartografía ambiental do territorio. Nestes casos estímase oportuno establecer unha valoración diferencial das diferentes subunidades ambientais que se poden presentar. O número total de unidades e subunidades ambientais a avaliar é de 75, excluíndose desta valoración ata 12 unidades ambientais.

A modo de resumo dos resultados da valoración, das 75 unidades e subunidades ambientais avaliadas no primeiro nivel da valoración [V1], unicamente 7 acadaron o valor máis alto, é dicir o 9%, mentres que outras 50 obtiveron un valor de conservación alto supoñendo máis da metade do conxunto de unidades ambientais (66%). Por outra parte, con valor de conservación medio atópanse 6 unidades, con valor baixo 5 e con valor moi baixo 7.

A clase cun Valor máis elevado, Valor de conservación Moi alto [V1=5], correspóndelle a 7 das 75 unidades e subunidades avaliadas. Delas 4 vincúlanse con medios de augas mariñas ou continentais; Augas mariñas próximas á costa (<10 m de profundidade) UA111, Esteiros UA120, Augas estancadas UA210 e Augas correntes UA220. Outras 2 correspóndense con grandes unidades territoriais dominadas por bosques naturais e seminaturais, Grandes superficies de complexos de bosques antigos UA410 e Bosques seminaturais de *Castanea sativa* (42501-0101) UA425(1). A última unidade ambiental cun valor de conservación Moi alto corresponde á paisaxe rural tradicional, Mosaico rural con viñedos en sucalcos UA533.

No entanto, o valor ambiental Moi baixo [V1=1] corresponde a 9 unidades ambientais, entre as que se inclúen practicamente todas as unidades relacionadas coas plantacións forestais, as grandes superficies agrícolas intensivas, integradas no grupo Paisaxe rural transformada UA600, e as Áreas de uso recreativo ou deportivo UA850.



Figura 39.- ZEPA Costa de Ferrolterra-Valdoviño.

Unidades Ambientais

Código	Unidade Ambiental		Tipo Hábitat principal
UA100	**Hábitats mariños e costeiros**		
UA110	Augas mariñas profundas afastadas da costa (>10 m de profundidade)	⊙	
UA111	Augas mariñas próximas á costa (< 10 m de profundidade)	⊙	
UA120	Esteiros	⊙	
UA130	Marismas	⊙	
UA140	Lagoas costeiras e litorais	⊙	
UA141	Grandes superficies de carrizais litorais	⊙	
UA150	Praias	⊙	
UA151	Dunas costeiras activas	⊙	
UA152	Depresións intradunares húmidas	⊙	
UA153	Dunas remontantes	⊙	
UA154	Sistemas dunares fosilizados	⊙	
UA160	Morfoloxías rochosas eulitorais	⊙	
UA161	Acantilados costeiros	⊙	
UA162	Pendentes e depósitos costeiros alzados	⊙	
UA200	**Humidais continentais**		
UA210	Augas estancadas	⊙	
UA220	Augas correntes	⊙	
UA230	Turbeiras de cobertor	⊗	
UA230(1)	Turbeiras de cobertor activas	⊙	(23001-01)
UA230(2)	Turbeiras de cobertor non activas transformadas a prados	⊙	(23002-01)
UA230(3)	Turbeiras de cobertor non activas transformadas a plantacións	⊙	(23002-02)
UA240	Turbeiras altas	⊗	
UA240(1)	Turbeiras altas activas	⊙	(24001-01)
UA240(2)	Turbeiras altas non activas transformadas a prados	⊙	(24002-01)
UA240(3)	Turbeiras altas non activas transformadas a plantacións	⊙	(24002-02)
UA250	Turbeiras baixas	⊙	
UA260	Bosques húmidos	⊙	
UA261	Formacións de galería dominadas por especies invasoras	⊙	
UA270	Matogueiras húmidas continentais	⊙	
UA280	Herbazais continentais húmidos de gran porte	⊙	
UA281	Herbazais húmidos de mediano porte	⊙	
UA300	**Matogueiras e medios rochosos**		
UA310	Grandes superficies de queirogais	⊙	
UA311	Grandes superficies de matogueiras de leguminosas inermes	⊙	
UA312	Grandes superficies de matogueiras subesclerófilas	⊙	
UA320	Matogueiras e medios rochosos silíceos	⊙	
UA321	Matogueiras e medios rochosos serpentínicos	⊙	
UA322	Matogueiras e medios rochosos calcarios	⊙	
UA323	Matogueiras e medios rochosos ultrabásicos	⊙	
UA350	Matogueiras e medios rochosos orófilos	⊙	
UA400	**Bosques naturalis e seminaturais**		
UA410	Grandes superficies de complexos de bosques antigos	⊙	
UA411	Grandes superficies de bosques antigos	⊙	
UA420	Bosques de carballos caducifolios	⊗	
UA420(1)	Bosques de carballos caducifolios	⊙	(42001-0101)
UA420(2)	Bosques abertos ou perturbados de carballos caducifolios	⊙	(42001-0102)
UA421	Bosques de sobreiras e carballos caducifolios	⊗	
UA421(1)	Bosques de sobreiras e carballos caducifolios	⊙	(42101-0101)
UA421(2)	Bosques abertos ou perturbados de sobreiras e carballos caducifolios	⊙	(42101-0102)
UA421(3)	Sobreirais	⊙	(42101-0103)
UA422	Bosques de bidueiros	⊗	
UA422(1)	Bosques de bidueiros	⊙	(42201-0101 - 42201-0102)
UA422(2)	Bosques abertos ou perturbados de bidueiros	⊙	(42201-0103 - 42201-0104)
UA423	Bosques de faia	⊙	
UA424	Bosques de aciñeiras	⊗	
UA424(1)	Bosques de aciñeiras	⊙	(42401-0101)
UA424(2)	Bosques abertos ou perturbados de aciñeiras	⊙	(42401-0102)
UA425	Bosques seminaturais de *Castanea sativa*	⊗	
UA425(1)	Bosques seminaturais de *Castanea sativa*	⊙	(42501-0101)
UA425(2)	Bosques abertos ou perturbados seminaturais de *Castanea sativa*	⊙	(42501-0102)
UA425(3)	Cultivos sexetais debaixo de formacións de *Castanea sativa*	⊙	(42501-0103)
UA426	Bosques de teixo	⊙	
UA427	Bosques de barranco	⊙	
UA428	Bosques de acivro	⊙	

Unidade ambiental ou subunidade ambiental avaliable [⊙] Unidade ambiental non avaliada [◈].
Unidade ambiental non avaliada, avaliándose as subunidades incluidas na mesma [⊗]

Táboa 36. Unidades e subunidades ambientais.

Unidades Ambientais

Código	Unidade Ambiental		Tipo Hábitat principal
UA500	**Paisaxe rural tradicional**		
UA510	Mosaico rural de pequenas parcelas pechadas	⊙	
UA520	Mosaico rural con emparrados, labradíos e prados	⊙	
UA530	Mosaico rural con campos sen sebes	⊙	
UA531	Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas	⊙	
UA532	Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbóreas	⊙	
UA533	Mosaico rural con viñedos en sucalcos	⊙	
UA540	Mosaico rural de áreas de montaña	⊙	
UA550	Pequenos humidais seminaturais de uso extensivo	⊙	
UA600	**Paisaxe rural transformada**		
UA610	Grandes superficies agrícolas intensivas en regadío	⊙	
UA620	Grandes superficies agrícolas intensivas sen regadío	⊙	
UA630	Piñeirais	⊙	
UA631	Eucaliptais	⊙	
UA632	Plantacións forestais de especies autóctonas	⊙	
UA633	Plantacións forestais de ximnospermas alóctonas	⊙	
UA634	Plantacións forestais de anxiospermas alóctonas	⊙	
UA699	Formacións de especies invasoras	⊙	
UA700	**Humidais artificiais**		
UA710	Grandes encoros	⊙	
UA711	Pequenos encoros	⊙	
UA800	**Áreas urbanas e industriais**		
UA810	Núcleos de poboación	◈	
UA820	Construcións de uso agrícola, forestal e de acuicultura	◈	
UA830	Construcións de uso industrial ou comercial	◈	
UA840	Portos, aeroportos e ferrocarrís (non vías de comunicación)	◈	
UA850	Áreas de uso deportivo, recreativo ou dotacional	⊙	
UA860	Explotacións mineiras	◈	
UA870	Construcións, explotacións e dependencias abandonadas	◈	
UA880	Vertedeiros e depósitos de lixo	◈	
UA890	Áreas perturbadas temporalmente	◈	
UA900	**Viais e liñas de abastecemento**		
UA910	Vías terrestres de comunicación	◈	
UA911	Vías e paseos recreativos	⊙	
UA920	Liñas de abastecemento de enerxía	◈	
UA930	Infraestruturas de abastecemento e xestión de auga	⊙	

Unidade ambiental ou subunidade ambiental avaliable [⊙] Unidade ambiental non avaliada [◈]. Unidade ambiental non avaliada, avaliándose as subunidades incluídas na mesma [⊗]

Táboa 37. Unidades e subunidades ambientais.




Figura 40. Valoración absoluta ordenada das unidades ambientais avaliables.

No tocante ao valor do lugar para os elementos de interese para a conservación [V2a e V2b], avaliouse a importancia dos lugares da Rede Natura 2000 para o conxunto de tipos de hábitats de interese comunitario de acordo á mellor información dispoñible, obténdose así unha avaliación global Excelente para o 25 % dos casos, un 56 % Boa e un 19 % Significativa. Do total de especies avaliadas e recollidas na Directiva Aves (DC 2009/147/CE), na Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) e nos Catálogos Español e Galego de Especies Ameazadas, o 85 % dos casos acadaron unha avaliación global Significativa, o 12 % Boa, o 1 % Excelente e o 2 % Non Significativa.

Con respecto a estes valores cabe sinalar que os resultados máis altos (Excelente e Bo) da importancia do lugar para a especie restrínxense, de acordo as criterios do Anexo III da Directiva Hábitat (Comisión Europea, 1995), a aqueles lugares que albergan poboacións importantes da especie a avaliar con respecto á poboación nacional, ou que contribúan significativamente á diversidade xenética da especie. Esta situación non é moi frecuente para o conxunto de especies avaliadas en Galicia, restrinxíndose na maioría dos casos a endemismos ou lugares concretos que teñen unha importante representación dunha especie no ámbito español. Hai que ter en conta que ao tratarse dunha avaliación relativa entre os lugares da Rede Natura 2000, con criterios de ámbito nacional e europeo, destacarán aquelas especies máis singulares. No entanto, os criterios que atinxen aos tipos de hábitats de interese comunitario non son tan restritivos como aos das especies.




Figura 41.- Resultados globais da avaliación do valor do lugar para a conservación dos tipos de hábitats e especies

De entre os lugares da Rede Natura 2000 cun maior valor para a conservación dos tipos de hábitats destacan o LIC Os Ancares - O Courel, 25 tipos con avaliación Excelente; a ZEPA Ancares con 23, e o LIC Complexo húmido de Corrubedo e a ZEPA Complexo litoral de Corrubedo con 18. Pola súa contra e tendo en consideración o valor do lugar para a conservación das especies, sitúase en primeiro lugar o LIC Serra do Xistral con 9 avaliacións Excelente, o LIC Parga-Ladra-Támoga con 8 e o LIC Fragas do Eume e LIC Costa Ártabra con 7.

Globalmente, tendo en conta os elementos de interese para a conservación para os que un lugar ten un valor Excelente ou Bo, cabe destacar o lugar da Área de Montaña LIC Os Ancares-O Courel con 82 elementos, os lugares da Área Litoral LIC Costa Ártabra con 71 e LIC Complexo Ons-O Grove con 69, e dentro do grupo de Humidais e Corredores Fluviais destacaría o LIC Parga-Ladra-Támoga con 58 elementos de interese para a conservación nas categorías citadas.

Pódese acceder a unha análise máis detallada destes resultados nos anexos correspondentes aos Espazos Naturais (Anexos IV, V e VI), así como na páxina web do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB) [http://inspire.xunta.es/siteb/acceso.php]




Figura 42. Relación de Hábitats de interese comunitario e Especies de interese para a conservación nos lugares Natura 2000 para os que estes obteñen unha avaliación global ou importancia Excelente ou Boa.

Da aplicación do terceiro nivel da metodoloxía de valoración ambiental, é dicir a Valoración relativa das unidades cartográficas [V3], obtense como resultado unha serie de mapas de todos os lugares da Rede Natura 2000, onde se representa o valor ambiental do territorio en función dos parámetros avaliados. Esta cartografía incluída nos anexos relativos aos Espazos Naturais (Anexos IV, V e VI), pódese consultar na páxina web do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB) [http://inspire.xunta.es/siteb/acceso.php]. Como resumo preséntase a continuación unha análise global dos resultados obtidos que tamén se poden consultar no Anexo VII Xeorreferenciación e valoración dos compoñentes da biodiversidade.

Atendendo aos datos da Valoración relativa das Unidades Cartográficas obsérvase como do territorio da Rede Natura 2000 o 27,3% obtén un valor de conservación Moi Alto, o que supón ao redor de130.000 ha. Algo máis do dobre desta superficie, 261.189 ha., presentan un valor de conservación Alto. Sumando estas dúas clases de valor o resultado acádese o 82,2% de superficie da Rede Natura coas clases de valor de conservación máis elevadas. O 17,8% da superficie restante distribúese maioritariamente na clase de valor Medio, co 8,5%, é dicir 40.589 ha., deixando a clase de valor Baixo co 3,8% da superficie e con valor de conservación Moi Baixo o 4,7%.

Valoración relativa das Unidades Cartográficas [V3]			
		Superficie (ha)	Porcentaxe
	[A] Moi alto	129.681,59	27,3%
	[B] Alto	261.189,94	54,9%
	[C] Medio	40.589,08	8,5%
	[D] Baixo	17.938,62	3,8%
	[E] Moi baixo	22.568,71	4,7%
	[F] Non avaliable	3.672,24	0,8%
Total		336.564,54	100,0%

Táboa 38. Reparto superficial da Valoración relativa das Unidades Cartográficas [V3] nos lugares da Rede Natura 2000.




Figura 43. Reparto superficial da Valoración relativa das Unidades Cartográficas [V3] nos lugares da Rede Natura 2000

Reparto superficial da Valoración relativa das unidades cartográficas [V3]

Rede Natura 2000




Figura 44. Reparto superficial en porcentaxe da Valoración relativa das Unidades Cartográficas nos lugares Natura 2000

7.3 Indicadores ambientais

No presente Plan establécense unha serie de indicadores e métodos de análise que permiten efectuar ao organismo competente en materia de conservación da natureza, con arranxo ao Artigo 47 da Lei 42/2007, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, unha vixilancia periódica para levar a cabo un adecuado seguimento e monitorización do estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade do territorio, debendo axustarse ás condicións das Directivas 2009/147/CE e 92/43/CEE. Para acadar o anterior no presente Plan propóñense unha serie de indicadores e métodos de análise, que se desenvolven no punto 3 "Indicadores de biodiversidade" do Anexo VII "Xeorreferenciación e valoración dos compoñentes da biodiversidade", e que se diferencian en indicadores de biodiversidade propiamente ditos, e indicadores de sostibilidade.

Entre o conxunto de indicadores de biodiversidade que poden ser tomados en conta, existen por unha parte os indicadores mundiais. Entre estes cabe salientar o Índice do Planeta Vivente (LPR) (Groombridge & Jenkins 2000, Loh 2000) e a Pegada Ecolóxica (EF) (Wackernagel & Rees 1996).

Con todo, na actualidade cobran maior relevancia os indicadores ambientais derivados do CDB, debido sobre todo ao apoio de institucións internacionais. Tomando como punto de partida o marco de traballo creado na Sétima Reunión das Partes do Convenio da Diversidade Biolóxica, COP7, creábase o programa EEA SEBI 2010. No ano 2007 publicábase o listado definitivo de indicadores no Informe Técnico 11/2007 da EEA. O listado comprende un total de 26 indicadores, que abranguen diferentes niveis bióticos e abióticos, e que son de aplicación na Rede Natura 2000 e na Rede de Reservas da Biosfera.

Asimesmo, no Anexo III da DC 92/43/CEE establécense os criterios de selección dos lugares que forman parte da Rede Natura 2000 en función da avaliación dos tipos de hábitats naturais, así como das especies de interese para a conservación. Ditos criterios foron incorporados ao marco lexislativo estatal a través do Anexo III da Lei 42/2007.

Na actualidade existen numerosas propostas de sistemas de indicadores de sostibilidade que integran, unha serie de variables que permite avaliar de forma periódica o grao de desenvolvemento sostible do territorio. Isto é posible incluíndo parámetros de diferentes eidos como cultura, poboación, enerxía, turismo, agricultura, transporte, solo, etc. Entre os indicadores mundiais de sostibilidade cabe salientar o Índice de Sostibilidade Ambiental (ESI), o Índice do Estado da Biodiversidade (BSI), o Índice de Coñecemento da Biodiversidade (BKI), o Índice de Tendencia da Biodiversidade (BTI), o Índice de Medidas de Conservación (CAI), o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

A nivel estatal cobran unha importancia capital, por unha parte, o Banco Público de Indicadores Ambientais (BPIA), composto por un total de 68 indicadores ambientais que se estruturan dentro dun sistema dividido en 14 áreas. Por outra banda, estaría o sistema de indicadores do Observatorio da Sostibilidade en España (OSE), que son publicados anualmente no Informe Sostibilidade en España, e que no último dos informes anuais incluía un total de 165 indicadores de sostibilidade, estruturados en 26 capítulos que á súa vez se atopan organizados en 6 grandes bloques.

Dende un punto de vista autonómico, o SIAM (Sistema de Información Ambiental de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) establece á súa vez unha serie de indicadores autonómicos de sostibilidade de acordo aos criterios da OCDE, a EEA e o MARM. Este conxunto de indicadores está estruturado en 6 grupos, entre os cales consta un relativo á biodiversidade.

8. Zonificación da Rede Natura 2000

8 Zonificación da Rede Natura 2000

A Lei 9/2001 establece a necesidade de que os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais conteñan unha zonificación do Espazo Natural, entendida esta como a delimitación de diferentes áreas para as que se designan limitacións xerais e específicas derivadas de necesidades de conservación de espazos e das especies.

O Plan Director da Rede de Parques Nacionais de España, aprobado por Real Decreto 1803/1999, do 27 de novembro (BOE 297, 13/12/1999), deseña para a ordenación e xestión un sistema de 5 zonas diferenciadas polo grao de protección dos compoñentes da biodiversidade e por unha diferente regulación das actividades e aproveitamentos dos recursos naturais.

Plan Director de Parques Nacionais	
PDPN-1	Zona de reserva
Zona pechada ao uso público. Non está permitida a libre circulación de vehículos e persoas. Tan só poderá accederse, logo de autorización, por motivos científicos ou de manexo de medio natural	
PDPN-2	Zona de uso restrinxido
Acceso público regulado mediante permisos. Non se poden abandonar os sendeiros sinalados, salvo naqueles casos autorizados pola Administración do Parque	
PDPN-3	Zona de uso moderado
Admítese o acceso con vehículos. Trátase dunha área capaz de soportar o recreo ao aire libre e actividades interpretativas	
PDPN-4	Zonas de asentamentos tradicionais
Ante a circunstancia atípica da existencia dun núcleo de poboación dentro dun parque, e coa finalidade de compatibilizar os obxectivos do parque cun desenvolvemento urbano razoable e controlado e coa pervivencia dun estilo de vida tradicional, poderase establecer unha zona de asentamentos tradicionais que inclúa aqueles núcleos e as áreas habitadas por poboación non dispersa, incluíndo as súas zonas de servizos ou áreas de cultivo.	
PDPN-5	Zona de uso especial
Alberga as construcións e servizos esenciais para a administración do Parque e os visitantes.	

Táboa 39.- Zonas incluídas no Plan Director de Parques Nacionais (RD 1803/1999).

8.1 Zonificación do Plan Director

No presente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, adóptase un sistema xerarquizado de zonas, como ferramenta básica para a planificación e xestión dos compoñentes da biodiversidade co fin de asegurar os obxectivos de conservación e uso sostible dos recursos naturais en de cada espazo protexido e no conxunto da Rede Natura 2000. As zonas propostas constitúen unha adaptación das designadas no Plan Director de Parques Nacionais, adaptadas ás características territoriais, socio-económicas e aos valores de conservación da Rede Natura 2000 en Galicia.

Unidades de zonificación		
Código	Nome da zona	Descrición
Zona 1	Área de protección	Usos tradicionais compatibles
Zona 2	Área de conservación	Aproveitamento ordeado dos recursos naturais
Zona 3	Área de uso xeral	Asentamentos e núcleos rurais

Táboa 40.- Tipos de zonas empregadas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

A zonificación establecida no presente Plan Director considérase como complementaria naqueles espazos naturais protexidos que posúen instrumentos específicos de planificación e xestión de acordo coa Lei 9/2001 e coa Lei 42/2007 (Plan de Ordenación dos Recursos Naturais, Plan Reitor de Uso e Xestión, Plan de Conservación), os cales conten xa cunha zonificación establecida. A correspondencia entre as distintas unidades realizarase en virtude dos criterios establecidos nos mencionados plans para a definición de cada zona e en coherencia cos propios obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, e especialmente ao abeiro do artigo 28.2 da Lei 42/2007, modificado polo Real Decreto-Lei 17/2012.

No presente Plan Director, a Área de Protección (Zona 1) estrutúrase sobre territorios cun valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 2009/147/CE, especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas).

A configuración destas zonas e, consecuentemente, a súa biodiversidade está ligada ao mantemento dos usos tradicionais compatibles que posúen un elevado grao de compatibilidade co mantemento dos compoñentes, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas.

A Área de Conservación (Zona 2) inclúe territorios cun valor de conservación alto e medio, cunha porción variable de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, que mostran, xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario, ou ben, unha porción significativa das áreas prioritarias das especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación. Diferéncianse, non obstante, porque estas unidades se integran nun territorio cun nivel importante de humanización, no que existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.

As zonas 2 están intimamente relacionadas coa existencia e desenvolvemento de pequenos asentamentos rurais de carácter tradicional, incluíndo tanto as vivendas como as construcións vinculadas a este tipo de actividade, cuxa distribución espacial vertebrou, ao longo da historia, a configuración da paisaxe destas zonas e, en consecuencia, a súa biodiversidade.

Nestas áreas regúlanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha mingua ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación, co obxectivo fundamental de conseguir o aproveitamento ordeado dos recursos naturais.

A Área de Uso Xeral (Zona 3), abrangue territorios cun valor de conservación medio ou baixo nos que predominan os medios seminaturais cunha reducida naturalidade e medios sinantrópicos desvinculados, na maioría dos casos, dos sistemas de explotación tradicional dos recursos naturais. Inclúense tamén dentro desta zona as áreas cun importante nivel de urbanización, igualmente afastado dos parámetros que caracterizan os asentamentos e núcleos rurais tradicionais, así como grandes áreas destinadas ao uso público. A xestión destas zonas debe orientarse a evitar a fragmentación e o illamento das zonas de maior valor.

Na Zona 3 inclúense, por tanto, os territorios que nos instrumentos ou plans urbanísticos vixentes, adaptados e conformes á normativa estatal e autonómica en materia de ordenación do territorio e urbanismo, teñan a cualificación e delimitación de solo de núcleo rural ou de solo urbano consolidado. Asimesmo, tamén abrangue as zonas de dominio público das infraestruturas de comunicación de titularidade estatal, autonómica, provincial ou local.

En consecuencia, na planificación de cada espazo protexido, a Zona 3 debe ser capaz de absorber a maior parte das actividades de carácter recreativo, co fin de reducir a presión destas sobre as áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fraxilidade.



Figura 45.- O territorio ocupado polo “solo de núcleo rural” inclúese na Zona-3 (Área de Uso Xeral).

8.2 Zonificación existente noutros espazos

O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) do Parque Nacional das Illas Atlánticas, así como os dos Parques Naturais existentes en Galicia, posúen xa unha zonificación específica. O Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o PORN das Illas Atlánticas de Galicia (DOG 209, 28/10/1999), elaborado para o ámbito territorial dos arquipélagos de Cíes, Ons e Sálvora, así como o Decreto 88/2002, do 7 de marzo (DOG 62, 01/04/2002), polo que se aproba o PORN do Espacio Natural da Illa de Cortegada e o seu contorno, contemplan unha zonificación tanto para o medio terrestre como mariño do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia acorde cos criterios fixados no Plan Director de Parques Nacionais. As áreas de maior interese para a conservación repártense entre as zonas de reserva, zonas de uso restrinxido, e as zonas de uso moderado. Mentres que as áreas ocupadas por edificacións existentes e polas propias instalacións do parque se individualizan respectivamente nunha zona de edificacións existentes, equiparable á zona de asentamentos tradicionais do Plan Director de Parques Nacionais, e unha zona de uso especial.

O PORN do Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, (Decreto 148/1992, DOG 114, 16/06/1992), delimita catro zonas, tres delas corresponden ás áreas de maior valor, sistema dunar, incluída a duna móbil, as marismas e medios lagunares, e cunha importante representación de hábitats prioritarios e de especies de interese para a conservación. Zonas que poderían equipararse a unha zona de uso restrinxido segundo a tipoloxía do Plan Director de Parques Nacionais ou coa Zona 1 (Área de Protección) do presente Plan Director. A cuarta zona do Parque Natural, designada como zona perimetral, equivalería a unha zona de uso moderado e no presente Plan a unha Zona 2 (Área de Conservación).

O PORN do Parque Natural do Invernadeiro (Decreto 166/1999. DOG 106, 4/06/1999), inclúe tres unidades: unha zona de reserva integral, equiparable nas súas características e condicións de uso á Zona 1 establecida no Plan Director, e dúas zonas con diferente grao de usos que se equipararían a unha Zona 2 (Área de Conservación).

O Parque Natural de Monte Aloia, inclúe no seu PORN (Decreto 274/2001, DOG 205. 23/10/2001), unha zonificación con catro unidades, unha zona de uso xeral, e tres zonas (uso turístico e recreativo, uso forestal, uso limitado) que poden ser equivalentes a unha Zona 2 (Área de Conservación).

O Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, efectúa no seu PORN (Decreto 77/2002. DOG 55, 18/04/2002) unha zonificación en catro unidades que seguen as recoñecidas no Plan Director de Parques Nacionais (zona de reserva, zona de uso restrinxido, zona de uso moderado, zona de uso xeral).

A zonificación do Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés fíxase no seu PORN (Decreto 64/2009, DOG 61, 30/03/2009; modificado polo Decreto 401/2009, DOG 212, 29/10/2009). A correspondencia das unidades establecidas no devandito documento coas do Plan Director de Parques Nacionais (RD 1803/1999) e coas establecidas no presente Plan é case directa, xa que a ZPDG-A correspóndese cunha Zona 1 (Área de Protección), mentres que pola contra as ZPDG-B e ZPDG-C se equiparan coa Zona 2 (Área de Conservación), e finalmente a ZPDG-D correspóndese a unha Zona 3 (Área de uso xeral).

A situación descrita para o Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés, é bastante diferente á do Parque Natural das Fragas do Eume, xa que as zonas establecidas neste pouco teñen que ver coas

contempladas no Real Decreto 1803/1999, polo que se aproba o Plan Director de Parques Nacionais. O PORN do Parque Natural das Fragas do Eume (Decreto 211/1996. DOG 110, 05/06/1996), delimita seis zonas, tres de maior nivel de conservación (zona de reserva natural, zona de fragas, zonas de rede fluvial). As outras tres unidades de zonificación corresponden a territorios con menores valores de conservación e que albergan importantes aproveitamentos dos recursos forestais e agrícolas (zona de matogueiras e pasteiros, zona de repoboacións, zona agropecuaria), que poden ser correlacionadas cunha Zona 2 (Área de Conservación).

Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia	
PNIA-1	Zona de reserva
	Na que non se permitirá, con carácter xeral, o acceso dos visitantes, e as actuacións e usos limitaranse ás directamente vinculadas coa investigación, seguimento e recuperación dos seus valores ambientais.
PNIA-2	Zona de uso restrinxido
	Onde o acceso e desprazamentos dos visitantes estarán permitidos, aínda que sometidos a certas limitacións, e poderán desenvolverse usos tradicionais con restricións específicas.
PNIA-3	Zona de uso moderado
	Na que o mantemento das actividades tradicionais e o desenvolvemento do uso público dentro dos límites son compatibles coa conservación dos valores ambientais existentes nela.
PNIA-4	Zona de uso especial
	Ocupadas por infraestruturas e instalacións permanentes dedicadas á xestión do parque.
PNIA-5	Zona de edificacións existentes
	Integrada polos núcleos de poboación e as áreas lindantes directamente relacionadas con eles.

Táboa 41.- Zonificación do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia segundo o PORN das Illas Atlánticas (Decreto 274/1999, DOG 209, 28/10/1999) e o PORN da Illa de Cortegada e o seu contorno (Decreto 88/2002, DOG 62, 01/04/2002).



Figura 46.- Na Zona de Reserva do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia non se permite, con carácter xeral, o acceso aos visitantes, limitando o resto de actuacións e usos.

Paque Natural do Complexo dunar de Corrubedo

PNCC-1 Area litoral (Zona-1)

Define esta zona a franxa costeira comprendida entre ou núcleo urbano de Corrubedo e punta Corbeiro, incluíndo ás praias de Corrubedo, Lagoa e Anguieira, xunto co complexo dunar adxacente.

PNCC-2 Duna móbil (Zona-2)

Formada polo grande cordón dunar activo de orientación NE-SW

PNCC-3 Lagoas e marismas (Zona-3)

Comprende esta zona ás lagoas de Carregal e Vixán e ás marismas circundantes, incluíndo no caso da lagoa de Vixán, o cordón dunar e o tramo de praia que a separa do mar.

PNCC-4 Perimetral (Zona-4)

Abrangue esta zona os terreos destinados na actualidade fundamentalmente a pastos, cultivo e bosque que, sen estaren comprendidos en ningunha das zonas descritas anteriormente, se atopan dento dos límites do espazo.

Táboa 42.- Zonificación do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Cerregal e Vixán segundo o Plan de Ordenación dos Rercursos Naturais. (Decreto 148/1992, DOG 114, 16/06/1992)

Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés

ZPDG-A Zona de interese prioritario para a conservación

Estrutúrase sobre territorios cun valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario, ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do Anexo I da DC 2009/147/CE, especies incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas). A configuración destas zonas, e consecuentemente a súa biodiversidade, está ligada ao mantemento de modelos tradicionais de aproveitamento dos recursos naturais que posúen un elevado grao de compatibilidade co mantemento dos compoñentes, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas

ZPDG-B Zona de uso restrinxido

Territorios cun valor de conservación alto ou moi alto, cunha porción significativa de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, mostrando xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario., ou ben, unha porción significativa de núcleos poboacionais de especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación. Diferenciándose, non obstante, por que estas unidades intégranse nun espazo cun nivel importante de humanización, no que existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.

ZPDG-C Zona de uso moderado

Territorios con valor de conservación medio. Son áreas xeralmente en mosaico, nas que en conxunto predominan medios antrópicos e seminaturais, entre estes últimos atopan un importante número de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional. As zonas de uso moderado poden albergar ademais pequenas áreas configuradas por hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben, poboacións de especies silvestres de flora e fauna tipificadas legalmente como protexidas ou ameazadas a nivel internacional, comunitario, nacional ou autonómico.

ZPDG-D Zona uso xeral

Territorio cun valor de conservación medio ou baixo na que predominan os medios seminaturais, cunha reducida naturalidade, e medios sinantrópicos, desvinculados na maioría dos casos, dos sistemas de explotación tradicional dos recursos naturais. Inclúense tamén dentro da zona de uso xeral, as áreas cun importante nivel de urbanización, igualmente afastado dos parámetros que caracterizan os asentamentos tradicionais, así como grandes áreas destinadas ao uso público. A xestión destas zonas debe orientarse a evitar a fragmentación e o illamento das zonas de maior valor.

Táboa 43.- Zonificación do Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurês segundo o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (Decreto 64/2009. DOG 61, 30/03/2009, modificado polo Decreto 401/2009, DOG 212, 29/10/2009).

Parque Natural das Fragas do Eume

PNFE-1 Zona de reserva natural

Comprende as áreas de maior valor ecolóxico, posuíndo elementos ou valores xeolóxicos, zoolóxicos e botánicos raros, ameazados, singulares ou catalogados que configuran enclaves de alta fraxilidade e moi baixa capacidade de admisión de impactos. O seu destino principal é a conservación e restauración dos valores naturais

PNFE-2 Zona de fragas

Está constituída polas superficies ocupadas por bosques seriais antigos ou antropizados. Posúe un alto valor natural, pero as súas características de fraxilidade e capacidade de admisión de impactos permiten garantir a persistencia do recurso mediante un o seu aproveitamento ordenado

PNFE-3 Zonas de rede fluvial

As masas de auga existentes na superficie de aplicación do plan ocupan un total de 406,14 hectáreas

PNFE-4 Zonas de matogueiras e pasteiros

Comprende aquelas extensións ocupadas por matogueiras ou pasteiros que representan un estado intermedio da serie de vexetación climática dominante na área fitoxeográfica. Esta zona ten grande valor estratéxico de conservación, xa que por unha parte posúe valores ambientais importantes en función da existencia duns recursos naturais singulares e por outra contribúe ao sustento da cabana gandeira existente

PNFE-5 Zonas de repoboacións

Inclúe as superficies ocupadas maioritariamente con especies forestais non seriais. Entre as súas utilidades están priorizadas as de índole produtiva, ao estar constituída de modo principal por piñeirais e eucaliptais

PNFE-6 Zona agropecuaria

Nas devanditas unidades as utilidades obtidas son netamente agrarias ou gandeiras. Posúe unha única norma zonal de regulación de uso e aproveitamento que establece a orientación xeral dirixida á promoción e desenvolvemento da economía rural a través de os respectivos plans e programas de acción sectorial, primándose as accións respectuosas co medio e a participación nos obxectivos de promoción e desenvolvemento do sistema rural, posta en valor dos seus recursos e potencialidades, fomentando accións encamiñadas á creación de emprego, incremento do valor engadido final e mellora da calidade de vida xeral en concordancia coa conservación da zona.

Táboa 44.- Zonificación do Parque Natural das Fragas do Eume segundo o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (Decreto 211/1996. DOG 110, 05/06/1996)

Parque Natural do Invernadoiro

PNMI-1 Zona de reserva integral

Prohíbese a circulación de vehículos de motor, agás para ou persoal propio do parque natural, ou naqueles casos nos que sexa de necesidade para a salvagarda dos valores naturais do parque. O acceso a pé queda permitido unicamente ou persoal propio do parque natural e aos investigadores, ou en casos de evidente necesidade para a súa defensa. Poderanse desenvolver actividades de investigación. E non esta permitida a colleita de material biótico ou abiótico.

PNMI-2 Zona de protección especial

Prohíbese a circulación de vehículos de motor, agás para ou persoal propio do parque natural, ou naqueles casos nos que sexa de necesidade para a salvagarda dous valores naturais do parque. O acceso a pé queda permitido unicamente ó persoal propio do parque natural e aos investigadores. Pemítese a retirada de material vexetal, a reintrodución de especies de fauna,

PNMI-3 Zona de uso público restrinxido

Regulase o uso de vehículos e ou acceso a pé. Permítense ás repoboacións forestais, os tratamentos selvícolas, e os aproveitamentos con criterios para masas protectoras tendentes á restauración do bosque autóctono, do bosque mixto e, en último caso, á persistencia das masas arbóreas existentes.

Táboa 45.- Zonificación do Parque Natural do Invernadoiro segundo o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (Decreto 166/1999. DOG 106, 4/06/1999)

Parque Natural de Monte Aloia

PNMA-1 Zona de uso limitado

Teñen esta consideración aquelas áreas que conteñen os principais valores naturais do Parque Natural, entre os que se inclúen as zonas de rochedos graníticos existentes en posicións culminantes; os regatos e ribeiras fluviais, delimitados por unha franxa de 20 m a cada lado do curso fluvial; os arboredos de especies autóctonas inseridas nas masas de Pinus pinaster; e aquelas ladeiras cubertas de forma predominante por mato con escasa o nula cobertura arbórea, e non aptas para o aproveitamento forestal.

PNMA-2 Zona de uso forestal

Delimitaranse e incluiranse nestas zonas aquelas superficies do Parque Natural que atópanse sometidas a un aproveitamento forestal ordenado e que mostran a necesaria aptitude para elo. Tamén inclúense aquí as zonas marxinais do Parque onde desenvólvense cultivos tradicionais con carácter marxinal.

PNMA-3 Zona de uso turístico e recreativo

Son espacios con certos valores naturais e paisaxísticos, que constitúen lugares de estancia, recreo e espallamento ó aire libre de modo compatible coa conservación da natureza e a educación ambiental. Inclúense baixo esta denominación aquelas áreas do Parque Natural cun alto interese recreativo, xa que reúnen condicións idóneas para este uso, entre as que destacan a presencia de auga, sombra, topografía suave e boa accesibilidade.

PNMA-4 Zona de uso xeral

Teñen esta consideración aquelas áreas con importantes alteracións de orixe antrópico dentro do recinto do Parque Natural. Inclúense nesta zona as vías principais de comunicación, que teñen como finalidade básica o fluxo de vehículos e visitantes, significando sectores cunha forte presión de uso polo público; as áreas urbanizadas con edificacións e as instalacións deportivas de uso intensivo (campos de fútbol e campo de tiro).

Táboa 46.- Zonificación del Parque Natural de Monte Aloia según el Plan de Ordenación de los Recursos Naturales (Decreto 2741/2001, DOG 205. 23/10/2001)

Parque Natural de Serra da Enciña da Lastra

PNEL-1 Zona de reserva

Son aquelas áreas que requiren un alto grao de protección por albergar os maiores valores naturais, científicos e paisaxísticos, así como pola singularidade dos seus hábitats, especies e comunidades.

PNEL-2 Zona de uso restrinxido

Constituída por áreas que presentan un elevado grao de naturalidade e que poden soportar un certo nivel de uso público, orientado á investigación, educación e interpretación ambiental e á contemplación da natureza de forma controlada. Garantirase a conservación íntegra dos recursos e valores que encerran, ó tempo que permitiranse determinados aproveitamentos tradicionais.

PNEL-3 Zona de uso moderado

Esta categoría inclúe terreos onde as formacións naturais, xeralmente de mediana calidade e singularidade, soportaron un maior grao de humanización, ou ben presentan unha boa capacidade para soportar un uso público mais intenso. Nestas zonas permitirase a práctica de usos agropecuarios e aproveitamentos tradicionais.

PNEL-4 Zona de uso xeral

Son aquelas áreas que presentan unha menor calidade dentro do espacio natural protexido. Poderán utilizarse para o emprazamento de instalacións de uso público.

Táboa 47.- Zonificación del Parque Natural da Serrra da Enciña da Lastra según el Plan de Ordenación de los Recursos Naturales (Decreto 77/2002. DOG 55, 18/04/2002)

Zonificación do Parque Nacional e dos Parques Naturais

Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Zonas	PNIA-1	PNIA-2	PNIA-3	PNIA-4	PNIA-5
Superficie (ha)	564,4	1.475,4	6.425,4	11,5	19,0
Porcentaxe	6,6	17,4	75,6	0,1	0,2

Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

Zonas	PNCC-1	PNCC-2	PNCC-3	PNCC-4
Superficie (ha)	371,0	53,1	227,1	344,9
Porcentaxe	37,2	5,3	22,8	34,6

Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés

Zonas	ZPDG-A	ZPDG-B	ZPDG-C	ZPDG-D
Superficie (ha)	8.630,8	9.941,8	9.973,7	797,9
Porcentaxe	29,4	33,9	34,0	2,7

Parque Natural das Fragas do Eume

Zonas	PNFE-1	PNFE-2	PNFE-3	PNFE-4	PNFE-5	PNFE-6
Superficie (ha)	350,6	3.097,5	407,0	3.175,1	1.147,5	949,1
Porcentaxe	3,8	33,9	4,5	34,8	12,6	10,4

Parque Natural do Invernadeiro

Zonas	PNMI-1	PNMI-2	PNMI-3
Superficie (ha)	1.113,8	2.136,6	2.451,6
Porcentaxe	19,5	37,5	43,0

Parque Natural do Monte Aloia

Zonas	PNMA-1	PNMA-2	PNMA-3	PNMA-4
Superficie (ha)	152,1	504,2	100,6	13,8
Porcentaxe	19,7	65,4	13,1	1,8

Parque Natural de Serra da Enciña da Lastra

Zonas	PNEL-1	PNEL-2	PNEL-3	PNEL-4
Superficie (ha)	145,3	1.164,8	1.764,8	76,7
Porcentaxe	4,6	37,0	56,0	2,4

Táboa 48.- Zonificación do Parque Nacional das Illas Atlánticas e dos Parques Naturais de Galicia.

8.3 Zonificación da Rede Natura 2000 de Galicia

A superficie de medios mariños e terrestres comprendida polo Parque Nacional das Illas Atlánticas e os Parques Naturais abarca as 57.795,1 ha, das cales 51.565,5 ha forman parte da Rede Natura 2000 ao ser designadas como Lugar de Importancia Comunitario e/ou como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

En consecuencia, da superficie ocupada polos Parques Naturais e o Parque Nacional, existe unha área de 6.029,6 ha que non forma parte da Rede Natura 2000, repartida entre o Parque Nacional das Illas Atlánticas (3.688 ha repartidas entre as augas mariñas dos arquipélago de Cíes e Ons, unha pequena parte das augas do arquipélago de Sálvora e todo o arquipélago de Cortegada), o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra (1.409,6 ha) e do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés (932 ha incluídas na ampliación do Parque Natural segundo o Decreto 401/2009).

Pola contra, os Parques Naturais restantes (Fragas do Eume, Monte Aloia, O Invernadeiro, Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán) coinciden plenamente ou se integran dentro dun ou varios (LIC e/ou ZEPA) espazos protexidos da Rede Natura 2000.

Naquelas áreas dos espazos protexidos Rede Natura 2000 que forman parte de Parques Naturais ou do Parque Nacional, a zonificación establecida nos seus correspondentes instrumentos de planificación (PORN, PRUX) foi adoptada no presente Plan establecendo as correspondencias necesarias coa zonificación establecida neste documento. Deste xeito, a zonificación establecida no presente Plan Director considérase como complementaria coa establecida nos instrumentos específicos de planificación e xestión de acordo coa Lei 9/2001 e coa Lei 42/2007, e especialmente abeiro do artigo 28.2 da Lei 42/2007, modificado polo Real Decreto-Lei 17/2012.

Zonificación da Rede Natura 2000 de Galicia			
Código	Nome da zona	Superficie	Porcentaxe
Zona 1	Área de protección	102.721,0 ha	26,4 %
Zona 2	Área de conservación	263.310,2 ha	67,6 %
Zona 3	Área de uso xeral	23.534,7 ha	6,0 %

Táboa 49.- Superficie e porcentaxe ocupadas na Rede Natura 2000 de Galicia polas unidades de zonificación establecidas no presente Plan.

Das 51.565,5 ha dos Parques Naturais e do Parque Nacional que se atopan dentro dos espazos protexidos da Rede Natura 2000, a maior parte destes territorios (un 62,9%, 32.432,6 ha) inclúese, de acordo aos seus instrumentos de planificación e xestión, dentro de categorías de zonificación que se corresponden coa Zona 2 (Área de Conservación) establecida no presente Plan, mentres que en áreas consideradas análogas á descrición da Zona 1 (Área de Protección) incluiríase un 36,6 % (18.897,9 ha) destes territorios. Soamente o 0,5 % (235 ha) das áreas da Rede Natura 2000 dentro dos parques inclúese en zonas asimilables á Zona 3 (Área de Uso Xeral).

Para os territorios restantes da Rede Natura 2000, non incluídos no Parque Nacional nin nos Parques Naturais (338.000,4 ha), efectuouse a súa zonificación no presente Plan, de xeito que se complementa á existente nos territorios que contan con instrumentos de planificación e xestión (Parques Nacional e Parques Naturais). A superficie incluída dentro da Zona 1 (Área de Protección), ascende a 83.823,1 ha (un 24,8 % dos territorios da Rede Natura 2000 fora dos parques), mentres

que a maior parte foi incluída dentro da Zona 2 (Área de Conservación), con 230.877,6 ha, o que representa o 68,3 % do territorio considerado. Finalmente, dentro da Zona 3 (Área de Uso Xeral) incluíronse un total de 23.299,7 ha, o que supón o 6,9%.

En consecuencia, como resultado do presente Plan disponse dunha zonificación homoxénea da totalidade (389.565,9 ha) dos espazos protexidos Rede Natura 2000 (LIC e ZEPA) de Galicia, a cal provén de integrar as zonificacións establecidas nos territorios do Parque Nacional e dos Parques Naturais que forman parte da Rede Natura 2000 (51.565,5 ha), coa establecida no presente Plan para o resto de superficies da Rede Natura 2000 (338.000,4 ha). A superficie ocupada pola Zona 1 (Área de Protección) ascende a 102.721,0 ha, o que supón algo máis dunha cuarta parte (26,4 %) dos territorios da Rede Natura 2000. A Zona 2 (Área de Conservación) é a zona de maior representatividade superficial, con un total de 263.310,2 ha, o que supón algo máis de dous terzos (67,6 %) da superficie ocupada polos espazos protexidos Rede Natura 2000 en Galicia. Finalmente, a Zona 3 (Área de Uso Xeral) ocupa unha superficie de 23.534,7 ha, o que representa o 6% do ámbito territorial do presente documento.



Figura 47.- Os ecosistemas que albergan un maior valor de conservación inclúense dentro da Zona 1 (Área de Protección)..




Figura 48.- Proporción das categorías de zonificación nos territorios do Parque Nacional e dos Parques Naturais que forman parte da Rede Natura 2000 (superficie total 51.565,5 ha).




Figura 49.- Proporción das categorías de zonificación nos territorios da Rede Natura 2000 non incluídos no Parque Nacional ou nos Parques Naturais (superficie total 338.000,4 ha).




Figura 50.- Proporción das categorías de zonificación no conxunto total da Rede Natura 2000 de Galicia (superficie total 389.565,9 ha)

Zonificación da Rede Natura en Galicia: ZEPA

Código	ZEPA	Superficie (ha)		
		Zona 1	Zona 2	Zona 3
ES0000001	Illas Cíes	656,8 ha	327,7 ha	5,8 ha
ES0000085	Ribadeo	139,5 ha	398,0 ha	76,2 ha
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	877,1 ha	1.070,6 ha	1.077,6 ha
ES0000087	Complexo intermareal Umia-O Grove	960,8 ha	1.156,2 ha	695,5 ha
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	2.568,1 ha	5.394,2 ha	0,0 ha
ES0000254	Illa de Ons	678,3 ha	228,7 ha	16,8 ha
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	563,1 ha	3.702,4 ha	0,0 ha
ES0000313	Complexo Litoral de Corrubedo	626,9 ha	344,5 ha	0,0 ha
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	144,8 ha	2.024,0 ha	0,0 ha
ES0000373	Ría de Foz	110,4 ha	434,0 ha	19,3 ha
ES0000374	Ancares	7.866,6 ha	4.789,2 ha	0,0 ha
ES0000375	Esteiro do Miño	1.106,3 ha	563,8 ha	18,0 ha
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	8.737,0 ha	22.344,1 ha	175,1 ha
ES0000436	A Limia	0,0 ha	6.939,2 ha	0,0 ha
ES0000437	Pena Trevinca	11.798,7 ha	10.654,0 ha	58,3 ha
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	1.051,5 ha	713,9 ha	21,7 ha

Táboa 50.- Zonificación (valores en ha) das ZEPA de Galicia.

Zonificación da Rede Natura en Galicia: ZEPA

Código	ZEPA	Porcentaxe		
		Zona 1	Zona 2	Zona 3
ES0000001	Illas Cíes	66,3 %	33,1 %	0,6 %
ES0000085	Ribadeo	22,7 %	64,9 %	12,4 %
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	29,0 %	35,4 %	35,6 %
ES0000087	Complexo intermareal Umia-O Grove	34,2 %	41,1 %	24,7 %
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	32,3 %	67,7 %	0,0 %
ES0000254	Illa de Ons	73,4 %	24,8 %	1,8 %
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	13,2 %	86,8 %	0,0 %
ES0000313	Complexo Litoral de Corrubedo	64,5 %	35,5 %	0,0 %
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	6,7 %	93,3 %	0,0 %
ES0000373	Ría de Foz	19,6 %	77,0 %	3,4 %
ES0000374	Ancares	62,2 %	37,8 %	0,0 %
ES0000375	Esteiro do Miño	65,5 %	33,4 %	1,1 %
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	27,9 %	71,5 %	0,6 %
ES0000436	A Limia	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES0000437	Pena Trevinca	52,4 %	47,3 %	0,3 %
ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	58,8 %	40,0 %	1,2 %

Táboa 51.- Zonificación (porcentaxe en superficie) das ZEPA de Galicia.

Zonificación da Rede Natura en Galicia: LIC

Código	LIC	Superficie (ha)		
		Zona 1	Zona 2	Zona 3
ES1110001	Ortigueira-Mera	1.561,7 ha	1.228,5 ha	1.077,6 ha
ES1110002	Costa Ártabra	4.803,3 ha	2.742,3 ha	0,0 ha
ES1110003	Fragas do Eume	3.448,1 ha	5.678,7 ha	0,0 ha
ES1110004	Encoro de Abegondo-Cecebre	0,0 ha	209,4 ha	319,2 ha
ES1110005	Costa da Morte	4.793,2 ha	7.016,1 ha	0,0 ha
ES1110006	Complexo húmido de Corrubedo	1.753,2 ha	7.497,2 ha	12,4 ha
ES1110007	Betanzos-Mandeo	403,4 ha	593,2 ha	23,5 ha
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	711,4 ha	3.962,4 ha	0,0 ha
ES1110009	Costa de Dexo	0,0 ha	346,5 ha	0,0 ha
ES1110010	Estaca de Bares	834,5 ha	0,0 ha	17,0 ha
ES1110011	Esteiro do Tambre	429,3 ha	1.136,7 ha	15,5 ha
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	272,2 ha	814,1 ha	9,4 ha
ES1110013	Xubia-Castro	0,0 ha	2.074,2 ha	0,0 ha
ES1110014	Serra do Careón	1.391,6 ha	2.782,7 ha	2.487,3 ha
ES1110015	Río Anllóns	0,0 ha	156,5 ha	5,4 ha
ES1110016	Río Tambre	0,0 ha	583,2 ha	0,0 ha
ES1120001	Os Ancares – O Courel	16.064,3 ha	71.602,8 ha	14.965,1 ha
ES1120002	Río Eo	145,6 ha	781,2 ha	76,2 ha
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	3.219,3 ha	837,5 ha	881,6 ha
ES1120004	A Marronda	1.239,0 ha	0,0 ha	0,0 ha
ES1120005	As Catedrais	95,9 ha	200,9 ha	0,6 ha
ES1120006	Carballido	2.103,2 ha	2.724,6 ha	0,0 ha
ES1120007	Cruzul-Agüeira	651,6 ha	0,0 ha	0,0 ha
ES1120008	Monte Faro	0,0 ha	2.723,1 ha	265,0 ha
ES1120009	Monte Maior	0,0 ha	749,5 ha	497,7 ha
ES1120010	Negueira	315,6 ha	3.927,0 ha	304,3 ha
ES1120011	Ría de Foz-Masma	126,8 ha	497,1 ha	19,3 ha
ES1120012	Río Landro	84,9 ha	42,3 ha	0,0 ha
ES1120013	Río Ouro	21,7 ha	65,3 ha	21,9 ha
ES1120014	Canón do Sil	0,0 ha	5.595,2 ha	318,8 ha
ES1120015	Serra do Xistral	15.534,5 ha	7.429,0 ha	0,0 ha
ES1120016	Río Cabe	0,0 ha	1.786,9 ha	0,0 ha
ES1120017	Costa da Mariña occidental	175,8 ha	315,5 ha	0,0 ha
ES1130001	Baixa Limia	8.737,0 ha	24.905,1 ha	175,1 ha
ES1130002	Macizo Central	11.923,9 ha	34.730,6 ha	328,5 ha
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	1.612,1 ha	371,7 ha	0,0 ha
ES1130004	Pena Veidosa	0,0 ha	2.321,0 ha	0,0 ha
ES1130005	Río Támega	251,8 ha	374,5 ha	4,2 ha
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	0,0 ha	159,7 ha	0,0 ha
ES1130007	Pena Trevinca	13.329,5 ha	11.507,9 ha	58,3 ha
ES1130008	Pena Maseira	0,0 ha	5.707,7 ha	0,0 ha
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	1.051,5 ha	713,9 ha	21,7 ha
ES0000001	Illas Cíes	656,8 ha	327,7 ha	5,8 ha
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	673,6 ha	959,6 ha	0,0 ha
ES1140002	Río Lérez	0,0 ha	149,4 ha	0,0 ha
ES1140003	A Ramallosa	0,0 ha	81,1 ha	10,9 ha
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	1.644,8 ha	5.139,1 ha	822,7 ha
ES1140005	Monte Aloia	0,0 ha	766,9 ha	15,9 ha
ES1140006	Río Tea	0,0 ha	356,4 ha	0,0 ha
ES1140007	Baixo Miño	1.192,9 ha	1.541,3 ha	136,7 ha
ES1140008	Brañas de Xestoso	238,4 ha	838,7 ha	0,0 ha
ES1140009	Cabo Udra	0,0 ha	620,5 ha	2,5 ha
ES1140010	Costa da Vela	142,8 ha	1.276,0 ha	0,0 ha
ES1140011	Gándaras de Budiño	463,7 ha	259,1 ha	4,3 ha
ES1140012	Illas Estelas	14,5 ha	697,1 ha	13,7 ha
ES1140013	Serra do Candán	0,0 ha	10.699,0 ha	0,0 ha
ES1140014	Serra do Cando	0,0 ha	5.458,2 ha	0,0 ha
ES1140015	Sobreirais do Arnego	331,0 ha	764,6 ha	27,9 ha
ES1140016	Enseada de San Simón	0,0 ha	1.629,5 ha	588,7 ha

Táboa 52.- Superficies de zonificación dos LIC de Galicia.

Zonificación da Rede Natura en Galicia: LIC

		Porcentaxe		
Código	LIC	Zona 1	Zona 2	Zona 3
ES1110001	Ortigueira-Mera	40,4 %	31,8 %	27,8 %
ES1110002	Costa Ártabra	63,7 %	36,3 %	0,0 %
ES1110003	Fragas do Eume	37,8 %	62,2 %	0,0 %
ES1110004	Encoro de Abegondo-Cecebre	0,0 %	39,6 %	60,4 %
ES1110005	Costa da Morte	40,6 %	59,4 %	0,0 %
ES1110006	Complexo húmido de Corrubedo	18,9 %	81,0 %	0,1 %
ES1110007	Betanzos-Mandeo	39,5 %	58,2 %	2,3 %
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	15,2 %	84,8 %	0,0 %
ES1110009	Costa de Dexo	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1110010	Estaca de Bares	98,0 %	0,0 %	2,0 %
ES1110011	Esteiro do Tambre	27,1 %	71,9 %	1,0 %
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	24,8 %	74,3 %	0,9 %
ES1110013	Xubia-Castro	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1110014	Serra do Careón	20,9 %	41,8 %	37,3 %
ES1110015	Río Anllóns	0,0 %	96,7 %	3,3 %
ES1110016	Río Tambre	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1120001	Os Ancares – O Courel	15,6 %	69,8 %	14,6 %
ES1120002	Río Eo	14,5 %	77,9 %	7,6 %
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	65,2 %	17,0 %	17,8 %
ES1120004	A Marronda	100,0 %	0,0 %	0,0 %
ES1120005	As Catedrais	32,2 %	67,6 %	0,2 %
ES1120006	Carballido	43,6 %	56,4 %	0,0 %
ES1120007	Cruzul-Agüeira	100,0 %	0,0 %	0,0 %
ES1120008	Monte Faro	0,0 %	91,1 %	8,9 %
ES1120009	Monte Maior	0,0 %	60,1 %	39,9 %
ES1120010	Negueira	6,9 %	86,4 %	6,7 %
ES1120011	Ría de Foz-Masma	19,7 %	77,3 %	3,0 %
ES1120012	Río Landro	66,8 %	33,2 %	0,0 %
ES1120013	Río Ouro	19,9 %	59,9 %	20,1 %
ES1120014	Canón do Sil	0,0 %	94,6 %	5,4 %
ES1120015	Serra do Xistral	67,6 %	32,4 %	0,0 %
ES1120016	Río Cabe	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1120017	Costa da Mariña occidental	35,8 %	64,2 %	0,0 %
ES1130001	Baixa Limia	25,8 %	73,6 %	0,5 %
ES1130002	Macizo Central	25,4 %	73,9 %	0,7 %
ES1130003	Bidueiral de Montederramo	81,3 %	18,7 %	0,0 %
ES1130004	Pena Veidosa	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1130005	Río Támega	39,9 %	59,4 %	0,7 %
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1130007	Pena Trevinca	53,5 %	46,2 %	0,2 %
ES1130008	Pena Maseira	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	58,8 %	39,9 %	1,2 %
ES0000001	Illas Cíes	66,3 %	33,1 %	0,6 %
ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	41,2 %	58,8 %	0,0 %
ES1140002	Río Lérez	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1140003	A Ramallosa	0,0 %	88,1 %	11,9 %
ES1140004	Complexo Ons-O Grove	21,6 %	67,6 %	10,8 %
ES1140005	Monte Aloia	0,0 %	98,0 %	2,0 %
ES1140006	Río Tea	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1140007	Baixo Miño	41,6 %	53,7 %	4,8 %
ES1140008	Brañas de Xestoso	22,1 %	77,9 %	0,0 %
ES1140009	Cabo Udra	0,0 %	99,6 %	0,4 %
ES1140010	Costa da Vela	10,1 %	89,9 %	0,0 %
ES1140011	Gándaras de Budiño	63,8 %	35,6 %	0,6 %
ES1140012	Illas Estelas	2,0 %	96,1 %	1,9 %
ES1140013	Serra do Candán	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1140014	Serra do Cando	0,0 %	100,0 %	0,0 %
ES1140015	Sobreirais do Arnego	29,5 %	68,0 %	2,5 %
ES1140016	Enseada de San Simón	0,0 %	73,5 %	26,5 %

Táboa 53.- Zonificación (porcentaxe da superficie) dos LIC de Galicia.

9. Medidas de xestión

9 Medidas de xestión

O Decreto 13/2012, de 4 de xaneiro (DOG 4, 05/01/2012), establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos seus distintos departamentos, de acordo coa Lei 16/2010, de 17 de decembro (DOG 251, 31/12/2010) e ao abeiro da Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG 23, 21/03/1983), modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG 208, 28/10/1988), reguladora da Xunta e do seu Presidente. O Decreto 44/2012, de 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 16, 24/01/2012), dispón no seu artigo primeiro, que a devandita consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que engloba as competencias de conservación da natureza, conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución Española.

De acordo cos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, e unha vez identificados os principais compoñentes e valores de cada un dos espazos naturais, así como as principais afeccións e ameazas, procédense a definir os obxectivos e directrices que se adoptarán na ordenación dos usos e das actividades a desenvolver nos espazos obxecto do presente Plan. A orientación principal da ordenación será o mantemento nun estado de conservación favorable da biodiversidade dos espazos e, en especial, dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies protexidas existentes neles. As necesidades de conservación e restauración deberán compatibilizarse cos aproveitamentos tradicionais, cuxo mantemento é fundamental para garantir o desenvolvemento das comunidades que viven neste territorio. Para a súa consecución, o presente Plan apóiase nos seguintes instrumentos:

1) Unha zonificación do territorio comprendido pola Rede Natura 2000, de carácter homoxéneo para o conxunto da rede de espazos, a partir da cal se definen as diferentes medidas de xestión que condicionen os usos, aproveitamentos e actuacións en cada unha delas.

2) Unha regulación de usos e actividades, co fin de garantir os obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, propostos pola DC 92/43/CEE e a DC 2009/147/CE, así como na normativa de ámbito estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001). Regulación que se establece de forma xenérica para todo o ámbito dos espazos protexidos Rede Natura 2000 ou ben de forma específica para as diferentes unidades territoriais fixadas na zonificación do espazo.

O presente Plan articula as directrices e normativas de xestión en tres niveis. O primeiro nivel corresponde á normativa xeral de ordenación e xestión, que marca os obxectivos xerais de conservación dos espazos protexidos Rede Natura 2000 (contemplando os correspondentes aos LIC e ZEPA), así como o desenvolvemento das actuacións nos devanditos espazos protexidos e das políticas sectoriais que incidan sobre estes e sobre os seus valores. As normas xerais elabóranse a partir dos obxectivos e criterios orientadores derivados da normativa comunitaria (DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE, DC 2009/147/CE), estatal (Lei 9/2006, Lei 42/2007, Real decreto lexislativo 1/2008) e autonómica (Lei 9/2001, Lei 9/2002, Lei 7/2008), así como criterios propios relativos á exclusión ou, no seu caso, regulación de determinadas actividades.

Nun segundo nivel desenvólvese a normativa xeral para cada un dos compoñentes que conforman os espazos protexidos Rede Natura 2000, definindo, en consecuencia, obxectivos, directrices e normas de aplicación das principais actividades e proxectos elaboradas a partir da lexislación sectorial vixente. A normativa por compoñentes inclúe un primeiro grupo denominado "medio físico", no que se integran a atmósfera, a xea, os ecosistemas subterráneos, as augas continentais e as augas e recursos mariños. Nun segundo grupo inclúense os compoñentes da biodiversidade, que abranguen a paisaxe, os hábitats e as especies, facendo un tratamento independente para cada un dos subgrupos dentro dos dous últimos. Finalmente, inclúese a normativa xeral dos usos agropecuarios e forestais, do urbanismo e ordenación territorial, das infraestruturas e obras, do uso público e actividades deportivas, dos compoñentes culturais e das actividades científicas e de monitoraxe.

A formulación das normativas de ordenación e xestión, en relación con plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, puidesen provocar unha afección significativa sobre a integridade do espazo ou dos seus compoñentes, realízase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE (Directiva Hábitat) e do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, así como pola propia normativa de impacto ambiental. Isto permite incrementar a seguridade xurídica de certas actividades e, en concreto, daquelas de carácter tradicional, vinculadas ao sector primario (agricultura, gandería, montes, pesca, marisqueo, etc.), promovéndose aquelas de carácter sostible.

O terceiro nivel vén marcado pola normativa zonal, de modo que para cada unha das unidades de zonificación contempladas no Plan, e delimitadas no conxunto de espazos protexidos Rede Natura 2000 en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade, proponse un réxime de ordenación e xestión específico, que responde, en consecuencia, ás diferentes necesidades de conservación e xestión e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais.

Os posibles usos e aproveitamentos dos recursos naturais terán a consideración de permitidos, autorizables e non permitidos en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a súa declaración.

> Considérase uso permitido calquera actividade compatible cos obxectivos da declaración dos espazos protexidos, como integrantes da Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000. Pode, polo tanto, desenvolverse sen limitacións especiais, ben na súa totalidade, ou ben nas áreas onde a categoría de zonificación así o permita.
>
> Considérase uso autorizable, aquel uso que, baixo determinadas condicións, é compatible con obxectivos de conservación dos espazos naturais e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores. O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión, propoñendo, no seu caso, medidas preventivas e compensatorias, co fin de asegurar que a mencionada actividade non

alcance os límites establecidos no apartado 6.3 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

Dentro da categoría de uso autorizable inclúense tamén actividades (plans, proxectos, etc), que, sen ter unha relación directa coa xestión dos espazos da Rede Natura 2000 ou sen ser necesarias para esta, poidan afectar de forma significativa aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos. Estas actividades, de acordo co artigo 6.3 da DC 92/43/CEE, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os seus obxectivos de conservación.

A avaliación das repercusións sobre o espazo natural ou sobre os seus compoñentes clave (hábitats prioritarios, hábitats de interese comunitario, especies prioritarias, especies de interese comunitario, especies catalogadas como En Perigo de Extinción ou Vulnerables), e as resolucións do proceso avaliador realizarase en conformidade coas determinacións establecidas no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

O organismo competente en materia de conservación da natureza, só se declarará de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso permitido ou autorizable no presente Plan se deban someter á autorización de organismos da administración distintos do competente en materia de conservación da natureza, entenderase que estas entidades son as competentes para a expedición da autorización, se ben esta deberá supeditarse ás condicións establecidas para cada tipo de actividade con arranxo aos obxectivos do presente Plan e da propia Rede Natura 2000. En consecuencia, deberán ser comunicadas as solicitudes ao organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e, se así o especificase a normativa do presente Plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.

Non obstante, existe outro tipo de actividades incluídas na presente normativa que, de acordo aos contidos do presente Plan, pasan a ser autorizadas polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, en base ás atribucións do mesmo.

Considérase uso prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 e que, por conseguinte, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade dos espazos naturais ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

9.1 Medidas e normativa xeral

A normativa xeral de ordenación e xestión marca os obxectivos xerais de conservación dos espazos protexidos Rede Natura 2000 (contemplando os correspondentes aos LIC e ZEPA), así como o desenvolvemento das actuacións nos devanditos espazos protexidos e das políticas sectoriais que incidan sobre estes e sobre os seus valores. As normas xerais elabóranse a partir dos obxectivos e criterios orientadores derivados da normativa comunitaria (DC 2009/147/CE, DC 2011/92/UE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 9/2006, Lei 42/2007, Real decreto lexislativo 1/2008) e autonómica (Lei 9/2001, Lei 9/2002, Lei 7/2008), xunto con criterios propios relativos á exclusión ou, no seu caso, á regulación de determinadas actividades.

Medidas e normativa xeral

1. Obxectivos xerais de conservación

1.1. Obxectivos xerais para a Rede Natura 2000

1.0	Garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, ao tempo que se teñen en conta as esixencias económicas, sociais, culturais e rexionais, podendo en determinados casos requirir o mantemento, e mesmo o estímulo, de actividades humanas
2.0	Mantemento e, no seu caso, desenvolvemento dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres, como corredores fluviais, sistemas tradicionais de deslinde, ou as masas arboradas autóctonas, xa que resultan fundamentais na migración, na distribución xeográfica e no intercambio xenético das especies silvestres

1.2. Obxectivos xerais para os Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

1.0	Garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats de interese comunitario e dos hábitats das especies protexidas.
2.0	Garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, das especies de interese comunitario, así como das especies catalogadas, presentes nos espazos da Rede Natura 2000.
3.0	Promover a conservación e o uso racional das especies do Anexo V da DC 92/43/CEE, mediante a toma de medidas que garantan que a súa recollida na natureza ou a súa explotación son compatibles co mantemento das mesmas nun estado de conservación favorable.
4.0	Fomento da xestión dos elementos da paisaxe que xogan un papel esencial na conectividade e permeabilidade da biodiversidade, no marco das políticas de ordenación do territorio e de desenvolvemento e, especialmente, para mellorar a coherencia ecolóxica da Rede Natura 2000.

1.3. Obxectivos xerais para as Zonas de Especial Protección de Aves (ZEPA)

1.0	Propiciar e fomentar a conservación de todas as especies de aves silvestres que viven normalmente en estado salvaxe no territorio, de forma que se garanta a protección, a administración e a regulación das devanditas especies e da súa explotación.
2.0	Establecer medidas de conservación con respecto ás especies migratorias a chegada das cales sexa regular, tendo en conta as necesidades de protección na zona xeográfica marítima e terrestre no relativo ás súas áreas de reprodución, de muda e de invernada e ás zonas de descanso nas súas áreas de migración. Neste sentido, prestarase unha especial importancia ás zonas húmidas e moi especialmente ás de importancia internacional.
3.0	Evitar, dentro das ZEPA, a contaminación ou a deterioración dos hábitats así como as perturbacións que afecten ás aves, na medida en que teñan un efecto significativo respecto aos obxectivos do presente artigo. Fóra das devanditas zonas de protección tamén se fará un especial esforzo en evitar a contaminación ou a deterioración dos hábitats.

2. Directrices

1.0 A xestión dos espazos e compoñentes da Rede Natura 2000 terá como obxectivo alcanzar un nivel de protección elevado, tendo presente a diversidade de situacións existentes nos distintos espazos e territorios. Basearase nos principios de cautela e de acción preventiva. Cando haxa perigo de dano grave ou irreversible, a falta de certeza científica absoluta non deberá utilizarse como razón para postergar a adopción de medidas eficaces en función dos custos para impedir a degradación do medio ambiente.

2.0 Fomentarase a utilización dos compoñentes naturais do espazo dun modo e a un ritmo que non ocasione a diminución a longo prazo da biodiversidade, de modo que se aseguren as posibilidades de satisfacer as necesidades e as aspiracións das xeracións actuais e futuras.

3.0 Velarase polo mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas.

4.0 Velarase pola preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais e da paisaxe, evitando ou, no seu caso, minimizando a degradación destes por elementos ou construcións que supoñan un elevado impacto visual, derivado da súa localización, materiais empregados ou das relacións de texturas e cores utilizadas.

5.0 Daranse preferencia ás medidas de conservación, preservación e restauración dos hábitats naturais e seminaturais, facendo especial fincapé naqueles considerados como prioritarios ou de interese comunitario.

6.0 Daranse preferencia ás medidas de conservación, preservación e recuperación das especies silvestres de flora e fauna, facendo especial fincapé naquelas consideradas como protexidas por normativas internacionais, comunitarias, nacionais ou galegas.

7.0 Concederase prioridade ás especies de interese para a conservación, ás especies endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, así como ás especies de fauna migratoria.

8.0 Darase preferencia á conservación da diversidade xenética das poboacións silvestres de flora e fauna, así como ao mantemento ou, no seu caso, á recuperación de razas, variedades e cultivares tradicionais que formen parte dos sistemas tradicionais de aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal.

9.0 Evitarase a introdución e proliferación de especies, subespecies, razas xeográficas, ou organismos xeneticamente modificados, distintos dos autóctonos, na medida en que poidan competir con estes, alterar a súa pureza xenética ou provocar desequilibrios ecolóxicos sobre os hábitats naturais e seminaturais.

10.0 As actividades e actuacións que se desenvolvan no espazo natural buscarán o mantemento dos reservorios naturais de carbono existentes no espazo natural, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como unha maior eficiencia no gasto dos recursos renovables e no control integral dos residuos e produtos contaminantes.

11.0 Evitarase a realización de calquera tipo de actividade que poida supoñer un risco de contaminación das augas, tanto superficiais como subterráneas.

12.0 Manteranse as actividades e usos que sexan compatibles coa conservación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos naturais.

13.0 Mellorarase a calidade de vida dos habitantes do espazo natural mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sostible dos recursos naturais.

14.0 Elaborarase un programa de seguimento da realidade económica, sociolóxica e natural do espazo natural co fin de poder avaliar axeitadamente a repercusión de programas e proxectos sobre as características naturais do espazo.

15.0 Farase promoción do coñecemento dos valores naturais e culturais do espazo natural a través da coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

3. Alcance e ámbito de aplicación

1.0 O presente Plan prevalecerá sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física. As disposicións establecidas no presente Plan constituirán un límite para os devanditos instrumentos, non podendo alteralas ou modificalas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes.

Cando os instrumentos existentes de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física, resulten contraditorios co presente Plan deberán adaptarse a este. En tanto a devandita adaptación non teña lugar, as determinacións do Plan Director aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os devanditos instrumentos.

Así mesmo, o Plan Director será determinante respecto de calquera outras actuacións, plans ou programas sectoriais, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica. As actuacións, plans ou programas sectoriais só poderán contradicir ou non acoller o contido do Plan Director por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, que, para cada suposto concreto, sexan declaradas mediante unha lei ou mediante acordo, motivado e público, do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno da Xunta de

Galicia.

2.0 Os obxectivos, directrices e normativas do presente plan aplicaranse a todos os espazos naturais incluídos na actual configuración da Rede Natura 2000 de Galicia (LIC, ZEPA), establecida mediante o Decreto 72/2004, de 2 de abril (DOG 69, 12/04/2004, con corrección de erros no DOG 73, 16/04/2004), e cuxos límites físicos recóllense na Resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de 30 de abril de 2004 (DOG 95, 19/05/2004), así como no Decreto 131/2008, de 19 de xuño (DOG 124, 27/06/2008) e no Decreto 411/2009, de 12 de novembro (DOG 230, 24/11/2009, con corrección de erros no DOG 238, de 04/12/2009).

Mediante Decreto da Xunta de Galicia e a proposta do Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, aplicaranse os anteditos obxectivos, directrices e normativas ás áreas que resulten da ampliación dos espazos protexidos existentes, así como aos novos espazos da Rede Natura 2000. Dito procedemento incluirá a identificación e xeorreferenciación dos compoñentes do patrimonio natural, biodiversidade e xeodiversidade do novo espazo, así como o establecemento dunha zonificación acorde coas categorías establecidas no presente Plan. De ser necesario, poderá elaborarse unha normativa de carácter específico para o referido espazo protexido.

4. Exclusión de actividades na Rede Natura 2000

1.0 O territorio delimitado polo espazo protexido da Rede Natura 2000 considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades e aproveitamentos mineiros a ceo aberto. Non se permitirán novas actividades extractivas. Estas explotacións producen un impacto paisaxístico crítico, incompatible cos obxectivos de protección do espazo natural, dos seus hábitats naturais e das especies de interese para a conservación e, por outra parte, contan con mínimas posibilidades de restauración a curto ou medio prazo. Con carácter excepcional, a viabilidade das explotacións mineiras outorgadas ou solicitadas con anterioridade á entrada en vigor do presente plan, así como a ampliación das explotacións que se atopen en activo en dito momento, quedará supeditada a unha axeitada avaliación das súas repercusións ambientais.

2.0 O territorio delimitado polo espazo protexido da Rede Natura 2000 considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novos aproveitamentos industriais de:

- Enerxía eólica, con excepción dos proxectos de repotenciación, reparación ou reemprazo dos parques existentes, na forma que establece a normativa sectorial e unha vez verificada a súa compatibilidade mediante unha axeitada avaliación das súas repercusións ambientais.
- Enerxía hidroeléctrica, establecidos sobre cauces fluviais, con excepción dos proxectos de modernización, modificación, reparación ou reemprazo dos aproveitamentos hidráulicos existentes, así como tamén os que sexan necesarios para garantir a calidade do medio que os sustenta.
- Enerxía fotovoltaica, con excepción dos proxectos de modificación dos existentes.

2.1 Os proxectos de repotenciación, modificación, reparación, reemprazo, modernización ou ampliación dos aproveitamentos industriais de enerxía eólica, fotovoltaica ou hidroeléctrica existentes, que deberán desenvolverse de acordo aos instrumentos de planificación sectorial vixente, cando poidan supoñer unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos hábitats e das especies de interese para a conservación, someteranse a avaliación de impacto ambiental.

3.0 O territorio delimitado polo espazo natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades industriais, incompatibles cos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000.

5. Normativa xeral dos espazos da Rede Natura 2000

1.0 A normativa xeral e zonal establecida no presente plan considérase como subsidiaria e complementaria á existente nos instrumentos de planificación establecidos de acordo coa Lei 42/2007 e a Lei 9/2001. En caso de conflito entre distintas normativas, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza aplicará aquela que mellor garanta os obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, atendendo á xerarquía das mesmas.

2.0 As autorizacións outorgadas polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza formularanse de acordo co artigo 6 da DC 92/43/CEE (trasposto ao ordenamento xurídico español na Lei 42/2007) e en coherencia cos obxectivos e directrices recollidos no presente plan.

3.0 Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso permitido ou autorizable no presente plan se deban someter a autorización de calquera organismo da administración, enténdese que se ben estas entidades son as competentes para a expedición da autorización, esta deberá supeditarse previamente ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito do presente plan, polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza. En consecuencia, deberán comunicar ao organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza a solicitude e, se así o especificase a normativa do presente plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.

Usos permitidos

1.0 Con carácter xeral considéranse usos ou actividades permitidas aqueles de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do espazo natural e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin contemplados na normativa específica contida neste plan.

Usos autorizables

1.0 Todas aquelas actividades directamente relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ou con outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, ou ben que poidan ser obxectivamente consideradas como accións positivas de primordial importancia para o medio ambiente, sempre que cumpran co disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE.

2.0 Considéranse usos autorizables, aqueles usos que, baixo determinadas condicións e tras a obtención das correspondentes autorizacións dos organismos ou administracións competentes, así como a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, poden ser executados ao ser considerados compatibles cos obxectivos de conservación do espazo e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores.

O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión, propoñendo, no seu caso, medidas preventivas e compensatorias, co fin de asegurar que a mencionada actividade non alcance os límites establecidos no apartado 6.3 da DC 92/43/CEE.

3.0 Dentro da categoría de uso autorizable inclúense tamén actividades que, sen ter unha relación directa coa xestión do espazo natural ou sen ser necesarias para esta, poidan afectar de forma significativa ao citado lugar, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos. Estas actividades, de acordo co artigo 6.3 da DC 92/43/CEE, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os seus obxectivos. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 6.4 da mencionada directiva, o organismo competente en materia de conservación da natureza, só se declarará de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, debera realizarse un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde (que, para cada suposto concreto, sexan declaradas mediante unha lei ou mediante acordo, motivado e público, do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno da Xunta de Galicia), incluídas razóns de índole social ou económica, as Administracións públicas competentes en materia de conservación da natureza, de acordo co artigo 6.4 da DC 92/43/CEE (artigo 45 da Lei 42/2007), tomarán cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global da Rede Natura 2000 quede protexida.

4.0 Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades permitidas ou autorizables no presente Plan se deban someter á autorización de organismos da administración distintos do competente en materia de conservación da natureza, entenderase que ditas entidades son as competentes para a expedición da autorización, se ben esta deberá supeditarse previamente ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito do presente plan, polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza. En consecuencia, deberán ser comunicadas as solicitudes ao organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e, se así o especificase o presente Plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.

Non obstante, existe outro tipo de actividades incluídas na presente normativa que, de acordo aos contidos do presente Plan, pasan a ser autorizadas polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, en base ás atribucións do mesmo.

Usos prohibidos

1.0 Considérase uso prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 e que, por conseguinte, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

6. Fomento de actividades socioeconómicas

1.0 O territorio delimitado polo espazo natural e a súa área de influencia socioeconómica considéranse como áreas preferentes para o desenvolvemento daquelas actividades socioeconómicas de carácter tradicional, coherentes e respectuosas cos obxectivos de conservación. A Xunta de Galicia promoverá nestes territorios as seguintes actividades:

a) Actividades vinculadas coa explotación racional dos recursos naturais

Agricultura
Gandería
Silvicultura
Pesca – Marisqueo - Acuicultura
Pequenas industrias, non contaminantes, de transformación dos produtos naturais
Pequenas industrias, non contaminantes, directamente vencelladas coas actividades dos núcleos rurais tradicionais

b) Actividades de carácter turístico

c) Actividades de uso público

d) Mellora dos núcleos rurais tradicionais e mellora da calidade de vida dos habitantes do espazo natural

7. Promoción da custodia do territorio

1.0 As Administracións públicas, ao abeiro do artigo 72 da Lei 42/2007, fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de terreos privados ou públicos que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

2.0 A Xunta de Galicia regulará os mecanismos e as condicións para incentivar as externalidades positivas de terreos que se sitúen en espazos declarados protexidos ou nos cales existan acordos de custodia do territorio debidamente formalizados polos seus propietarios ante entidades de custodia.

2.1 Para iso teranse en conta, entre outros, os seguintes servizos prestados polos ecosistemas:

a) A conservación, restauración e mellora do patrimonio natural, da biodiversidade, xeodiversidade e da paisaxe en función das medidas especificamente adoptadas para tal fin, con especial atención aos hábitats e especies ameazados.
b) A fixación de dióxido de carbono como medida de contribución á mitigación do cambio climático.
c) A conservación dos solos e do réxime hidrolóxico como medida de loita contra a desertización, en función do grao en que a cuberta vexetal e as prácticas produtivas contribúan a reducir a perda ou degradación do solo e dos recursos hídricos superficiais e subterráneos.
d) A recarga de acuíferos e a prevención de riscos xeolóxicos.

9.2 Medidas e normativa por compoñentes

As **medidas e normativa dos compoñentes** nos espazos protexidos da Rede Natura 2000 articúlanse a partir dos obxectivos, directrices e normas xerais que na actualidade veñen establecidos nas seguintes disposicións legais:

- Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño.
- Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro, relativa á protección do medio ambiente mediante o dereito penal.
- Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, de conservación das aves silvestres.
- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011 relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.
- Real Decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental.
- Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo.
- Lei 40/2010, do 29 de decembro, de almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.
- Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.
- Real Decreto-Lei 17/2012, de 4 de maio, de medidas urxentes en materia de medio ambiente.
- Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial de Galicia.
- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia.
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Este apartado estrutúrase nun primeiro epígrafe denominado medio físico, seguido dos compoñentes da biodiversidade, dos usos agropecuarios e forestais, dos usos cinexéticos e piscícolas, do urbanismo e ordenación territorial, das infraestruturas e obras, do uso público e actividades deportivas, dos compoñentes culturais e das actividades científicas e de monitoraxe.

9.2.1 Medio físico

Este epígrafe abrangue as medidas e normativa dos compoñentes do medio físico dos espazos protexidos Rede Natura 2000. Ditos compoñentes inclúen a atmósfera, a xea, os medios subterráneos, as augas continentais e as augas mariñas.

1. Atmosfera

1. Obxectivos

1.0 Procurar manter a calidade do aire, limitando no espazo natural a emisión de substancias contaminantes en concentracións tales que modifiquen a calidade do aire por enriba dos niveis autorizados.

2.0 Vixiar o cumprimento da normativa de carácter comunitario, estatal e autonómica relativa ás emisións atmosféricas de po, olores e ruído, producidos polas distintas actividades que se desenvolven no ámbito do espazo natural.

3.0 Controlar os niveis de elementos contaminantes presentes no espazo natural.

2. Directrices

1.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar ou, no seu caso, eliminar as fontes de emisión de olores desagradables ou ruídos molestos.

2.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar os efectos da contaminación lumínica.

3.0 Tomaranse as medidas necesarias para limitar a contaminación lumínica. Nas novas instalacións ou infraestruturas evitarase a emisión de luz directa cara ao ceo e evitaranse excesos nos niveis de iluminación.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión dos recursos atmosféricos aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa sectorial europea, estatal e galega, vixente no seu momento.

2. Xea

1. Obxectivos

1.0 Conservar os recursos da xea e promover o seu aproveitamento sostible.

2.0 Establecer medidas preventivas para impedir a progresiva perda de solo.

3.0 Os usos e aproveitamentos do solo velarán por manter ou aumentar a capacidade de secuestro de carbono, dada a súa importancia na mitigación dos efectos derivados do cambio climático global.

2. Directrices

1.0 Velarase por manter as características químicas, estruturais e de textura dos solos, das que depende en boa medida a súa vexetación, e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas.

2.0 Tenderanse a conservar aquelas superficies con pendente superior ao 50% sobre as que se desenvolvan hábitats naturais ou, no seu caso, plantacións forestais.

3.0 A utilización do solo con fins agrícolas, forestais e gandeiros deberá realizarse de forma sostible, para asegurar o mantemento do seu potencial biolóxico e da súa capacidade produtiva.

4.0 Realizaranse xestións para que todas as actividades extractivas existentes dispoñan dos plans de restauración pertinentes e velarase polo seu cumprimento.

5.0 Os plans de restauración mineira terán como obxectivos preferentes a recuperación paisaxística, así como a recuperación dos hábitats de interese comunitario e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

6.0 Inventariaranse e diagnosticaranse os recursos xeolóxicos e xeomorfolóxicos e adoptaranse as medidas que sexan precisas para a súa protección e conservación.

7.0 Nas autorizacións e nos procedementos de avaliación ambiental teranse en consideración as singularidades xeolóxicas e xeomorfolóxicas do territorio, tanto debido ao seu valor intrínseco (xeodiversidade), como ao constituír unha parte esencial de diversos tipos de hábitats de interese comunitario e prioritario (biodiversidade), promovendo a súa conservación, ou no seu caso establecendo medidas compensatorias co fin de reducir o impacto sobre estes.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión dos recursos da xea, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa vixente na actualidade.

3. Medios subterráneos

1. Obxectivos

1.0 Conservar e, no seu caso, restaurar os compoñentes biolóxicos, xeolóxicos, xeomorfolóxicos, hidrolóxicos, paleontolóxicos e arqueolóxicos dos ecosistemas subterráneos.

2.0 Ordenar e promover o seu aproveitamento sostible.

2. Directrices

1.0 Velarase por identificar as actuacións prioritarias e desenvolver os instrumentos precisos para asegurar o mantemento do estado e funcionalidade dos ecosistemas subterráneos.

2.0 Darase prioridade á protección dos hábitats e as poboacións de especies cavernícolas sobre calquera outra actividade que poida desenvolverse nos ecosistemas subterráneos.

3.0 Protexerase o patrimonio arqueolóxico e paleontolóxico albergado nos ecosistemas subterráneos.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión dos recursos dos ecosistemas subterráneos, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa vixente na actualidade.

4. Augas continentais

1. Obxectivos

1.0 Establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que:

1.1 Preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.

1.2 Promova un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.

1.3 Teña por obxecto unha maior protección e mellora do medio acuático, entre outras formas mediante medidas específicas de redución progresiva das verteduras, as emisións e as perdas de substancias prioritarias, e mediante a interrupción ou a supresión gradual das verteduras, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias.

1.4 Garanta a redución progresiva da contaminación da auga subterránea e evite novas contaminacións; e contribúa a paliar os efectos das inundacións e secas.

1.5 Contribúa a reducir de forma significativa a contaminación das augas subterráneas.

1.6 Contribúa a protexer as augas territoriais e mariñas e a lograr os obxectivos dos acordos internacionais pertinentes, incluídos aqueles que teñen como finalidade previr e erradicar a contaminación do medio mariño.

2. Directrices

1.0 Preservarase a calidade da auga, tanto superficial como subterránea, e asegurararanse os caudais mínimos ecolóxicos.

2.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza velará pola conservación das marxes, cauces e ribeiras dos cursos de auga así definidos pola lexislación de augas. A este respecto minimizararanse os impactos que puidese producir a realización de obras que supoñan a modificación da estrutura ou vexetación característica destes elementos. Prestarase especial atención á protección dos humidais.

3.0 Procurarase conseguir, no menor prazo posible, o axeitado tratamento de depuración para as verteduras, xa sexan urbanas, industriais, agrícolas ou gandeiras e velarase en todo momento por manter a calidade das augas.

4.0 Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos de cunca para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.

5.0 No tratamento das augas residuais tenderanse a cumprir os obxectivos de calidade máis estritos, desde o punto de vista ambiental, entre as normativas técnicas existentes.

6.0 Para os efectos de conservación e planificación dos corredores fluviais e dos humidais, considererarase como límites territoriais os establecidos pola normativa vixente en relación coa zona de policía estipulada nas marxes ou, no seu caso, á porción das marxes que alberga representacións de hábitats do anexo I característicos de medios hidrófilos, higrófilos ou turfófilos.

7.0 Velarase para que as autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas nos humidais ou na súa área de captación non supoñan unha afección significativa sobre os recursos hídricos do humidal e sobre o mantemento dos ecosistemas e comunidades de flora e fauna que estes albergan.

8.0 Nas áreas costeiras as autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas evitarán a progresión da cuña salina e, por conseguinte, a salinización artificial dos humidais.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión das augas continentais, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa vixente na actualidade.

5. Augas mariñas

1. Obxectivos

1.0 Protexer e preservar o medio mariño, evitar o seu deterioro ou, na medida do posible, recuperar os ecosistemas mariños nas zonas que fosen afectadas negativamente.

2.0 Tomar medidas preventivas e reducir os vertidos ao medio mariño, coa finalidade de eliminar progresivamente a contaminación do mar.

3.0 Promover a conservación e o uso sostible dos recursos mariños.

2. Directrices

1.0 Os aproveitamentos dos recursos mariños deberán realizarse no espazo natural de modo que non supoñan unha mingua no estado de conservación dos hábitats tipificados no anexo I da DC 92/43/CEE, así como das áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

2.0 Todo aproveitamento dos recursos mariños levarase a cabo de forma controlada de acordo co establecido pola Lei 11/2008 de pesca de Galicia e, polo tanto, non se permitirán, en caso ningún, actividades que non estean autorizadas debidamente.

2.1 O desenvolvemento das actividades de acuicultura, así como a instalación dos seus establecementos, deberán ser levados a cabo incorporando os criterios, principios e normas establecidos no Plan Director de Acuicultura de Galicia, e adaptándose en todo momento á normativa sectorial vixente.

3.0 Como carácter xeral no espazo natural poderanse realizar actividades de pesca de recreo, de acordo co establecido no Decreto 211/1999.

4.0 Co fin de garantir a conservación dos hábitats naturais de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, en coordinación co organismo autonómico competente en materia de pesca e asuntos marítimos, poderá establecer normas de xestión específicas para os aproveitamentos dos recursos mariños dentro do espazo natural.

5.0 Procurarase conseguir, no menor prazo posible, o axeitado tratamento de depuración para as verteduras, xa sexa urbanas, industriais, agrícolas ou gandeiras e velarase en todo momento por manter a calidade das augas mariñas para que non se produzan impactos ou riscos graves para a biodiversidade mariña, os ecosistemas mariños, a saúde humana ou os usos tradicionais do mar.

6.0 Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos de cunca para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.

7.0 Os argazos depositados nas praias de area e coídos configuran o hábitat de interese comunitario Nat-2000 1210. Por iso, debería regularse o seu aproveitamento ou a súa retirada como parte dos labores de limpeza que se realizan en moitas praias, co fin de evitar a súa mingua ou desaparición dentro do espazo natural.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión das augas e recursos mariños, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa vixente na actualidade, así como na planificación sectorial en vigor.

9.2.2 Biodiversidade

O apartado relativo a medidas de xestión e normativa relativas aos compoñentes da biodiversidade nos espazos protexidos da Rede Natura 2000, estrutúrase en tres subapartados: paisaxe, hábitats e especies de interese para a conservación. Ditas medidas e normativas articúlanse a partir dos obxectivos, directrices e normas xerais que na actualidade veñen establecidos na Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, de conservación das aves silvestres; na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres; na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade; na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e na Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia.

1. Paisaxe

1. Obxectivos

1.0 O recoñecemento, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe co fin de preservar todos os elementos que a configuran nun marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe exerce unha función principal de interese xeral nos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.

2.0 Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes existentes no espazo natural, así como os costumes tradicionais existentes e os compoñentes naturais e elementos construtivos destes.

3.0 Mitigar os elementos artificiais que a nivel estrutural e funcional actúan como barreiras, así como fortalecer a conservación daqueles de carácter natural ou seminatural que constitúen corredores ecolóxicos que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

4.0 Nas actuacións susceptibles de alterar ou modificar a paisaxe natural do espazo natural teranse especialmente en conta as súas repercusións sobre a calidade paisaxística e adoptaranse cantas medidas sexan necesarias con obxecto de minimizar as consecuencias. En tal sentido, os proxectos que teñan por obxecto este tipo de actuacións e especial incidencia sobre a paisaxe supervisaranse co obxecto de garantir o cumprimento do expresado neste artigo.

2. Directrices

1.0 Establecerase un programa de recuperación daquelas áreas que conteñan elementos da paisaxe degradados e priorizaranse as áreas de maior accesibilidade visual.

2.0 Restaurarase a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas, como movementos de terra, actividades extractivas, apertura de pistas e camiños ou de calquera outro tipo.

3.0 Procurarase evitar a introdución no medio natural de calquera elemento artificial que limite o campo visual ou rompa a harmonía da paisaxe. Non obstante, poderán establecerse as infraestruturas que sexan imprescindibles, de acordo coas prescricións do presente plan, procurando minimizar o seu impacto sobre o medio.

4.0 Velarase polo mantemento do territorio do espazo natural libre de lixos, residuos e verteduras e aplicarase a normativa vixente na materia. Eliminaranse os vertedoiros e entulleiras incontrolados.

5.0 Teranse en conta criterios paisaxísticos na planificación das repoboacións forestais e a ordenación das masas arboradas preexistentes.

6.0 O impacto paisaxístico deberá ser especialmente tido en conta nos proxectos de infraestruturas lineais e nas actuacións realizadas en áreas de alta visibilidade.

7.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá determinar aquelas singularidades da paisaxe, tanto elementos naturais como culturais, que deban ser preservados e delimitará o seu ámbito de protección, tendo en conta a súa cunca visual.

8.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá limitar as repoboacións forestais e os tratamentos silvícolas que supoñan unha deterioración paisaxística do espazo natural e propoñerá, no seu caso, as medidas correctoras necesarias.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión da paisaxe aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Ley 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, o disposto na normativa vixente.

2. Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

1. Obxectivos

1.0 Manter nun estado de conservación favorable os hábitats prioritarios e de interese comunitario establecidos no anexo I da DC 92/43/CEE.

2.0 Regular e fomentar o uso sostible dos hábitats naturais e seminaturais e, de xeito especial, daqueles que posúen unha área de distribución reducida no espazo natural, así como no conxunto da Rede Natura 2000.

3.0 Manter a integridade e conservar a funcionalidade de charcas e pozas que proporcionan o medio acuático para o desenvolvemento dun elevado conxunto de especies de diversos grupos taxónómicos (flora, invertebrados, anfibios, aves, etc.).

2. Directrices

1.0 Os criterios de xestión dos tipos de hábitat rexeranse, en ausencia de especificacións concretas, polo considerado no Artigo 6 da DC/92/43/CEE.

2.0 Estableceranse medidas específicas de xestión para os hábitats de maior fraxilidade ecolóxica ou para aqueles que posúen unha escasa representación territorial no ámbito do espazo natural ou do conxunto da Rede Natura 2000 en Galicia.

3.0 Darase prioridade, alí onde se presenten os hábitats incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, á conservación e rexeneración natural destes fronte a calquera outro tipo de actuación.

4.0 Darase prioridade á conservación dos hábitats que alberguen áreas prioritarias de especies de flora ou fauna silvestre de interese para a conservación.

5.0 Darase prioridade á protección e conservación dos hábitats de especies de especial interese polo seu carácter endémico, a súa situación de ameaza ou por atoparse no límite da súa área de distribución.

6.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan analizar e avaliar o estado de conservación dos hábitats para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

7.0 Para os efectos de xestión do espazo natural, e cando non exista unha delimitación territorial concreta dos corredores fluviais e dos humidais, considéranse como área mínima os límites do dominio público máis a zona de servidume e policía, definidas na normativa básica sobre augas continentais ou ben a área delimitada pola existencia de hábitats e especies características dos ecosistemas acuáticos e dos humidais.

3. Normativa xeral

1.0 As actuacións non vinculadas coas necesidades de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade ou aquelas non contempladas nos supostos de actividades permitidas ou autorizables establecidas no presente plan, que poidan afectar de maneira significativa, individualmente ou en combinación con outras actuacións, ao espazo natural ou ao estado de conservación dun tipo de hábitat incluído no anexo I da DC 92/43/CEE, deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza. A mencionada autorización será outorgada tras unha adecuada avaliación das súas repercusións sobre o espazo natural de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Establécese a continuación a formulación das normativas de ordenación e xestión específicas para cada un dos grandes grupos de hábitats (mariños, costeiros, corredores fluviais, humidais continentais, matogueiras e medios rochosos, bosques, agrosistemas tradicionais). En cada un deles faise unha breve descrición dos grandes medios que caracterizan ao grupo, así como a relación entre os hábitats integrantes do mesmo e as unidades ambientais que os albergan, establecendo a continuación os obxectivos de conservación específicos para o grupo de hábitats.

Para cada un dos grandes grupos de hábitats inclúense, un conxunto de accións, usos, plans, proxectos e actividades, que poidan ter relación directa sobre os tipos de hábitat incluídos en cada un dos devanditos grupos. Estrutúranse en tres grandes bloques, segundo a súa influenza positiva, negativa ou inexistente, sobre o estado de conservación dos hábitats albergados en cada un dos grupos.

En primeiro lugar, contémplase unha relación de actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats, entendendo como tales aquelas accións sobre o medio que permiten incrementar o valor de conservación dos mesmos, fomentando a súa recuperación.

Relaciónanse ademais as actuacións que favorecen o mantemento do estado de conservación dos hábitats, entendendo como tales aqueles plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, non supoñen unha afección significativa sobre a integridade do espazo ou dos seus compoñentes, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade.

En terceiro lugar, inclúense tamén as actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats, nas cales se inclúen aqueles plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, que afectan de forma significativa sobre a integridade do espazo ou dos seus compoñentes, polo que a súa autorización deberá ser efectuada en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, así como pola propia normativa de impacto ambiental. Isto permite incrementar a seguridade xurídica de certas actividades e, en concreto, daquelas de carácter tradicional, promovéndose aquelas de carácter sostible.

Finalmente, inclúense unha serie de indicadores de seguimento que permitan establecer unha vixilancia e control do estado de conservación dos hábitats do grupo.

2.1 Hábitats mariños

1. Descrición

1.0 Dende unha perspectiva ecolóxica, entre o ecosistema mariño e o terrestre establécese unha sucesión de medios e tipos de hábitats de gran diversidade e complexidade ambiental que constitúen, ademais, unha fonte importante de recursos para o home. Os ambientes mariños adoitan diferenciarse en dúas grandes unidades, o dominio oceánico e o dominio litoral.

O dominio oceánico corresponde ás augas mariñas exteriores e profundas, situadas máis alá da plataforma continental. A posición xeográfica da plataforma continental difire en función das características xeomorfolóxicas de cada sector litoral, situándose habitualmente a uns 200 metros de profundidade e a 16-20 km da liña de costa.

O dominio litoral inclúe as augas mariñas situadas sobre a plataforma continental (zona da plataforma litoral ou nerítica), así como a área de influencia desta sobre o bordo continental emerxido (zona costeira). O dominio litoral caracterízase pola súa menor profundidade, a cal aumenta progresivamente dende o bordo continental ata o límite da plataforma. As augas litorais están máis influenciadas que as oceánicas polos ventos quentes e fríos procedentes das áreas continentais, recibindo ademais unha maior taxa de nutrientes. En consecuencia, a auga é máis turbia e con maior contido de fitoplancto.

2. Relación entre hábitats e Unidades Ambientais

1.0 En relación cos hábitats do medio mariño, no Anexo I da DC 92/43/CEE inclúense unicamente tipos de hábitats pertencentes ao dominio litoral, e en concreto zonas ecolóxicas próximas á costa (Nat-2000 11 Augas mariñas e medios de marea).

As unidades ambientais nas que se inclúen este tipo de hábitats son a UA110 Augas mariñas profundas afastadas da costa, e a UA111 Augas mariñas próximas á costa.

As de augas mariñas pouco profundas corresponden a diversos tramos de baías, estreitos, enseadas e rías afastadas da franxa costeira e cuxos leitos se atopan permanentemente cubertos por augas mariñas. As augas peláxicas e o medio bentónico albergan unha grande diversidade de especies que son o sustento dunha importante actividade pesqueira. A maior parte das especies vexetais que compoñen o medio bentónico permanecen ancoradas á superficie, necesidade imposta pola extrema ondada e as correntes, condicións ás que estas especies responden por medio de adaptacións morfolóxicas e fisiolóxicas, ao mesmo tempo que actúan como obstáculos que facilitan a deposición e acumulación de sedimentos na franxa sublitoral. Os leitos mariños situados en zonas protexidas desempeñan o papel de refuxio para a fauna mariña atraídos pola oportunidade de obter alimento e protección.

2.0 Os tipos de hábitats incluídos neste grupo son o tipo Nat-2000 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña e o tipo Nat-2000 1160 Grandes calas e baías pouco fondas.

Os hábitats de contacto son frecuentemente tipos asociados á franxa costeira, como os tipos Nat-2000 1130 Esteiros, Nat- 2000 1140 Chairas lamacentas ou areosas non cubertos de auga na baixamar, Nat-2000 1170 Arrecifes, Nat-2000 1210 Vexetación anual sobre argazos, Nat-2000 1220 Vexetación perenne de coídos, Nat-2000 1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar o estado ecolóxico dos ecosistemas mariños.

2.0 Tomar medidas preventivas para impedir a progresiva contaminación do mar.

3.0 Reforzar o papel dos medios mariños como reguladores de gases, do clima e de perturbacións naturais.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 A eliminación de verteduras non autorizadas que causen contaminación ás augas e aos sedimentos mariños.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 A retirada de algas e argazos cando afecten significativamente ao mantemento dos bancos marisqueiros, e se realicen de forma exclusiva e controlada sobre estas áreas.

2.0 A pesca de carácter deportivo, que se rexerá pola normativa sectorial vixente, así como polas regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza de acordo ao

artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Ley 42/2007.

3.0 As actividades de uso público e recreativo sempre e cando sexan levadas a cabo baixo as disposicións normativas sectoriais, as regulacións establecidas polo organismo competente en materia de conservación da natureza, e polas disposicións establecidas no presente Plan.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 A introdución ou expansión de especies alóctonas que afecten de xeito significativo á estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas mariños naturais.

2.0 A construción de infraestruturas que afecten á dinámica mareal (amplitude e correntes mareais) e da oleaxe, provocando perdas significativas de superficies intermareais representadas por hábitats de interese comunitario.

3.0 A realización de cambios na morfoloxía do sistema de fondos mediante procesos de dragados, causando a alteración dos sedimentos e das comunidades bentónicas.

4.0 O furtivismo, así como calquer aproveitamento indiscriminado e contrario ás normativas sectoriais.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats mariños e das poboacións de flora e fauna mariñas para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar.

- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE
- Estado de conservación das augas mariñas
- Estado da estrutura e funcións específicas dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE
- Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies mariñas protexidas

2.2 Hábitats costeiros

1. Descrición

1.0

Dende unha perspectiva ecolóxica, entre o ecosistema mariño e o terrestre establécese unha sucesión de medios e tipos de hábitats de gran diversidade e complexidade ambiental que constitúen, ademais, unha fonte importante de recursos para o home. Os ambientes mariños adoitan diferenciarse en dúas grandes unidades, o dominio oceánico e o dominio litoral.

O límite interno da zona litoral corresponde ao espazo costeiro, é dicir, a marxe que constitúe a interfase entre o espazo marítimo e o continental, no cal os procesos ecolóxicos que se desenvolven no espazo terrestre e o uso do propio espazo afectan directamente na ecoloxía do espazo litoral e viceversa. Para moitos autores, o espazo costeiro é un simple perímetro, unha demarcación entre o mar e a terra (liña de costa). Dende unha perspectiva funcional considérase como unha ampla e irregular ecotonía entre ambas as dúas unidades, no que os procesos de síntese, degradación e intercambio de materia e enerxía se producen de xeito intenso. O espazo costeiro esta suxeito a unha continua e vigorosa dinámica na súa configuración e delimitación que se manifesta a distintas escalas espazo-temporais.

En relación coa dinámica costeira establécense dous tipos de unidades. Nun primeiro lugar atopa a costa rochosa, na que se establece unha clara dominancia das formas verticais (acantilados, illotes, agullas rochosas) sobre as formas horizontais. En oposición ao anterior aparece a costa areosa e lamacenta, na que dominan as formas horizontais (praias, sistemas dunares, marismas) fronte ás verticais.

Unha segunda clasificación do litoral pode efectuarse considerando os procesos enerxéticos dominantes, e que van condicionar os tipos de hábitats e comunidades bióticas presentes en cada un deles.

Combinando espacialmente as unidades litorais poden recoñecerse dous grandes eixes na distribución dos ecosistemas. O primeiro deles discorre paralelo ao bordo continental emerxido, englobando distintas unidades estruturais, a orixe das cales adoita responder á integración de múltiples factores: movementos tectónicos (oroxénicos e epioroxénicos), movementos isostáticos, movementos eustáticos, a acción de axentes xeodinámicos, etc., que determinan a presenza de tramos costeiros lineais, fronte a outros tramos semipechados (golfos, baías e rías).

O segundo eixe discorre perpendicularmente á beira, progresando cara ao espazo oceánico ao longo da plataforma, e en sentido oposto invade o territorio continental aproveitando a existencia de niveis deprimidos onde converxe, en moitos casos, coas augas continentais configurándose diversas unidades morfolóxicas e ecolóxicas de condicións claramente transicionais: lagoas costeiras, estuarios, marismas, etc. A análise dos medios e ecosistemas existentes ao longo deste segundo transecto leva á súa división en dous grandes dominios atendendo ás características bióticas e abióticas que se establecen na columna de auga (dominio peláxico) e no substrato litoral (dominio bentónico).

O dominio peláxico está formado polos organismos que viven no seo da masa de auga, con escasa ou ningunha conexión co fondo, xa sexa flotando na superficie (medusas), levados polas correntes (plancto) ou con capacidade para vencer a corrente e nadar (peixes).

O dominio bentónico está constituído por organismos fixos ou móbiles relacionados directamente co substrato litoral.

A división do dominio bentónico inclúe habitualmente cinco unidades, das cales tres corresponden exclusivamente á zona litoral e engloban diversos tipos de humidais mariños e costeiros. A zona supralitoral é a franxa costeira situada por enriba da preamar na que a acción directa das salpicaduras da ondada (tramo supralitoral inferior) ou das achegas do spray mariño (tramo supralitoral superior) condicionan a diversidade e estrutura das biocenoses. O tramo supralitoral inferior adoita quedar parcialmente somerxido durante as mareas máis altas do ano (mareas equinocciais) ou durante os temporais, mentres que o tramo superior non é alcanzado directamente pola auga mariña. No supralitoral habitan plantas e animais adaptados ás condicións peculiares que impoñen os continuos e intensos ventos, as achegas acuosas saturadas en sales e o tipo de substrato existente.

A zona intermareal (intertidal ou mesolitoral), atópase limitada entre as liñas de mareas altas e baixas. O substrato queda periodicamente inundado pola marea o que determina que os organismos se distribúan espacialmente en bandas horizontais, ou queden confinados en pequenos charcos durante a baixamar, segundo a adaptación de estes a unha serie de factores e cambios bruscos das condicións do seu ámbito, como poden ser: o desecamento, a temperatura, a salinidade, o movemento da auga, etc. A zona intermareal é rica en algas, moluscos, bivalvos e crustáceos. Moitas especies de aves e algúns mamíferos aliméntanse nesta zona, aproveitando a riqueza dos recursos de flora e fauna existentes.

A zona infralitoral, tamén designada como sublitoral. Emprázase por debaixo do nivel de baixamar, quedado cuberta de forma permanente por a augas mariñas. As comunidades desta zona están formadas por especies que permanecen sempre somerxidas, ou que emerxen raramente durante as máximas baixamares. O medio é máis estable e existe un maior número de especies, sendo as comunidades máis complexas.

A influencia do medio mariño sobre o ecosistema terrestre prolóngase máis alá do límite do supralitoral, influíndo

directamente nas características bioclimáticas de vales fluviais, pequenas depresións e áreas de montaña que, en conxunto, definen a designada como zona sublitoral. O termo costeiro emprégase para referirse ao espazo xeográfico terrestre contiguo ao medio mariño litoral que abranguería, segundo distintos autores e disciplinas, a totalidade do medio supralitoral ou mesmo do sublitoral. Resulta non obstante máis frecuente, establecer o límite do espazo costeiro a partir de criterios xeográficos e paisaxísticos, ou mesmo combinando estes co tipo e grao de ocupación humana do territorio.

O termo estuario, ou esteiro, deriva do latín *aestuarium* e este de *aestus*, *"a marea"*, e emprégase para referirse ás canles fluviais condicionadas pola dinámica mareal que provoca diariamente a mestura de auga mariña e fluvial, así como o ciclo exondación-inundación do seu leito, determinando a presenza de hábitats acuáticos característicos. Habitualmente identificáronse as rías como un tipo especial de estuario, aínda que non todas elas teñen unha orixe na inundación dunha canle fluvial.

As lagoas costeiras están orixinadas a partir dos complexos praia-barreira formados na zona externa e fronte da costa e que separan os corpos de auga das zonas de mar adxacente. A súa formación está vinculada coa transgresión holocénica mariña, a cal arrastrou grande cantidade de sedimentos areosos que foron depositándose nas frontes costeiras e nas marxes das rías en forma de praias, de forma que constituíron elementos de separación de masas de auga que, con posterioridade, quedaron illadas do mar e da súa acción erosiva. As lagoas costeiras constitúen humidais formados por augas estancadas de salinidade e profundidade variables. A vexetación característica pertence ás clases *Ruppietea maritimae*, *Potametea*, *Zosteretea* e *Charetea* e respecto á fauna abundan poliquetos, moluscos, crustáceos e diversas especies de vertebrados.

As dunas marítimas están formadas pola acumulación dos materiais areosos e bioxénicos arrastrados polas correntes mariñas ata a liña de costa, onde a diminución da enerxía da ondada favorece a súa deposición e acumulación, dando lugar ás praias de area. Paralelamente, a acción modeladora e de transporte do vento distribúeos en dirección ao continente, conformando o sistema dunar que se sitúa por detrás da praia.

Ao igual que nos outros hábitats costeiros, as praias presentan unha sectorización determinada pola dinámica mareal e que determina o seu grao de humectación e inundación, diferenciándose tres zonas: unha máis externa, permanentemente inundada e sometida ás forzas de turbulencia; unha segunda de anchura variable comprendida entre os niveis de baixamar e marea alta, que permanece húmida a maior parte do tempo; e unha terceira situada na parte máis interna e elevada da praia, unicamente alcanzada pola auga durante as mareas extremas e os temporais, que establece a transición cara ao sistema dunar.

A sectorización do sistema dunar para a costa cantabro-atlántica establece catro entidades xerodunares dispostas normalmente ao longo dun eixe perpendicular á liña de costa: duna embrionaria e pé de duna, cordón principal de duna primaria e secundaria, duna estabilizada terciaria aforestal e duna estabilizada forestal, cada unha delas cunha flora e vexetación particulares.

2. Relación entre hábitats e Unidades Ambientais

1.0 En relación cos hábitats do medio mariño, no Anexo I da DC 92/43/CEE inclúense unicamente tipos de hábitats pertencentes ao dominio litoral, e en concreto zonas ecolóxicas próximas á costa (Nat-2000 11 Augas mariñas e medios de marea), así como á maior parte dos hábitats naturais e seminaturais que configuran o espazo costeiro.

A importante gradación na distribución dos ecosistemas costeiros implica que para inventariar, cartografar e xeorreferenciar este grupo de hábitats sexa necesario establecer un importante número de unidades ambientais que rexistren as variacións que é posible atopar na franxa costeira:

- UA120 Esteiros
- UA130 Marismas
- UA140 Lagoas costeiras e litorais
- UA141 Grandes superficies de carrizais litorais
- UA150 Praias
- UA151 Dunas costeiras activas
- UA152 Depresións intradunares húmidas
- UA153 Dunas remontantes
- UA154 Sistemas dunares fosilizados
- UA160 Morfoloxías rochosas eulitorais
- UA161 Acantilados costeiros
- UA162 Pendentes e depósitos costeiros alzados

2.0 En consecuencia, este grupo alberga un importante conxunto de tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, entre os cales podes ser citados varios exemplos de tipos prioritarios.

Os esteiros son un dos tipos presentes, correspondéndose co tipo Nat-2000 1130 Esteiros, así como o correspondente ás chairas intermareais, o Nat-2000 1140 Chairas lamacentas ou areosas non cubertos de auga na baixamar. Asimesmo, no medio costeiro galego contamos con importantes representacións de lagoas costeiras, que constitúen un tipo de hábitat prioritario, Nat-2000 1150* Lagoas costeiras.

No tocante aos cantís rochosos, estes presentan unha gradación do grao de salinidade e humidade que

permiten diferenciar ata un total de 5 tipos de hábitats: Nat-2000 1170 Arrecifes, Nat-2000 8330 Furnas mariñas, Nat-2000 1210 Vexetación anual sobre argazos, Nat-2000 1220 Vexetación perenne de coídos, Nat-2000 1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas. Na parte superior dos mesmos, nas encostas e depósitos costeiros, aparecen formacións arbustivas, que cando posúen a presenza de *Erica vagans* poden ser identificadas como o tipo prioritario Nat-2000 4040* Queirogais secos atlánticos costeiros *de Erica vagans*, mentres que nos casos restantes os tipos presentes serán o tipo Nat-2000 4020* Queirogais húmidos atlánticos *de Erica ciliaris e Erica tetralix* (considerado prioritario) ou o Nat-2000 4030 Queirogais secos europeos, en función da natureza higrófila da formación en cuestión.

As marismas, pola súa banda, presentan tamén unha rica diversidade de tipos de hábitat, como o Nat-2000 1310 Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas, Nat-2000 1320 Pasteiros de *Spartina*, Nat-2000 1330 Pasteiros halófilos atlánticos, Nat-2000 1420 Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas, ou o tipo prioritario Nat-2000 7210* Turbeiras calcarias do *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae*. Os sistemas dunares de Galicia posúen un importante conxunto de tipos de hábitats, con ata 7 representacións, das cales 2 son prioritarias: o Nat-2000 2110, Nat-2000 2120, Nat-2000 2130*, Nat-2000 2150*, Nat-2000 2190, Nat-2000 2230, Nat-2000 2260.

A duna embrionaria (Nat-2000 2110), sitúase en contacto directo coa parte máis elevada da praia, é a máis rica en sales solubles e a flora característica (*Cakile maritima, Atriplex prostata, Euphorbia peplis*, etc.) aparece especialmente adaptada á alta salinidade existente e á inestabilidade do substrato. Por detrás fórmase a crista da duna ou Duna Primaria (Nat-2000 2120), colonizada por gramíneas rizomatosas (*Elymus farctus, Ammophila arenaria*) que desempeñan un papel crucial como fixadores da area. Cara ao interior do continente as condicións de estabilidade do substrato e a diminución da salinidade posibilitan o asentamento dun maior elenco de especies, incrementándose o contido en materia orgánica no chan dunar que adquire unha coloración gris característica que dá nome á Duna costeira fixa con Vexetación Herbácea ("dunas grises") (Nat-2000 2130*) con especies características como *Iberis procumbens, Armeria pungens, Artemisia crithmifolia*, *Scrophularia frutescens, Helichrysum picardii, Silene littorea*, etc. Cando estas dunas posúen una maior estabilidade e menor salinidade, soen ser frecuentemente colonizadas por especies arbustivas, o que constitúe outro tipo de hábitat prioritario: o tipo Nat-2000 2150*, as Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*).

Outros tipos que aparecen con menor frecuencia nas dunas galegos son os tipos Nat-2000 2230 Dunas con céspedes do *Malcomietalia* e Nat-2000 2260 Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*. Nas áreas dunares nas que o substrato atopa máis empobrecido en sales e con menor contido en carbonatos poden desenvolverse especies arbóreas, como a sobreira (*Quercus suber),* o érbedo (*Arbutus unedo*) ou o loureiro (*Laurus nobilis).*

Por outra parte, no interior das dunas poden existir zonas que se manteñen permanentemente húmidas en profundidade grazas a achegas freáticas de auga mariña ou continental, favorecendo a aparición de especies higrófilas como *Juncus acutus*, *Scirpus holoschoenus, Thypha latifolia* e formacións arboradas de *Salix* spp., entre outras, sobre solos de texturas areosas e con certo contido en materia orgánica. Este hábitat atópase tipificado no Anexo I como Depresións Intradunares Húmidas (Nat-2000 2190).

3. Obxectivos de conservación

1.0 Manter un estado de conservación favorable dos ecosistemas costeiros.

2.0 Conservar a biodiversidade e xeodiversidade, así como a complexidade ambiental dos medios costeiros.

3.0 Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación da zona costeira, e que permitan garantir o equilibrio dos procesos naturais.

4.0 Contribuír a protexer as augas territoriais e mariñas e a lograr os obxectivos dos acordos internacionais pertinentes, incluídos aqueles que teñen como finalidade previr e erradicar a contaminación do medio mariño.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 Establecemento de medidas de conservación e recuperación dos hábitats costeiros prioritarios, como dunas (Nat-2000 2130*, Nat-2000 2150*), queirogais húmidos e costeiros (Nat-2000 4020*, 4040*) marismas (Nat-2000 7210*) e lagoas costeiras (Nat-2000 1150*), paralelamente ao control e erradicación de especies invasoras presentes nos medios costeiros.

2.0 Eliminación das verteduras directas de calquer tipo sobre as lagoas costeiras (Nat-2000 1150*), así como aquelas que cheguen aos seus cauces de alimentación e que provoquen unha afección no estado ecolóxico e químico das augas ou que non conten coa debida autorización.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 A retirada de algas e argazos cando afecten significativamente ao mantemento dos bancos marisqueiros.

2.0 A recollida parcial, e manual, de argazos en zonas de praias por parte das comunidades locais para fins agrícolas mediante técnicas manuais, sen que en ningún caso se xeren afeccións significativas sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais costeiros, e especialmente sobre o tipo de hábitat Nat-2000 1210, así como sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

3.0 A retirada parcial e manual de algas das praias no período estival cando poidan xerar graves problemas co seu uso público. Esta realizarase evitando en todo momento provocar unha afección significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais costeiros, e especialmente sobre o tipo de hábitat Nat-2000 1210, así como sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4.0 A pesca de carácter deportivo, que se rexerá pola normativa sectorial vixente, así como polas regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza ao abeiro do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Ley 42/2007.

5.0 As actividades de uso público e recreativo sempre e cando sexan levadas a cabo baixo as disposicións normativas sectoriais, as regulacións establecidas polo organismo competente en materia de conservación da natureza, e segundo o establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 A destrución, subsolado, sangrado, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha mingua na superficie ocupada, estrutura, funcionamento e composición taxonómica das lagoas costeiras e marismas (Nat-2000 1150*, 1140, 1310, 1320, 1330, 7210*)

2.0 O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas sobre os tipos de hábitats costeiros de interese comunitario.

3.0 Os cambios de uso que afecten significativamente ao estado de conservación dos hábitats costeiros de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies costeiras de interese para a conservación.

4.0 A creación de novos pasteiros ou terreos de labor sobre os hábitats lacunares e marismas (Nat-2000 1150*, 1140, 1310, 1320, 1330, 7210*) que supoñan a destrución ou redución significativa da superficie ocupada polos hábitats costeiros protexidos ou ben das áreas prioritarias das especies costeiras de interese para a conservación.

5.0 A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

6.0 O uso incontrolado e sen autorización de biocidas sobre os hábitats protexidos e das especies de interese para a conservación.

7.0 A fumigación non autorizada con equipos aéreos sen autorización do organismo competente en materia de conservación da natureza.

8.0 A liberación indiscriminada no medio natural de organismos modificados xeneticamente, cando poidan afectar ao acervo xenético das especies de interese comunitario, ou ben poidan exercer fronte a estas unha maior competencia polo aproveitamento dos recursos naturais.

9.0 Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais costeiros ou sobre as áreas prioritarias das especies costeiras de interese para a conservación.

10.0 As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais costeiros ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, incluíndo especialmente a repoboación ou plantación de espécimes alóctonos con exemplares de *Eucalyptus, Pinus, Pseudotsuga, Quercus rubra,* etc.

11.0 A circulación e o uso de vehículos ou maquinaria sobre hábitats costeiros do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación, sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

12.0 O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats costeiros do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

13.0 As verteduras non autorizados que causen contaminación nos humidais costeiros (esteiros, marismas, lagoas costeiras, depresións intradunares e humidais seminaturais) e nas zonas intermareais.

14.0 O furtivismo, así como calquer aproveitamento indiscriminado e contrario ás normativas sectoriais.

15.0 A construción de infraestruturas que afecten á dinámica mareal (amplitude e correntes mareais) e da oleaxe, provocando perdas de superficies intermareais.

16.0 A extracción de area de praias e ecosistemas dunares sen autorización expresa por parte do organismo competente en materia de conservación da natureza.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats costeiros e das poboacións de flora e fauna costeiras para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Estado da estrutura e funcións específicas dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE
- Continuidade e conectividade entre os distintos tipos de hábitats.
- Estado de conservación das augas transicionais e costeiras.
- Área de presencia, número de poboacións e efectivos das especies costeiras protexidas.

2.3 Corredores fluviais

1. Descrición

1.0

En Galicia, denominado por Álvaro Cunqueiro como “O País dos Mil Ríos”, existen importantes representacións de hábitats fluviais, nos que desenvolven preferentemente os seus ciclos vitais unha grande cantidade de animais e plantas que son exclusivos destes ambientes. Ademais, a maioría da auga potable que se consume nos países da Unión Europea provén da que circula por cauces fluviais, polo que o seu mantemento en condicións fisicoquímicas saudables se considera fundamental.

Un río extenso orixinado en zona montañosa adoita comezar o seu desenvolvemento como un conxunto irregular de mananciais e pequenos regueiros, que posteriormente confluirán en regatos de montaña de caudal rápido e turbulento. A adición de novos tributarios dá como resultado un tramo de corrente suave que serpea vagamente a través das terras baixas ata alcanzar o mar.

Todas as características dun río varían a medida que este discorre dende o seu nacemento ata a desembocadura. O caudal aumenta, dando como resultado cambios na anchura, profundidade e velocidade, e xunto con eles, varían todo o conxunto de condicións biolóxicas e ecolóxicas dentro destes. En termos de aparencia física, os cambios máis notorios danse na pendente e na transición dende regueiros de pouca profundidade con substrato dominado por bloques e pedras ata ríos profundos con preponderancia de sedimentos finos no seu substrato.

A zonación transversal dos cursos de auga corrente inclúe xunto á zona lótica (álveo ou canle natural con corrente continua ou discontinua), a zona de ribeira. Dende a perspectiva legal expresada no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, considérase como álveo ou canle natural dunha corrente continua ou discontinua aquel terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias. A ribeira queda definida como as faixas laterais das canles públicas situadas por enriba do nivel de augas baixas, e as marxes como aqueles terreos que lindan coas canles.

As marxes e ribeiras fluviais sustentan unha grande diversidade de comunidades, plantas e animais entre os que se atopan elementos exclusivos destes medios, xunto con outros que potencialmente terían unha área de ocupación no territorio non vinculada exclusivamente á zona de ribeira, e polo tanto de maior extensión, pero que debido ao ancestral uso de que foron obxecto os vales e chairas de inundación da maioría dos ríos, se atopan na actualidade confinadas ás inmediacións dos corredores ribeiráns. Deste modo, a pesar da menor entidade superficial das zonas ribeirás fronte ao resto do territorio da cunca, sustentan unha taxa de diversidade moito máis elevada, sendo elementos claves para a conservación a curto e longo prazo de moitas especies.

As illas son frecuentes en moitos dos ríos galegos, non obstante nos tramos medios e baixos que discorren por amplos vales ou cuncas sedimentarias nos que a canle se fai lenta e divagante, estas adquiren unha grande singularidade ecolóxica e paisaxística. Nestas áreas é frecuente observar a sucesión de pequenas illas orixinadas pola propia dinámica fluvial e que periodicamente son inundadas e modificadas polas augas.

O tipo de material que conforma as illas fluviais vén determinado tanto pola dinámica fluvial coma polos materiais dominantes na cunca. As de maior extensión son de natureza terríxena, constituídas por materiais sedimentarios edafizados que quedaron illados por modificacións no traxecto da canle. Noutros casos, as illas configúranse pola existencia de relevos residuais de fragmentos rochosos (illas pétreas), que non foron erosionados pola acción das augas, permanecendo descuberta nos períodos de menor caudal. De menor entidade son, frecuentemente, as illas constituídas por barras de grava ou seixos cuxo acúmulo e entidade están directamente condicionados pola dinámica fluvial do tramo. Un último tipo de illas, correspondería coa designada como "cordóns de illas árbore", as cales se asocian á existencia de árbores vivas, xeralmente ameneiros, salgueiros ou freixos, arraigados na propia canle, os cales son periodicamente derrubados e mobilizados pola acción da corrente, formándose pequenas barreiras bioxénicas.

Os sistemas de illas fluviais de inundación periódica son medios de gran diversidade debido á grande heteroxeneidade de hábitats que albergan. As canles existentes entre as illas mostran frecuentemente unha ampla variación de substratos, correntes e niveis de inundación que determinan a existencia dun grande número de hábitats fluviais que sustentan un maior número de biocenoses acuáticas que as existentes en tramos fluviais homoxéneos de corrente rápida ou lenta.

O espazo ribeirán comprendido polas propias illas mantén xeralmente unha gran naturalidade, desenvolvéndose formacións de bosques aluviais que, nas grandes superficies insulares, se mesturan con bosques climatófilos e lamacentos. Moitas das grandes illas foron aproveitadas dende antigo como prados seminaturais, persistindo aínda singulares formas de explotación como as existentes na desembocadura do río Miño.

Cando os vales se abren nos tramos medios e baixos de escasa pendente, a chaira de inundación adquire un maior desenvolvemento e as canles fluviais poden describir amplos meandros. Nestes tramos os ríos abranguen unha gran distancia en sentido transversal á corrente e o nivel freático adoita ser relativamente alto en todo o val. Nestas situacións a dinámica fluvial afecta a grandes espazos, que evolucionarán no tempo acentuándose a curvatura dos tramos ou cambiando o trazado do río. Xorden así meandros abandonados e pequenas charcas temporais que se conectan coa canle principal unicamente en épocas de enchente, compoñendo un diverso

mosaico de hábitats creados polo propio río, que configuran complexos sistemas húmidos.

2. Relación entre hábitats e Unidades Ambientais

1.0 Para inventariar, cartografar e xeorreferenciar os hábitats de corredores fluviais, estableceuse a Unidade Ambiental UA220 Augas correntes, na que se delimitan a totalidade dos cursos fluviais e as ribeiras dos tramos de cabeceira, e a UA260 Bosques húmidos, na que se inclúen os bosques de galería, aluviais e freatófilos asociados aos ríos como ao resto de humidais.

2.0 Dentro do grupo de hábitats que a Directiva 92/43/CEE reúne baixo o epígrafe 32. Augas correntes - tramos de cursos de auga con dinámica natural e semi natural, tanto leitos menores (tramos de cabeceira, orde xerárquica 1-2) como medios (tramos medios, orde xerárquica 3-4), e maiores (tramos baixos, orde xerárquica maior ou igual a 5) nos que a calidade da auga non presenta alteracións significativas. Neste grupo englóbanse 9 tipos de hábitats dos que soamente dous (Nat-2000 3260 Rios dos pisos basal a montano e Nat-2000 3270 Rios de ribeiras lamacentas (*Chenopodion rubri* p.p. e de *Bidention* p.p.)), están presentes en Galicia. Dentro desta categoría inclúense as augas fluviais e a vexetación asociada aos leitos riparios. A pesar de que unha parte do territorio galego se atopa incluída na Rexión Bioxeográfica Mediterránea, non se considera presente ningún dos tipos de hábitats de augas correntes propio de dita rexión.

Asimesmo, nos corredores fluviais constitúen unha parte importante os bosques húmidos, representados polo tipo prioritario Nat-2000 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, o tipo Nat-2000 91F0 Bosques mixtos das veigas dos grandes ríos e o tipo Nat-2000 92A0 Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Promover un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.

2.0 Fomentar unha maior protección e mellora do medio acuático, entre outras formas mediante medidas específicas de redución progresiva das verteduras, as emisións e as perdas de substancias prioritarias, e mediante a interrupción ou a supresión gradual das verteduras, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias.

3.0 Garantir a redución progresiva da contaminación das augas subterráneas que evite novas contaminacións e contribúa a paliar os efectos das inundacións e secas.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 Eliminación das verteduras directas de calquer tipo sobre as augas continentais que non conten coa debida autorización.

2.0 Establecemento de medidas de conservación e recuperación dos hábitats dos corredores fluviais (Nat-2000 3260, 3270, 91E0*, 92A0, 91F0), especialmente as encamiñadas a reducir ou frear a fragmentación dos mesmos mediante o aumento da conectividade e da permeabilidade.

3.0 Establecemento de medidas de control e erradicación de especies invasoras presentes nos medios fluviais.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 As cortas por furoneo nos corredores fluviais e bosques húmidos (Nat-2000 91E0*, 92A0, 91F0), sempre e cando non superen as 0,1 ha de superficie (< 2% da superficie do hábitat no espazo natural) e non se repitan nunha quenda inferior a 15 anos, non supoñan unha descontinuidade do bosque húmido ou un incremento da fragmentación xa existente, non provoquen unha mingua significativa da superficie cuberta polas copas sobre o cauce fluvial e aseguren o mantemento da súa estrutura horizontal e dos hábitats que conforman as cinturas eulitoral e supralitoral (Nat-2000 3260, 3270, 4020*, 4030, 6430).

2.0 A pesca de carácter deportivo, desenvolvida de acordo á normativa sectorial vixente, así como ás regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Ley 42/2007.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 A realización de calquera tipo de vertedura, así como a utilización de calquera tipo de substancia química que poida afectar significativamente á calidade das augas nacentes ou circulantes ou ao ciclo hidrolóxico do espazo natural, cando se realicen fóra dos lugares habilitados a tal efecto ou sexan contrarias ás condicións establecidas na lexislación vixente ou no presente plan.

2.0 A alteración dos cursos, cauces e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime das augas, sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

3.0 As acumulacións de materiais en encostas, barrancos ou cauces que poidan supoñer un obstáculo ao libre paso das augas, ou ben poidan ser orixe de procesos erosivos intensos ou que entrañen unha modificación das condicións hidráulicas e hidrolóxicas naturais.

4.0 O lavado de vehículos e calquera tipo de obxecto en ríos e regatos, botar obxectos aos mesmos, así como a incorporación directa ás augas de deterxentes, xabóns, lixivias ou outros tipos de substancias que poidan afectar de forma significativa ao estado ecolóxico e químico dos ecosistemas acuáticos.

5.0 A vertedura de zurros e residuos agrícolas ou industriais directamente sobre o medio acuático, así como sobre hábitats de interese comunitario.

6.0 A destrución, subsolado, sangrado, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha afección significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos corredores fluviais (Nat-2000 3260, 3270, 91E0*, 91F0, 92A0).

7.0 O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas sobre os tipos de hábitat que conforman os corredores fluviais (Nat-2000 3260, 3270, 91E0*, 91F0, 92A0).

8.0 A circulación e o uso de vehículos ou maquinaria sobre hábitats de corredores fluviais do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación, sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

9.0 O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats de corredores fluviais do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats dos corredores fluviais e das poboacións de flora e fauna presentes nos mesmos para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Estado da estrutura e funcións específicas dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE
- Estado de conservación das augas correntes.
- Grao de conectividade/continuidade do corredor fluvial.
- Área de presencia, número de poboacións e efectivos das especies protexidas.

2.4 Humidais continentais

1. Descrición

1.0

Este grupo de hábitats recolle unha variedade de humidais que abranguen un amplo abano de situacións e condicións hidrolóxicas, que definen ao mesmo tempo as diferentes tipoloxías dos humidais que é posible identificar dentro da área continental galega. Deste xeito, neste epígrafe inclúense os sistemas lacunares interiores, incluindo dende as grandes lagoas permanentes ata as charcas estacionais ou temporais, así como aos herbais higrófilos que aparecen ligados ás mesmas. Tamén se contemplan as matogueiras húmidas e os sistemas de turbeiras, que en Galicia conforman o conxunto de maior importancia no SW europeo, sobre todo polo importante e extenso complexo de turbeiras de cobertor situadas nas serras setentrionais galegas.

Os sistemas lacunares ou sistemas de "augas estancadas" poden considerarse, dende un punto de vista hidrolóxico, como depresións continentais ocupadas de forma permanente ou temporal pola auga. A escala xeolóxica son sistemas transitorios, xa que a súa duración é en xeral relativamente breve, inferior a 100.000 anos, pois tenden a ser substituídos por medios turfófilos e higrófilos ou por medios non húmidos como consecuencia da dinámica morfoxenética ou climática da área onde se sitúan.

Os ecosistemas lacustres tiveron en Galicia unha maior representación noutros períodos xeolóxicos, configurándose durante o Terciario grandes superficies lacunares no seo das amplas depresións sedimentarias encravadas na actualidade na Galicia media (Terra Chá, A Limia, Maceda) e en menor medida na rexión litoral (Anllóns, Louro, Masma, Ouro, Ás Pontes). Hai 50.000 anos nas áreas próximas ao litoral aínda permanecían importantes sistemas lacunares, asociados a extensas turbeiras, que foron desaparecendo progresivamente co inicio do último período glaciar do Cuaternario (25.000 -17.000 anos). O fin do último ciclo glaciar marcou unha reactivación dos medios lacunares, asociados agora ás áreas de alta montaña, onde a actividade glaciar favoreceu a formación de cubetas nas que se acumulou a auga do desxeo. O quecemento climático do Holoceno, iniciado hai aproximadamente 10.000 anos, produciu unha redución considerable das achegas hídricas, propiciando unha redución da temporalidade da inundación nos medios lacunares formados durante a etapa final dos tempos glaciares ou a súa transformación progresiva en medios turfófilos.

O coñecemento da orixe dos sistemas lacustres ten un grande interese, non só dende o ámbito xeolóxico, se non dende o biolóxico ao condicionar a especialización e distribución de moitas das especies que configuran as biocenoses que albergan as súas augas. Neste sentido, Galicia non pode considerarse como un país de grandes e profundos lagos, pero a permanencia temporal destes ao longo do Cenozoico foi moi superior á doutras áreas da Península Ibérica, o cal xogou un papel importantísimo na riqueza das súas comunidades lacunares, sendo a nivel botánico o territorio europeo con maior número de especies endémicas restrinxidas a ambientes acuáticos.

As matogueiras húmidas son formacións higrófilas nas que as condicións hídricas do solo inflúen tanto na composición como na estrutura das especies arbustivas que as dominan (como por exemplo *Erica tetralix, E. mackaiana, E. ciliaris, Ulex gallii, Genista micrantha, Myrica gale*, etc.), así como nas especies que se desenvolven no estrato herbáceo. Con frecuencia, estas matogueiras aparecen vinculadas cos sistemas turfófilos, formando complexos mosaicos cos mesmos en función das condicións edáficas e topográficas, así como con áreas achairadas nas marxes dos ecosistemas lacustres ou fluviais.

O concepto de turbeira está suxeito a unha gran controversia, maior mesmo que o do propio termo humidal. Turba procede da voz xermánica "turf" e fai referencia ao combustible fósil formado por residuos vexetais acumulados en sitios pantanosos, de cor escura, aspecto terroso e pouco peso, e que ao arder produce fume denso. Esta visión utilitarista é recollida, entre outros, no Dicionario da Real Academia da lingua Española. O termo turbeira esténdese nos países latinos dende o ámbito das ciencias xeolóxicas para designar os depósitos onde xace a turba. Pola contra, na terminoloxía popular este tipo de medio desígnase ben polas características inestables do terreo, que treme ao camiñar sobre el (tremoal, tremo; en castelán: trampal, tremedal, tremadal), ou en relación ao seu aproveitamento vernal como pasto para a gandaría extensiva (branda, braña, brañón).

O criterio clave para a súa identificación é simplemente a presenza de turba, aínda que non existe un acordo unánime para a súa delimitación. Na maioría das propostas de clasificación limítanse as turbeiras aos depósitos de turba que superan o intervalo de 50 a 30 cm de potencia, denominándose para-turbeiras cando a potencia é inferior. A turba (*peat*) é unha mestura máis ou menos heteroxénea de material vexetal descomposto (humus), que foi acumulado en ambientes saturados en auga e con baixas concentracións de O_2, de modo que a auga representa o 95% do peso total da turba, e unicamente o 5% restante corresponde a material sólido. A súa estrutura pode variar dende unha serie de restos vexetais máis ou menos descompostos (e polo tanto máis ou menos recoñecibles) ata unha tenue masa coloidal amorfa. As taxas de acumulación do material vexetal son maiores naqueles territorios nos que a temperatura é o suficientemente elevada como para permitir o desenvolvemento vexetal, pero á súa vez é abondo baixa como para ralentizar a actividade dos microorganismos descompoñedores.

2. Relación entre hábitats e Unidades Ambientais

1.0 A unidade ambiental UA210 representa aos sistemas lacunares continentais presentes en Galicia, contemplando todas as tipoloxías descritas en función da súa natureza limnolóxica.

As unidades ambientais UA230, UA240, UA250 representan os grandes ecosistemas de turbeira existentes en Galicia e en xeral no NW Ibérico. A estas unidades subordínanse medios turfófilos que posúen unha representación territorial reducida e que mostran unha neta relacion catenal, como son os mires de transición, as turbeiras boscosas ou as depresións do Rhynchosporion. Nas unidades de turbeiras de cobertor e altas establécese unha diferenciación inicial, seguindo os criterios da DC 92/43/CEE, entre sistemas activos e sistemas degradados.

A unidade ambiental UA270 inclúe as matogueiras húmidas, non turfófilos, de carácter continental, todos eles tipificados pola DC 92/43/CEE como hábitats prioritarios (Nat-2000 4020 *). Mentres que os herbazais húmidos continentais se adscriben dentro das dúas últimas unidades ambientais, diferenciándose entre herbazais de gran porte, maior de 1,5 m, e incluídos dentro da UA280, e herbazais húmidos continentais de mediano ou pequeno porte UA281.

UA210	Augas estancadas
UA230	Turbeiras de cobertor
UA240	Turbeiras altas
UA250	Turbeiras baixas
UA270	Matogueiras húmidas continentais
UA280	Herbazais continentais húmidos de gran porte
UA281	Herbazais húmidos de mediano porte

2.0 No Anexo I da Directiva 92/43/CEE, os medios de augas estancadas non costeiros inclúense dentro do subgrupo 31. Augas estancadas. Os 8 tipos de hábitats que conforman este subgrupo diferéncianse por parámetros limnolóxicos (nivel de trofía, comunidades de macrófitos) e xeográficos, e en Galicia é posible atopar 5 tipos deste conxunto.

A distribución xeográfica en Galicia destes hábitats é moi variable, podendo ser nalgúns casos máis ou menos frecuentes (Nat-2000 3110 Augas oligotróficas (*Littorelletalia uniflorae*), Nat-2000 3130 Augas oligotróficas ou mesotróficas) mentres que noutros, especialmente no daqueles que están asociados a augas ricas en carbonatos (Nat-2000 3120 Augas oligotróficas (*Isoetes* spp.), Nat-2000 3140 Augas oligomesotróficas calcáreas (*Chara* spp.), Nat-2000 3150 Lagos eutróficos naturais (*Magnopotamion* ou *Hydrocharition*), Nat-2000 3160 Lagos e charcas distróficos naturais), trátase de tipos moi raros no ámbito territorial galego.

As matogueiras húmidas en Galicia constitúen un tipo de hábitat prioritario, que aparece no Anexo I da DC 92/43/CEE como o tipo Nat-2000 4020* Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.

As peculiaridades biolóxicas e ecolóxicas dos hábitats turfófilos, como o feito de albergar especies de seres vivos exclusivos e o seu declive acelerado, foron factores que levaron a incluír no Anexo I da Directiva a práctica totalidade de tipoloxías de sistemas turfófilos existentes no continente europeo. En Galicia están representados un total de 5 tipos dentro da categoría de Turbeiras acedas de esfagnos, dos que dous son prioritarios (Nat-2000 7110* Turbeiras altas activas e Nat-2000 7130* Turbeiras de cobertor), mentres que o resto (7120 Turbeiras altas degradadas, 7140 'Mires' de transición e 7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*) son considerados como de interese comunitario. Outro tipo de hábitat que é posible identificar, pero dentro do subgrupo Áreas lamacentas calcarias é o tipo Nat-2000 7230 Turbeiras baixas alcalinas. Entre os hábitats vinculados aos ecosistemas de turbeira en Galicia, é posible identificar dentro das etapas maduras áreas colonizadas por especies arbóreas, que constitúen un tipo de hábitat moi pouco extendido polo territorio, e que está considerado prioritario: o tipo Nat-2000 91D0* Turbeiras boscosas.

No tocante ás formacións herbosas húmidas, estas presentan diversos tipos de hábitat ligados á presenza de auga no solo: o tipo prioritario Nat-2000 6230* Formacións herbáceas con *Nardus*, o tipo Nat-2000 6410 Prados con *Molinia*, o tipo Nat-2000 6420 Prados húmidos mediterráneos do *Molinion-Holoschoenion*, e o tipo Nat-2000 6430 Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Impedir toda deterioración adicional e protexer e mellorar o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.

2.0 Manter a integridade e conservar a funcionalidade de ecosistemas húmidos que proporcionan o medio acuático vital para a reprodución dos anfibios.

3.0 Conservar a gran variedade de hábitats e de especies de interese para a conservación que son propios dos humidais e que os converten en elementos clave na conservación da biodiversidade.

4.0 Fomentar o mantemento nun estado de conservación favorable das turbeiras de cobertor, turbeiras altas e matogueiras húmidas, polo seu importante papel estratéxico na mitigación do cambio climático ao funcionaren

como reservorios a longo prazo de dióxido de carbono e metano.

5.0 Establecer un seguimento do estado de conservación dos queirogais húmidos a través da avaliación periódica dos usos tradicionais desenvolvidos nos mesmos, e dos seus posibles efectos sinérxicos, que permita adoptar as medidas máis axeitadas que aseguren o mantemento nun estado de conservación favorable deste tipo de hábitat.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 Eliminación das verteduras directas de calquer tipo sobre as lagoas ou turbeiras, así como as realizadas nos seus cauces de alimentación que non conten coa debida autorización.

2.0 Conservación e recuperación dos hábitats lacunares (Nat-2000 3110, 3120, 3130, 3140, 3150, 3160), e en especial as actuacións encamiñadas a aumentar a conectividade e a permeabilidade cos hábitats adxacentes.

3.0 O control e erradicación de especies invasoras presentes nos medios húmidos continentais.

4.0 Restauración de matogueiras húmidas, turbeiras e marxes de lagoas continentais que foron degradados debido a plantacións forestais con especies alóctonas.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 A xestión das formacións arbóreas de carácter alóctono (piñeirais, eucaliptais) situadas sobre turbeiras orientada cara á rexeneración natural destes ecosistemas, contemplando que as cortas que poidan ser autorizadas deberán realizarse de forma manual para evitar calquera alteración sobre o solo e sobre o rexenerado dos hábitats turfófilos.

2.0 As actividades tradicionais de pastoreo existentes antes da entrada en vigor do presente plan nas matogueiras húmidas (Nat-2000 4020*, 6230*), que posúan unha carga gandeira axeitada para que non supoñan unha mingua significativa na estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, así como as futuras actividades que se desenvolvan baixo as mesmas condicións que as anteriores.

3.0 As actividades tradicionais de aproveitamento dos queirogais húmidos (Nat-2000 4020*) tales como rozas manuais, queimas controladas e cortas, sempre e cando se desenvolvan ao abeiro da normativa de usos forestais do presente Plan.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 O uso de embarcacións recreativas ou deportivas en humidais lacunares, salvo autorización expresa por parte do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

2.0 A vertedura de zurros e residuos agrícolas ou industriais directamente sobre o medio acuático, así como sobre hábitats de interese comunitario.

3.0 O desecamento ou sangrado de charcas, lagoas, turbeiras, ou calquera outro tipo de humidal continental sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

4.0 A realización de rozas manuais sobre turbeiras, queirogais húmidos e lagoas, que causen unha afección significativa sobre a composición, estrutura e funcionalidade dos ecosistemas.

5.0 A destrución, transformación, subsolado, sangrado, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha alteración significativa da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais lacunares (Nat-2000 3110, 3120, 3130, 3140, 3150, 3160), brañas e turbeiras (Nat-2000 4020*, 6230*, 7110*, 7130*, 7140, 7150, 91D0*).

6.0 O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas sobre os tipos de hábitats dos humidais continentais.

7.0 Os cambios de uso que afecten significativamente á estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais húmidos, especialmente daqueles que constitúan tipos de hábitat de interese comunitario, ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos humidais.

8.0 A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando supoñan a destrución ou redución significativa da superficie ocupada por hábitats húmidos protexidos ou ben das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos humidais.

9.0 A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas húmidas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

10.0 O uso incontrolado de biocidas sobre os hábitats húmidos protexidos e das especies de interese para a conservación dos humidais.

11.0 A fumigación non autorizada con equipos aéreos sen autorización do organismo competente en materia de

conservación da natureza.

12.0 A liberación indiscriminada no medio natural de organismos modificados xeneticamente, cando poidan afectar ao acervo xenético das especies de interese comunitario, ou ben poidan exercer fronte a estas unha maior competencia polo aproveitamento dos recursos naturais.

13.0 Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais húmidos ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos humidais.

14.0 As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais húmidos continentais ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, incluíndo especialmente a repoboación ou plantación de espécimes alóctonos con exemplares de *Eucalyptus, Pinus, Pseudotsuga, Quercus rubra,* etc.

15.0 A compactación, erosión e perda da estrutura dos hábitats e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, derivadas dun uso non axeitado de vehículos ou maquinaria.

16.0 O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats de humidais continentais do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

17.0 A disposición de trampas nos cauces interiores de turbeiras e matogueiras húmidas como método de captura incontrolada de exemplares de invertebrados para ser empregados como reclamos nas actividades de pesca deportiva.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats dos humidais continentais (lagoas, turbeiras, matogueiras e herbais húmidos) e das poboacións de flora e fauna presentes nos mesmos para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Estado da estrutura e funcións específicas dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE
- Estado de conservación das augas correntes e dos medios húmidos (lagoas, turbeiras, etc.).
- Continuidade e conectividade entre os distintos tipos de hábitats.
- Área de presencia, número de poboacións e efectivos das especies protexidas.

2.5 Matogueiras e medios rochosos

1. Descrición

1.0

As matogueiras xogaron un papel fundamental na configuración da cuberta vexetal das áreas temperadas do continente europeo dende hai aproximadamente 30 millóns de anos. A súa configuración actual vincúlase, non obstante, coa dinámica climática acaecida ao longo dos últimos 2 millóns de anos, durante o Cuaternario, período no que se produce a súa diferenciación ecolóxica e bioxeográfica en resposta á dinámica climática global (matogueiras atlánticas, boreais, ártico-alpinos) e á combinación desta con diversos factores ambientais (altitude, proximidade ao mar, existencia de tipos particulares de substratos xeolóxicos, etc). No último ciclo climático do Cuaternario, as matogueiras e concretamente os queirogais, representaron a vexetación dominante en Galicia durante máis de 100.000 anos, mentres que o dominio territorial de bosques se restrinxiu a un intervalo temporal inferior a 5.500 anos.

Entre as diferentes formacións arbustivas presentes en Galicia, é posible diferenciar un conxunto de matogueiras naturais ou seminaturais, dentro das cales é posible atopar fases xuvenís, dun escaso grao de desenvolvemento, así como estados moi maduros. Estes caracterízanse por seren formacións estables, que permanecen no tempo de xeito prolongado, chegando incluso aos 25-30 anos de idade, e que amosan unha elevada diversidade, reunindo en ocasións ata máis de 50 especies vexetais entre os seus estratos superior e inferior. A importancia no ámbito da conservación da biodiversidade destes queirogais e matogueiras susténtase pola ampla proporción de elementos considerados como endémicos, raros, sucesorios e en perigo. Un segundo factor que xustifica a súa protección, é a drástica redución que experimentou, nos últimos cincuenta anos, a súa área de distribución en Europa como consecuencia do abandono dos sistemas de aproveitamento tradicional, nos que as matogueiras e os queirogais, constituían unha parte fundamental.

Os hábitats rochosos constitúen ambientes ecolóxicos nos que se concentra unha grande proporción dos taxóns vexetais e animais de carácter endémico dos diversos territorios bioxeográficos que se atopan representados na Unión Europea. Con respecto ás especies botánicas, a causa deste fenómeno radica no carácter fortemente selectivo do conxunto de condicións ambientais que se manifestan neste tipo de hábitats, entre os que se poden destacar a escasa dispoñibilidade hídrica, a forte insolación, a exposición a ventos desecantes e bruscos cambios de temperatura ou a dificultade de enraizamento e incorporación de elementos nutritivos.

Ademais da diversidade florística, os afloramentos rochosos son biótopos nos que desenvolven partes fundamentais dos seus ciclos vitais numerosas especies de aves de prea e rapaces incapaces de realizar as súas postas e levar a cabo a cría das súas polladas noutros ambientes.

Nalgúns casos, o aprovisionamento de materiais rochosos para o abastecemento industrial levou á desaparición de determinadas estirpes vexetais e noutros moitos, á eliminación de poboacións enteiras doutras consideradas en perigo, polo que a Unión Europea considerou que unha parte do legado biolóxico, e con este, o xeolóxico e xeomorfolóxico inherentes, debe ser preservado a través da selección de áreas de interese. Todo iso xustifica a inclusión dentro do Anexo I da Directiva 92/43/CEE dun apartado destinado á protección de hábitats nos que a parte mineral é a dominante.

2. Relación entre hábitats e Unidades Ambientais

1.0

Por todo o anterior, existe un grupo de unidades ambientais no que se engloban ás matogueiras e aos medios rochosos. A creación deste grupo xustifícase por que ambos os dous medios mostran na maioría das áreas xeográficas un patrón en mosaico, no que resulta moi difícil discriminar, cun suficiente grao de exactitude a partir das ortoimaxes a cobertura real entre ambos os dous tipos de hábitats. Así as diferentes unidades ambientais establecidas permiten inventariar cun suficiente grao de exactitude aquelas áreas onde a cobertura da matogueira ou dos afloramentos rochosos é claramente dominante, xunto con aquelas outras, máis frecuentes, nas que estas unidades se mostran nun deseño espacial complexo.

As coberturas dominadas por formacións de matogueiras existentes nos territorios sublitorais, interiores ou montanos non orófilos, réunense en tres unidades ambientais. Na UA310 inclúense os diversos tipos de queirogais secos, que son tipificados pola DC 92/43/CEE como hábitats de interese comunitario. As matogueiras de leguminosas carentes de espiñas (xesteiras, codesais, piornais) englóbanse na UA311. Mentres que as matogueiras esclerófilas, representadas entre outros por louredos, erbedais, carpaceiras, mosaico de queirogais e carpaceiras, formacións de *Phillyrea - Pistacia*, adscríbense á unidade UA312.

Os mosaicos de medios rochosos con formacións de matogueira e/ou vexetación herbácea existentes en áreas de media a baixa altitude (UA320 a UA323) diferéncianse en función do tipo de material litolóxico dominante; medios silíceos (UA320), serpentínicos (UA321), calcarios (UA322) e ultrabásicos (UA323). Finalmente as matogueiras de medios de alta montaña inclúense dentro da UA350.

UA310	Grandes superficies de queirogais
UA311	Grandes superficies de matogueiras de leguminosas inermes
UA312	Grandes superficies de matogueiras subesclerófilas

UA320 Matogueiras e medios rochosos silíceos
UA321 Matogueiras e medios rochosos serpentínicos
UA322 Matogueiras e medios rochosos calcarios
UA323 Matogueiras e medios rochosos ultrabásicos
UA350 Matogueiras e medios rochosos orófilos

2.0 Este extenso grupo de Unidades Ambientais no que se inclúen todas as formacións arbustivas e os medios rochosos de diferente natureza presentes en Galicia, abranguen un importante conxunto de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE. Como hábitats arbustivos inclúe na categoría de Queirogais e Matogueiras da Zona temperada a un total de tres tipos de queirogais no territorio galego: Nat-2000 4030 Queirogais secos europeos, Nat-2000 4060 Queirogais alpinos e boreais e Nat-2000 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos. Este conxunto de hábitats constitúe un dos máis amplamente representados en Galicia, aínda que, debido á recorrencia coa que se viron afectados polos incendios forestais durante o último cuarto de século, presentan un estado de conservación moi variable.

Outros tipos de hábitat presente nas formacións arbustivas, e sobre todo vencelladas ás matogueiras esclerófilas, son as formacións submediterráneas do tipo Nat-2000 5120 Formacións de montaña de *Genista purgans*, ou as dominadas por loureiros, que constitúen un tipo prioritario, o Nat-2000 5230* Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*.

Os tipos rochosos contemplan por un lado, a inclusión dos depósitos rochosos e a vexetación desenvolvida sobre os mesmos mediante o tipo Nat-2000 8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos. As encostas rochosas con vexetación casmofítica inclúen por unha banda, aos tipos ligados ás rochas silíceas cos tipos Nat-2000 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica e Nat-2000 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira. Por outra parte, os afloramentos calcarios abranguen dous tipos de hábitat en función das formas que presentan os mesmos: o tipo Nat-2000 8210 Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica e o tipo prioritario Nat-2000 8240* Pavimentos calcarios. As formacións calcarias presentan, con frecuencia, mananciais ou surxencias kársticas que dan lugar a unhas curiosas formacións de travertinos que constitúen un tipo de hábitat prioritario: o tipo Nat-2000 7220* Mananciais petrificantes con formación de "tuf" (Cratoneurion).

As cavidades presentes nos medios rochosos, independentemente da súa natureza, forman un tipo de hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE, xa que constitúen un importante refuxio para diversas especies de fauna, entre as que caben destacar certos grupos de invertebrados ou o grupo dos quirópteros dentro dos mamíferos. O tipo correspondente ás covas é o tipo Nat-2000 8310 Covas non explotadas polo turismo.

As formacións herbosas pioneiras dos medios rochosos, que constitúen as etapas previas ao establecemento das formacións arbustivas, xogan un papel moi importante na conservación da biodiversidade, o cal ponse de manifesto no feito de que constitúan varios tipos de hábitat, entre os que poden ser citados diversos exemplos de carácter prioritario. Estes hábitats pioneiros clasifícanse en función da natureza do sustrato sobre o que se desenvolven: sobre os medios rochosos silíceos poden ser citados o tipo Nat-2000 6160 Prados ibéricos silíceos de *Festuca indigesta*, o tipo prioritario Nat-2000 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*, e o tipo prioritario Nat-2000 6230* Formacións herbáceas con *Nardus*, mentres que sobre os sustratos calcarios os tipos presentes son o tipo Nat-2000 6170 Prados alpinos e subalpinos calcáreos, e o tipo prioritario Nat-2000 6210* Prados secos seminaturais (*Festuco-Brometalia*).

3. Obxectivos de conservación

1.0 Mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies de interese para a conservación que albergan as matogueiras e medios rochosos, facendo un especial fincapé no fomento da súa continuidade minimizando a fragmentación dos mesmos debido ao seu papel como corredores de biodiversidade.

2.0 Preservación dos compoñentes da xeodiversidade do territorio.

3.0 Fomento da conservación e uso sostible dos hábitats cavernícolas e das poboacións de especies residentes nos mesmos sobre calquera outra actividade que poida desenvolverse nos ecosistemas subterráneos.

4.0 Conservación dos ecosistemas orófilos de alta montaña como medida de adaptación con respecto aos procesos de cambio global.

5.0 Conservar e, no seu caso, restaurar os compoñentes biolóxicos, xeolóxicos, xeomorfolóxicos, hidrolóxicos, paleontolóxicos e arqueolóxicos dos ecosistemas subterráneos.

6.0 Establecer un seguimento do estado de conservación dos queirogais secos a través da avaliación periódica dos usos desenvolvidos nos mesmos, e dos seus posibles efectos sinérxicos, que permita adoptar as medidas máis axeitadas que aseguren o mantemento nun estado de conservación favorable deste tipo de hábitat.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 Fomento de medidas de conservación e recuperación dos hábitats herbáceos e arbustivos (Nat-2000 4030, 4060, 4090, 5120, 5230*, 6160, 6170, 6210*, 6220*, 6230*), así como os rochosos e subterráneos (Nat-2000 7220*, 8130, 8210, 8220, 8230, 8240*, 8310), encamiñadas especialmente a aumentar a conectividade e a permeabilidade cos hábitats adxacentes.

2.0 Establecemento de medidas de control e erradicación de especies invasoras presentes nos medios arbustivos.

3.0 Restauración dos hábitats de matogueiras e medios rochosos en lugares onde foron degradados debido a plantacións forestais con especies alóctonas (*Eucalyptus, Pinus, Pseudotsuga, Quercus rubra,* etc).

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 As actividades tradicionais de pastoreo nas matogueiras (Nat-2000 4030, 4060, 4090), existentes antes da entrada en vigor do presente plan, que posúan unha carga gandeira axeitada para que non supoñan unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, así como as futuras actividades que se desenvolvan baixo as mesmas condicións que as anteriores.

2.0 Os usos e aproveitamentos dos queirogais secos (Nat-2000 4030), desenvolvidos ao abeiro da normativa de usos forestais do presente Plan.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 Os cambios de uso que afecten significativamente á estrutura, funcionamento e composición taxonómica das matogueiras e medios rochosos, ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

2.0 A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando supoñan a destrución ou redución significativa da superficie ocupada por hábitats protexidos de matogueiras e medios rochosos ou ben das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

3.0 A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas ocupadas por matogueiras de aproveitamento gandeiro.

4.0 O uso incontrolado e sen autorización de biocidas sobre os hábitats protexidos de matogueiras e medios rochosos e das especies de interese para a conservación.

5.0 A fumigación non autorizada con equipos aéreos sen autorización do organismo competente en materia de conservación da natureza.

6.0 A liberación indiscriminada no medio natural de organismos modificados xeneticamente, cando poidan afectar ao acervo xenético das especies de interese comunitario, ou ben poidan exercer fronte a estas unha maior competencia polo aproveitamento dos recursos naturais.

7.0 Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración significativa sobre á estrutura, funcionamento e composición taxonómica das matogueiras e dos medios rochosos ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

8.0 O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas sobre os tipos de hábitats naturais de matogueiras e medios rochosos.

9.0 As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais de matogueiras e medios rochosos ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, incluíndo especialmente a repoboación ou plantación de espécimes alóctonos.

10.0 As rozas, desbroces e outros laboreos mecánicos, así como o uso do lume nos hábitats arbustivos, que causen unha modificación da súa estrutura, composición ou funcionamento, e que en consecuencia afecten significativamente ao seu estado de conservación, así como ás poboacións das especies de interese para a conservación presentes nos hábitats arbustivos.

11.0 As rozas ou laboreos mecánicos, así como os subsolados en liña de máxima pendente, cando poidan xerar un incremento significativo da erosión do solo.

12.0 A compactación, erosión e perda da estrutura dos hábitats e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, derivadas dun uso non axeitado de vehículos ou maquinaria.

13.0 O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats de matogueiras e medios rochosos do anexo I da DC 92/43/CEE ou areas prioritarias de especies de interese para a conservación.

14.0 A vertedura de zurros e residuos agrícolas ou industriais directamente sobre os hábitats de interese comunitario de matogueiras e medios rochosos.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats de matogueiras e medios rochosos, así como das poboacións de flora e fauna presentes nos mesmos para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Estado da estrutura e funcións específicas dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE
- Continuidade e conectividade entre os distintos tipos de hábitats.
- Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies protexidas.

2.6 Bosques

1. Descrición

1.0

Os bosques constitúen un tipo natural da vexetación terrestre, dominado por árbores, que se estende pola superficie continental coa soa excepción das zonas moi áridas ou polares, que están ocupadas polos semidesertos, desertos e glaciares. Na maior parte dos casos representan a etapa madura, estable ou clímax na sucesión ecolóxica sendo moi variables no seu aspecto, estrutura e composición florística. En moitas ocasións, pola súa proximidade e frondosidade, as copas trábanse entre si e forman un dosel continuo dando orixe aos chamados bosques pechados ou densos. En outras, sobre todo nos climas máis secos, as árbores áchanse máis separadas ou algo dispersas dun modo natural, polo que non chegan a entrecruzar as súas copas e, en consecuencia, o sotobosque é máis luminoso, dando lugar aos chamados bosques abertos. A extensión primixenia dos bosques naturais reduciuse notablemente en toda a Terra debido ás actividades humanas, sobre todo pola transformación de amplas áreas en terreos dedicados ao cultivo ou á gandaría e polo aproveitamento dos principais recursos forestais con fins enerxéticos (madeira e carbón vexetal) e construtivos.

O concepto de bosque natural inclúe formacións de carácter primitivo ou prístino (*pristine wood*), nas que a súa configuración estrutural, composición biocenótica e ecofunción non foron afectadas pola acción humana. Segundo esta definición, este tipo de hábitats boscosos quedarían restrinxidos ás áreas montañosas centrais e setentrionais da Unión Europea. Por outra banda, a miúdo inclúense igualmente dentro dos bosques naturais aquelas formacións arboradas, máis ou menos intervidas polo ser humano, que representan as etapas clímax de cada territorio ou unidade bioxeográfica e que posúen características ecofuncionais, dinámicas, estruturais e biocenóticas próximas ás daquelas consideradas como prístinas. Non obstante, diversos autores prefiren diferenciar este grupo de bosques dos anteriores e designalos como "bosques primarios". Estes bosques non alterados nas súas características esenciais, malia ser aproveitados polo home dende antigo, consérvanse principalmente en áreas montañosas ou en chairas inundables pouco aptas para o cultivo, alcanzando unha representación moi variable con respecto á totalidade da superficie forestal arborada nos respectivos países da Unión Europea.

En calquera dos casos sinalados, se trata dos tipos de hábitats arborados que posúen un maior valor de conservación, representando a etapa madura ou clímax da vexetación natural potencial primitiva. É característica destes bosques a existencia de árbores moi vellos, vivos ou caídos, xunto a outros máis novos, como resultado do dinamismo interno creado pola senescencia, morte ou abatemento natural (por raios, vendavais, etc.) doutras árbores. Tamén adoita ser habitual que se poida transitar sen grandes dificultades polo sotobosque, que non adoita ser moi denso, salvo pola presenza das árbores caídas.

Como bosques sub naturais, se englobarían formacións arbóreas fortemente influenciados pola actividade humana ("bosques secundarios") que representan estadios iniciais na dinámica dos bosques naturais ou mesmo aquelas formacións de orixe natural sometidas secularmente a un aproveitamento que supuxo unha modificación significativa da composición e estrutura do bosque primitivo, como é o caso das “dehesas” mediterráneas ou as plantacións antigas de *Castanea sativa* (*soutos*) presentes en diversos países ribeiráns do mediterráneo así como na área atlántica da Península Ibérica.

A cobertura territorial das formacións arboradas de carácter natural e subnatural en Galicia sufriu ao longo dos últimos 3.000-2.500 anos unha forte redución, quedando relegada a unha superficie similar á ocupada pola vexetación arborada durante os períodos fríos da última glaciación cuaternaria. A análise temporal da superficie que as diversas formacións arbóreas recoñecibles neste territorio tiveron ao longo do Holoceno permite considerar moitas de elas como pertencentes á categoría de "residuais" ou "raras", como é o caso dos faiais, os bosques de barrancos, os bosques aluviais ou as turbeiras boscosas, que nos últimos 10.000 anos ocuparon superficies reducidas neste contexto. Noutras, como as carballeiras, concentráronse os procesos deforestadores iniciados hai máis de 7.000 anos e xeneralizados a partir do 4.500-4.000 anos BP. Como contrapartida e, sobre todo como consecuencia de diversos impulsos reforestadores levados a cabo nos últimos séculos, foise consolidando a supremacía territorial das formacións arbóreas de carácter exótico (piñeirais, eucaliptais, etc.) no ámbito de Galicia, fronte aos bosques naturais e sub naturais.

2. Relación entre hábitats e Unidades Ambientais

1.0

Para representar os diferentes tipos de bosques presentes en Galicia, de xeito que sexa posible inventariar e xeorreferenciar os diferentes tipos de hábitat boscosos, diferenciáronse un total de 11 unidades ambientais, relativas a bosques naturais e seminaturais, atendendo á súa composición biocenótica e á súa entidade superficial. A superficie é un factor fundamental de cara á xestión e conservación dos bosques do territorio galego, xa que como consecuencia da acción humana as masas boscosas foron progresivamente reducindo a súa cobertura, de modo que na actualidade moitos dos tipos de bosques presentes no territorio galego mostra unha distribución cualificable como rara ou de carácter residual.

No sistema de unidades ambientais considerouse como grandes superficies boscosas, aquelas coberturas dominadas por árbores que posúen unha entidade superficial continua de máis de 50 ha. Por outra banda,

debido á heteroxeneidade espacial dos sistemas boscosos de carácter natural considerouse conveniente designar como complexos de bosques antigos ás unidades arbóreas naturais conformadas por máis de 5 tipos de bosques naturais, excluíndo polo tanto deste computo as formacións de *Castanea sativa*.

As unidades ambientais UA410 e UA411 corresponden a bosques non húmidos de carácter natural de máis de 50 ha de superficie. A primeira unidade incluirá as formacións de bosques antigos, máis de 5 tipos de bosques naturais sen considerar as formacións de *Castanea sativa* debido ao seu carácter seminatural, que representan as áreas boscosas de maior diversidade do territorio galego. A UA411 inclúe formacións de máis de 50 ha de superficie, cun menor número de tipos de bosques naturais. Mentres que o resto das unidades (UA420 a UA428) representan bosques de menor extensión e xeralmente cun neto predominio dun tipo de unidade fitocenótica.

Dentro de cada unidade ambiental mantense en termos xerais o mesmo esquema, considerando diversos grupos de hábitats vinculados que representan etapas novas ou maduras de unidades boscosas.

UA410 Grandes superficies de complexos de bosques antigos
UA411 Grandes superficies de bosques antigos
UA420 Bosques de carballos caducifolios
UA421 Bosques de sobreiras e carballos caducifolios
UA422 Bosques de bidueiros
UA423 Bosques de faia
UA424 Bosques de aciñeiras
UA425 Bosques seminaturais de Castanea sativa
UA426 Bosques de coníferas naturais
UA427 Bosques de barranco
UA428 Bosques de acivro

2.0 Os tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE que se inclúen nesta categoría engloban bosques naturais e subnaturais de especies autóctonas, en monte alto con sotobosque típico, que responden a un dos seguintes criterios: raros ou residuais, e/ou que albergan especies de interese comunitario.

Dentro do subgrupo 91. Bosques da Europa temperada, a Directiva 92/43/CEE contempla dous tipos de bosques non húmidos presentes en Galicia: o tipo Nat-2000 9120 Faiais acidófilos atlánticos, e o tipo prioritario Nat-2000 9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion;* mentres que no subgrupo 92. Bosques mediterráneos caducifolios, contémplanse outros dous tipos de hábitat boscosos de interese comunitario: o tipo Nat-2000 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur e Quercus pyrenaica,* e o tipo Nat-2000 9260 Soutos

No tocante ás formacións de especies de folla perenne, o subgrupo 93. Bosques esclerófilos mediterráneos inclúen 3 tipos de hábitats caracterizados polo dominio fisionómico de especies perennifolias que teñen representación dentro de Galicia: o tipo Nat-2000 9330 Sobreirais, o tipo Nat-2000 9340 Aciñeirais e o tipo Nat-2000 9380 Acevedos. Por outra banda, no subgrupo 95. Bosques de coníferas de montañas mediterráneas e macaronésicas, inclúese o tipo prioritario Nat-2000 9580* *Bosques de Taxus baccata,* de presenza moi reducida en Galicia.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Promover a conservación e o uso sostible dos hábitats boscosos naturais e das especies de interese para a conservación presentes nos mesmos.

2.0 Fomentar o aproveitamento racional dos recursos dos hábitats seminaturais boscosos para garantir a súa conservación e mantemento.

3.0 Fomento dos procesos ecolóxicos de rexeneración natural dos bosques baseados na súa relación coa fauna silvestre que actúa como vector de polinización e de dispersión das sementes (invertebrados, aves, mamíferos).

4.0 Conservación dos servizos dos ecosistemas boscosos, ligada á conservación da biodiversidade.

5.0 Fomentar o mantemento das funcións que desempeñan os bosques como a regulación do ciclo hidrolóxico, o amortecemento de enchentes e inundacións, a protección dos solos e o control da sedimentación.

6.0 Conservar a importante variedade de hábitats boscosos presente no territorio galego, prestando especial atención a aqueles exemplos de reducida distribución e cuxa presenza está ligada a factores a pequena escala.

7.0 Aumentar a conectividade e permeabilidade dos hábitats boscosos mediante a redución da súa fragmentación.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 Establecemento de medidas de conservación e recuperación dos hábitats boscosos encamiñadas especialmente a aumentar a conectividade e a permeabilidade entre masas arborizadas así como cos hábitats colindantes, promovendo o aumento da súa superficie a costa das áreas adxacentes ocupadas por repoboacións con especies alóctonas.

2.0 Establecemento de medidas de control e erradicación de especies invasoras presentes nos hábitats boscosos, minimizando a presenza das mesmas tanto no interior das masas arborizadas como nos seus bordes.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 A recollida de follaxe, castañas, cogomelos, landras e doutros pequenos froitos (excluíndo o aproveitamento das especies silvestres de interese para a conservación), por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento, sempre que non afecte á persistencia do/s exemplar/es ou destas se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

2.0 Os aproveitamentos de leñas nas masas arborizadas por parte dos propietarios, destinados ao autoconsumo e ao uso doméstico, sempre que non afecten á persistencia da masa ou destes se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

3.0 Cortas dos tipos de bosques do anexo I da DC 92/43/CEE vinculadas estritamente ás necesidades de xestión, restauración e sanidade vexetal, conformes cos obxectivos do presente plan e da propia Rede Natura 2000, cando sexan necesarias para garantir a seguridade das persoas, infraestruturas ou propiedades, e baixo a autorización por parte do organismo competente en materia de conservación da natureza.

4.0 Cortas de rexeneración e mantemento, no caso de rodais sen rexeneración natural, cando sexan estritamente necesarias para asegurar a súa preservación, e suxeitas a autorización por parte do organismo competente en materia de conservación da natureza.

5.0 As actividades e aproveitamentos tradicionais dos soutos por parte dos seus propietarios, tendo en conta as características intrínsecas dos mesmos e a súa condición de hábitat de interese comunitario (Nat-2000 9260), sempre e cando se atopen suxeitas a autorización por parte do organismo competente en materia de conservación da natureza. Actividades entre as que atopan o seu esmoucado periódico, rozas manuais do sotobosque, plantación e enxertado de novos individuos de *Castanea sativa*, tratamentos fitosanitarios, todas elas necesarias para asegurar o mantemento temporal do devandito hábitat.

6.0 As cortas selectivas nas formacións forestais de carácter autóctono, tras unha axeitada avaliación das súas repercusións, de xeito que se realicen garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais, non conleven unha alteración significativa da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais boscosos (especialmente daqueles que constitúan tipos de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE) nin das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e se realicen en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007.

7.0 O destinamento dunha parte da superficie de creación de novos pasteiros ao fomento de hábitats naturais ou ben á creación de bosquetes de frondosas autóctonas, situando ás frondosas prioritariamente con fins de protección de zonas fráxiles e, de non existir estas, con criterios de mellora do pasteiro.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 As cortas a feito ou a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da DC 92/43/CEE ou que alberguen áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

2.0 O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas sobre os tipos de hábitats de bosques.

3.0 Os cambios de uso que afecten significativamente á estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais boscosos que constitúan tipos de hábitats de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE) ou ás áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos bosques.

4.0 A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando supoñan a destrución ou redución significativa da superficie ocupada por hábitats boscosos protexidos ou ben das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos bosques.

5.0 A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

6.0 O uso incontrolado de biocidas sobre os hábitats boscosos protexidos ou sobre as especies de interese para a

conservación dos bosques.

7.0 A fumigación con equipos aéreos sen unha axeitada avaliación das súas repercusións sobre os hábitats naturais e sobre as poboacións das especies de interese para a conservación.

8.0 A liberación indiscriminada no medio natural de organismos modificados xeneticamente, cando poidan afectar ao acervo xenético das especies de interese comunitario, ou ben poidan exercer fronte a estas unha maior competencia polo aproveitamento dos recursos naturais.

9.0 Os cerramentos e valados que non se atopen conformados por especies vexetais autóctonas, nin por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, nin por madeira ou estacas e arame, así como aqueles que impidan a circulación da fauna silvestre, ou que supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación.

10.0 Introducións nos tipos de hábitats boscosos do Anexo I da DC 92/43/CEE de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas boscosos ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos bosques.

11.0 A recolección de especies silvestres de interese para a conservación con fins comerciais sen unha axeitada avaliación das súas repercusións sobre o seu estado de conservación, así como sobre os tipos de hábitat de interese comunitario.

12.0 As novas introducións, plantacións ou sementeiras que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais boscosos de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

13.0 A compactación, erosión e perda da estrutura dos hábitats e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, derivadas dun uso non axeitado de vehículos ou maquinaria.

14.0 O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats boscosos do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

15.0 A vertedura de zurros e residuos agrícolas ou industriais directamente sobre os hábitats boscosos de interese comunitario.

16.0 As actividades de pastoreo que posúan unha carga gandeira excesiva dentro dos hábitats boscosos que impidan a súa rexeneración natural ou causen danos estruturais na masa, e que en definitiva supoñan unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais boscosos e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos bosques.

17.0 Calquera outra modificación significativa da estrutura, composición ou función dos ecosistemas naturais boscosos que constitúan tipos de hábitat de interese comunitario.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats de bosque, así como das poboacións de flora e fauna presentes nos mesmos para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Superficie ocupada polos hábitats boscosos do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Estado da estrutura e funcións específicas dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE
- Continuidade e conectividade entre os distintos tipos de hábitats.
- Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies protexidas.

2.7 Agrosistemas tradicionais

1. Descrición

1.0

A domesticación da paisaxe leva consigo un equilibrio territorial e temporal, entre a superficie ocupada por medios e comunidades con escaso grao de alteración humana (paisaxes e hábitats naturais), con aqueles as características da cal (composición, estrutura, función), están directamente condicionadas pola acción do home, establecendo diversos tipos de hábitats sinántropicos, que inclúen os agrosistemas e os característicos dos distintos ecotopos ocupados polo home e os animais domésticos (estanzas, vías, etc), e que en conxunto conforman os designados como paisaxes agrícolas tradicionais ou paisaxes culturais. O proceso de domesticación da paisaxe supón unha primeira etapa de alteración, transformación os ambientes (paisaxes e hábitats) prístinos, pola irrupción temporal, en relación coa duración dun aproveitamento non continuo, de ambientes sinántropicos e semi naturais.

A agricultura non é un proceso inventado, senón o resultado dun cambio gradual nas relacións entre o home e o ecosistema onde se desenvolve e do coñecemento adquirido pola experiencia e a observación durante miles de anos. A maioría dos autores coincide en sinalar que o home comeza a practicar a agricultura no vello mundo hai aproximadamente 10.000 anos en Mesopotamia, rexistrándose os primeiros signos de actividade agrícola en Galicia e no conxunto do NW Ibérico, hai máis de 5.500 anos, durante a Neoglaciación.

A adopción da agricultura no Neolítico determina unha drástica e progresiva transformación da paisaxe prístina, coa conseguinte aparición dos agrosistemas. Ata mediados do século XX dominaron as paisaxes tradicionais, que no seu devir histórico sufriron importantes cambios derivados por aspectos xeo-políticos, ambientais e para a introdución de novas especies de cultivo, cambios que incrementaron a súa pegada ecolóxica, con etapas nas que se superaron con creces os límites da sostenibilidade. Na actualidade, recoñécense como agrosistemas tradicionais as áreas de uso predominantemente agrícola e gandeiro nas cales a estrutura deriva dos sistemas de explotación forxados ao longo da Idade Media e do Antigo Réxime, e nos que os modos de produción son compatibles co mantemento duns certos valores naturais e de biodiversidade dentro da matriz agrícola, ao permitir a presenza de hábitats seminaturais nos cales poden desenvolverse especies de interese para a conservación que nos agrosistemas industriais non atoparían posibilidade de desenvolvemento.

2. Relación entre hábitats e Unidades Ambientais

1.0

As áreas ocupadas polos agrosistemas tradicionais na actualidade tipifícanse dentro do grupo de unidades ambientais UA500, baixo o epígrafe de "Paisaxe Rural Tradicional".

As unidades ambientais UA510 a UA540 reflicten os diversos sistemas de aproveitamento tradicional do territorio galego que persisten nas principais unidades paisaxísticas de Galicia. Na diferenciación dos sistemas rurais considerouse os tipos de usos agrícola-gandeiros dominantes (labradios, prados, hortas, campos abandonados, etc), as formas de cultivo (emparrados, sucalcos), a delimitación das unidades de explotación (campos con sebes arbóreas, arbustivas, ou campos sen sebes).

A última unidade ambiental deste grupo (UA550), corresponde a pequenos humidais cuxa estrutura e composición biocenótica esta vinculada cos usos e aproveitamentos tradicionais do territorio.

- UA510 Mosaico rural de pequenas parcelas pechadas
- UA520 Mosaico rural con emparrados, labradios e prados
- UA530 Mosaico rural con campos sen sebes
- UA531 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas
- UA532 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbóreas
- UA533 Mosaico rural con viñedos en sucalcos
- UA540 Mosaico rural de áreas de montaña
- UA550 Pequenos humidais seminaturais de uso extensivo

2.0

No seo destas unidades correspondentes aos agrosistemas tradicionais, é posible identificar áreas herbosas de carácter seminatural, cun grao de intervención humana variable, pero que constitúen tipos de hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE. Entre estes cabe citar os tipos Nat-2000 6410 Prados con *Molinia*, e o tipo Nat-2000 6510 Prados de sega de baixa altitude.

Asimesmo, nos agrosistemas de montaña (UA540), é posible identificar un tipo de hábitat de prado de sega, pero que debido á altitude na que se atopa presenta unha composición específica e unha estrutura propias, de xeito que constitúe un tipo de hábitat diferente: o tipo Nat-2000 6520 Prados de sega de montaña.

Os humidais seminaturais de uso extensivo presentan, ademais dos anteriores, outros tipos de herbais de carácter natural vinculados á presenza de humidade no solo, como son os tipos Nat-2000 6420 Prados húmidos mediterráneos do *Molinion-Holoschoenion*, Nat-2000 6230* Formacións herbáceas con *Nardus* e Nat-2000 7210* Turbeiras calcárias de *Cladium mariscus* e especies do *Caricion davallianae.*

3. Obxectivos de conservación

1.0 Conservación, restauración e, no seu caso, mellora dos agrosistemas tradicionais polos valores de biodiversidade e sostibilidade albergados nos mesmos.

2.0 Fomentar o aproveitamento racional dos recursos dos hábitats seminaturais agrícolas para garantir a súa conservación e mantemento.

3.0 Mantemento dos sistemas tradicionais de deslinde (sebes, muros, etc.) que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies de interese para a conservación.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 Mantemento dos hábitats dos prados de sega (Nat-2000 6510, 6520) mediante a súa fertilización anual preferentemente con esterco (en substitución do purín de vacuno), así como a realización como mínimo dunha sega e un máximo de dous pastoreos anuais.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 As actividades tradicionais de carácter agrícola e gandeiro que non supoñan unha alteración significativa da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE) e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

2.0 As explotacións tradicionais de gandería extensiva sometidas a un control axeitado que evite incrementos da presión incompatibles co mantemento dos hábitats sometidos a aproveitamento directo e, en xeral, as que non supoñan unha alteración significativa da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas de interese comunitario e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

3.0 O uso de zurros, fertilizantes, emendas orgánicas e biocidas nos terreos de labor, hortas, explotacións froiteiras e nos pasteiros de carácter artificial ou seminatural, sempre e cando a súa aplicación se realice de acordo coa normativa sectorial vixente, o Código Galego de Boas Prácticas Agrarias e os criterios de eco-condicionalidade e, por conseguinte, non afecten significativamente á estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos hábitats naturais ou seminaturais existentes no seu ámbito ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4.0 A circulación e o uso de maquinaria sobre os agrosistemas tradicionais, sen afectar a hábitats naturais fora das áreas de aproveitamento agricola.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 Os cambios de uso que afecten significativamente á estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos hábitats agrícolas de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

2.0 A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando supoñan a destrución ou redución significativa da superficie ocupada por hábitats agrícolas protexidos ou ben das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

3.0 A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

4.0 O uso de biocidas, cando se realicen fora dos predios de cultivo ou de forma contraria á reglamentación e ás recomendacións sobre a súa aplicación.

5.0 A fumigación con equipos aéreos sen autorización do organismo competente en materia de conservación da natureza.

6.0 A liberación indiscriminada no medio natural de organismos modificados xeneticamente, cando poidan afectar ao acervo xenético das especies de interese comunitario, ou ben poidan exercer fronte a estas unha maior competencia polo aproveitamento dos recursos naturais.

7.0 Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos hábitats agrícolas de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

8.0 Os cerramentos e valados que non se atopen conformados por especies vexetais autóctonas, nin por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, nin por madeira ou estacas e arame, así como aqueles que impidan a circulación da fauna silvestre, ou que supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación.

9.0 O emprego de lodos de depuradoras industriais ou urbanas á marxe da normativa sectorial.

10.0 O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats agrícolas do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats presentes nos agrosistemas tradicionais galegos, así como das poboacións de flora e fauna presentes nos mesmos para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Estado da estrutura e funcións específicas dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Superficie ocupada por elementos dos sistemas tradicionais de deslinde dos campos (sebes, muros, etc.).
- Continuidade e conectividade cos distintos tipos de hábitats naturais.
- Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies protexidas.

3. Especies de interese para a conservación

1. Obxectivos

1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar o estado de conservación das especies de flora e fauna e, en especial, das especies de interese para a conservación.

2.0 Regular e fomentar o uso sostible das especies de flora e fauna silvestre e garantir que os aproveitamentos que se realicen sobre especies de interese para a conservación non leven consigo unha afección significativa sobre o seu estado de conservación.

3.0 Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos ou alóctonos no espazo natural e, explicitamente, daqueles de carácter invasor.

2. Directrices

1.0 Velarase pola conservación das especies de fauna e flora silvestre do espazo natural.

1.1 Evitarase a desaparición de calquera especie autóctona e asegurarase a persistencia do seus hábitats.

1.2 Aplicaranse, se fose preciso, medidas de conservación e xestión das especies endémicas, ameazadas ou relictas.

1.3 Para as especies catalogadas elaboraranse e executaranse os correspondentes plans de recuperación ou xestión de acordo coas categorías establecidas na Lei de conservación da natureza.

2.0 Velarase pola pureza das poboacións e evitaranse introducir subespecies ou razas xeográficas distintas ás propias do espazo natural.

3.0 Velarase por evitar a expansión de especies alóctonas, e en especial das que se verifique un comportamento invasor, ou que sexan incluidas no Catálogo e Listado Español de Especies Exóticas Invasoras, ao abeiro do artigo 8 do Real Decreto 1628/2011 (desenvolvido de acordo ao artigo 52.2 da Lei 42/2007), e suxeitas ás prohibicións establecidas no artigo 61.3 da Lei 42/2007, así como nas normativas que sexan desenvolvidas de xeito regulamentario.

4.0 A xestión das especies con aproveitamento cinexético ou piscícola adaptarase aos obxectivos de conservación do espazo natural, a través dos correspondentes plans técnicos de xestión.

5.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións de flora e fauna para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

6.0 A conservación das especies de flora e fauna silvestre presentes no espazo protexido priorizarase cara aqueles elementos considerados como “protexidos” ou “catalogados” pola normativa comunitaria, estatal e autonómica, xunto cos elementos endémicos e raros a nivel bioxeográfico presentes no territorio.

3. Normativa xeral

1.0 As actuacións, non vinculadas coas necesidades de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade ou non contempladas nos supostos de actividades permitidas ou autorizables establecidas no presente plan, que poidan afectar de forma apreciable, individualmente ou en combinación con outras actuacións, ás áreas prioritarias das especies de interese para a conservación deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza. A mencionada autorización será outorgada tras unha adecuada avaliación das súas repercusións de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

2.0 Con carácter xeral, queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente aos animais silvestres, sexa cal sexa o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico.

- Esta prohibición inclúe a súa retención e captura en vivo, a destrución, dano, recolección e retención dos seus niños, das súas crías ou dos seus ovos, estes últimos aínda estando baleiros, así como a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos ou dos seus restos, incluíndo o comercio exterior.
- Para os animais non comprendidos nalgunha das categorías definidas no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lei 42/2007), no Catálogo español de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas, estas prohibicións non se aplicarán nos supostos con regulación específica, en especial na lexislación de montes, caza, agricultura, pesca continental e pesca marítima.
- Prohíbese a cría para reintrodución ou repoboación no medio natural de especies silvestres sen a autorización do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza ou cando se realice fóra dos lugares e das condicións establecidas na dita autorización.

3.0 Con carácter xeral, queda prohibida a destrución ou deterioración significativa das formacións vexetais

conformadas por especies silvestres que caracterizan os tipos de hábitats de interese comunitario.

4.0 Para as especies de flora e fauna silvestres non consideradas como especies de interese para a conservación, as prohibicións indicadas nos puntos 2 e 3 non se aplicarán nos supostos establecidos pola normativa sectorial e zonal incluída no presente plan, así como na lexislación e normativa que regula a pesca marítima, o marisqueo, a agricultura, a gandería, os aproveitamentos forestais, a pesca continental e a caza ou cando exista autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza

5.0 Para as especies silvestres de flora e fauna consideradas como de interese para a conservación, especies que figuran como protexidas nos anexos das directivas hábitats (DC 92/43/CEE) e aves (DC 2009/147/CE) e nos convenios internacionais ratificados por España, así como as especies consideradas como en perigo de extinción ou vulnerables no Catálogo español de especies ameazadas (CEEA) ou no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), establécense as seguintes prohibicións xenéricas:

- Tratándose de plantas, fungos ou algas, a de recollelas, cortalas, mutilalas, arrincalas ou destruílas intencionadamente na natureza.
- Tratándose de animais, incluídas as súas larvas, crías ou ovos, a de calquera actuación feita co propósito de darlles morte, capturalos, perseguilos ou molestalos, así como a destrución ou deterioración dos seus niños, vivares e áreas de reprodución, invernada ou repouso.
- En ambos os dous casos, a de posuír, naturalizar, transportar, vender, comerciar ou intercambiar, ofertar con fins de venda ou intercambio, importar ou exportar exemplares vivos ou mortos, así como os seus propágulos ou restos, salvo nos casos que regulamentariamente se determinen.
- Estas prohibicións aplicaranse a todas as fases do ciclo biolóxico destas especies, subespecies ou poboacións.
- As prohibicións establecidas neste apartado poderán quedar sen efecto, logo da autorización do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, se non houbese outra solución satisfactoria e sen que iso supoña prexudicar o mantemento nun estado de conservación favorable das poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:
  - Se da súa aplicación se derivasen efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas.
  - Para previr prexuízos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á pesca e á calidade das augas.
  - Cando sexa necesario por razóns de investigación, educación, repoboación ou reintrodución ou cando se precise para a cría en cativiade orientada aos devanditos fins.
  - No caso das aves, para previr accidentes en relación coa seguridade aérea.
  - Para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais.
  - Para permitir, en condicións estritamente controladas e mediante métodos selectivos, a captura, retención ou calquera outra explotación prudente de determinadas especies en pequenas cantidades e coas limitacións precisas para garantir a súa conservación, así como o cumprimento da lexislación vixente.

6.0 Prohíbese, ao abeiro do artigo 61.3 da Lei 42/2007, a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos, dos seus restos ou propágulos, incluindo o comercio exterior, daquelas especies alóctonas que sexan incluidas no Catálogo e Listado Español de Especies Exóticas Invasoras ao abeiro do artigo 8 do Real Decreto 1628/2011, desenvolvido de acordo ao artigo 52.2 da Lei 42/2007, así como de todas aquelas das que se verifique un comportamento invasor.

7.0 Non poderá autorizarse a liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente baixo condicións que poidan alterar a pureza e diversidade xenética das poboacións naturais das especies autóctonas ou poñer en risco calquera outro valor do espazo natural.

8.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá limitar ou, no seu caso, prohibir aqueles usos que supoñan unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de flora e fauna silvestres de interese para a conservación.

9.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá desenvolver ou autorizar actuacións de control sobre aquelas poboacións de especies que ameacen o equilibrio dos ecosistemas.

10.0 A reintrodución de especies actualmente non presentes no espazo natural deberá contar co correspondente plan técnico que constará como mínimo dunha exposición de obxectivos, unha avaliación ambiental da incidencia da reintrodución e un plan de seguimento e control desa especie e deberá ser aprobado polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza. Non se aprobará ningunha reintrodución cando se considere que poida afectar significativamente ao estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e das especies de interese para a conservación.

11.0 A caza e a pesca en augas continentais só poderá realizarse sobre as especies que determine o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e, en ningún caso, poderá afectar ás especies incluídas no Listado de especies en réxime de protección especial, no Catálogo español de especies ameazadas, no Catálogo galego de especies ameazadas ou ás prohibidas pola Unión Europea.

Establécese a continuación a formulación das normativas de ordenación e xestión específicas para cada un dos grupos de especies de interese para a conservación (flora, invertebrados, peixes, herpetofauna, aves, mamíferos). En cada un deles faise unha breve descrición do grupo de especies, así como a relación dos hábitats aos que se vinculan os taxóns do grupo e as categorías de protección na que se atopan estes, establecendo a continuación os obxectivos de conservación específicos para o grupo de especies.

Para cada un dos grupos de especies inclúense un conxunto de accións, usos, plans, proxectos e actividades, que poidan ter relación directamente sobre as poboacións das especies de interese para a conservación incluídas en cada un dos devanditos grupos, ou indirectamente sobre os hábitats das especies de interese para a conservación. Estrutúranse en tres grandes bloques, segundo a súa influenza positiva, negativa ou inexistente sobre o estado de conservación das especies incluídas en cada un dos grupos.

En primeiro lugar, contémplase unha relación de actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, entendendo como tales aquelas accións sobre o medio que permiten incrementar o estado de conservación das poboacións, fomentando a súa recuperación.

Relaciónanse ademais as actuacións que favorecen o mantemento do estado de conservación das especies de interese para a conservación, entendendo como tales aqueles plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, non supoñen unha afección significativa sobre a integridade das poboacións das especies de interese para a conservación, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade.

En terceiro lugar, inclúense tamén as actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación, nas cales se inclúen aqueles plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, afectan de forma significativa á integridade das poboacións das especies de interese para a conservación, polo que a súa autorización deberá ser efectuada en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, así como pola propia normativa de impacto ambiental. Isto permite incrementar a seguridade xurídica de certas actividades e, en concreto, daquelas de carácter tradicional, vinculadas ao sector primario (agricultura, gandería, montes, pesca, marisqueo, etc.), promovéndose aquelas de carácter sostible.

Finalmente, inclúense unha serie de indicadores de seguimento que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos taxóns de interese que integran o grupo.

3.1 Flora

1. Descrición

1.0

A brioflora da Península Ibérica inclúe na actualidade 1044 especies (1012 en España e 625 en Portugal) das que 264 son hepáticas e 780 son brións. O número de briófitos coñecidos en Galicia é substancialmente menor, situándose en 558 especies, das cales 392 son brións (Bryopsida), 163 son hepáticas (Marchantiopsida) e 3 son antoceros (Anthocerotopsida).

O grupo dos fentos en sentido amplo, ou Pteridófitos, é un bo indicador da naturalidade do medio pola vinculación de moitas das súas especies a medios forestais e ambientes húmidos, sen excluír outras que teñen apetencias rupestres ou son banais e habería que consideralas noutros aspectos. Dende unha perspectiva bioxeográfica a flora de pteridofitos de Galicia engloba a un importante número de elementos Paleotropicais, é dicir, de taxóns os antecesores dos cales alcanzaron a súa fase de maior expansión nas períodos térmicos e chuviosos da Era Secundaria, momento en que chegaron a ocupar amplas rexións continentais e mesmo a posuír áreas de distribución cosmopolita. Na actualidade o conxunto de fentos en Galicia ascende ata as 68 especies e subespecies, que representa o 53% da pteridoflora Ibérica, á vez que se dispón dunha maior información bioxeográfica que permite avaliar cunha maior exactitude a súa distribución e o seu grao de rareza.

A inmensa maioría da flora vascular galega, máis de 2.400 especies (96%), esta representada por especies con flores e froitos, as anxiospermas (84,8% son Dicotiledóneas e o 11,6% restante, Monocotiledóneas). En canto aos tipos biolóxicos representados, dominan os hemicriptófitos (37%), seguido dos terófitos (29%), xeófitos (11%), fanerófitos (11%), caméfitos (9%) e, finalmente, hidrófitos (3%). Dende un punto de vista corolóxico, máis da metade das especies (52%) son elementos non exclusivos das dúas grandes rexións bioxeográficas representadas na Península Ibérica. O resto repártese entre o xeoelemento eurosiberiano (38%) e o mediterráneo (10%). Esta repartición está en consonancia coa pertenza da maior parte do territorio galego á Rexión Eurosiberiana. O territorio Ourensano-Sanabrense é o que presenta maior número de taxóns exclusivos (242 sp. equivalentes ao 10%). No resto do territorio predominan especies cunha ampla distribución no contexto galego.

2. Hábitats vinculados e categorías de protección

1.0

Os taxons protexidos de flora presentes en Galicia suman un conxunto de 126, dos cales a maior parte se atopa incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, no que se atopan 49 taxóns En perigo de Extinción e 63 catalogados como Vulnerables.

Desde un punto de vista da DC 92/43/CEE, en Galicia atópanse 3 taxóns prioritarios de flora (*Eryngium viviparum*, *Centaurea borjae*, *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*), mentres que no Anexo II inclúense un total de 19, e no Anexo IV rexístranse un total de 21.

Finalmente, no tocante ás especies incluídas na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, no Catálogo Español de Especies Ameazadas inclúense un total de 5 taxóns como En Perigo de Extinción (*Christella dentata, Centaurea borjae, Hymenophyllum wilsonii, Luronium natans e Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*), mentres que outras 23 están excluídas do CEEA e consideradas en Réxime de Protección Especial.

2.0

Os medios que albergan un maior número de especies e subespecies de flora protexida en Galicia son as matogueiras e os medios rochosos (incluíndo os silíceos, os calcarios e os básicos e ultrabásicos), as grandes superficies de bosques antigos, os bosques húmidos, os ecosistemas turfófilos (turbeiras altas e de cobertor), os acantilados costeiros e os ecosistemas lacunares continentais.

Os principais hábitats das especies de interese para a conservación nas matogueiras e medios rochosos silíceos e ultrabásicos son o tipo Nat-2000 4030 Queirogais secos europeos, Nat-2000 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica, Nat-2000 8230 Rochedos siliceos con vexetación pioneira. Pola súa banda, nos medios rochosos calcarios os tipos son o Nat-2000 6210* Prados secos seminaturais (*Festuco-Brometalia*), Nat-2000 8210 Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica e Nat-2000 8240* Pavimentos calcarios.

No tocante aos bosques antigos, os tipos de hábitats que albergan un maior número de especies son o tipo Nat-2000 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*, Nat-2000 9120 Faiais acidófilos atlánticos, Nat-2000 9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*. Nos bosques húmidos, o hábitat é o tipo prioritario Nat-2000 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*.

Nos ecosistemas turfófilos diferéncianse as turbeiras de cobertor (Nat-2000 7130* Turbeiras de cobertor), das turbeiras altas (Nat-2000 7110* Turbeiras altas activas), contando con áreas de comunidades pioneiras (Nat-2000 7140 'Mires' de transición e Nat-2000 7150 Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*), matogueiras húmidas (Nat-2000 4020* Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*) e herbais (Nat-2000 6230* Formacións herbáceas con *Nardus*, Nat-2000 6410 Prados con Molinia). Por outra parte, nos ecosistemas lacunares os tipos de hábitat que albergan máis taxóns protexidos

son o Nat-2000 3130 Augas oligotróficas ou mesotróficas e Nat-2000 3150 Lagos eutróficos naturais (*Magnopotamion* ou *Hydrocharition*)

Os cantís costeiros identifícanse co tipo de hábitats Nat-2000 1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Asegurar a conservación da diversidade de especies vexetais que alberga o territorio galego, especialmente no que á presenza de endemismos se refire.

2.0 Manter ou restaurar nun estado de conservación favorable os hábitats naturais e seminaturais que albergan especies de flora de interese para a conservación.

3.0 Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das especies de interese para a conservación.

4.0 Apoiar as actividades agrícolas e gandeiras tradicionais que non supoñan unha mingua significativa no estado de conservación das áreas prioritarias das especies de flora de interese para a conservación nin dos seus hábitats.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0 Control, mitigación e no seu caso erradicación de especies invasoras que afecten á dinámica, distribución e hábitats das poboacións das especies de flora de interese para a conservación.

2.0 Posta en marcha de bancos de xermoplasma que aseguren a conservación ex-situ de xeito que se posúa na medida do posible unha mostra adecuada da variabilidade xenética poboacional da flora de interese para a conservación.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 As actividades agrícolas e gandeiras tradicionais de baixa intensidade e compatibles co mantemento da dinámica, da distribución e dos hábitats das poboacións das especies de flora de interese para a conservación.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 A redución, fragmentación, degradación ou destrución dos hábitats das áreas prioritarias das especies de flora de interese para a conservación.

2.0 A recolección, corta, mutilación, arranque, destrución, ou calquera outra acción directa na natureza sobre os individuos completos ou parte deles, así como a recolla das súas sementes, pole ou esporas, das especies de flora de interese para a conservación.

3.0 O sobrepastoreo, a artificialización dos terreos ou calquera outra acción que cause unha mingua significativa na dinámica, distribución e hábitats das poboacións das especies de flora de interese para a conservación.

4.0 A herborización incontrolada e sen autorización de especies de flora de interese para a conservación.

5.0 Calquera modificación (rozas, desbroces e outros laboreos mecánicos, uso do lume, etc.) da estrutura, composición ou funcionamento dos hábitats arbustivos naturais e seminaturais, que afecte significativamente á dinámica e distribución das poboacións das especies de interese para a conservación presentes.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de flora de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat dos taxóns de flora de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes dos taxóns de flora de interese.
- Área de presenza regular de exemplares de taxóns de flora de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de flora de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns de flora de interese para a conservación.

3.2 Invertebrados

1. Descrición

1.0 Os grupos de invertebrados menos evolucionados correspóndense fundamentalmente cos que posúen hábitos mariños, mentres que os situados máis arriba na cadea evolutiva desenvólvense en medios terrestres ou de augas continentais.

Estes últimos correspóndense aos Cnidarios, Platihelmintos, Rotíferos, Moluscos, Nematodos, Anélidos e Artrópodos. En xeral, son grupos moi pouco coñecidos, xa que se estima que existen numerosas especies de invertebrados que todavía non se atopan descritas na actualidade.

2. Hábitats vinculados e categorías de protección

1.0 O grupo de invertebrados conta en Galicia con algo máis de 20 taxóns de interese para a conservación, dos cales 16 atópanse incluídos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, repartíndose a metade dos mesmos na categoría En Perigo de Extinción, e os 8 restantes están incluídos como Vulnerables.

A importancia para a conservación deste grupo de especies tradúcese na inclusión no Anexo II da DC 92/43/CEE dun total de 11 taxóns, mentres que no Anexo IV se atopan ata un total de 7.

Na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial están contempladas un total de 15 taxóns, dos que 4 se inclúen no Catálogo Español de Especies Ameazadas, e dos que 1 está catalogado En Perigo de Extinción (*Macromia splendens*) e 3 como Vulnerables (*Austropotamobius pallipes, Oxygastra curtisii e Charonia lampas* subsp. *lampas*).

2.0 As especies protexidas do grupo de invertebrados en Galicia están ligadas, fundamentalmente, aos cursos de augas correntes, e en menor medida, ás superficies boscosas e ás augas mariñas.

Nos cursos de auga é posible identificar varios hábitats de especies de invertebrados de interese para a conservación, como son o tipo Nat-2000 3260 Rios dos pisos basal a montano e o tipo prioritario Nat-2000 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*.

No tocante ás superficies boscosas, os tipos de hábitats que albergan un maior número de invertebrados son os tipos Nat-2000 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*, Nat-2000 9120 Faiais acidófilos atlánticos, Nat-2000 9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion,* e Nat-2000 9580* Bosques de *Taxus baccata*.

Nas augas mariñas, os tipos de hábitat nos que se atopan as especies protexidas de invertebrados son os tipos Nat-2000 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña e Nat-2000 1160 Grandes calas e baías pouco fondas.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Fomento da conservación da diversidade de especies de invertebrados terrestres e acuáticos que alberga o territorio galego.

2.0 Mantemento, ou no seu caso restauración, do estado de conservación dos hábitats que albergan poboacións de especies de invertebrados de interese para a conservación.

3.0 Reducir o grao de fragmentación dos hábitats das especies de invertebrados de interese para a conservación, mediante o aumento da conectividade e a permeabilidade entre os medios terrestres e húmidos.

4.0 Promover o control, mitigación e no seu caso erradicación de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar significativamente ao estado de conservación das poboacións das especies de invertebrados de interese para a conservación.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0 Mantemento da diversidade de ambientes e medios dos distintos tipos de ecosistemas, evitando a homoxenización de grandes territorios con biocenoses de reducida estrutura e cunha baixa riqueza de especies autóctonas.

2.0 Erradicación e control de especies invasoras que afecten significativamente á dinámica, distribución e hábitats das poboacións das especies de invertebrados de interese para a conservación.

3.0 Mantemento e conservación de árbores vellas nos bosques xa que constitúen un importante refuxio para certas especies de invertebrados de interese para a conservación.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 Establecemento de medidas alternativas ao emprego de biocidas para o control de pragas, tendo en conta que a súa aplicación non afecte de xeito significativo á dinámica, distribución e hábitats das especies de invertebrados de interese para a conservación.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 Desenvolvemento de actividades que afecten á configuración, estrutura e composición taxonómica dos hábitats naturais e seminaturais, e especialmente dos hábitats de interese comunitario das especies de invertebrados de interese para a conservación.

2.0 Calquera actuación sen autorización sobre as especies de invertebrados de interese para a conservación co propósito de darlles morte, capturalas, perseguilas ou molestalas intencionadamente, incluíndo ás súas larvas e ovos, nas súas tobeiras ou áreas de muda, repouso e alimentación.

3.0 A captura incontrolada de exemplares de invertebrados para ser empregados como reclamos nas actividades de pesca deportiva mariña e fluvial.

4.0 A recollida incontrolada para o coleccionismo e sen autorización de especies de invertebrados de interese para a conservación.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de invertebrados de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat dos invertebrados de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes dos invertebrados de interese.
- Área de presenza regular de exemplares de invertebrados de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de invertebrados de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns de invertebrados de interese para a conservación.

3.3 Peixes

1. Descrición

1.0 A ictiofauna española está representada por 69 especies, 36 das cales son especies autóctonas de auga doce distribuídas entre 10 familias, sendo a máis diversa a Cyprinidae, con 25 especies. 23 especies, agrupadas en 11 familias de auga doce, corresponden a elementos alóctonos e 10 especies, distribuídas en 8 familias, son peixes migradores.

O 28,9% das especies continentais coñecidas en España, atopanse tamén distribuídas en Galicia, ás cales habería que unir 8 especies máis de carácter eurohalino e de hábitos estuarinos que mostran polo tanto unha ampla tolerancia aos cambios de salinidade do medio e poden penetrar polas canles estuarinas ata alcanzar tramos de auga completamente doce.

Das especies continentais presentes en Galicia, seis taxóns son considerados como migratorios, ao pasar unha fase do seu ciclo biolóxico en medios fluviais e outra nas augas oceánicas (*Petromyzon marinus, Alosa alosa, Alosa fallax, Salmo salar, Anguilla anguilla, Salmo trutta trutta*). A área de distribución destes taxóns viuse seriamente alterada pola construción de presas nos principais ríos galegos.

2. Hábitats vinculados e categorías de protección

1.0 O grupo de peixes de interese para a conservación comprende un total de 12 taxóns, dos que 7 se atopan incluídos no Anexo II da DC 92/43/CEE, mentres que 3 están incluídos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría de Vulnerables, e 3 na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (excluidos do CEEA).

2.0 Como resulta evidente, os taxóns de peixes protexidos en Galicia están vencellados aos cursos naturais de augas correntes, nos que o hábitat principal é o tipo Nat-2000 3260 Rios dos pisos basal a montano.

Non obstante, varias destas especies, debido aos seus movementos migratorios, tamén posúen unha forte vinculación coas augas mariñas, nas que os hábitats principais son os tipos Nat-2000 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, o Nat-2000 1160 Grandes calas e baías pouco fondas e Nat-2000 1170 Arrecifes.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Conservación da diversidade de especies de peixes que alberga o territorio galego.

2.0 Fomento do estado de conservación favorable dos hábitats que albergan especies de peixes de interese para a conservación.

3.0 Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións de especies de peixes de interese para a conservación.

4.0 Regular e fomentar o exercicio da pesca deportiva mariña e fluvial que permita manter nun estado de conservación favorable as poboacións das especies de peixes de interese para a conservación, así como os seus hábitats.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0 Control da contaminación e depuración das verteduras, eliminación de obstáculos e barreiras nos cauces fluviais, restauración do bosque ripario, así como calquer outra actuación sobre os corredores fluviais que permita restaurar ou manter a dinámica, a distribución e os hábitats das poboacións fluviais de peixes de interese para a conservación.

2.0 Erradicación e control de especies invasoras piscívoras que afecten significativamente á dinámica, distribución e hábitats das poboacións das especies de peixes de interese para a conservación.

3.0 A construción de ascensores e pasos nas grandes presas fluviais para permitir os pasos migratorios das especies de peixes de interese para a conservación.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 A pesca de carácter deportivo, tanto mariña como fluvial, desenvolvida de acordo á normativa sectorial vixente, e que permita o mantemento da dinámica e distribución das poboacións das especies de peixes de interese para a conservación, así como dos seus hábitats.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 As verteduras directas de calquera clase (agrícolas, urbanas, industriais) sobre as augas fluviais ou mariñas que non conten coa debida autorización.

2.0 Calquera actuación que provoque a fragmentación dos corredores fluviais, afectando á función de conectividade e permeabilidade dos mesmos.

3.0 A construción de grandes presas fluviais sen pasos para a fauna ictícola, así como canalizacións e dragados que provoquen unha mingua significativa no estado ecolóxico e químico das augas fluviais.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de peixes de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat dos peixes de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes dos peixes de interese.
- Área de presenza regular de exemplares de peixes de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de peixes de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio, reprodución e alimentación.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns de peixes de interese para a conservación.

3.4 Herpetofauna

1. Descrición

1.0

O grupo da herpetofauna inclúe aos anfibios e aos réptiles. Na actualidade coñécense en España un total de 120 especies, 17 restrinxidas aos territorios do Norte de África e 14 que corresponden a especies introducidas. En Galicia, as cuadrículas con maior riqueza de especies (>20) localízanse na zona litoral e sublitoral Atlántica, así como nos macizos montañosos do NE ourensán, seguidas polas grandes depresións e vales do interior de Lugo e Ourense. A fauna de anfibios galega estaría representada por 14 especies, das cales 6 son consideradas endémicas. Para os réptiles continentais o número de especies establécese en 25, con 8 especies endémicas, apreciándose unha maior diferenza na repartición territorial.

As especies de herpetofauna de carácter eurosiberiano aparecen vencelladas ás franxas litorais Cantábrica e Atlántica, aos territorios sublitorais Cantábricos e á Galicia interior, mentres que as especies de ámbito mediterráneo aparecen nos sectores sublitorais das Rías Baixas e do Baixo Miño, así como ao sur da provincia de Lugo, e sobre todo en Ourense. Nas zonas montañosas, a fauna hepertolóxica específica é moi reducida. Corresponde a dúas especies de lagartas (*Lacerta vivipara, Lacerta monticola*), unha subespecie de víbora (*Vipera seoanei cantabrica*) e outra especie de víbora (*Vipera latastei*) que non mantén a súa vinculación co medio montano no resto do seu areal Ibérico.

Por outra banda, os réptiles mariños en Galicia están representados por 5 especies de sapoconchos. As tartarugas mariñas non son moi frecuentes en augas galegas. Unicamente alcanzan as nosas costas exemplares divagantes, procedentes das súas poboacións de cría en augas subtropicais e tropicais das costas atlánticas americanas ou mediterráneas, levadas polas tormentas ou arrastradas e recollidas por algún aparello pesqueiro. Das cinco especies documentadas nas costas galegas, as máis frecuentes son a "tartaruga mariña común" (*Caretta caretta*) e a "tartaruga mariña de coiro" *(Dermochelys coriacea*).

2. Hábitats vinculados e categorías de protección

1.0

En Galicia está rexistrada a presenza de 14 taxóns de anfibios que se atopan incluídos nalgún dos listados de protección establecidos a nivel comunitario, estatal e autonómico. A maior parte dos mesmos (un total de 12) se atopa incluída na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, das que soamente unha (*Chioglossa lusitanica*) está no Catálogo Español de Especies Ameazadas como Vulnerable.

No Anexo II da DC 92/43/CEE están incluídos un total de 2 (*Chioglossa lusitanica e Discoglossus galganoi)*, mentres que no Anexo IV o conxunto ascende ata 8, incluíndo aos 2 anteriores.

No tocante aos réptiles de interese para a conservación, o conxunto dos mesmos é superior ao dos anfibios, posto que ascende ata 26 taxóns incluídos nalgún dos listados de protección, dos que 21 son de hábitos continentais e os 5 restantes son réptiles mariños. Estes últimos constitúen un grupo salientable posto que inclúe 2 especies prioritarias (*Caretta caretta* e *Chelonia mydas*), ademais de estaren incluídas as 5 no Anexo IV da DC 92/43/CEE e máis na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (das que soamente *Caretta caretta* está incluida no CEEA como Vulnerable), e das que 2 se rexistran no CGEA (*Dermochelys coriacea* como En Perigo de Extinción e *Caretta caretta* como Vulnerable).

Dos réptiles continentais cabe salientar que 4 se inclúen no Anexo II da DC 92/43/CEE, mentres que no Anexo IV chegan a incluírse un total de 7. Na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial chegan a incluirse un total de 20, excluíndose todas elas do CEEA. Finalmente, no CGEA se contempla a inclusión de 11 taxóns, dos que 2 son considerados En Perigo de Extinción, e 9 son Vulnerables.

2.0

As especies de anfibios concéntranse en humidais continentais, sobre todo en lagoas, matogueiras húmidas herbais húmidos naturais e seminaturais, ademáis de estar bastante ben representados nas turbeiras e nos bosques húmidos. Os hábitats lacunares que os albergan son, sobre todo, o tipo Nat-2000 3110 Augas oligotróficas (*Littorelletalia uniflorae*), o Nat-2000 3130 Augas oligotróficas ou mesotróficas e o Nat-2000 3150 Lagos eutróficos naturais (*Magnopotamion* ou *Hydrocharition*), mentres que nas matogueiras o hábitat é o tipo prioritario Nat-2000 4020* Queirogais húmidos atlánticos *de Erica ciliaris e Erica tetralix*. Nos herbais húmidos é posible diferenciar os tipos Nat-2000 6230* Formacións herbáceas con *Nardus*, o Nat-2000 6410 Prados con Molinia e o Nat-2000 6430 Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas.

Os réptiles mariños posúen, evidentemente, o seu hábitat predominante nas augas mariñas, nas cales poden ser identificados os tipos Nat-2000 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña e Nat-2000 1160 Grandes calas e baías pouco fondas.

No tocante aos réptiles terrestres, estes concéntranse fundamentalmente nas superficies de matogueiras de diversa fisionomía (queirogais, leguminosas inermes, orófilos, etc.) e medios rochosos de diferente orixe (silíceos, calcarios, básicos, ultrabásicos, etc.), así como en pequenos humidais seminaturais de uso extensivo. En menor medida concéntranse nos agrosistemas tradicionais, nas matogueiras húmidas e nos cursos de augas correntes.

Os principais hábitats das especies de interese para a conservación nos medios rochosos calcarios son os

tipos Nat-2000 6170 Prados alpinos e subalpinos calcáreos, Nat-2000 6210* Prados secos seminaturais (*Festuco-Brometalia*), Nat-2000 8210 Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica e Nat-2000 8240* Pavimentos calcarios. Nas tipoloxías de matogueiras e rochedos restantes os tipos característicos son o tipo Nat-2000 4030 Queirogais secos europeos, Nat-2000 6160 Prados ibéricos silíceos de *Festuca indigesta*, Nat-2000 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*, Nat-2000 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica, e Nat-2000 8230 Rochedos siliceos con vexetación pioneira.

Nos pequenos humidais seminaturais de uso extensivo, así como nos agrosistemas tradicionais, os tipos de hábitat nos que se concentran os taxóns de réptiles protexidos son os tipos Nat-2000 6230* Formacións herbáceas con *Nardus*, o Nat-2000 6410 Prados con Molinia, o Nat-2000 6430 Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas e o Nat-2000 6510 Prados de sega de baixa altitude, mentres que nas matogueiras o hábitat é o tipo prioritario Nat-2000 4020* Queirogais húmidos atlánticos *de Erica ciliaris e Erica tetralix.*

Nos cursos de auga é posible identificar varios hábitats para os réptiles de interese para a conservación, como son o tipo Nat-2000 3260 Rios dos pisos basal a montano e o tipo prioritario Nat-2000 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Conservación da elevada diversidade de especies de herpetofauna que alberga o territorio galego, especialmente no que á presenza de endemismos se refire.

2.0 Fomento do estado de conservación favorable dos hábitats que albergan especies de anfibios e réptiles de interese para a conservación.

3.0 Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0 Control da contaminación, reparación de caneiros e canles laterais tradicionais, eliminación de obstáculos e barreiras nos cauces fluviais, restauración do bosque ripario, así como calquer outra actuación sobre os corredores fluviais que permita restaurar ou manter a dinámica, distribución e hábitats das poboacións fluviais de anfibios e réptiles de interese para a conservación.

2.0 Erradicación e control de especies invasoras que afecten significativamente á dinámica, distribución e aos hábitats das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 Establecemento de medidas alternativas ao emprego de biocidas para o control de pragas, tendo en conta que a súa aplicación non afecte de xeito significativo á dinámica, distribución e hábitats das especies de herpetofauna de interese para a conservación.

2.0 As actividades agrícolas e gandeiras tradicionais de baixa intensidade e compatibles co mantemento da dinámica e da área de distribución naturais das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación e dos hábitats das mesmas.

3.0 Os cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas, ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, así como os feitos de madeira ou con estacas de madeira e arame ou empregando o pastor eléctrico, e que non impidan a circulación da fauna silvestre (colocando os dispositivos que sexan necesarios), permitindo a conectividade e a permeabilidade das especies de interese para a conservación.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 Destrución, subsolado, desecación, sangrado, rozas mecánicas, contaminación, ou calquera outra actuación que cause unha afección significativa sobre a superficie, estrutura, composición ou función dos corredores fluviais e humidais continentais (lagoas, turbeiras, matogueiras húmidas) que albergan especies de anfibios e réptiles de interese para a conservación.

2.0 Calquera actuación sen autorización sobre as especies de herpetofauna de interese para a conservación co

propósito de darlles morte, capturalas, perseguilas ou molestalas intencionadamente, incluíndo ás súas larvas e ovos, nas súas tobeiras ou áreas de reprodución, invernada, muda, repouso e alimentación.

3.0 O desenvolvemento de actividades intensivas de agricultura, gandería e silvicultura, que causen un deterioro ou mingua significativa da dinámica e distribución naturais das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación, así como dos hábitats das mesmas.

4.0 Os cambios de uso que afecten significativamente á estrutura, composición taxonómica e funcionalidade dos hábitats de interese comunitario de matogueiras e medios rochosos que constitúen áreas prioritarias para diversas especies de herpetofauna de interese para a conservación.

7. Indicadores de seguimento

1.0 Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de anfibios e réptiles de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat da herpetofauna de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes da herpetofauna de interese.
- Área de presenza regular de exemplares da herpetofauna de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de anfibios e réptiles de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio, reprodución e alimentación.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns de herpetofauna de interese para a conservación.

3.5 Aves

1. Descrición

1.0

A avifauna española engloba 337 especies reprodutoras, das cales 288 corresponden a especies nativas e 49 son elementos exóticos. Do conxunto de especies reprodutoras autóctonas, a maioría, 266 especies, son consideradas como reprodutoras frecuentes, mentres que o resto corresponden a reprodutoras ocasionais ou probables. As porcentaxes son moi diferentes no conxunto de elementos exóticos, onde soamente 6 especies son consideradas como habitualmente reprodutoras e 43 especies como reprodutoras ocasionais ou probables. Pola súa banda, a ornitofauna de Galica inclúe máis de 400 especies, reducíndose a 201 as especies nidificantes, das cales, a maior riqueza provincial corresponde a Lugo, con 172 especies, sendo lixeiramente superada en canto ao número de familias por A Coruña e Pontevedra.

As cuadrículas UTM de 10 x 10 km que rexistran máis de 100 especies de aves corresponden todas elas á provincia de Ourense, distribuídas entre 3 núcleos, un meridional configurado por A Limia (3 cuadrículas UTM 10 x 10 km), e dous orientais, establecidos arredor de A Rúa e de Enciña da Lastra. As áreas con cuadriculas nas que se rexistran entre 90 e 100 especies de aves nidificantes repártense polas catro provincias galegas. En Lugo resaltan as montañas orientais, así como a cunca Alta e Media do río Miño. Mentres que en A Coruña e Pontevedra, as áreas de maior riqueza, concéntranse fundamentalmente na zona litoral, e en concreto nas principais Rías. Finalmente en Ourense destacan as áreas montañosas de Queixa, así como o resto dos sistemas montañosos que engloba esta provincia.

Xunto coas aves nidificantes existe un elenco importante de especies que utilizan o territorio Ibérico como zona de paso ou de invernada. As aves que nidifican na metade occidental do continente europeo, especialmente aquelas clasificadas como planeadoras (cegoñas e grandes rapaces) atravesan os Pireneos por varios puntos, para cruzar finalmente a África a través do estreito de Xibraltar. Un segundo continxente migratorio que adquire unha grande relevancia internacional é o paso de aves acuáticas, limícolas e mariñas, con dúas rutas claramente diferenciadas. Unha percorre a costa Cántabro-Atlántica, utilizando os humidais e acantilados costeiros para o repouso e a súa alimentación. A outra ruta enlaza os humidais costeiros mediterráneos. As tres grandes rutas migratorias enlázanse nos humidais existentes no litoral e sublitoral Atlántico meridional (Doñana).

2. Hábitats vinculados e categorías de protección

1.0

En Galicia poden ser citadas máis de 250 especies de aves de interese para a conservación, das que a maior parte se inclúe na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, e entre as que un total de 17 están incluídas no CEEA: 9 son consideradas En Perigo de Extinción e 8 como Vulnerables. Pola súa banda, o CGEA inclúe ata un total de 28 taxóns, dos cales 13 son considerados En Perigo de Extinción, e os 15 restantes como Vulnerables.

Por outra banda, no Anexo I da DC 2009/147/CE inclúense un total de 81 taxóns presentes en Galicia. Non obstante, cabe salientar que está documenta a presenza nas costas de Galicia máis de 120 taxóns de aves migradoras que non están incluídas no devandito Anexo I.

2.0

Os ecosistemas que concentran un maior número de taxóns de aves de interese para a conservación son as lagoas continentais e as lagoas costeiras, os esteiros e marismas, os agrosistemas tradicionais e os pequenos humidais seminaturais de uso extensivo, todas as tipoloxías de matogueiras e medios rochosos, e os cursos de augas correntes.

Os hábitats de lagoas continentais presentes en Galicia son os seguintes:Nat-2000 3110 Augas oligotróficas (*Littorelletalia uniflorae*), Nat-2000 3120 Augas oligotróficas (*Isoetes* spp.), Nat-2000 3130 Augas oligotróficas ou mesotróficas, Nat-2000 3140 Augas oligomesotróficas calcáreas (*Chara* spp.), Nat-2000 3150 Lagos eutróficos naturais (*Magnopotamion* ou *Hydrocharition*), Nat-2000 3160 Lagos e charcas distróficos naturais. A estes hai que sumarlle o hábitat das lagoas costeiras, o tipo prioritario Nat-2000 1150* Lagoas costeiras.

Os esteiros son un dos tipos nos que tamén se atopa un importante elenco de especies protexidas de aves, correspondéndose co tipo Nat-2000 1130 Esteiros, así como o correspondente ás chairas intermareais, o Nat-2000 1140 Chairas lamacentas ou areosas non cubertos de auga na baixamar. As marismas, pola súa banda, presentan tamén unha rica diversidade de tipos de hábitat, como o Nat-2000 1310 Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas, Nat-2000 1320 Pasteiros de *Spartina*, Nat-2000 1330 Pasteiros halófilos atlánticos, Nat-2000 1420 Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas, ou o tipo prioritario Nat-2000 7210* Turbeiras calcarias do *Cladium mariscus* e con especies do *Caricion davallianae*.

Nos pequenos humidais seminaturais de uso extensivo, así como nos agrosistemas tradicionais, os tipos de hábitat nos que se concentran os taxóns de aves protexidas son os tipos Nat-2000 6230* Formacións herbáceas con *Nardus*, o Nat-2000 6410 Prados con Molinia, o Nat-2000 6430 Megaforbios eútrofos

higrófilos das orlas de chairas e o Nat-2000 6510 Prados de sega de baixa altitude, mentres que nas matogueiras o hábitat é o tipo prioritario Nat-2000 4020* Queirogais húmidos atlánticos *de Erica ciliaris e Erica tetralix*.

Os principais hábitats das aves de interese para a conservación nos medios rochosos calcarios son os tipos Nat-2000 6170 Prados alpinos e subalpinos calcáreos, Nat-2000 6210* Prados secos seminaturais (*Festuco-Brometalia*), Nat-2000 8210 Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica e Nat-2000 8240* Pavimentos calcarios. Nas tipoloxías de matogueiras e rochedos restantes os tipos característicos son o tipo Nat-2000 4030 Queirogais secos europeos, Nat-2000 6160 Prados ibéricos silíceos de *Festuca indigesta*, Nat-2000 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*, Nat-2000 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica, e Nat-2000 8230 Rochedos siliceos con vexetación pioneira.

Nos cursos de auga é posible identificar varios hábitats das aves de interese para a conservación, como son o tipo Nat-2000 3260 Rios dos pisos basal a montano e o tipo prioritario Nat-2000 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Conservación da diversidade de aves que viven normalmente en estado salvaxe no territorio galego.

2.0 Garantir a protección, administración e a regulación das especies de aves e a súa explotación.

3.0 Establecer medidas de conservación con respecto ás especies de aves do Anexo I da DC 2009/147/CE e migratorias con chegada regular ao territorio galego, tendo en conta as necesidades de protección na zona xeográfica marítima e terrestre no relativo ás súas áreas de reprodución, de muda e de invernada e ás zonas de descanso nas súas áreas de migración, prestando especial importancia ás zonas húmidas.

4.0 Evitar a contaminación ou a deterioración dos hábitats así como as perturbacións que afecten ás aves.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0 O desenvolvemento de actuacións que permitan restaurar ou manter a composición, estrutura e función, e en definitiva o estado de conservación favorable dos hábitats naturais e seminaturais, das poboacións de aves de interese para a conservación.

2.0 Erradicación e control de especies invasoras que afecten negativamente á estrutura, composición taxonómica e funcionalidade dos hábitats das poboacións das especies de aves de interese para a conservación.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 As actividades agrícolas e gandeiras tradicionais de baixa intensidade e compatibles co mantemento da dinámica natural e da área de distribución das poboacións das especies de aves de interese para a conservación e dos hábitats das mesmas.

2.0 Os cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas, ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, así como os feitos de madeira ou con estacas de madeira e arame, que constitúen importantes zonas de refuxio de aves de interese para a conservación, e que permiten a conectividade e a permeabilidade das poboacións de aves, colocando os dispositivos que sexan necesarios para tal finalidade.

3.0 Establecemento de medidas alternativas ao emprego de biocidas para o control de pragas, sempre e cando non causen unha afección sobre a dinámica, a distribución e os hábitats das especies de aves de interese para a conservación.

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 Calquera actuación sobre as especies de aves de interese para a conservación co propósito de darlles morte, capturalas, perseguilas ou molestalas intencionadamente.

2.0 A destrución ou redución das áreas de cría, reprodución, invernada, repouso ou alimentación, e especialmente daquelas situadas en zonas húmidas.

3.0 As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás aves, incluíndo ás súas crías e ovos, nos seus niños ou áreas de cría, reprodución, invernada, repouso e alimentación.

4.0 As liñas eléctricas de alta tensión que non cumpran o establecido no Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto (BOE nº 222, 13/09/2008), polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a

electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

7. Indicadores de seguimento

1.0

Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de aves de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat das aves de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes das aves de interese.
- Área de presenza regular de exemplares das aves de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de aves de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio, reprodución e alimentación.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns das aves de interese para a conservación.

3.6 Mamíferos

1. Descrición

1.0 Na actualidade na Península Ibérica está rexistrada a presenza de 90 especies de mamíferos no territorio peninsular, ás que habería que unir 6 especies exclusivas dos territorios insulares (5 de Canarias e 1 de Baleares) e 10 especies de distribución Norte-Africana. No territorio galego constátase a presenza de 67 especies (74,4% das ibéricas), entre as que se inclúen 11 elementos endémicos repartidos entre os erinaceomorfos (2 especies), soricomorfos (3 especies), lagomorfos (3 especies) e roedores (3 especies).

No tocante aos mamíferos mariños, entre as costas Ibéricas e a Illas Canarias é posible atopar entre 20 e 28 especies diferentes de cetáceos. Ao longo da costa española a distribución destas especies máis comúns varía considerablemente: Canarias presenta, con 26 especies, a maior biodiversidade de cetáceos de todo o Sur de Europa. En augas peninsulares, a costa galega, tamén cunha forte influencia do afloramento, presenta unha importante diversidade de especies de cetáceos, identificándose na actualidade a presenza nos mares de Galicia de 19 especies de cetáceos. Tal riqueza permite considerar ao espazo costeiro de Galicia como o de maior diversidade, en canto á presenza de grandes vertebrados (cetáceos e réptiles mariños), do Sur de Europa, despois da costa insular de Canarias. De todas estas especies algunhas son comúns e residentes, outras son estacionais, temporais ou esporádicas e a súa distribución non é uniforme, nin ao longo da costa nin dende a costa a mar aberto.

2. Hábitats vinculados e categorías de protección

1.0 No territorio galego están identificados ata un total de 58 taxóns de mamíferos de interese para a conservación, dos cales 32 son de hábitos continentais, e os 26 restantes son mariños. Éstes xogan un importante papel de cara a conservación da biodiversidade, xa que 4 deles foron incluidos no Anexo II da DC 92/43/CEE, mentres que ata 24 se inclúen no Anexo IV. Na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial foron incluídas un total de 18 especies de mamíferos mariños, das que a metade se inclúen no Catálogo Español de Especies Ameazadas como Vulnerables, mentres que as 9 restantes están excluídas do CEEA. Pola súa banda, o CGEA considera a 2 taxóns deste grupo como Vulnerables.

Entre os mamíferos terrestres, cabe salientar a presenza dunha especie prioritaria, o oso pardo (*Ursus arctos*), que tamén é considerada En Perigo de Extinción no CEEA e no CGEA. Tamén cabe salientar a presenza de 12 taxóns que se atopan incluídos no Anexo II e 22 no Anexo IV da DC 92/43/CEE, mentres o CEEA contempla un total de 10 especies como Vulnerables, outras 16 están na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial pero excluídas do CEEA, e o CGEA posúe nesta categoría ata un total de 10 taxóns, fundamentalmente quirópteros.

2.0 Os mamíferos mariños posúen, evidentemente, o seu hábitat predominante nas augas mariñas, nas cales poden ser identificados os tipos Nat-2000 1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña e Nat-2000 1160 Grandes calas e baías pouco fondas.

No tocante aos terrestres, as especies de interese para a conservación concéntranse fundamentalmente nas diferentes tipoloxías de bosques naturais e seminaturais de Galicia, así como en todo o elenco de tipos de matogueiras e medios rochosos incluíndo todas as clases de natureza litolóxica.

Dentro dos tipos de bosques naturais e seminaturais que son hábitat dos mamíferos terrestres de interese en Galicia, cabe destacar como principais o tipo Nat-2000 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* e o Nat-2000 9260 Soutos, seguidos polo tipo Nat-2000 9120 Faiais acidófilos atlánticos, o tipo prioritario Nat-2000 9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion.* Tamén deben ser citados os tipos caracterizados polo dominio fisionómico de especies perennifolias: o tipo Nat-2000 9330 Sobreirais, o tipo Nat-2000 9340 Aciñeirais e o tipo Nat-2000 9380 Acevedos, e o tipo prioritario Nat-2000 9580* Bosques de *Taxus baccata*.

En consecuencia, os principais hábitats dos mamíferos de interese para a conservación nos medios rochosos calcarios son os tipos Nat-2000 6170 Prados alpinos e subalpinos calcáreos, Nat-2000 6210* Prados secos seminaturais (*Festuco-Brometalia*), Nat-2000 8210 Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica e Nat-2000 8240* Pavimentos calcarios. Nas tipoloxías de matogueiras e rochedos restantes os tipos característicos son o tipo Nat-2000 4030 Queirogais secos europeos, Nat-2000 6160 Prados ibéricos silíceos de *Festuca indigesta*, Nat-2000 6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*, Nat-2000 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica, e Nat-2000 8230 Rochedos siliceos con vexetación pioneira. A todos estes hai que sumar os hábitats cavernícolas, identificados no tipo Nat-2000 8310 Covas non explotadas polo turismo, nos cales se concentran o importante conxunto de morcegos presentes en Galicia.

3. Obxectivos de conservación

1.0 Conservación da elevada diversidade de especies de mamíferos que alberga o territorio galego.

2.0 Fomento do estado de conservación dos hábitats que albergan especies de mamíferos de interese para a conservación, promovendo a redución da fragmentación dos mesmos mediante o aumento da súa conectividade e permeabilidade.

3.0 Conservación dos hábitats cavernícolas que serven de refuxio a importantes poboacións de quirópteros de interese para a conservación.

4.0 Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións de mamíferos de interese para a conservación.

5.0 Regular e fomentar o exercicio da caza desde un punto de vista sostible que permita manter nun estado de conservación favorable as poboacións das especies de mamíferos de interese para a conservación, así como os seus hábitats.

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0 As actuacións de conservación e recuperación dos hábitats boscosos encamiñadas especialmente a aumentar a conectividade e a permeabilidade entre masas arborizadas así como cos hábitats adxacentes, que sirvan de corredores para as especies de mamíferos de interese para a conservación.

2.0 As actividades gandeiras que empreguen unha cantidade de antibióticos inferior á empregada habitualmente na gandería intensiva.

3.0 Erradicación e control de especies invasoras que afecten significativamente á estrutura, composición taxonómica e funcionalidade dos hábitats das poboacións das especies de mamíferos de interese para a conservación.

4.0 Impedir o acceso de visitantes sen autorización ás covas e grutas que serven de hábitat para as especies de quirópteros protexidos e catalogados.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 As actividades agrícolas tradicionais de baixa intensidade e compatibles co mantemento da distribución e dinámica das poboacións das especies de mamíferos de interese para a conservación e dos hábitats das mesmas.

2.0 Os cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas, ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, así como os feitos de madeira ou con estacas de madeira e arame, e que permiten a conectividade e a permeabilidade das poboacións de mamíferos, colocando os dispositivos que sexan necesarios para tal finalidade

6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0 Os cambios de uso do territorio que provocan a degradación ou eliminación dos agrosistemas tradicionais.

2.0 Calquera actuación sen autorización sobre as especies de mamíferos de interese para a conservación, incluíndo ás súas crías, co propósito de darlles morte, capturalas, perseguilas ou molestalas intencionadamente.

3.0 As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de mamíferos de interese para a conservación.

4.0 Calquera actividade que cause a destrución ou deterioración significativa das tobeiras, áreas de cría, reprodución, invernada, repouso ou alimentación dos mamíferos de interese para a conservación.

5.0 O emprego sen autorización de biocidas para o control de pragas.

6.0 Os plans ou proxectos que causen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats das especies de mamíferos de interese para a conservación.

7. Indicadores de seguimento

1.0

Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de mamíferos de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores cabe citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat dos mamíferos de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes dos mamíferos de interese.
- Área de presenza regular de exemplares dos mamíferos de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns dos mamíferos de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio, reprodución e alimentación.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns dos mamíferos de interese para a conservación.

9.2.3 Usos marisqueiros e pesqueiros

1. Obxectivos

1.0 A xestión marisqueira e pesqueira do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

2. Directrices

1.0 Promoveranse as políticas en materia de pesca mariña e marisqueo que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter pesqueiro ou marisqueiro.

2.0 Velarase por evitar a expansión de especies alóctonas, e en especial das que se verifique un comportamento invasor, ou que sexan incluidas no Catálogo e Listado Español de Especies Exóticas Invasoras, ao abeiro do artigo 8 do Real Decreto 1628/2011 (desenvolvido de acordo ao artigo 52.2 da Lei 42/2007), e suxeitas ás prohibicións establecidas no artigo 61.3 da Lei 42/2007, así como nas normativas que sexan desenvolvidas de xeito regulamentario.

3.0 Fomentarase o mantemento da pesca e marisqueo tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais cos profesionais ou Entidades representativas do sector pesqueiro que se comprometan á aplicación de medidas compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4.0 Os criterios e medidas ambientais que promova o organismo autonómico competente en materia de pesca e marisqueo definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

5.0 Velarase e promoverase a aplicación de códigos de boas prácticas.

6.0 No desenvolvemento das actividades de acuicultura, así como na instalación dos seus establecementos, incorporaranse os criterios, principios e normas establecidos no Plan Director de Acuicultura de Galicia, adaptándose en todo momento á normativa sectorial vixente.

3. Normativa xeral

1.0 Considerararanse permitidas as actividades marisqueiras e pesqueiras de carácter tradicional existentes antes da entrada en vigor do presente plan e que non supoñan unha mingua significativa no estado de conservación dos ecosistemas, dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Estas actividades realizaranse de acordo coas regulacións establecidas pola lexislación sectorial, a normativa zonal do presente plan ou as que puidese establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e, en todo caso, conforme ao disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

2.0 Os aproveitamentos marisqueiros que no momento da entrada en vigor do presente plan se atopen conformados por especies exóticas, considerararanse permitidos, podendo manter a súa dedicación. A Xunta de Galicia arbitrará as medidas necesarias para fomentar a transformación destas explotacións, co fin de recuperar a naturalidade dos hábitats propios desta zona.

2.1 Os plans experimentais en materia de pesca e marisqueo, para as novas especies, novas artes, modificación das existentes, novas zonas ou novas medidas de xestión, deberán someterse á avaliación e autorización axeitada ao abeiro do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007.

3.0 Para o exercicio da pesca marítima deportiva, a regulación por parte do organismo competente en materia de conservación da natureza realizarase en coordinación e coa participación dos organismos autonómicos competentes en materia de pesca e recursos mariños. En todo caso, o desenvolvemento desta actividade non implicará afeccións significativas sobre os elementos clave da biodiversidade (hábitats protexidos e especies de interese para a conservación) e se adecuará á normativa sectorial vixente.

9.2.4 Usos agropecuarios

1. Obxectivos

1.0 A xestión agrícola e gandeira do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

2. Directrices

1.0 Promoveranse as políticas agrarias que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter agrícola ou gandeiro (aproveitamentos tradicionais e extensivos de brañas e matogueiras, mantemento dos prados de sega e dente, cultivos tradicionais de cereais, etc.).

2.0 Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de predios ou ben a compra das súas producións, en áreas de especial relevancia ambiental, co fin de asegurar o mantemento, a medio ou longo prazo, dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación ou dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario. Para estes efectos terase en conta o disposto na lexislación sectorial autonómica sobre xestión de terras e conservación da superficie agraria.

3.0 Fomentarase o mantemento da agricultura tradicional mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais cos titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas agroambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4.0 Os criterios e medidas ambientais contempladas nos contratos globais de explotación e as medidas agroambientais que promova o organimo autonómico competente en materia agraria e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

5.0 As explotacións incluídas no ámbito do espazo natural consideraranse como prioritarias para a concesión de axudas á práctica de métodos agroambientais compatibles coa conservación das especies de interese para a conservación.

6.0 Velarase e promoverase a aplicación de códigos de boas prácticas, así como os criterios establecidos de eco-condicionalidade.

7.0 Nos terreos agrícolas e gandeiros procurarase respectar a vexetación autóctona de carácter natural ou seminatural establecida nos lindeiros de bosques e regueiros, así como as sebes arbustivas e arbóreas, as liñas de arboredo, os pequenos bosquetes e cantos elementos naturais poidan ser significativos para a conservación da biodiversidade e, en especial, da flora e fauna silvestre. Velarase, especialmente, polo mantemento de aqueles elementos que:

- Sirvan de hábitat secundario, refuxio, cría ou alimentación de especies protexidas.
- Constitúan os últimos lugares de refuxio, cría ou alimentación para os elementos silvestres de flora e fauna, por perdurar en paisaxes agrarias ou gandeiras fortemente degradadas.
- Establezan corredores biolóxicos con ou entre áreas de maior naturalidade que eviten o illamento xenético das poboacións.
- Os cercados e valados en terreos rurais deberán construírse de tal forma que non impidan a circulación da fauna silvestre axustándose ás normas sectoriais e ás contempladas no presente Plan. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona, así como os feitos de madeira ou con estacas de madeira e arame ou empregando o pastor eléctrico, colocando dispositivos que faciliten a circulación da fauna silvestre.

8.0 Velarase por evitar a expansión de especies alóctonas, e en especial das que se verifique un comportamento invasor, ou que sexan incluidas no Catálogo e Listado Español de Especies Exóticas Invasoras, ao abeiro do artigo 8 do Real Decreto 1628/2011 (desenvolvido de acordo ao artigo 52.2 da Lei 42/2007), e suxeitas ás prohibicións establecidas no artigo 61.3 da Lei 42/2007, así como nas normativas que sexan desenvolvidas de xeito regulamentario.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, considéranse usos permitidos aqueles de carácter tradicional vinculados coas explotacións agrícolas e gandeiras existentes en cada espazo natural, que non supoñan unha mingua significativa no estado de conservación dos ecosistemas, dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e que cumpran coa normativa sectorial vixente e coas disposicións do presente plan, incluíndo entre elas:

- O cultivo ou a cría dentro das explotacións agropecuarias de especies, subespecies, variedades ou razas representativas dos sistemas tradicionais de explotación agrícola ou gandeira existentes en Galicia.
- As explotacións tradicionais de gandería extensiva establecidas antes da entrada en vigor do presente plan, sometidas a un control axeitado que evite incrementos da presión incompatibles co mantemento dos hábitats sometidos a aproveitamento directo e, en xeral, as que non supoñan unha mingua no estado de conservación dos ecosistemas, os hábitats protexidos e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, incluindo as explotacións futuras que se desenvolvan nas mesmas condicións que as anteriores.
- O uso de zurros, fertilizantes e biocidas nos terreos de labor, hortas, explotacións froiteiras e nos pasteiros de carácter artificial ou seminatural, sempre e cando a súa aplicación non afecte negativamente aos hábitats de interese comunitario existentes no seu ámbito, así como ás poboacións de especies de interese para a conservación e sempre que se apliquen de maneira racional, de acordo coas vixentes normativas e co código de boas prácticas.
- A corta de exemplares de árbores froiteiras e de ornamento existentes en explotacións agrícolas, en pequenos hortos ou en xardíns e áreas de uso público existentes dentro do espazo natural. Exclúense desta autorización os exemplares incluídos no Catálogo galego de árbores senlleiras (Decreto 67/2007).
- A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando se realicen sobre espazos non conformados por hábitats de interese comunitario (campos de cultivos abandonados, formacións forestais de especies alóctonas, xesteiras, etc.) ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- O uso de biocidas en medios agrícolas, nos predios dos núcleos rurais, así como nos medios sinantrópicos das vías de comunicación existentes, sempre que sexan aplicados seguindo o Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, non sexan empregados á marxe do uso estritamente agrícola, e non afecten ao estado de conservación dos tipos de hábitats naturais ou dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

2.0 Con carácter excepcional, e coa finalidade de asegurar un uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións agropecuarias tradicionais, considéraranse actuacións suxeitas a unha axeitada avaliación das súas repercusións ao abeiro do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, e posterior autorización por parte do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, as seguintes:

- Os cambios de usos cando non supoñan a desaparición ou diminución significativa do estado de conservación (diminución da superficie, modificación da estrutura, cambios nas funcións ecolóxicas) dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos hábitats das especies de interese para a conservación.
- A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando non supoñan a destrución ou redución significativa da superficie ocupada por hábitats protexidos ou ben das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.
- A fumigación con equipos aéreos cando non supoñan unha afección significativa sobre os hábitats naturais nin as poboacións das especies de interese para a conservación.
- O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como seu o emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.

3.0 As seguintes actuacións deberán someterse obrigatoriamente a avaliación de impacto ambiental, que se formulará conforme aos criterios establecidos no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007, aos obxectivos de conservación establecidos na Rede Natura 2000, no presente plan e de acordo coa normativa sectorial vixente:

- Todos os proxectos de concentracións parcelarias. Cando o proxecto de concentración parcelaria inclúa áreas ocupadas por hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE ou por áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, este requerirá informe, preceptivo e vinculante, do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, aos efectos de incluir ou non os devanditos terreos dentro do perímetro da zona a concentrar, dacordo á Lei 10/1985, modificada pola Lei 12/2001, de concentración parcelaria de Galicia.
- As implantacións de melloras de regadíos, así como os proxectos semellantes que contemplen melloras territoriais, cando poidan supoñer unha significativa modificación da paisaxe rural do espazo natural ou que poidan afectar significativamente ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e ás especies de interese para a conservación.

9.2.5 Usos forestais

1. Obxectivos

1.0 Na xestión forestal do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles realizados acorde aos obxectivos da Rede Natura 2000 (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE) e baseados nos Criterios e Indicadores de Xestión Forestal Sostible, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

2.0 As masas forestais deberán conservar o principio da multifuncionalidade e de persistencia da masa, e serán consideradas como elementos clave na loita contra os efectos do cambio climático, tanto no seu papel de mitigación, ao ser consideradas reservorios a longo prazo de carbono, como de substitución, ao subministrar produtos renovables e alternativos aos combustibles fósiles.

2. Directrices

1.0 Promoveranse as políticas forestais que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e fomentaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter forestal.

2.0 Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de predios ou ben a compra das súas producións, en áreas de especial relevancia ambiental, co fin de asegurar o mantemento, a medio ou longo prazo, dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación ou dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario.

3.0 Fomentarase a sinatura de acordos ou convenios contractuais coas comunidades de montes e cos titulares de terreos que leven a cabo unha xestión forestal acorde aos Criterios e Indicadores de Xestión Forestal Sostible e se comprometan á aplicación de medidas ambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4.0 Os criterios e medidas ambientais contempladas nos contratos de explotación sostible e as medidas ambientais que promova o organismo autonómico competente en materia forestal e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

5.0 Os montes incluídos dentro do ámbito territorial da Rede Natura 2000 considerararanse prioritarios para a aplicación e utilización das medidas forestais contempladas na Política de Desenvolvemento Rural, así como doutras medidas ambientais contidas na PAC e compatibles coa conservación dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación.

6.0 A xestión forestal deberá desenvolverse mediante proxectos de ordenación de montes e plans técnicos de xestión redactados conforme á Lei 43/2003, de montes. Para a súa aprobación teranse en conta a diversidade e as necesidades de conservación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario, así como dos hábitats das especies de interese para a conservación, en coherencia co artigo 32 da devandita Lei, e por conseguinte as directrices e normativas establecidas no presente Plan. Os usos e aproveitamentos que nestes documentos se contemplen non poderán supoñer, en ningún caso, unha redución significativa do estado de conservación destes hábitats, sobre todo daqueles considerados como prioritarios ou que presenten unha reducida cobertura ou elevada fraxilidade no espazo natural ou no conxunto da Rede Natura 2000 de Galicia.

6.1 O organismo competente en materia de conservación da natureza deberá informar aqueles proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos ou outros instrumentos de xestión equivalentes que comprendan áreas incluidas no ámbito territorial da Rede Natura 2000. O devandito informe poderá solicitar modificacións do documento, así como a aportación motivada da documentación oportuna, no caso que se obxective que os usos e aproveitamentos planificados poderían supoñer unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

7.0 As autorizacións de aproveitamentos forestais en montes situados dentro do ámbito territorial da Rede Natura 2000 que non conten cun plan de ordenación, plan dasocrático ou instrumento de planificación equivalente aprobado, levaranse a cabo polo procedemento regulado entre o organismo autonómico competente en materia forestal e o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza. O devandito procedemento deberá garantir, en todo caso, o mantemento nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación.

8.0 Os aproveitamentos deberán realizarse ao abeiro dos obxectivos da Rede Natura 2000 (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE) e dos Criterios e Indicadores de Xestión Forestal Sostible, coa finalidade de garantir o

mantemento nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, así como de garantir a persistencia da masa, os solos, os biotopos e ecotonos que albergue o monte, así como a tendencia da dinámica das formacións de carácter natural.

9.0 Os aproveitamentos forestais das formacións boscosas naturais realizaranse mediante cortas selectivas, evitando a realización de cortas a feito.

10.0 A construción de vías de saca, así como de infraestruturas de defensa contra incendios, deberá evitar impactos paisaxísticos negativos. Estas vías deberán contar con pasos de auga nos desaugadoiros naturais do terreo, tanto permanentes como estacionais, e os seus entroncamentos con camiños ou vías deberán ser realizados previa consulta ao organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, co fin de determinar a forma idónea da súa construción. O depósito dos materiais sobrantes na construción e reparación de pistas será controlado con rigorosidade.

11.0 Evitarase que a circulación e o uso de maquinaria forestal cause compactación, erosión e perda da estrutura dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, ou dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación presentes nos mesmos.

12.0 Os traballos de control de pragas serán debidamente autorizados polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza tendo en conta as seguintes consideracións:

- Permitirase o control biolóxico ou natural determinado pola Comunidade Internacional e coñecido como Entomology Management (sempre a través do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental).
- Con carácter preferente, en labores de prevención e loita potenciarase o emprego de plantas cebos, loita biolóxica con uso de trampas de feromonas e, principalmente, a estabilización de poboacións de insectívoros mediante o uso de caixas anidadeiras, así como a protección dos dormideiros de quirópteros.
- O uso de fitocidas será efectuado ao abeiro do disposto na lexislación sectorial vixente e no presente plan.

13.0 Na extinción de incendios empregaranse, preferentemente, as accións que xeren menor impacto no medio e a restauración de áreas afectadas terá carácter prioritario.

3. Normativa xeral

1.0 As superficies forestais, que no momento da entrada en vigor deste plan se atopen conformadas por especies alóctonas (*Pinus radiata, Eucalyptus*, etc.), poderán manter a súa dedicación forestal así como desenvolver os seus aproveitamentos regulados pola lexislación sectorial.

2.0 Como norma xeral, considéranse usos permitidos aquelas actividades de carácter tradicional vinculadas coas explotacións forestais existentes no espazo natural que non supoñan unha afección significativa no estado de conservación dos ecosistemas, dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, conforme ao disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

2.1 Con arranxo ao anterior, considéranse usos permitidos:

- A recollida de follaxe, castañas, cogomelos, landras e doutros pequenos froitos por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento, sempre que non afecte á persistencia do/s exemplar/es ou destas se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Exclúese desta autorización o aproveitamento das especies silvestres de interese para a conservación.
- Os aproveitamentos de leñas nas masas arborizadas por parte dos propietarios, destinados ao autoconsumo e ao uso doméstico, que non sexan obxecto de comercialización sen sobrepasar os límites de volume anual por propietario de acordo coa normativa sectorial vixente, sempre que non afecten á persistencia da masa ou destes se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- Tendo en conta as características intrínsecas dos soutos e a súa condición de hábitat seminatural de interese comunitario (Nat-2000 9260), as actividades e aproveitamentos tradicionais dos mesmos. Actividades entre as que atopan o seu esmoucado periódico, rozas manuais do sotobosque, plantación e enxertado de novos individuos de *Castanea sativa*, tratamentos fitosanitarios, etc., todas elas necesarias para asegurar o mantemento temporal do devandito hábitat.
- As cortas dos tipos de bosques do anexo I da DC 92/43/CEE vinculadas estritamente ás necesidades de xestión, mantemento, restauración, rexeneración e sanidade vexetal, ao abeiro do disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007, cando sexan necesarias para garantir a seguridade das persoas, infraestruturas, propiedades ou para asegurar a preservación de ditos hábitats cando non sexa posible a rexeneración natural, e conformes cos obxectivos do presente Plan e da propia Rede Natura 2000.
- Todos os usos e aproveitamentos forestais contemplados nos correspondentes proxectos de ordenación de montes ou plans técnicos de xestión que comprendan áreas incluídas no ámbito territorial da Rede Natura 2000, informados previamente polo organismo autonómico competente en materia de

conservación da natureza. O devandito organismo solicitará, cando sexa necesario, modificacións do documento ou a aportación motivada da documentación oportuna, para garantir que os devanditos usos e aproveitamentos non supoñan unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

3.0 As seguintes actividades relativas aos aproveitamentos de masas forestais na Rede Natura 2000, non contempladas nos correspondentes proxectos de ordenación de montes ou plans técnicos de xestión, deberán ser sometidas ao informe preceptivo por parte do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, o cal informará favorablemente cando se realicen seguindo as especificacións indicadas:

- As cortas de masas forestais de especies alóctonas efectuadas conforme ás especificacións incluídas no presente plan e á normativa sectorial vixente, de xeito que se realicen garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais e non leven consigo unha afección significativa sobre tipos de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación ou non afecten a árbores e rodais senlleiros, declarados en conformidade co Decreto 67/2007.
- No tocante ás masas forestais de carácter autóctono, poderán ser autorizadas cortas selectivas, tras unha axeitada avaliación das súas repercusións, efectuada en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, de xeito que se realicen garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais e non conleven unha afección significativa sobre os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e se realicen de acordo á normativa e obxectivos do presente Plan.

4.0 En cumprimento do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, e coa finalidade de asegurar o uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións forestais, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza considerará actividades suxeitas a autorización preceptiva, as seguintes:

- As plantacións de especies autóctonas ou de especies do xénero *Pinus* (*Pinus pinea, Pinus pinaster, Pinus sylvestris*) que non supoñan unha afección significativa sobre os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas que non supoñan unha afección significativa sobre os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- As reforestacións, que deberán ser levadas a cabo seguindo os principios e obxectivos descritos na normativa xeral deste Plan, e serán realizadas baixo os principios de cautela ambiental do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007. Estas reforestacións deberán realizarse de forma que se restaure a cuberta arbórea, en especial no tocante ás primeiras reforestacións sobre terreos degradados ou que proveñan de incendios ou xerados polo abandono da actividade agraria ou gandeira, non causando afeccións significativas sobre os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, nin sobre as especies de interese para a conservación.
- A realización de queimas controladas ou de restrebas, sempre que non leven consigo unha afección sobre o estado de conservación dos hábitats e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e se realicen conforme á normativa vixente.
- O uso de calquera tipo de biocidas ou herbicidas sobre hábitats incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.
- A fumigación con equipos aéreos cando non supoñan unha afección significativa sobre os hábitats naturais nin as poboacións das especies de interese para a conservación.
- A recolección de especies silvestres de interese para a conservación con fins comerciais por parte dos propietarios dos montes.

5.0 Consideraranse autorizables os usos tradicionais sobre os queirogais húmidos (Nat-2000 4020*) incluídos dentro da unidade ambiental UA270 Matogueiras húmidas continentais, que non supoñan a desaparición ou diminución da superficie ocupada polo tipo de hábitat, tales como rozas manuais, pastoreo, queimas controladas e cortas que non afecten aos perfís do solo, non provoquen o arranque das plantas, e non sexan seguidos por tratamentos posteriores (encalado, fertilización, subsolado, plantación, sementeira, etc) que leven consigo a transformación do tipo de hábitat. As autorizacións estarán suxeitas ás seguintes condicións:

- A área de cada unha das actuacións non superará as 10 ha, e non se actuará na mesma superficie durante un período mínimo de 5 anos.
- No caso de precisar do emprego de maquinaria, prestarase especial atención a que non se provoque a compactación, erosión ou perda da estrutura do solo. Para tal finalidade, soamente poderán empregarse máquinas portátiles ou pequenos tractores de rodas con potencia nominal inferior a 90 CV aos que se acoplen apeiros mecánicos lixeiros que practiquen cortes limpos.
- Non se afectará de forma significativa aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

- As actuacións respectarán as áreas ecotónicas con hábitats turfófilos (Nat-2000 7110*, 7130*, 7140, 7150, 91D0*).

5.1 O organismo competente en materia de conservación da natureza soamente autorizará a realización deste tipo de actuacións ata un máximo anual do 2% do tipo de hábitat no ámbito do espazo protexido Rede Natura 2000. O devandito organismo velará polo mantemento do estado de conservación favorable dos queirogais húmidos (Nat-2000 4020*), para o cal avaliará de xeito periódico a evolución temporal das actuacións autorizadas e os seus posibles efectos sinérxicos, podendo adoptar as medidas oportunas que aseguren a conservación deste tipo de hábitat.

5.2 A realización de actuacións que leven consigo a remoción dos perfís do solo, o arranque das plantas, ou supoñan a transformación (subsolados, sangrados, rozas mecanizadas con maquinaria pesada, etc.) dos queirogais húmidos (Nat-2000 4020*), serán sometidas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

6.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza considerará actividades suxeitas a autorización preceptiva a implantación de pasteiros e a realización de repoboacións forestais sobre superficies conformadas por queirogais secos (Nat-2000 4030) incluídas dentro das unidades ambientais UA310 Grandes superficies de queirogais e UA320 Matogueiras e medios rochosos silíceos, ata un máximo anual do 0,5% do tipo de hábitat no espazo protexido Rede Natura 2000, ao abeiro das seguintes condicións:

- Non se provoque unha afección significativa sobre os núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.
- Non se afecte aos compoñentes clave da paisaxe ou da xeodiversidade.
- Non se desenvolvan en áreas ecotónicas con matogueiras húmidas (Nat-2000 4020*) ou orófilas (Nat-2000 4060, 4090).
- No tocante á implantación de pasteiros, soamente serán autorizables as actuacións inferiores a 2 ha. As autorizacións para os pasteiros de máis de 2 ha sobre queirogais secos (Nat-2000 4030) realizaranse conforme ao establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007, así como na normativa establecida no presente Plan.
- Con respecto ás repoboacións forestais, estas serán autorizables ata un máximo de 5 ha por actuación. As autorizacións para as repoboacións forestais de máis de 5 ha sobre queirogais secos (Nat-2000 4030) realizaranse conforme ao establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007, así como na normativa establecida no presente Plan.

6.1 O organismo competente en materia de conservación da natureza velará polo mantemento do estado de conservación favorable dos queirogais secos (Nat-2000 4030), avaliando de xeito periódico os posibles efectos sinérxicos das actuacións autorizadas, e adoptando as medidas oportunas que aseguren a conservación deste tipo de hábitat.

7.0 Serán sometidos a avaliación de impacto ambiental:

- As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas de carácter negativo.
- As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

8.0 Considéranse usos prohibidos no ámbito da Rede Natura 2000:

- As cortas a feito ou a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da DC 92/43/CEE.
- O subsolado, sangrado, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats lacunares (Nat-2000 1150*, 3110, 3120, 3130, 3140, 3150, 3160, 7210*), marismas (Nat-2000 1140, 1310, 1320, 1330, 1420, 7210*), turbeiras (Nat-2000 7110*, 7130*, 7140, 7150, 7230, 91D0*, 6230*) ou corredores fluviais (Nat-2000 3260, 3270, 6430, 91E0*, 91F0, 92A0).
- O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

9.2.6 Usos cinexéticos e piscícolas

1. Obxectivos

1.0 Impulsar as actividades cinexéticas e piscícolas sostibles na súa vertente ambiental, social e económica, co obxecto de contribuír á xeración de rendas, emprego e riqueza ás zonas rurais da Rede Natura 2000.

2.0 A xestión e o manexo responsable dos espazos cinexéticos e piscícolas, os seus aproveitamentos e usos sostibles, a través dos correspondentes Plans Técnicos, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave da biodiversidade: hábitats protexidos e enclaves poboacionais de especies de interese para a conservación.

3.0 Fomentar a participación e a colaboración activa dos cazadores e pescadores nos espazos incluídos en Natura 2000, para a aplicación das medidas contidas neste Plan, considerando as necesidades económicas, sociais e culturais, como elementos fundamentais para lograr os obxectivos de conservación que se perseguen.

2. Directrices

1.0 Considerar as prácticas cinexética e piscícola compatibles, con carácter xeral no conxunto dos espazos integrantes da Rede Natura 2000, entendéndoas como actividades económica, ambiental e socialmente sostibles, se ben deben estar suxeitas a Plans Técnicos competentes que ordenen o seu aproveitamento.

2.0 Respectar o carácter das actividades tradicionais exercidas sobre os recursos naturais renovables venatorios e de pesca fluvial, supoñendo un importante uso social do territorio incluido nos espazos da Rede Natura 2000.

3.0 Manexar os recursos cinexéticos e piscícolas seguindo os principios establecidos da Xestión Sostible e nos obxectivos da Rede Natura 2000, co obxecto de cubrir as necesidades sociais, económicas, ecolóxicas e culturais dos residentes das zonas rurais e as súas xeracións futuras, así como para o conxunto da sociedade.

4.0 Promover as políticas cinexéticas e piscícolas que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizar aqueles compoñentes a persistencia dos cales se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter piscícola e cinexético.

5.0 Conciliar as prácticas de caza e de pesca fluvial co debido respecto aos períodos sensibles da bioloxía das especies, ás áreas con patrimonio cultural fráxil, á paisaxe, a salvagardar a cantidade e calidade dos recursos cinexéticos e piscícolas, así como a asegurar, mellorar e aumentar a diversidade dos seus bens e servizos a longo prazo.

6.0 Implementar na planificación cinexética e piscícola os obxectivos e criterios da Rede Natura 2000 ao abeiro da normativa que a desenvolve (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE, Lei 9/2001, Lei 42/2007) e do presente Plan, co obxecto de que teñan en consideración a presenza e o estado de conservación dos hábitats protexidos e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación presentes en cada un dos territorios da Rede Natura 2000.

6.1 Neste sentido, fomentarase que o desenvolvemento das actividades de adestramento de cans de caza se faga fora das áreas con maior valor de conservación da biodiversidade, en especial daquelas ocupadas por hábitats prioritarios ou por áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

7.0 Potenciar nos instrumentos de planificación ou ordenación cinexética ou piscícola seguimentos periódicos e avaliacións ex-post da xestión realizada sobre os devanditos recursos, utilizando os seus resultados no propio proceso de planificación posterior.

8.0 Promover a divulgación, coñecemento e comprensión da Rede Natura 2000 e do presente Plan, así como dos hábitats naturais e das especies de interese para a conservación, mediante a información, programas de formación e de concienciación apropiados aos responsables dos TECORES, entidades xestoras de recursos cinexéticos e das Sociedades Colaboradoras de pescadores.

9.0 Impulsar medidas específicas vinculadas á mellora das condicións de traballo, estabilidade, rendibilidade e remuneración relacionadas coa actividade cinexética e piscícola nas zonas da Rede Natura 2000.

10.0 Fomentarase que a celebración de campionatos e competicións de caza (campionatos de caza de raposo, caza con cans atrelados, de rastro, etc.) sexa desenvolvida fora do ámbito territorial da Rede Natura 2000.

3. Normativa xeral

1.0 Consideraranse como permitidas as seguintes actividades:

- Con carácter xeral, as actividades de caza e de pesca fluvial reguladas polas normativas sectoriais vixentes e que non causen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos ecosistemas,

os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Estas actividades realizaranse de acordo coas regulacións establecidas pola lexislación sectorial, a normativa zonal do presente plan ou ás que puidese establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e, en todo caso, conforme ao disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

- O adestramento de cans de caza, ao abeiro normativas sectoriais vixentes, sempre e cando non causen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos compoñentes clave da biodiversidade.
- As accións de mellora de carácter cinexético ou piscícola contempladas nos correspondentes plans de ordenación cinexética e piscícola e na normativa sectorial vixente, vinculadas ás necesidades de xestión ligadas a un aproveitamento tradicional das poboacións, á restauración e sanidade e ao resto dos obxectivos de conservación.
- Accións de estímulo de restauración de terras agrícolas abandonadas e de terreos degradados, para a súa conversión en zonas de alimentación ou refuxio para a fauna cinexética.

2.0 Consideraranse como actividades sometidas a autorización as que se relacionan a continuación:

- Medidas cinexéticas ou piscícolas complementarias non incluídas nas anteriores nin nas directrices descritas nin que foran aprobadas nos correspondentes plans de ordenación cinexética e piscícola, e que estean vinculadas ás necesidades do mantemento ou mellora dunha xestión sostible dos recursos cinexéticos e piscícolas.
- O establecemento de zonas de caza ou pesca intensiva, previo sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.
- Os cerramentos e valados de terreos con carácter cinexético, que deberán ser construidos de tal xeito que, na totalidade do seu perímetro, non impidan a circulación da fauna silvestre non cinexética e eviten os riscos de endogamia nas especies cinexéticas. Neste sentido, prestarase especial atención a que os devanditos peches garantan a conectividade e permeabilidade dos hábitats naturais, e que asimesmo permitan a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de interese para a conservación.

3.0 Consideraranse prohibidos todos aqueles usos que xa se atopen prohibidos polas respectivas normativas sectoriais de caza e de pesca fluvial.

9.2.7 Urbanismo e ordenación territorial

1. Obxectivos

1.0 Contribuír á ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se sitúen no espazo natural e do patrimonio rural.

2.0 Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, contemplen desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o desenvolvemento de alternativas e as medidas e partidas orzamentarias necesarias para a corrección, no seu caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.

2. Directrices

1.0 O presente Plan prevalece sobre os instrumentos de ordenación urbanística e territorial. As disposicións establecidas no presente Plan constituirán un límite para os devanditos instrumentos, non podendo alteralas ou modificalas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes.

1.1 Cando os instrumentos de ordenación territorial e urbanística resulten contraditorios co presente Plan deberán adaptarse a este. En tanto a devandita adaptación non teña lugar, as determinacións do Plan Director aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os devanditos instrumentos.

2.0 No desenvolvemento das actuacións urbanísticas no ámbito da Rede Natura 2000, incorporaranse as condicións expostas na planificación hidrolóxica, sobre todo no tocante ás condicións de urbanización, edificación e obras en zonas asolagables.

3.0 No desenvolvemento das actuacións urbanísticas no ámbito litoral da Rede Natura 2000, incorporaranse os criterios, principios e normas xerais da ordenación territorial establecida nas Directrices de Ordenación do Territorio (Decreto 19/2011, de 10 de febreiro; DOG nº 36, 22/02/2011) e máis no Plan de Ordenación do Litoral (Decreto 20/2011, de 10 de febreiro; DOG nº 37, 23/02/2011) de Galicia, baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

4.0 A clasificación do solo dentro do espazo natural adaptarase, a excepción do especificado no presente plan, á normativa estatal e autonómica vixente, que rexerá a actividade construtiva no solo urbano e nos núcleos rurais e regulará o seu desenvolvemento, co fin de asegurar a protección e conservación da paisaxe e dos compoñentes clave do espazo natural.

5.0 Os plans xerais de ordenación municipal daqueles municipios que teñan unha superficie superior ao 40% clasificada como solo rústico de especial protección de espazos naturais poderán outorgar, en aplicación do artigo 32 da Lei 9/2002, outra clasificación de solo en ámbitos lindantes sen solución de continuidade co solo urbano e cos núcleos rurais que resulten imprescindibles para o desenvolvemento urbanístico sostible, sempre e cando os devanditos plans xerais de ordenación municipal conteñan as medidas necesarias para a integración da ordenación proposta coa paisaxe e os valores obxecto de protección, conservación e xestión do espazo natural.

6.0 Os instrumentos do plan urbanístico deberán definir as condicións que garantan a integración paisaxística das edificacións e manteñan o estilo tradicional do espazo natural e prestarán especial atención á tipoloxía e volumes, así como aos materiais de cubertas e fachadas. Para lograr este obxectivo promoveranse as liñas de fomento ou subvención necesarias.

7.0 Promoverase a elaboración de estudos ou catálogos sobre a arquitectura tradicional do espazo natural. Crearanse liñas de axuda para a adecuación das vivendas rurais á devandita tipoloxía e fomentarase que na rehabilitación, mellora e nova construción de vivendas rurais se manteña a fisionomía tradicional dos núcleos rurais.

8.0 Fomentarase a rehabilitación de edificios fronte á construción doutros novos.

9.0 Nas edificacións promoverase especialmente a substitución dos elementos construtivos distorsionantes por outros máis acordes cos tipos tradicionais do espazo natural.

10.0 Os instrumentos de desenvolvemento urbanístico procurarán fixar, con carácter de mínimos, as condicións necesarias para evitar a formación de pantallas arquitectónicas e garantir a integración paisaxística das vivendas e a súa harmonía co contorno.

11.0 Fomentarase a inventariación de edificios, elementos ou conxuntos arquitectónicos, de enxeñaría, espazos colectivos, etc., que sexan de interese polo seu valor arquitectónico, histórico, social ou cultural co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas.

12.0 Toda actuación a realizar en edificacións xa existentes adaptarase ás normas urbanísticas correspondentes.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión urbanística e de ordenación territorial, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa vixente na actualidade.

2.0 Para o desenvolvemento das actuacións urbanísticas dentro da Rede Natura 2000, incluíndo a realización de edificacións, será necesaria a autorización previa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, que se desenvolverá en conformidade ao artigo 6 da DC 92/43/CEE, e ao artigo 45 da Lei 42/2007, independentemente do resto das autorizacións por parte doutros organismos competentes.

9.2.8 Infraestruturas e obras

1. Obxectivos

1.0 Procurar minimizar o impacto sobre o medio natural no desenvolvemento de infraestruturas (viarias, transporte de enerxía e datos, estacións radioeléctricas, etc.) cando estas se realicen fóra dos núcleos urbanos ou das áreas industriais.

2.0 Protexer o medio natural e cultural do espazo natural e realizar as medidas de restauración necesarias para minimizar o impacto paisaxístico das infraestruturas e obras existentes que así o requiran.

3.0 Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, contemplen desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o desenvolvemento de alternativas e as medidas e partidas presupostarias necesarias para a corrección, no seu caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.

4.0 Procurar, en coordinación coa administración estatal e autonómica, a conservación e ordenación dos recursos naturais existentes no dominio público.

5.0 Fomentar o mantemento nun estado de conservación favorable dos compoñentes ambientais que conforman o espazo protexido mediante a toma en consideración na planificación, proxección e posterior execución das obras e infraestruturas nel emprazadas das diferentes opcións viables para desenvolver un proxecto, os seus eventuais impactos ambientais, a súa adecuación ecolóxica e paisaxística e, no seu caso, as medidas oportunas para corrixir e/ou compensar os efectos negativos xerados.

2. Directrices

1.0 Os proxectos definirán e incorporarán de forma precisa as medidas de control da erosión e a restauración e a integración paisaxística da obra. Estas medidas referiranse non só aos elementos principais da obra senón tamén aos accesos provisionais e definitivos, conducións, plataformas de traballo, vertedoiros, empréstitos e a cantas superficies visen alterada a súa cuberta vexetal ou modificadas as súas condicións de equilibrio.

2.0 No deseño e execución das obras deberán minimizar os efectos erosivos e a alteración hidrolóxica sobre os hábitats naturais e seminaturais e, especialmente, sobre os regueiros, lagoas, turbeiras, queirogais húmidos e outros tipos de humidais.

3.0 Evitarase a localización de instalacións ou infraestruturas nos cumes de maior altitude do espazo natural, así como naqueles picos que posúan unha grande singularidade cultural, paisaxística ou ambiental.

4.0 Como criterio para a apertura de novos desmontes, gabias ou viais tomarase aquel que supoña, en primeiro lugar, un menor impacto ambiental sobre os elementos da paisaxe, os hábitats e as especies protexidas.

5.0 Os materiais sobrantes das obras de mantemento, restauración, modificación ou desmantelamento deberán ser retirados e xestionados segundo a lexislación vixente.

6.0 No deseño e mantemento de infraestruturas, teranse en conta as necesidades de paso da fauna silvestre. Habilitaranse as medidas necesarias que permitan e favorezan este fluxo.

7.0 En caso de ser necesaria a introdución de material vexetal (plantas, vástezas, sementes) para a restauración de noiros e áreas alteradas empregaranse unicamente especies autóctonas, elixindo aquelas propias dos hábitats circundantes á zona de obra.

8.0 Controlaranse e eliminaranse as especies exóticas e invasoras dos viais e das áreas afectadas polas obras.

9.0 Co fin de evitar as afeccións sobre hábitats de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación da fauna e flora silvestre na planificación das novas vías, así como nos labores de mantemento das existentes, establécense as seguintes directrices:

- Na execución de obras procurararanse aplicar técnicas de enxeñaría branda ou bio-enxeñaría.
- Empregaranse especies vexetais autóctonas na configuración das sebes das medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.
- Evitarase a vertedura directa ou con certa intensidade sobre materiais disgregables ou en áreas de importantes pendentes, así como nos medios acuáticos naturais ou seminaturais e, especialmente, sobre regueiros, lagoas, turbeiras, queirogais húmidos e sobre os sistemas dunares.
- Nos puntos de evacuación da auga instalaranse dispositivos co fin de reducir a súa capacidade erosiva.
- A saburra empregada na construción debe ser do mesmo material xeolóxico que o existente na traza. Non se empregarán, en ningún caso, como saburra, residuos industriais.

10.0 Nas obras de restauración ou de rexeneración ambiental seguiranse ademais os seguintes criterios:

- Evitaranse os muros de formigón armado, diques formigonados, diques secos ou noiros de pedra.

Empregaranse unicamente naqueles tramos onde, debido á existencia de construcións previas ou polas características erosivas, non é factible empregar outro tipo de medidas.

- Evitarase a colocación de mobiliario urbano sobre hábitats naturais.
- Evitarase o uso de materiais alleos ao medio (formigón, aceiro inoxidable, materiais plásticos, etc.) no acabado e exteriores.
- Na construción, mantemento ou modificación de paseos evitarase a modificación dos hábitats de interese comunitario e dos hábitats da especies de interese para a conservación e, especialmente, daqueles considerados como prioritarios.
- O mantemento ou modificación das construcións existentes deberá formularse cara á restauración das condicións ecolóxicas. Substituíranse no posible os muros verticais, diques ou noiros de pedra.
- Na vexetación de noiros e áreas alteradas utilizaranse unicamente especies autóctonas propias da zona do espazo natural onde se realiza a obra.
- Empregaranse igualmente especies vexetais autóctonas nas plantacións ou sementeiras que se realicen en medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.

11.0 Esixirase a instalación, nas obras de toma de auga e na saída das canles de fabricas, muíños ou turbinas, de mecanismos que imposibiliten o acceso da poboación piscícola ás devanditas correntes de derivación ou achega, á vez que eviten a desorientación das especies migratorias con respecto ao curso principal. Ademais, velarase porque as dimensións, características, localización, sistema de precintado e control e épocas do ano nas que os devanditos dispositivos de interdición estean operativos sexan os máis adecuados, así como que o caudal aparente da canle de restitución sexa menor que o da canle principal e se conte con mecanismos de amortecemento ou diques que reduzan a velocidade das augas, de xeito que non se acumulen peixes diante da saída da canle e poidan ser dirixidos cara ao leito principal.

12.0 Procurarase o soterramento dos tendidos aéreos das infraestruturas existentes, en particular cando se trate de zonas situadas no litoral galego. Neste sentido, promoverase a adopción de acordos coas empresas subministradoras que permitan a eliminación progresiva dos tendidos aéreos nos espazos de Rede Natura 2000.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión de infraestruturas e obras, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa vixente na actualidade.

9.2.9 Uso público e actividades deportivas

1. Obxectivos

1.0 Compatibilizar o uso público e as actividades recreativas e deportivas cos obxectivos de conservación do espazo natural e co desenvolvemento do medio rural.

2.0 Ordenar e facilitar o gozo do visitante baseado nos valores do espazo natural, de modo compatible coa súa conservación. Daranse prioridade e fomentaranse as actividades de paseo e contemplación. Neste sentido prestarase especial atención aos valores culturais, estéticos, educativos e científicos e daránselles prioridade sobre os de carácter meramente turístico, deportivo ou recreativo.

3.0 Achegar a poboación ao ámbito natural, co fin de aumentar a súa valoración sobre este medio, e lograr así unha maior sensibilización e implicación na súa conservación

2. Directrices

1.0 Promover coa Administración estatal, autonómica e provincial, así como cos municipios integrados na zona de influencia socioeconómica, o uso público, turístico e recreativo de carácter sostible no espazo natural.

2.0 Impulsarase o uso público, como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente na área de influencia do espazo natural.

3.0 Adecuar a intensidade de uso do espazo á súa capacidade de acollida.

4.0 Realizarase un seguimento e avaliación das actividades de uso público e recreativo dentro do espazo natural que atenderá, especialmente, aos efectos sobre o medio natural e á calidade da visita, aplicando, cando sexa adecuado, as oportunas medidas correctoras.

5.0 A normativa, tanto xeral como zonal, contemplada no presente plan para o uso público e para as actividades recreativas, poderá adecuarse nos distintos espazos naturais, en función dos seus valores ambientais e da capacidade de carga destes, a través das especificacións consideradas nos seus correspondentes plans de ordenación dos recursos naturais, plans reitores de uso e xestión, plans de conservación ou plans de uso público, así como as que poidan ser establecidas a través doutras normativas ou medidas de conservación.

5.1 As infraestruturas derivadas da planificación e xestión das actividades de uso público e actividades deportivas, deberán desenvolverse preferentemente na Zona 3 (Área de Uso Xeral), ou en zonas situadas fora do espazo natural, así como en áreas habilitadas ou que poidan ser habilitadas na Zona 2 (Área de Conservación).

5.2 Exceptúanse da consideración anterior aquelas actividades, instalacións, infraestruturas ou equipamentos, vinculados á formación, divulgación e educación ambiental, que sexan promovidos polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

3. Normativa xeral

1.0 O organismo competente en materia de conservación da natureza poderá establecer regulacións específicas en determinados espazos naturais a través dos seus respectivos plans de ordenación dos recursos naturais, plans reitores de uso e xestión, plans de conservación, plans de uso público, así como medidas cautelares e de protección para que o desenvolvemento das actividades de uso público nos espazos da Rede Natura 2000 se realice de forma compatible cos obxectivos da mesma e cos usos e actividades tradicionais que se desenvolvan nestes espazos .

2.0 Considérase actividade permitida o tránsito a pé polo espazo natural, sempre e cando se realice de forma racional, se respecte a propiedade privada e as actividades e aproveitamentos existentes, así como a normativa sectorial e do presente plan, e as regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

3.0 As vías existentes no espazo natural clasifícanse en relación co uso público do seguinte modo:

- Libre tránsito: Viais nos que se permite o uso de vehículos, cabalerías ou o tránsito peonil, de acordo coa normativa e disposicións sectoriais en materia de circulación e seguridade vial. Inclúense dentro desta categoría:
  - As autovías, autoestradas e estradas de titularidade estatal, autonómica ou provincial, así como os seus viais de servizo, xunto coas rúas e camiños existentes nos núcleos habitados incluídos no espazo natural.
  - As pistas agrícolas ou forestais, así como as vinculadas co mantemento de infraestruturas, reemisores ou outro tipo de instalacións que non estean suxeitos a limitacións especificas ou particulares por parte dos seus titulares ou dos organismos competentes.

- Tránsito restrinxido: Aqueles viais, que debido á súa natureza, ou en relación coas necesidades de racionalizar o transito de vehículos, cabalerías ou persoas, se sometan a unha regulación específica, incluíndo entre eles os seguintes:
  - Os viais sobre os que o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza estableza unha regulación, temporal ou permanentemente, por necesidades de conservación dos recursos naturais, a través da correspondente resolución.
  - Os viais de uso estritamente peonil (sendeiros e sendas peonís), nos que se prohibe o uso de vehículos, incluídos quads e motocicletas, e de cabalerías.
  - Os sendeiros e camiños de ferraduras nos que se prohibe o uso de vehículos de motor, incluídos quads e motocicletas.
  - Aqueles viais destinados exclusivamente ao tránsito dos vehículos vinculados coas actividades agrícolas, gandeiras ou forestais existentes no espazo natural, nos cales se prohibe o tránsito de vehículos relacionados con actividades de uso público.
  - Aqueles viais ou áreas restrinxidos ao uso público e delimitados pola normativa sectorial.
- Das limitacións establecidas neste apartado, quedan exceptuados os vehículos de vixilancia, emerxencias e todos aqueles que conten coa autorización do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e se adecúen á normativa sectorial.

4.0 A circulación e aparcamento de vehículos no desenvolvemento de actividades de uso público (turístico, recreativo, deportivo, ocio, etc.) realizarase exclusivamente nas vías e áreas habilitadas para tal efecto. Prohíbese a circulación e aparcamento sobre hábitats de interese comunitario ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación, salvo naqueles casos nos que exista autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, e non se produza unha afección significativa sobre os compoñentes clave do patrimonio natural e da biodiversidade.

5.0 A navegación con embarcacións deportivas ou de uso recreativo realizarase de acordo coas disposicións sectoriais, a normativa zonal do presente plan e coas regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, co fin de garantir a conservación dos compoñentes clave do espazo natural e ordenar racionalmente o uso público.

6.0 O uso con fins comerciais da imaxe, marca ou sinais de identidade gráfica do espazo natural deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

9.2.10 Compoñentes culturais

1. Obxectivos

1.0 Preservar o patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico existente no espazo natural e favorecer a súa investigación e posta en valor.

2.0 Difundir e divulgar os valores educativos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do espazo natural, en aras do enriquecemento cultural da sociedade no seu conxunto, mediante o fomento da colaboración cos organismos competentes na materia.

3.0 Promover o estudo, recuperación e emprego dos coñecementos tradicionais que sexan de interese para a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

2. Directrices

1.0 De acordo coas normas, resolucións e principios do Convenio sobre a diversidade biolóxica e da Organización Mundial da Propiedade Intelectual:

a) Preservaranse, manteranse e fomentaranse os coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación e o uso sostible do patrimonio natural e da biodiversidade.

b) Promoverase que os beneficios derivados da utilización destes coñecementos e prácticas se compartan equitativamente.

c) Promoverase a realización de inventarios dos coñecementos tradicionais, relevantes para a conservación e o uso sostible da biodiversidade e xeodiversidade, con especial atención aos etnobotánicos e etnozoolóxicos.

2.0 Velarase polo correcto estado de conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico.

3.0 Regularase e controlarase o acceso dos investigadores aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico, co fin de proceder ao seu estudo.

4.0 Posibilitarase o acceso do público, na medida en que iso non afecte negativamente á súa conservación, aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico e integraranse, cando sexa posible, na rede de áreas recreativas.

5.0 Elaborarase a infraestrutura informativa e educativa precisa (sinalizacións, paneis explicativos, folletos, etc.) para a necesaria posta en coñecemento do público dos valores do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do espazo natural.

6.0 Promoverase a realización de estudos descritivos das tipoloxías arquitectónicas tradicionais co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas.

7.0 Fomentaranse as accións de revalorización, conservación e rehabilitación do patrimonio cultural do espazo natural, incluídas as festas populares e manifestacións folclóricas, en harmonía coa preservación dos recursos naturais.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión dos compoñentes culturais, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e co artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa vixente na actualidade.

9.2.11 Actividades científicas e monitoraxe

1. Obxectivos

1.0 Fomentar o coñecemento sobre a dinámica ou evolución dos compoñentes e dos procesos naturais no espazo natural.

2.0 Regular as actividades científicas e de monitoraxe do patrimonio natural e da biodiversidade no espazo natural co fin de evitar a afección aos seus compoñentes.

2. Directrices

1.0 Favorecerase a realización de traballos de investigación relacionados coa biodiversidade e o patrimonio natural do espazo natural e as súas peculiaridades e fomentarase a investigación naqueles temas de interese para a xestión e conservación destes.

2.0 Todos os traballos científicos ou de investigación a realizar no ámbito do espazo natural utilizarán as técnicas e métodos menos impactantes posibles para o medio natural.

3.0 Limitarase a recolección de espécimes e mostras biolóxicas ou de rochas, minerais e fósiles aos casos estritamente necesarios e estableceranse as condicións de captura ou recollida nas que se indiquen as cantidades, lugares, épocas e modo de realizalas.

4.0 Crearase un depósito bibliográfico con copias dos estudos e traballos realizados nos espazos naturais.

3. Normativa xeral

1.0 As investigacións científicas serán efectuadas por persoal cualificado logo da avaliación dunha proposta técnica que conterá a información necesaria para avaliar a incidencia da actividade sobre o medio ambiente (paisaxe, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, especies de interese para a conservación). O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá propoñer que a realización das actividades científicas se realicen nunha zona ou nunha área concreta do espazo natural ou, no seu caso, denegar a autorización para a súa execución.

1.1 Neste sentido, prestarase especial atención ás actividades de marcaxe e anelamento de fauna silvestre, que deberán ser desenvolvidas ao abeiro da normativa sectorial.

2.0 Toda actividade científica ou de investigación, con incidencia nos compoñentes naturais e ambientais do espazo natural, deberá ser autorizada previamente polo Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e adaptarase ás normas e condicionantes contemplados na devandita autorización.

- As actividades científicas ou de investigación que afecten a especies de interese para a conservación ou a hábitats de interese comunitario deberán contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, o cal poderá pedir logo da súa solicitude ou durante o transcurso da actividade, información detallada sobre os labores de investigación e establecer medidas preventivas ou limitacións sobre a recollida, captura, extracción ou sobre os métodos de estudo co fin de asegurar o mantemento do estado de conservación dos hábitats ou das especies obxecto da investigación.
- Soamente poderán ser outorgados permisos de investigación que afecten ao estado de conservación de hábitats ou especies consideradas como de interese para a conservación, cando sexan estritamente necesarios para a xestión destes elementos e cando non existan alternativas para que os traballos de investigación se poidan realizar con outros métodos menos impactantes, ou en áreas non integradas no espazo natural.
- Para a realización de actividades científicas ou de investigación poderanse outorgar permisos especiais para o transporte de material e persoas polas vías de tránsito restrinxido. Igualmente, poderase autorizar a instalación dos campamentos e infraestruturas necesarias en áreas non habilitadas a tal fin, con carácter temporal e con impacto visual e ecolóxico mínimo.
- O responsable das investigacións realizadas nun espazo natural deberá proceder aos traballos necesarios para a restauración das condicións naturais que houbese con anterioridade.

3.0 As actividades de investigación ou monitoraxe non poderán deixar pegadas permanentes que vaian en detrimento dos valores naturais e culturais.

4.0 As actividades de investigación non poderán, en ningún caso, introducir especies ou subespecies, así como xenotipos diferentes aos existentes no espazo natural.

5.0 Os indicadores de acceso que conduzan aos compoñentes do patrimonio cultural e etnográfico e ao mobiliario informativo que se coloque neles deberán ser coherentes co patrón formal e compositivo da sinalización do espazo protexido.

9.3 Normativa zonal

O terceiro nivel das medidas de xestión vén marcado pola normativa zonal. Para cada unha das 3 zonas contempladas no apartado de zonificación (Área de Protección, Área de Conservación, Área de Uso Xeral) do presente Plan, inclúese unha definición de cada unha delas, así como dos seus obxectivos e directrices, de acordo aos valores de conservación albergados nos territorios delimitados dentro dos distintos espazos protexidos Rede Natura 2000 en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade.

Proponse a continuación un réxime de ordenación e xestión específico para cada unha das 3 categorías de zonificación establecidas no presente Plan, que responde, en consecuencia, ás súas diferentes necesidades de conservación e xestión e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais, tendo unha especial consideración das necesidades daqueles municipios incluídos na súa totalidade ou nunha gran porcentaxe do seu territorio dentro dos espazos protexidos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.a) da Lei 42/2007, modificado polo Real Decreto-Lei 17/2012. Estas normas agrúpanse en función das actividades que poden ser levadas a cabo nos espazos protexidos Rede Natura 2000: ordenación do territorio e urbanismo, infraestruturas, uso público e actividades deportivas.

Zona 1.- Área de Protección (Usos Tradicionais Compatibles)

1. Definición

1.0 A zona 1 estrutúrase sobre territorios cun valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 2009/147/CE, especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas).

2.0 A configuración destas zonas e, consecuentemente, a súa biodiversidade está ligada ao mantemento de modelos tradicionais de aproveitamento dos recursos naturais que posúen un elevado grao de compatibilidade co mantemento dos compoñentes, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas.

2. Obxectivos

1.0 Asegurar a conservación ou, no seu caso, restauración das paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies silvestres de fauna e flora para lograr os obxectivos de conservación da Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000, evitando ou anulando a interferencia humana negativa sobre a dinámica do ecosistema.

2.0 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

3. Directrices

1.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

2.0 Fomento da conservación e a restauración dos hábitats naturais e dos hábitats das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

3.0	Mantemento ou, no seu caso, potenciación da dinámica natural dos ecosistemas e da vexetación presente nestas zonas seguindo unha política de mínima intervención.
4.0	Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de especies alóctonas por formacións nativas.
5.0	Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.
6.0	Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e, de xeito especial, as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sostible dos recursos naturais.
7.0	Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sostible.
8.0	Os aproveitamentos dos recursos biolóxicos da zona poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de eco-condicionalidade. • Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico. • Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas. • Levar a cabo unha xestión sostible dos hábitats arborizados, prevalecendo o mantemento dun estado de conservación favorable dos mesmos.

Zona 2.- Área de Conservación (Aproveitamento Ordeado dos R.N.)

1. Definición

1.0 Territorios cun valor de conservación alto e medio, cunha porción variable de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, que mostran, xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario, ou ben, unha porción significativa das áreas prioritarias das especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación. Diferencianse, non obstante, porque estas unidades se integran nun territorio cun nivel importante de humanización, no que existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.

2.0 As zonas 2 están intimamente relacionadas coa existencia e desenvolvemento de pequenos asentamentos rurais de carácter tradicional, incluíndo tanto as vivendas como as construcións vinculadas a este tipo de actividade, cuxa distribución espacial vertebrou, ao longo da historia, a configuración da paisaxe destas zonas e, en consecuencia, a súa biodiversidade.

3.0 Nestas áreas regúlanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha merma ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

2. Obxectivos

1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

2.0 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

3.0 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices

1.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

2.0 Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.

3.0 Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e, de xeito especial, as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sostible dos recursos naturais.

4.0 Fomento da conservación e a restauración natural dos hábitats naturais e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

5.0 Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sostible. Para acadar o anterior fomentarase a aplicación e implementación de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sostible dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de eco-condicionalidade.

6.0 Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de eco-condicionalidade:

- Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.
- Os mosaicos e sistemas de prados mesófilos (Nat-2000 6510, 6520), debido ao seu carácter de hábitat de interese comunitario, serán receptores preferentes das actuacións de mellora. Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística mediante a aplicación de plans compatibles co medio ambiente .
- Potenciar a instalación nas zonas de pasto de chantóns de frondosas susceptibles de aproveitamento por ramoneo, en marcos amplos ou irregulares.
- Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas.

Zona 3.- Área de Uso Xeral (Asentamentos e Núcleos Rurais)

1. Definición

1.0 Territorios cun valor de conservación medio ou baixo nos que predominan os medios seminaturais cunha reducida naturalidade e medios sinantrópicos desvinculados, na maioría dos casos, dos sistemas de explotación tradicional dos recursos naturais. Inclúense tamén dentro desta zona as áreas cun importante nivel de urbanización, igualmente afastado dos parámetros que caracterizan os asentamentos tradicionais, así como grandes áreas destinadas ao uso público. A xestión destas zonas debe orientarse a evitar a fragmentación e o illamento das zonas de maior valor.

2.0 Inclúe os territorios do espazo natural que nos instrumentos ou plans urbanísticos vixentes, adaptados e conformes á normativa estatal e autonómica en materia de ordenación do territorio e urbanismo, teñan a cualificación e delimitación de solo de núcleo rural ou de solo urbano consolidado.

3.0 Inclúe as zonas de dominio público das infraestruturas de comunicación de titularidade estatal, autonómica, provincial ou local.

4.0 Na planificación do espazo natural, a zona 3 debe ser capaz de absorber a maior parte das actividades de carácter recreativo, co fin de reducir a presión destas sobre as áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fraxilidade.

2. Obxectivos

1.0 Manter a naturalidade da área, evitando as perdas de elementos característicos do espazo natural.

2.0 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

3.0 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices

1.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou ao estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

2.0 Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.

3.0 Fomentar a aplicación e implementación de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sostible dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de eco-condicionalidade.

4.0 Os aproveitamentos dos recursos naturais, poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de eco-condicionalidade.

1. Ordenación do territorio e urbanismo

Normas específicas Zona 1: Área de Protección

* Usos e actividades permitidos

1.0 A execución das obras necesarias para manter os terreos, urbanizacións de iniciativa privada, edificacións e carteis en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade, segundo o seu destino e conforme ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación, polos seus propietarios. De igual modo, as obras que sexan precisas para adaptar as edificacións e construcións ao ámbito relativas ao acabado, conservación, renovación ou reforma de fachadas ou espazos visibles dende a vía pública, limpeza e valado de terreos edificables, e retirada de carteis ou outros elementos impropios dos inmobles cando sexan ordenadas polo Concello correspondente. As actividades anteriores deberán ser levadas a cabo de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007.

2.0 As obras de reconstrución, rehabilitación, conservación e reforma necesarias nas construcións e instalacións vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria, de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, así como nos serradoiros de madeira, existentes antes da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, en solo rústico e en solo de núcleo rural, sempre que se manteña a actividade de explotación ou de apoio á actividade agropecuaria ou de serradoiro e se adopten as medidas correctoras pertinentes para garantir as condicións sanitarias e ambientais, sen prexuízo da posterior obtención de licenza municipal urbanística.

3.0 As tarefas de deslinde e amolloamento dos terreos, parcelas e terreos situados no Dominio Público Marítimo-Terrestre e no Dominio Público Hidráulico.

* Usos e actividades autorizables

1.0 As obras de reconstrución, rehabilitación, conservación e reforma necesarias nas construcións e instalación de apoio á actividade agropecuaria, serradoiros de madeira, así como de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais existentes antes da entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou de serradoiro, adoptando as medidas correctoras oportunas para garantir as condicións sanitarias e ambientais, cumpran as condicións de edificación fixadas polo artigo 42 e pola Disposición Transitoria 11ª da citada Lei 9/2002, e sexan desenvolvidas de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007.

1.1 De igual modo, a ampliación en solo rústico e en solo de núcleo rural das instalacións de apoio á actividade agropecuaria e destinadas a serradoiros de madeira existentes antes da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, a continuación das cales se permita, cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 42 e na Disposición Transitoria 11ª da Lei 9/2002, e sexan desenvolvidas de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007.

2.0 As concentracións parcelarias, tras someterse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2008, e que se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007. Cando o proxecto de concentración parcelaria inclúa áreas ocupadas por hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE ou por áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, este requerirá informe, preceptivo e vinculante, do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, aos efectos de incluir ou non os devanditos terreos dentro do perímetro da zona a concentrar, dacordo á Lei 10/1985, , de concentración parcelaria de Galicia, modificada pola Lei 12/2001 e pola Lei 6/2011.

2.1 Do mesmo xeito, deberán someterse obrigatoriamente ao procedemento de avaliación de impacto ambiental as implantacións de melloras de regadíos, así como os proxectos semellantes que contemplen melloras territoriais, cando poidan supoñer unha significativa modificación da paisaxe rural do espazo natural ou que poidan afectar significativamente ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e ás especies de interese para a conservación.

3.0 A reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico que sexan autorizadas conforme ao procedemento fixado polo artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia. Tanto a reconstrución como a rehabilitación deberán respectar o volume edificable preexistente e a composición volumétrica orixinal, así como as condicións e criterios de edificación fixados pola citada Lei 9/2002 e, no seu caso, polo Plan de Ordenación do Litoral.

4.0 As edificacións reconstruidas ou rehabilitadas poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese público; así como a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen exceder o 10% do seu volume orixinario, aínda que excepcionalmente, poderá exceder o 50% do volume da edificación orixinaria cando se cumpran as condicións xerais de edificación dos

artigos 29 e 42 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, e no seu caso, as condicións adicionais dos artigos 43 e 44 da mencionada Lei para outras actividades construtivas residenciais e non residenciais. En todo caso, estas accións serán levadas a cabo baixo o principio de cautela ambiental introducido polo artigo 6 da DC/43/CEE e polo artigo 45 da Lei 42/2007.

5.0 A continuación da actividade desenvolvida polas explotacións mineiras, actividades extractivas de recursos naturais e establecementos de beneficio vinculados ás actividades mineiras en activo, así como as concedidas e/ou autorizadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, nos ámbitos para os que dispoñan de licenza urbanística municipal, e sempre e cando se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE, ao artigo 45 da Lei 42/2007, e mediante os correspondentes plans de labores mineiras debidamente informados e sometidos a autorización polo organismo competente en materia de conservación da natureza.

5.1 En caso de que as devanditas explotacións previas á Lei 9/2002 non contasen coa citada licenza urbanística municipal, para poder continuar coa súa actividade terán que obtela, de acordo ao procedemento regulado pola normativa sectorial vixente.

6.0 A construción de muros de contención e o peche ou valado de terreos gardando as distancias coas vías públicas que regulamentariamente se establezan na lexislación ou na planificación sectorial vixente, sempre que os peches e valados sexan preferentemente vexetais, con especies autóctonas, incluindo tamén os feitos de madeira ou estacas de madeira e arame ou empregando o pastor eléctrico, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 metro, salvo en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se empracen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, salvo que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine. Ademais, ditos muros realizaranse de acordo aos criterios da DC 92/43/CEE e da Lei 42/2007, de modo que permitan a permeabilidade dos hábitats e o fluxo ou circulación das especies de interese para a conservación, e que non favorezan polo tanto a fragmentación dos ecosistemas nin o illamento das poboacións, colocando os dispositivos necesarios para que cumplan dita función.

7.0 A construción de novas vías de circulación de vehículos a motor cando estean previstas nos plans xerais ou outros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sempre e cando se sometan, de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, a unha axeitada avaliación das súas repercusións sobre os ecosistemas, os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

8.0 A apertura de novos camiños e pistas cando estea expresamente contemplado no plan urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, ou ben se trate de camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola Administración competente en materia de agricultura, montes ou medio ambiente, ou ben sexan autorizados seguindo a canle do artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia. As novas aperturas de camiños ou pistas deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, evitando no posible toda alteración da paisaxe, minimizando ou corrixindo o seu impacto ambiental, e non causando afeccións significativas sobre hábitats prioritarios ou sobre especies prioritarias ou catalogadas en perigo de extinción, conforme ao establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e o artigo 45 da Lei 42/2007.

9.0 A instalación e posta en funcionamento dos sistemas de tratamento de augas cando quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección e non exista posibilidade de situalos fóra do espazo, ademais de ser autorizados conforme ao establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

10.0 A instalación de establecementos de acuicultura, en conformidade cos criterios da Rede Natura 2000, do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, adecuándose aos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, e logo do informe favorable do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da Unión Europea que resulten de aplicación.

11.0 Consideraranse autorizables os seguintes usos construtivos, sempre que quede garantida a integración das edificacións coa paisaxe e os valores obxecto de protección, se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, e que tras levar a cabo unha axeitada avaliación das súas repercusións esta sexa a solución alternativa a adoptar que mellor salvagarde os valores ambientais, sempre e cando non afecten aos tipos de hábitats de interese comunitario nin aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, nin afecten dun xeito significativo aos elementos da paisaxe que revistan unha importancia fundamental para os compoñentes da biodiversidade, nin tampouco á función de conectividade e permeabilidade dos ecosistemas.

- Construcións e instalacións agrícolas destinadas ao apoio da agricultura de carácter tradicional, nos municipios con máis do 40% da súa superficie clasificada como solo rústico de especial protección de espazos naturais, sempre e cando se trate de edificacións non permanentes.
- As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva de carácter tradicional, así como instalacións apícolas, sempre e cando se trate de edificacións non permanentes.
- A reforma e modernización das construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería intensiva

establecidas antes da entrada en vixencia do presente Plan.

- A reforma e modernización das construcións ou instalacións forestais destinadas á xestión forestal ou de apoio á explotación forestal, establecidas antes da entrada en vixencia do presente Plan.
- As rehabilitacións e reformas das construcións destinadas ao turismo no medio rural cando sexan potenciadoras do medio onde se sitúen, cumpran as condicións de edificación impostas pola lexislación vixente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e non se trate de terreos nos que tamén concorra a categoría de solo rústico de protección de infraestruturas.
- A reforma ou modernización das instalacións establecidas antes da entrada en vixencia do presente Plan necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, cando non supoñan a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- Construcións destinadas ás actividades extractivas establecidas no momento de entrada en vixencia do presente Plan, incluídas as explotacións mineiras, as canteiras e a extracción de áridos ou terras, así como os seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- As infraestruturas de abastecemento, tratamento, saneamento e depuración de augas, de xestión e tratamento de residuos, nos municipios con máis do 40% da súa superficie clasificada como solo rústico de especial protección de espazos naturais.
- A instalación, reforma ou modernización de pequenas instalacións non industriais de produción de enerxía renovable para o servizo das explotacións.

* Usos e actividades prohibidos

1.0

Todas as actividades prohibidas pola lexislación sectorial en relación ao solo urbano, solo de núcleo rural, solo rústico ordinario e solo rústico especialmente protexido, a excepción daquelas que sexan consideradas como permitidas ou autorizables de acordo ás determinacións establecidas no presente Plan.

1. Ordenación do territorio e urbanismo

Normas específicas Zona 2: Área de Conservación

* Usos e actividades permitidos

1.0 Todas aquelas actividades de urbanismo e ordenación do territorio consideradas como permitidas na Zona 1 (Área de Protección) da presente normativa.

* Usos e actividades autorizables

1.0 Todas aquelas actividades de urbanismo e ordenación do territorio consideradas como autorizables na Zona 1 (Área de Protección) da presente normativa, con excepción da contemplada no apartado 11º.

2.0 No caso de terreos situados no litoral galego unicamente poderase autorizar a rehabilitación das edificacións de interese patrimonial ou etnográfico e demais construcións tradicionais preexistentes, debendo axustarse nestes casos tanto ás condicións de edificación impostas pola lexislación vixente en materia de urbanismo e ordenación territorial coma ás prescricións contidas no Plan de Ordenación do Litoral. En todo caso, darase preferencia aos proxectos de rehabilitación de edificacións tradicionais e de interese patrimonial ou etnográfico preexistentes sobre aqueles que prevexan a construción de novas instalacións.

3.0 Considerararanse autorizables os seguintes usos construtivos, tanto temporais como permanentes, sempre que quede garantida a integración das edificacións coa paisaxe e os valores obxecto de protección, se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, e que tras levar a cabo unha axeitada avaliación das súas repercusións esta sexa a solución alternativa a adoptar que mellor salvagarde os valores ambientais, sempre e cando non afecten aos tipos de hábitats de interese comunitario nin aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, nin afecten dun xeito significativo aos elementos da paisaxe que revistan unha importancia fundamental para os compoñentes da biodiversidade, nin tampouco á función de conectividade e permeabilidade dos ecosistemas.

- As construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros, ou outras análogas.
- As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- As construcións ou instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- As instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministración de carburante.
- As rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural cando sexan potenciadoras do medio onde se sitúen, cumpran as condicións de edificación impostas pola lexislación vixente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e non se trate de terreos nos que tamén concorra a categoría de solo rústico de protección de infraestruturas.
- As instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento cando non supoñan a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- As instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate, logo do informe favorable do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da UE que resulten de aplicación.
- Construcións destinadas ás actividades extractivas establecidas no momento de entrada en vixencia do presente Plan, incluídas as explotacións mineiras, as canteiras e a extracción de áridos ou terras, así como os seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- As infraestruturas de abastecemento, tratamento, saneamento e depuración de augas, de xestión e tratamento de residuos.
- As instalacións non industriais de produción de enerxía renovable para o servicio das explotacións.

* Usos e actividades prohibidos

1.0 Todas as actividades prohibidas pola lexislación sectorial en relación ao solo urbano, solo de núcleo rural, solo rústico ordinario e solo rústico especialmente protexido, a excepción daquelas que sexan consideradas como permitidas ou autorizables de acordo ás determinacións establecidas no presente Plan.

1. Ordenación do territorio e urbanismo

Normas específicas Zona 3: Área de Uso Xeral

* Usos e actividades permitidos

1.0 Todas aquelas actividades de urbanismo e ordenación do territorio consideradas como permitidas na Zona 2 (Área de Conservación) da presente normativa.

2.0 Dentro do solo de núcleo rural considéranse permitidos os seguintes usos

- As obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non impliquen variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume ou da súa tipoloxía orixinaria.
- As obras de conservación e restauración das edificacións existentes sempre e cando non supoñan a variación das características esenciais do edificio, nin a alteración do lugar, volume e tipoloxía tradicional.

* Usos e actividades autorizables

1.0 Todas aquelas actividades de urbanismo e ordenación do territorio consideradas como autorizables na Zona 2 (Área de Conservación) da presente normativa, con excepción das contempladas nos apartados 2º e 3º.

2.0 As obras de rehabilitación e ampliación en planta ou altura das edificacións existentes que non supoñan variación da súa tipoloxía.

3.0 Novos usos e construcións na zona de servidume de protección de costas dos núcleos rurais preexistentes afectados pola lexislación de costas sempre e cando se garanta a efectividade da servidume, que será de vinte metros, e non se prexudique o dominio público marítimo-terrestre.

4.0 Considéraranse autorizables os seguintes usos construtivos, tanto temporais como permanentes, sempre que quede garantida a integración das edificacións coa paisaxe e os valores obxecto de protección, se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, e que tras levar a cabo unha axeitada avaliación das súas repercusións esta sexa a solución alternativa a adoptar que mellor salvagarde os valores ambientais, sempre e cando non afecten aos tipos de hábitats de interese comunitario nin aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, nin afecten dun xeito significativo aos elementos da paisaxe que revistan unha importancia fundamental para os compoñentes da biodiversidade, nin tampouco á función de conectividade e permeabilidade dos ecosistemas.

- Novas construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola e gandeira, sen prexuízo de correspondente licenza municipal. Neste sentido, toda actuación urbanística deberá cumprir as condicións de edificación establecidas na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, así como as disposicións relativas aos desenvolvementos urbanísticos contidas no Plan de Ordenación do Litoral cando se trate de espazos que entren dentro do seu ámbito de aplicación.
- As construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros, ou outras análogas.
- As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- As construcións ou instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- As instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministración de carburante.
- As construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural cando sexan potenciadoras do medio onde se sitúen, cumpran as condicións de edificación impostas pola lexislación vixente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e non se trate de terreos nos que tamén concorra a categoría de solo rústico de protección de infraestruturas.
- As instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento cando non supoñan a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- As construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que haxan de situarse necesariamente no medio rural, como cemiterios, escolas agrarias, centros de investigación e educación ambiental e campamentos de turismo e pirotecnias.
- As instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate, logo do

informe favorable do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da Unión Europea que resulten de aplicación.

- Construcións destinadas ás actividades extractivas establecidas no momento de entrada en vixencia do presente Plan, incluídas as explotacións mineiras, as canteiras e a extracción de áridos ou terras, así como os seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- As infraestruturas de abastecemento, tratamento, saneamento e depuración de augas, de xestión e tratamento de residuos.
- As instalacións non industriais de produción de enerxía renovable para o servicio das explotacións.
- Con carácter excepcional nos municipios con máis do 40% da súa superficie clasificada como solo rústico de especial protección de espazos naturais, as seguintes actividades:
  - O depósito de materiais que sexan propios do medio rural e das súas actividades relacionadas e debidamente autorizadas.
  - O almacenamento e parques de maquinaria vinculados directamente coa conservación, o uso e o gozo do medio natural, así como os propios do medio rural e das súas actividades relacionadas e debidamente autorizadas.
  - O estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre vinculados directamente coa conservación, o uso e o gozo do medio natural, así como os propios do medio rural e das súas actividades relacionadas e debidamente autorizadas.

* Usos e actividades prohibidos

1.0

Todas as actividades prohibidas pola lexislación sectorial en relación ao solo urbano, solo de núcleo rural, solo rústico ordinario e solo rústico especialmente protexido, a excepción daquelas que sexan consideradas como permitidas ou autorizables de acordo ás determinacións establecidas no presente Plan.

2. Infraestruturas e obras

Normas comúns ás Zonas 1, 2 e 3

* Usos e actividades permitidos

1.0 As tarefas de mantemento e conservación do firme das infraestruturas lineais existentes no espazo natural, así como a reposición de sinais, que non supoñan modificacións no seu trazado e anchura.

2.0 Consideraranse permitidos os traballos cotiás necesarios para o mantemento das instalacións industriais existentes no espazo natural, sempre e cando non causen unha afección significativa sobre os tipos de hábitats de interese comunitario ou sobre os núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

* Usos e actividades autorizables

1.0 As tarefas de mantemento e conservación das infraestruturas lineais existentes no espazo natural non consideradas como permitidas, que serán debidamente autorizadas polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza sempre e cando non supoñan modificacións no seu trazado e anchura, se minimice todo posible impacto, se tendan a empregar técnicas o máis brandas posibles, non se afecte aos elementos clave para a conservación (hábitats, especies de interese) e se teñan en conta as determinacións establecidas no presente Plan.

2.0 Os traballos de mantemento das instalacións industriais existentes no espazo natural que poidan causar unha afección significativa sobre os tipos de hábitats de interese comunitario ou sobre os núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, deberán ser debidamente autorizados con arranxo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007.

3.0 As demolicións de obras e instalacións que non se axusten ás condicións establecidas na súa autorización ou que, encontrándose, total ou parcialmente, en estado ruinoso poidan causar danos ou perigos ás persoas, a outros compoñentes e elementos clave para a conservación do espazo ou ás funcións que estes desempeñen.

4.0 A instalación de liñas eléctricas aéreas de alta tensión, de liñas de baixa tensión, as telefónicas e as telegráficas, de torres necesarias para a prestación de servizos de telecomunicacións, así como a ampliación ou modificación das existentes, sempre e cando non exista posibilidade de situalas fóra do espazo, non causen unha afección significativa sobre os hábitats prioritarios ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e a autorización sexa outorgada con arranxo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007.

4.1 En todo caso, ás liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores nus situadas en zonas de protección segundo o Real Decreto 1432/2008, que sexan de nova construción ou que non conten cun proxecto de execución aprobado antes entrada en vigor do devandito Real Decreto, así como ás ampliacións, modificacións e reparacións de liñas eléctricas aéreas de alta tensión xa existentes, seranlles aplicadas as medidas de protección contra a electrocución e as medidas de protección contra a colisión recollidas no referido Real Decreto 1432/2008.

4.2 As liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores nus existentes con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 1432/2008, situadas en zonas de protección, seranlles aplicadas, de forma obrigatoria, as medidas de protección contra a electrocución e, de forma voluntaria, as medidas de protección contra a colisión, establecidas todas elas no devandito Real Decreto.

5.0 As accións sobre o solo que impliquen movementos de terra, como dragados, defensa de ríos e rectificación de cauces, abancalamentos, desmontes, recheos e outras análogas, sempre e cando se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, e que segundo as súas características sexan sometidas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2008.

6.0 Por motivos de seguridade pública, o depósito temporal fóra das infraestruturas lineais viarias (ferrocarrís, autovías, autoestradas, estradas), debidamente autorizados, por motivos de seguridade pública, de obxectos que obstrúan a circulación das mesmas, sempre e cando non causen afeccións de forma significativa sobre o estado de conservación dos compoñentes clave da biodiversidade do espazo, e que tras levar a cabo unha axeitada avaliación das súas repercusións a opción elexida sexa a solución alternativa a adoptar que mellor salvagarde os valores ambientais.

7.0 A apertura de novas infraestruturas temporais por razóns estritas de saúde pública, seguridade, auxilio ou por accións directamente relacionadas coa xestión e conservación do lugar, causando a mínima afección sobre os recursos naturais e, de forma especial, sobre as augas, os solos, os tipos de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, ou sobre os núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

8.0 Os proxectos de repotenciación de parques eólicos existentes executados nos termos do Decreto 138/2010, do 5 de agosto, polo que se establece o procedemento e as condicións técnico-administrativas para a obtención

das autorizacións de proxectos de repotenciación de parques eólicos existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, e en especial no disposto nos seus artigos 3º e 5º.

8.1 En todo caso, a execución destes proxectos levarase a cabo con arranxo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, debendo ser sometidos a unha axeitada avaliación das súas repercusións sobre os ecosistemas, os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e as especies de interese para a conservación.

9.0 As obras de reparación, conservación e rehabilitación que se consideren precisas para o mantemento en bo estado dos paseos marítimos ou fluviais existentes, sempre e cando sexan realizadas sen causar afeccións significativas sobre os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE ou as especies de interese de conservación, e se adecúen aos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

* Usos e actividades prohibidos

1.0 A realización de novas infraestruturas, cando causen unha afección significativa sobre os hábitats prioritarios ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e a súa execución sexa contraria ao establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

2.0 A implantación de novos parques eólicos con excepción, ao abeiro do artigo 31 da Lei 8/2009, dos proxectos de repotenciación dos parques eólicos existentes executados ao abeiro do Decreto 138/2010.

3. Uso público e actividades deportivas

Normas comúns ás Zonas 1, 2 e 3

* Usos e actividades permitidos

1.0 O tránsito peonil, así como as actividades escolares e divulgativas, e en xeral todas as de uso público sempre e cando se realicen de forma racional e respectuosa, acordes coa normativa do presente plan e coas regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

2.0 A circulación de vehículos polas vías de libre tránsito, así como o seu estacionamento nas áreas establecidas a tal efecto.

3.0 O estacionamento temporal de caravanas nas instalacións habilitadas a tal efecto.

4.0 As actividades deportivas en augas mariñas (excluídas as lagoas costeiras e as marismas) realizadas con embarcacións a remos, vela ou motor, sempre que se realicen de acordo coa normativa sectorial vixente. Co fin de compatibilizar o uso público coas necesidades de conservación de cada espazo natural o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá establecer medidas de xestión e regulacións específicas para o seu desenvolvemento, de xeito que non leven consigo unha afección apreciable sobre o estado de conservación dos hábitats protexidos ou sobre o estado de conservación das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

5.0 Nas actividades de uso público realizadas dentro do ámbito territorial da Rede Natura 2000, os propietarios de animais domésticos de compañía deberán adoptar as medidas necesarias, acordes coa normativa actual, para que o animal non provoque afeccións sobre os hábitats e as especies de interese para a conservación, así como sobre o resto de actividades de uso público e sobre os aproveitamentos existentes no espazo natural.

- O Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá limitar temporal ou permanentemente a presenza de animais de compañía en áreas sensibles para a conservación da biodiversidade.
- Exclúense da consideración anterior os cans que forman parte das explotacións agrícolas e gandeiras existentes na área, así como no desenvolvemento das actividades cinexéticas, no desenvolvemento das tarefas vinculadas con estas actividades.

6.0 Consideraranse como actividades de uso público permitidas nas zonas 1, 2 e 3, sempre e cando se realicen ao abeiro dos obxectivos e regulacións establecidos no presente plan, e coa normativa sectorial de aplicación:

- O baño.
- A práctica do aeromodelismo, o uso de papaventos e dispositivos semellantes, cando non afecten á tranquilidade das aves, e non se realicen no ámbito territorial dos humidais ou zonas de descanso ou nidificación de aves.
- O uso do lume nas áreas e equipamentos habilitados a tal efecto.
- O emprego de embarcacións tradicionais, deportivas ou recreativas en encoros e estanques artificiais.
- O fondeo e amarre de embarcacións deportivas.

6.1 O Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá establecer regulacións específicas para garantir que o desenvolvemento das actividades anteriores se realice acorde cos obxectivos de conservación dos hábitats e das especies de interese para a conservación.

7.0 A realización de actividades de carácter deportivo, sociocultural e recreativo que se desenvolvan ao aire libre, dentro das áreas, infraestruturas ou equipamentos establecidas para o uso público, cando se realicen conforme aos obxectivos e directrices establecidos no presente Plan.

* Usos e actividades autorizables

1.0 A realización de actividades de carácter deportivo, sociocultural e recreativo que se desenvolvan ao aire libre fóra das áreas, infraestruturas ou equipamentos establecidos para o uso público, sempre e cando non leven consigo afeccións significativas sobre o estado de conservación dos hábitats ou das especies de flora e fauna silvestre.

2.0 Para o desenvolvemento das seguintes actividades de uso público, que soamente poderán realizarse dentro das Zonas 2 e 3, será necesaria autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, que á vista da solicitude poderá fixar condicións específicas para a súa realización ou, no seu caso, a súa prohibición cando poida afectar de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos hábitats das especies de interese para a conservación:

- As competicións de vehículos a motor, e especialmente os rallys, ou outro tipo de probas deportivas, cando discorran por vías de libre tránsito, e leven consigo perturbacións acústicas, aglomeración de espectadores, estacionamiento fora de áreas habilitadas a tal efecto de vehículos, ou equipamentos de

apoio, coordinación ou servizos.

- A venda ambulante acorde coas normativas sectoriais e municipais.
- A realización de manobras militares motorizadas, cando non causen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats naturais ou das poboacións de especies de interese para a conservación, ao abeiro do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, e dos obxectivos e directrices do presente plan.

3.0 O desenvolvemento das seguintes actividades de uso público dentro das Zonas 1, 2 e 3, precisará de autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, que á vista da solicitude poderá fixar condicións específicas para a súa realización ou, no seu caso, a súa prohibición cando poida afectar de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos hábitats das especies de interese para a conservación:

- O desenvolvemento de competicións, concentracións, e demais actividades e eventos deportivos ou recreativos organizados de xeito colectivo, seguindo a normativa sectorial de aplicación, que non leven consigo de forma directa nin indirectamente, como resultado da aglomeración de persoas, vehículos, estruturas ou servizos, unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats naturais ou das poboacións de especies de interese para a conservación.
- O voo de aeronaves (avionetas, globos aerostáticos, ás-deltas, parapente ou calquera outro artefacto voador), incluíndo as manobras de despegue e aterraxe, cando se realice a menos de 1.000 metros de altitude. Quedan excluídas da anterior especificación, o voo comercial e as misións eventuais de auxilio, vixilancia, salvamento, extinción de incendios ou outras cuestións de interese xeral que se consideren necesarias.
- O emprego de todo tipo de embarcacións para uso privado de carácter tradicional, con ou sen motor, en tramos fluviais, acordes coa normativa sectorial.
- O uso de embarcacións colectivas para fins turísticos ou recreativos en augas mariñas, en tramos fluviais ou en encoros acorde coa normativa sectorial.
- O barranquismo, o rafting, as tirolinas, ou calquer outro tipo de deporte de risco que teña lugar nos espazos da Rede Natura 2000.
- O kite surf e actividades náuticas semellantes, sempre e cando non causen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats naturais ou das poboacións de especies de interese para a conservación, ao abeiro do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, e non se realicen sobre lagoas costeiras.
- As actividades de espeleoloxía non vinculadas con tarefas de investigación ou conservación dos hábitats e da fauna cavernícola.
- A escalada e o alpinismo cando se realice sobre afloramentos rochosos e non leve consigo unha afección significativa para o estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou sobre os núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.
- A realización de espectáculos de carácter lúdico ou recreativo de xeito temporal ao aire libre, sempre e cando non se realicen sobre áreas ocupadas por hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE nin por hábitats das especies de interese para a conservación.
- O desenvolvemento de actividades profesionais de filmación ou gravación de especies de interese para a conservación o das súas áreas prioritarias de conservación.
- A realización de manobras militares non motorizadas, cando non causen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats naturais ou das poboacións de especies de interese para a conservación, ao abeiro do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007, e dos obxectivos e directrices do presente plan.
- A instalación de calquera tipo de sinalización, a excepción das establecidas en áreas urbanas e núcleos rurais que se rexerán pola normativa municipal correspondente, das contempladas nas normativas sectoriais, e das que poidan establecer os organismos competentes no mantemento das súas correspondentes infraestruturas.
- Calquera outra actividade de uso público que poida xerar unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

* Usos e actividades prohibidos

1.0 Aqueles que se realicen vulnerando as disposicións contidas no presente plan e as regulacións e indicacións que para o desenvolvemento das actividades de uso público poida establecer o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza

1.1 En especial, consideraranse prohibidas na Zona 1 (Área de Protección) todas as actividades recreativas e de uso público non contempladas dentro da devandita Zona 1 como permitidas ou autorizables na presente normativa zonal.

2.0 Co fin de garantir un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, considéranse prohibidas as seguintes actividades:

- As prácticas de supervivencia, paintball, e actividades semellantes.
- A acampada e o vivaqueo fora das áreas habilitadas a tal efecto.
- A escalada e o alpinismo cando afecte a elementos singulares da xea ou da biodiversidade.
- O uso de embarcacións recreativas ou deportivas en humidais lacunares e marismas, salvo autorización expresa por parte do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.
- A circulación de vehículos relacionada con actividades recreativas e de uso público, fóra das vías de libre tránsito ou das instalacións habilitadas ao seu efecto, especialmente de bicicletas, motocross, motocicletas, todoterreos e quads.
- O emprego de megáfonos, así como doutros aparatos de son que perturben a tranquilidade e a quietude da fauna e do propio espazo natural.
- O abandono ou depósito de lixo en áreas e recipientes non autorizados.

3.0 A realización de calquera actividade ou proba de carácter deportivo ou recreativo, contraria ao especificado no presente plan, sen autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

10. Avaliación ambiental

10 Avaliación ambiental

Ao abeiro do artigo 6.2 da DC 92/43/CEE, o Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza adoptará as medidas apropiadas para evitar nos lugares que conforman a Rede Natura 2000 (LIC, ZEPA), a deterioración dos hábitats naturais e das especies que motivaran a súa declaración, na medida en que as devanditas alteracións poidan ter un efecto negativo apreciable no que respecta aos obxectivos de conservación establecidos polas directivas DC 2009/147/CE, a DC 92/43/CEE, a DC 2000/60/CE, así como pola normativa estatal (Lei 42/2007) e galega (Lei 9/2001).

A avaliación á que fai referencia o artigo 6.3 da DC 92/43/CEE, incluirá de forma obrigatoria unha análise obxectiva e fundamentada sobre o grao de afección individual e sinérxico da actividade, sobre o estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, das poboacións e hábitats das especies contempladas no Anexo II da DC 92/43/CEE, e do Anexo I da DC 2009/147/CE, así como sobre as especies incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, tanto para o ámbito territorial da zona ou zonas onde se pretende desenvolver a actividade, plan ou proxecto, como para o conxunto do lugar e da Rede Natura 2000.

O Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza aplicará o principio de cautela (Tratado de Maastricht), en relación coa valoración dos plans, proxectos e actividades que puidesen ter incidencia sobre o estado de conservación dos lugares da Rede Natura 2000, así como dos seus compoñentes.

O órgano ambiental competente, fixará en coherencia coa lexislación comunitaria (DC 2011/92/UE), estatal (Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; Lei 42/2007 do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade; Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, modificado pola Lei 6/2010, de 24 de marzo) e autonómica (Lei 1/1995, Decreto 442/1990, Decreto 327/1991), o procedemento administrativo para desenvolver a devandita avaliación, garantindo en todo momento o cumprimento dos criterios e obxectivos establecidos na Rede Natura 2000.

En ningún caso o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico, impedirá a aplicación dos límites establecidos pola normativa de impacto ambiental, a cuxos efectos se acumularán as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de enero, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Evaluación de Impacto Ambiental de proyectos, modificado por la Ley 6/2010, de 24 de marzo

CAPÍTULO II. Evaluación de impacto ambiental de proyectos

Artículo 16. Solicitud para la determinación de sometimiento o no a evaluación de impacto ambiental.

1. La persona física o jurídica, pública o privada, que se proponga realizar un proyecto de los comprendidos en el anexo II, o un proyecto no incluido en el anexo I y que pueda afectar directa o indirectamente a los espacios de la Red Natura 2000, solicitará del órgano que determine cada comunidad autónoma que se pronuncie sobre la necesidad o no de que dicho proyecto se someta a evaluación de impacto ambiental, de acuerdo con los criterios establecidos en el anexo III. Dicha solicitud irá acompañada de un documento ambiental del proyecto con, al menos, el siguiente contenido:

a) La definición, características y ubicación del proyecto.

b) Las principales alternativas estudiadas.

c) Un análisis de impactos potenciales en el medio ambiente.

d) Las medidas preventivas, correctoras o compensatorias para la adecuada protección del medio ambiente.

e) La forma de realizar el seguimiento que garantice el cumplimiento de las indicaciones y medidas protectoras y correctoras contenidas en el documento ambiental.

El documento ambiental deberá identificar a su autor o autores mediante nombre, apellidos, titulación y documento nacional de identidad.

2. En los proyectos que deban ser autorizados o aprobados por la Administración General del Estado, o ser comunicados u objeto de declaración responsable a la misma, la solicitud y la documentación a que se refiere el apartado anterior se presentarán ante el órgano sustantivo. El documento ambiental deberá identificar a su autor o autores mediante nombre, apellidos, titulación y documento nacional de identidad.

El órgano sustantivo, una vez mostrada su conformidad con los documentos a los que se refiere el apartado anterior, los enviará al órgano ambiental al objeto de que éste se pronuncie sobre la necesidad o no de iniciar el trámite de evaluación de impacto ambiental.

Articulo 17. Determinación de sometimiento o no sometimiento a evaluación de impacto ambiental.

1. El órgano que reciba la solicitud a la que se refiere el artículo anterior se pronunciará sobre la necesidad de que el proyecto se someta o no a evaluación de impacto ambiental en el plazo que determine la comunidad autónoma.

En el ámbito de la Administración General del Estado, corresponderá al órgano ambiental pronunciarse en el plazo de tres meses, a partir del día siguiente a la recepción por el órgano ambiental de la solicitud y de la documentación a la que se refiere el artículo 16.

2. Previamente, se consultará a las administraciones, personas e instituciones afectadas por la realización del proyecto, poniendo a su disposición el documento ambiental del proyecto a que se refiere el artículo 16. La decisión, que se hará pública, tomará en consideración el resultado de las consultas.

3. Cuando de la información recibida en la fase de consultas se determine que el proyecto se debe someter al procedimiento de evaluación de impacto ambiental, se dará traslado al promotor, de acuerdo con el artículo 8.3, de la amplitud y del nivel de detalle del estudio de impacto ambiental junto con las contestaciones recibidas a las consultas efectuadas, para que continúe con la tramitación, de acuerdo con lo previsto en la sección 1.ª

Disposición adicional cuarta. Evaluación ambiental de los proyectos estatales que puedan afectar a espacios de la Red Natura 2000.

1. La evaluación de los proyectos que, sin tener relación directa con la gestión del lugar de que se trate de la Red Natura 2000 o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a los citados lugares ya sea individualmente o en combinación con otros planes o proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho lugar, conforme a lo dispuesto en la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, de patrimonio natural y de la biodiversidad, sin perjuicio de lo establecido en la presente ley.

2. En el supuesto de proyectos autorizados o aprobados por la Administración General del Estado, a la vista de las conclusiones de la evaluación de impacto ambiental sobre las zonas de la Red Natura 2000, y supeditado a lo dispuesto en el apartado 4 del artículo 6 del Real Decreto 1997/1995, de 7 de diciembre, por el que se establecen medidas para contribuir a garantizar la biodiversidad mediante la conservación de los hábitats naturales y de la fauna y flora silvestres, el Ministerio de Medio Ambiente fijará las medidas compensatorias necesarias para garantizar la coherencia global de Natura 2000. Para su definición, se consultará preceptivamente al órgano

competente de la comunidad autónoma en la que se localice el proyecto, cuyo parecer podrá ser incorporado a la declaración de impacto ambiental que emita el órgano ambiental estatal. El plazo para la evacuación de dicho informe será de 30 días. Transcurrido dicho plazo sin que se hubiera emitido el informe, el órgano ambiental estatal podrá proseguir las actuaciones.

3. La remisión, en su caso, de la información a la Comisión Europea sobre las medidas compensatorias que se hayan adoptado se llevará a cabo por el Ministerio de Medio Ambiente en los términos previstos en el artículo 10 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre.

Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad

CAPÍTULO II. Evaluación de impacto ambiental de proyectos

Artículo 45. Medidas de conservación de la Red Natura 2000.

2. Igualmente las administraciones competentes tomarán las medidas apropiadas, en especial en dichos planes o instrumentos de gestión, para evitar en los espacios de la Red Natura 2000 el deterioro de los hábitat naturales y de los hábitat de las especies, así como las alteraciones que repercutan en las especies que hayan motivado la designación de estas áreas, en la medida en que dichas alteraciones puedan tener un efecto apreciable en lo que respecta a los objetivos de la presente ley.

3. Los órganos competentes deberán adoptar las medidas necesarias para evitar el deterioro o la contaminación de los hábitats fuera de la Red Natura 2000.

4. Cualquier plan, programa o proyecto que, sin tener relación directa con la gestión del lugar o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a los citados lugares, ya sea individualmente o en combinación con otros planes o proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar, que se realizará de acuerdo con las normas que sean de aplicación, de acuerdo con lo establecido en la legislación básica estatal y en las normas adicionales de protección dictadas por las Comunidades autónomas, teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho lugar. A la vista de las conclusiones de la evaluación de las repercusiones en el lugar y supeditado a lo dispuesto en el apartado 5 de este artículo, los órganos competentes para aprobar o autorizar los planes, programas o proyectos solo podrán manifestar su conformidad con los mismos tras haberse asegurado de que no causará perjuicio a la integridad del lugar en cuestión y, si procede, tras haberlo sometido a información pública.

Si, a pesar de las conclusiones negativas de la evaluación de las repercusiones sobre el lugar y a falta de soluciones alternativas, debiera realizarse un plan, programa o proyecto por razones imperiosas de interés público de primer orden, incluidas razones de índole social o económica, las Administraciones Públicas competentes tomarán cuantas medidas compensatorias sean necesarias para garantizar que la coherencia global de Natura 2000 quede protegida.

La concurrencia de razones imperiosas de interés público de primer orden sólo podrá declararse para cada supuesto concreto:

a) Mediante una ley.

b) Mediante acuerdo del Consejo de Ministros, cuando se trate de planes, programas o proyectos que deban ser aprobados o autorizados por la Administración General del Estado, o del órgano de Gobierno de la Comunidad autónoma. Dicho acuerdo deberá ser motivado y público

La adopción de las medidas compensatorias se llevará a cabo, en su caso, durante el procedimiento de evaluación ambiental de planes y programas y de evaluación de impacto ambiental de proyectos, de acuerdo con lo dispuesto en la normativa aplicable. Dichas medidas se aplicarán en la fase de planificación y ejecución que determine la evaluación ambiental.

Las medidas compensatorias adoptadas serán remitidas, por el cauce correspondiente, a la Comisión Europea.

6. En caso de que el lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural y/o una especie prioritaria, señalados como tales en los anexos I y II, únicamente se podrán alegar las siguientes consideraciones:

a) Las relacionadas con la salud humana y la seguridad pública.
b) Las relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para el medio ambiente.
c) Otras razones imperiosas de interés público de primer orden, previa consulta a la Comisión Europea.

7. La realización o ejecución de cualquier plan, programa o proyecto que pueda afectar negativamente a especies incluidas en los anexos II o IV que hayan sido catalogadas como en peligro de extinción, únicamente se podrá llevar a cabo cuando, en ausencia de otras alternativas, concurra alguna de las causas citadas en el apartado anterior. La adopción de las correspondientes medidas compensatorias se llevará a cabo conforme a lo
previsto en el apartado 5.

8. Desde el momento en que el lugar figure en la lista de Lugares de Importancia Comunitaria aprobada por la Comisión Europea, éste quedará sometido a lo dispuesto en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo.

9. Desde el momento de la declaración de una ZEPA, ésta quedará sometida a lo dispuesto en los apartados 4 y 5 de este artículo.

A posible afección ou impacto significativo dunha acción ou actividade sobre o espazo protexido ou sobre os compoñentes clave deste determinarase baseándose nos criterios fixados no Anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (BOE 102, 29/04/2006), atendendo a:

1. As características dos plans e programas, considerando en particular:
   a) A medida en que o plan ou programa establece un marco para proxectos e outras actividades con respecto á situación, a natureza, as dimensións, as condicións de funcionamento ou mediante a asignación de recursos.
   b) A medida en que o plan ou programa inflúe noutros plans ou programas, incluídos os que estean xerarquizados
   c) A pertinencia do plan ou programa para a integración de consideracións ambientais, co obxecto, en particular, de promover o desenvolvemento sostible
   d) Problemas ambientais significativos relacionados co plan ou programa.
   e) A pertinencia do plan ou programa para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia de medio ambiente (por exemplo, os plans ou programas relacionados coa xestión de residuos ou a protección dos recursos hídricos).
2. As características dos efectos e da área probablemente afectada, considerando en particular:
   a) A probabilidade, duración, frecuencia e reversibilidade dos efectos.
   b) O carácter acumulativo dos efectos.
   c) O carácter transfronteirizo dos efectos.
   d) Os riscos para a saúde humana ou o medio ambiente (debidos, por exemplo, a accidentes).
   e) A magnitude e o alcance espacial dos efectos (área xeográfica e tamaño da poboación que poidan verse afectadas).
   f) O valor e a vulnerabilidade da área probablemente afectada a causa de:
      I As características naturais especiais ou o patrimonio cultural.
      II A superación de estándares de calidade ambiental ou de valores límite.
      III A explotación intensiva do solo.
      IV Os efectos en áreas ou paisaxes con rango de protección recoñecido nos ámbitos nacional, comunitario ou internacional.

En todo caso, ademais dos proxectos, tanto públicos coma privados, que deban ser sometidos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ao abeiro da normativa legal vixente, o presente Plan establece, nas súas medidas de xestión para o ámbito territorial da Rede Natura 2000, unha serie de usos e actividades que deben ser sometidos expresamente ao devandito procedemento, o cal desenvolverase ao abeiro do establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

a) Os proxectos de repotenciación, modificación, reparación, reemprazo, modernización ou ampliación dos aproveitamentos industriais de enerxía eólica, fotovoltaica ou hidroeléctrica existentes, que deberán desenvolverse de acordo aos instrumentos de planificación sectorial vixente, cando poidan supoñer unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos hábitats e das especies de interese para a conservación.

b) Todos os proxectos de concentracións parcelarias.

c) As implantacións de melloras de regadíos, así como os proxectos semellantes que contemplen melloras territoriais, cando poidan supoñer unha significativa modificación da paisaxe rural do espazo natural ou que poidan afectar significativamente ao estado de

conservación dos hábitats de interese comunitario e ás especies de interese para a conservación.

d) O control biolóxico ou natural de pragas.

e) A realización de actuacións que leven consigo a remoción dos perfís do solo, o arranque das plantas, ou supoñan a transformación (subsolados, sangrados, rozas mecanizadas con maquinaria pesada, etc.) dos queirogais húmidos (Nat-2000 4020*).

f) As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas de carácter negativo.

g) As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

h) O establecemento de zonas de caza ou pesca intensiva.

11. Plan de seguimento

11 Plan de seguimento

Dacordo coas disposicíons do Artigo 47 da Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, o Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, efectuará unha vixiancia periódica sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, tendo especialmente en conta aos hábitats prioritarios, ás especies prioritarias e ás especies tipificadas catalogadas en perigo ou vulnerables.

A avaliación do estado de conservación axustarase ás condicións establecidas nas directivas 2009/147/CE e 92/43/CEE e ás que se poidan propoñer no Plan Estratéxico Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, empregando para iso os indicadores e métodos de análises indicados no presente Plan no apartado 7.3 “Indicadores ambientais”, e que se desenvolven no punto 3 “Indicadores de biodiversidade” do Anexo VII “Xeorreferenciación e valoración dos compoñentes da biodiversidade”.

O Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, comunicará ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño os cambios que se produzan anualmente en relación cos hábitats e especies de interese para a conservación para os efectos do seu reflexo no Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Asimesmo, o Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño información sobre as medidas de conservación ás que se refire o artigo 45.1 da Lei 42/2007, a avaliación dos seus resultados e as propostas de novas medidas a aplicar, ao obxecto de que o devandito Ministerio poida remitir á Comisión Europea, cada tres e seis anos respectivamente, os informes nacionais esixidos polas Directivas Comunitarias 2009/147/CE e 92/43/CEE reguladoras das zonas da Rede Natura 2000.

12. Desenvolvemento do Plan Director

12 Desenvolvemento do Plan Director

O presente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, poderá desenvolverse para determinados espazos ou grupos de espazos incluídos no seu ámbito territorial, a través da elaboración dunha serie de instrumentos específicos, elaborados en conformidade coa normativa comunitaria (DC 2009/147/CE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001, Lei 7/2008) en materia de conservación do patrimonio natural, da biodiversidade e da paisaxe:

a) Instrumentos de planificación e xestión dos espazos naturais protexidos, entre os que estarían os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), os Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX) e os Plans de Conservación (PC), dispostos na Lei 9/2001 e na Lei 42/2007.
b) Instrumentos de planificación das especies de interese para a conservación, compostos polos correspondentes plans de recuperación, reintrodución, protección, conservación ou manexo das especies segundo a súa categoría de ameaza, establecidos na Lei 9/2001, no Decreto 88/2007, e na Lei 42/2007.
c) Instrumentos estratéxicos de desenvolvemento socioeconómico vinculado á xestión racional dos recursos naturais. Estes documentos están compostos polos Plans de Desenvolvemento Sostible (PDS), os cales tratan de fomentar os aproveitamentos tradicionais, racionais e duradeiros dos recursos do territorio (agricultura, gandería, silvicultura, pesca, marisqueo, etc.) a través da conservación do patrimonio natural e cultural, e da biodiversidade. Deste xeito, estes Plans perseguen a mellora social, a equidade territorial, o fortalecemento das actividades socioeconómicas e a participación social.
d) Instrumentos de ordenación do uso público baixo criterios de sostibilidade, a través do desenvolvemento dos correspondentes Plans de Uso Público (PUP), os cales integran obxectivos e estratexias de ordenación e xestión específicas para garantir o equilibrio entre a conservación dos valores do espazo e o desenvolvemento de actividades ao aire libre.

Ademais dos instrumentos anteriores, o Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá establecer, ao abeiro do presente Plan, regulacións específicas para determinados espazos ou grupos de espazos, a través do desenvolvemento de medidas de conservación e/ou xestión para certos tipos de hábitats e/ou especies de interese para a conservación, así como para determinados grupos dos mesmos, de xeito que se garanta o mantemento nun estado de conservación favorable dos compoñentes clave da biodiversidade.

13. Memoria económica do Plan Director

13 Memoria económica do Plan Director

De acordo ao artigo 19 da Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais deben contar entre o seu contido mínimo cunha memoria económica sobre os custos e instrumentos financeiros previstos para a aplicación do mesmo.

Neste apartado inicialmente plantéxase unha estimación media anual dos fondos asignados á Dirección Xeral de Conservación da Natureza durante os últimos anos (actual programa operativo) e posteriormente revísanse outras posibles fontes de financiamento en aplicación do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) 2007-2013 de Galicia.

Inclúese o orzamento directamente dependente da D.X. de Conservación da Natureza (para o cálculo das cantidades consignadas se tiveron en conta as cifras asignadas á xestión da Rede Natura 2000 durante o presente programa operativo, non implicando obrigas futuras que dependerán das fontes de financiamento da rede actualmente en discusión). As cantidades aquí presentadas son coherentes coas cantidades expostas na análise de custos empregados na Rede natura 2000 dentro do Anexo III do presente Plan.

En primeiro lugar, os custos diferéncianse entre custos estruturais (aqueles de persoal, equipos e instalacións propias da Administración), e custos de actividade (asociados cos traballos executados por outras empresas para o organismo competente en materia de conservación da natureza. Estes custos de actividade poden ser subdivididos en habituais e ocasionais.

Son custos de actividade habituais aqueles que se externalizan mediante a contratación de asistencias técnicas, servizos, proxectos de execución ou subministracións e que se sufragan directamente cos orzamentos anuais da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, con importes interanuais análogos, se ben son dependentes das dispoñibilidades orzamentarias. Inclúen fondos propios, fondos xestionados directamente pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza no actual PDR de Galicia, fondos procedente do programa operativo de Galicia FEDER 2007-2013 (eixo 3, temas prioritarios 51, 55 e eixo 5, tema prioritario 56) e fondos finalistas para axudas no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Memoria económica do Plan Director da Rede Natura 2000

Custos estruturais

Persoal conservación Persoal administración Bens correntes e servizos de conservación Bens correntes e servicios de xestión administrativa	Labores de planificación, vixilancia e control, xestión, tramitación de autorizacións, redacción de plans e proxectos…

Capítulo I (70% do total da DX)	10.645.000,00 €
Capítulo II (66% do total da DX)	2.000.000,00 €

Custos de actividade: planificación da conservación e accións de conservación habituais

Inversións de conservación Inversións en xestión administrativa Elaboración e revisión de plans estratexias e directrices Reunións e consultas públicas Elaboración normativa conservación e interpretación Cooperación, intercambio de experiencias e coordinación Medidas de xestión para o mantemento de hábitats e especies Pagamentos a propietarios e usuarios Erradicación e control de especies exóticas Prevención e control de riscos ambientais Monitorización e seguimiento Divulgación e promoción Formación e educación Xestión de visitantes	Axudas en espazos naturais (1) Inversións en conservación da biodiversidade, protección da natureza, ordenación do uso público, formación, educación e sensibilización ambiental (2)

Capítulo VI	7.000.000,00 €
Capítulo VII	2.500.000,00 €

Custos de actividade :Accións de conservación ocasionais

Restauración ou mellora de hábitats y especies Compra de terras e dereitos Investigación Medidas de adaptación de infraestrestruturas e equipamentos Infraestructuras para o uso público	Inversións en actuacións de infraestruturas de uso público, sinalizacións, erradicación de especies exóticas, restauración de hábitats e actividades de conservación de especies, ordenación do uso público, formación, educación e sensibilización ambiental (3)

Convenios con outras administracións ou entidades particulares, proxectos LIFE	6.250.000,00 €
TOTAL ANUAL	28.395.000,00 €
SUPERFICIE DA REDE NATURA 2000	389.565,9 ha
CUSTO MEDIO	72,89 €/ha

(1) Axudas procedentes de fondos propios, dos fondos xestionados directamente pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza no actual PDR e dos fondos para axudas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.
(2) Inversión procedente do programa operativo de Galicia FEDER 2007-2013 eixo 3, temas prioritarios 51 "Promoción da biodiversidade e protección da natureza", 55 "Promoción de actividades naturais" e eixo 5, tema prioritario 56 "Protección e Valorización do patrimonio natural".
(3) Actuacións que a Xunta de Galicia cofinancia mediante convenios cos organismos ministeriais ou mediante aportacións de entidades privadas e actuacións derivadas de proxectos Life ou Life + nos que participa a DX de Conservación da Natureza.

Táboa 54.- Orzamento e custo medio superficial para o desenvolvemento do Plan Director da Rede Natura 2000 en Galicia.

Os custos de actividade habituais destínanse aos seguintes epígrafes:

- Custos de planificación da conservación: elaboración e desenvolvemento de plans de xestión e / ou regulamentos, consultas públicas, etc..
- Custos de accións de conservación habituais: actuacións de carácter periódico como medidas para o mantemento do estado de conservación de hábitats e especies, erradicación de exóticas, prevención de incendios, divulgación e promoción, formación e educación ambiental, xestión dos visitantes aos espazos ou pagamentos a propietarios e xestores de terras mediante axudas (accións de conservación que non son estrictamente estándar).

- Inversións en centros e infraestruturas de uso público: obras de creación ou mellora e acondicionamento das instalacións de uso público e de xestión (centros de visitantes, centros de recuperación de fauna, aulas da natureza, áreas recreativas e rutas).

Son custos de actividade ocasionais aqueles financiados mediante ferramentas extraordinarias como poden ser:

- Suscrición de convenios de colaboración cos organismos ministeriais (para actuacións en materia de Rede Natura 2000, para diversas actuacións nas Reservas da Biosfera directamente xestionadas pola DX de Conservación da Natureza, para a creación da rede de camiños verdes non motorizados, para actuacións diversas no Parque Nacional das Illas Atlánticas, etc...)
- Suscrición de convenios de colaboración con entidades particulares (Convenios coa obra social de entidades bancarias, pactos ambientais con empresas xeradoras de enerxía, etc.).
- Aprobación de candidaturas a diversos proxectos (LIFE e LIFE+).

Medidas do Plan de Desenvolvemento Rural na Rede Natura 2000

EIXO I

Fomento do Coñecemento e Potencial Humano

MEDIDA	DEFINICIÓN	XESTOR
115	Implantación Servizos Aconsellamento, Substitución e Xestión	SX de Apoio ás Explotacións Agrarias

Reestruturación e Desenvolvemento do Potencial Físico e Fomento da Innovación

MEDIDA	DEFINICIÓN	XESTOR
121	Modernización Explotacións	SX de Apoio ás Explotacións Agrarias
122	Aumento Valor Económico dos Bosques	SX de Recursos Forestais

EIXO II

Utilización Sostible de Terras Agrícolas

MEDIDA	DEFINICIÓN	XESTOR
211	Indemnizacións Compensatorias Montaña	SX de Xestión da PAC
212	Indemnizacións Compensatorias Zonas Desfavorecidas	SX de Xestión da PAC
214.1	Medidas Agroambientais	SX de Xestión da PAC
215	Axudas ao Benestar dos Animais	SX de Xestión da PAC
216	Investimentos Agrarios non Produtivos	SX de Espazos Naturais e Biodiversidade (CMATI)

Utilización Sostible de Terras Forestais

MEDIDA	DEFINICIÓN	XESTOR
223	Forestación Terras non Agrarias	SX Recursos Forestais
226	Prevención Contra Incendios Recuperación Potencial Forestal	SX Recursos Forestais SX Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais
227	Investimentos Forestais non Produtivos	SX de Recursos Forestais

EIXO III

Mellora da Calidade de Vida nas Zonas Rurais

MEDIDA	DEFINICIÓN	XESTOR
323	Conservación e Mellora do Patrimonio Rural	SX Recursos Forestais, SX Apoio ás Explotacións Agrarias e Sub.Cord. e Planificación Desenvolv. Rural

Táboa 55. Medidas do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007- 2013 (PDR) cofinanciado co FEADER, que recollen entre os criterios de prioridade a selección de actuacións ou de beneficiarios con explotacións incluídas na Rede Natura 2000.

O Regulamento do Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER) prevé que os métodos de manexo da terra deben contribuír ao desenvolvemento sostible, fomentando métodos de utilización de usos do solo compatibles coa necesidade de preservar o medio ambiente e a paisaxe natural e protexer e mellorar os recursos naturais, e que o desenvolvemento rural debe incluír cuestións fundamentais como a biodiversidade, a xestión da rede Natura 2000 e a protección das augas e do solo, para que o fondo contribúa á promoción do desenvolvemento rural sostible en toda a Unión.

O FEADER intervén nos Estados membros a través de programas que aplican as súas estratexias de desenvolvemento rural mediante unha serie de medidas agrupadas en torno a catro eixos prioritarios, sendo o eixo 2 o relativo á mellora do medio ambiente e do entorno rural onde se concentran a maioría das medidas relacionadas co traballo de protección e conservación da biodiversidade e xestión da rede Natura 2000 nas zonas rurais.

Á estimación anterior de orzamentos directamente manexados pola DX de Conservación da Natureza, habería que engadir as medidas do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007- 2013 (PDR) cofinanciado co FEADER, que recollen entre os criterios de prioridade a selección de actuacións ou de beneficiarios con explotacións incluídas na Rede Natura 2000, e que son xestionadas por diversas unidades da Consellería de Medio Rural e do Mar.

Asimesmo, no momento de aprobación do presente Plan, está programada a implementación das medidas 213 y 224, para o apoio a pagos compensatorios debidos ás restricións derivadas da Rede Natura 2000, para o que existen fondos destinados a tal fin como xa se indica no Informe Intermedio Anual e na xustificación da modificación do PDR aprobada pola Comisión. As medidas a implementar serían:

- 2.1.3 “Axudas Natura 2000 para a compensación de custos y pérdidas en cultivos”
- 2.2.4 “Axudas Natura 2000 para a compensación de custos e pérdidas forestais”

Medidas que perseguen o fomento das prácticas agrícolas, gandeiras e silvícolas respectuosas coa conservación da biodiversidade e compatibles cos obxectivos da Rede Natura 2000 para o que prevén as seguintes accións, alcance territorial e destinatarios:

A.- Accións para a conservación de agrosistemas. Pretende:

- Evitar a transformación de agrosistemas extensivos tradicionais en agrosistemas intensivos. Esta acción incidiría entre outros nos LIC Parga-Ladra-Támoga, Baixo Miño ou na ZEPA A Limia e en menor medida no resto dos espazos da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Fomentar determinadas prácticas que favorezan o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitat das especies ameazadas ou de interese comunitario.

Neste caso, os destinatarios serían os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras (ovino, bovino, equino) que exerzan os seus dereitos e actividades, sobre algunhas das superficies incluídas no ámbito xeográfico descrito, así como os propietarios de Montes Veciñais en Man Comùn (MVMC) nos que haxa parcelas clasificadas no SIXPAC como de uso agrario.

B.- Accións para a conservación de hábitats de interese comunitario de porte arbustivo ou herbáceo. Pretende:

- Limitar e condicionar as repoboacións forestais sobre hábitats prioritarios e de interese comunitario de porte arbustivo ou herbáceo. Esta acción incide especialmente nos LIC da área interior e montañosa de Galicia, coincidentes coas áreas de maior produción forestal, onde existen áreas potenciais de transformación forestal que se corresponderían en gran

medida con hábitats prioritarios (Nat-2000 2130*, 2150*, 4020*, 4040*, 6210*, 6220*, 6230*, 7110*, 7130*, 7210*), de xeito que algúns propietarios forestais incluídos na Rede Natura 2000 poden ver limitada a superficie dispoñible para repoboación polo presente plan, xa que se condicionarían estas actuacións no entorno destes hábitat prioritarios.

- Fomentar determinadas prácticas silvícolas e formas de aproveitamiento forestal que favorezan mantemento nun estado de conswervación favorable dos LIC e dos hábitat das especies de interese para a conservación.

Neste caso, os destinatarios serían os titulares individuais ou veciñais dos montes, que exerzan os seus dereitos e actividades, sobre algunhas das superficies incluídas no ámbito xeográfico da Rede Natura 2000 de Galicia.

C.- Accións para a conservación de bosques antigos, conformados por tipos de hábitats de interese comunitario, de elevada biodiversidade. Preténdese:

- Evitar a alteración ou pérdida de superficies conformadas por complexos de bosques antigos, de elevado valor de biodiversidade. Incluense as grandes superficies de complexos de bosques (Nat-2000 5230*, 9120, 9180*, 91D0*, 91E0*, 91F0, 9230, 9330, 9340, 9380, 9580*) que ao seu valor de biodiversidade engaden o papel que xogan como corredores ecolóxicos para numerosas especies. Esta acción incidiría especialmente sobre os LIC Fragas do Eume, Serra do Xistral, Os Ancares – O Courel, A Marronda, Carballido, Río Eo, Cruzul – Agüeira, Parga-Ladra-Támoga, Xubia-Castro, Pena Trevinca, Serra do Cando, Serra do Candán. E en menor proporción o resto dos LIC presentes no ámbito da Rede Natura 2000 de Galicia.

Neste caso, os destinatarios serían os titulares individuais ou veciñais dos bosques, que exerzan os seus dereitos e actividades, sobre algunhas das superficies incluídas no ámbito xeográfico da Rede Natura 2000 de Galicia.

14. Bibliografía

14 Bibliografía

Alvarez Díaz, R. (1972). Estudio de la flora y vegetación de las playas de Galicia. Trab. Comp. Biol. 2: 35-65.

Amigo, J. & Romero, M.I. (1998). Abedulares de origen antrópico en Galicia: caracterización fitosociológica. Stvdia Botanica 17: 37-51.

Amigo, J., Izco, J. & Romero, I. (2004). Swamp alder woodlands in Galicia (NW Spain): phytosociological interpretation. Ecological and floristic contrast to western European swamp woodlands and delimitation versus riparian alder woodlands in southern Europe and Northern Africa. Phytocoenologia 34(4): 613-638.

Arribas, O. (1996). Taxonomic revision of the Iberian "Archaeolacertae" I.: A new interpretation of the geographical variation of "Lacerta" monticola Boulenger, 1905 and "Lacerta" cyreni Müller & Hellmich, 1937 (Squamata: Sauria: Lacertidae). Herpetozoa, 9(1/2): 31-56.

Bellot, F. (1952). Novedades fitosociológicas gallegas (Segunda nota). Trab. Jard. Bot. Santiago de Compostela 6: 5-11.

Bellot, F. (1968). La vegetación de Galicia. Anal. Inst. Bot. Cavanilles, 24:3-306

Blondel, J. (1979): Biogéographie et Écologie. Masson. Paris.173 pp.

Blondel, J. (1995). Biogéographie. Approche écologique et évolutive. Masson. Paris. 297 pp.

Bossard, M.; Feranec, J. & Otahel, J. (2000): The Revised and Suplemented CORINE Land Cover Nomenclature. Technical Report Nº 38. European Environmet Agency. European Environmet Agency. Copenhagen. Pp: 110.

CMADS (2003). Inventario dos Humidais de Galicia. Memoria Técnica. 467 pp. Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Xunta de Galicia.

Comisión das Comunidades Europeas. (1991a). CORINE Biotopes Manual. Methodology. EUR 12587/3. Office for offical Publications of the European Communities. Commision of the European Communities. Directorate-General Environment, Nuclear Safety and Civil Protection. Luxembourg. 70 p

Comisión das Comunidades Europeas. (1991b). CORINE Biotopes Manual. Habitats of the European Community. EUR 12587/3. Office for offical Publications of the European Communities. Commision of the European Communities. Directorate-General Environment, Nuclear Safety and Civil Protection. Luxembourg.

Comisión das Comunidades Europeas. (2009). Report from the Commission to the Council and the European Parliament. Composite Report on the Conservation Status of Habitat Types and Species as required under Article 17 of the Habitats Directive. Bruselas.

Comisión Europea. (1995). The Explanatory Notes to the Natura 2000 Standard Data Form.

Comisión Europea. (2005). Assessment, monitoring and reporting of conservation status -Preparing the 2001-2006 report under Adricle 17 of the Habitats Directive. Note to the Habitats Commitee, DG Environment, Brussels, 15 march

Comisión Europea. (2006). Assessment, monitoring and reporting under article 17 of Habitats Directive. Explanatory Notes & Guidelines. Final Draft 5.

Comisión Europea. (2007). Interpretation Manual of European Union Habitats. EUR-27. European Commission. DG Environment. Nature and Biodiversity.

Covelo, P. & Martínez, J. (2001). Varamientos de mamíferos marinos en las costas de España y Portugal

Cortizo, C. & Sahuquillo, E. (1999). La familia Orchidaceae en Galicia (N.O. Península Ibérica). Nova Acta Cien. Comp. (Biol.) 9: 125-158.

CMADS (2003). Inventario dos Humidais de Galicia. Memoria Técnica. 467 pp. Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Xunta de Galicia.Fernández Aláez, M., Luis Calabuig, E. & Fernádez Aláez, C. (1987). Análisis y distribución de la vegetación macrófita en lagos de montaña de la provincia de León. Lazaroa, 7: 221-233.

Dopico Gutiérrez del Arroyo, F. & Losada Álvarez, A.F. (2002). Una frontera desde el mar a la montaña. Diferencias demográficas costa - interior en el sur de Galicia en la segunda mitad del siglo XX. Novos escenarios para a economía galega: Actas do II Congreso de Economía de Galicia / Edelmiro López Iglesias (ed. lit.), Juan J. Ares Fernández (ed. lit.), 2002, ISBN 84-9759-118-7 , pags. 1003-1021.

EEA-European Environment Agency (2006): The thematic accuracy of Corine Land Cover 2000. Assessment using LUCAS (Land use/cover area frame statistical survey). Technical report No. 7.

EEA-European Environment Agency (2007). Halting the loss of biodiversity by 2010: proposal for a first set of indicators to monitor progress in Europe. Technical report No. 11/2007. Copenhagen. 172 pp.

ETC/BD (2011b). Terrestrial Atlantic Region Reference list. ETC/BD December 2011

ETC/BD (2011b). Marine Atlantic Region Reference list. ETC/BD December 2011

ETC/BD (2011c). Terrestrial Mediterranean Region Reference list. ETC/BD December 2011

ETC/BD (2011d). Marine Mediterranean Region Reference list. ETC/BD November 2011

Géhu, J.M. (1975). Synécologie de Lilaeopsis attenuata (Hooker et Arnott.) Fernald dans l'extreme Nord-Ouest de l'Espagne. Anales Inst. Bot. Cavanilles 32(2): 993-1004.

Giménez de Azcárate, J. (1993a). La vegetación de la montaña caliza del oriente gallego. En: A. Pérez Alberti, L. Guitián Rivera & P. Ramil Rego (Eds.): La evolución del Paisaje en las Montañas del entorno de los Caminos Jacobeos: 133-152. Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Giménez de Azcárate, J. (1993b). Estudio fitosociológico de la vegetación de los afloramientos calizos de Galicia. Memoria Doctoral (inéd.). Facultade de Bioloxía. Universiade Santiago de Compostela.

Gómez-Orellana, L. & Ortiz, S. (2004). Festuca brigantina subsp. actiophyta Gutiérrez Villarías En: Bañares et al. Atlas y Libro Rojo de la Flora Vascular Amenazada de España. Dirección General para la Biodiversidad. Madrid: 891

Groombridge, B. & M.D. Jenkins (2000). Global biodiversity: Earth's living resources in the 21st century. Cambridge, Reino Unido: WCMC-World Conservation Press.

Guitián, P. (1989). Ecosistemas litorales del Noroeste de la Península Ibérica: complejos de vegetación psamófila e higrófila. Tesis Doctoral (inédita). Facultade de Bioloxía. Universidade de Santiago de Compostela

Guitián, J. & Guitián, P. (1989). La influencia de las colonias de aves marinas en la vegetación de los acantilados del noroeste Ibérico. Bol. Soc. Brot. Ser. 2, 62: 77-86.

Guitián, J. & Guitián, P. (1990). A Paisaxe vexetal das Illas Cíes. 127 pp. Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Gutiérrez Villarías, I.; Romero, M.I.; Soñora, X. & Homet, J. (1997). A new subspecies of Festuca brigantina (Markgr.-Dann.) Markg.-Dann. Botanical Journal Of the Linnean Society 123: 249-255.

IGN (2004). Actualización de la Base de Datos Corine Land Cover. Proyecto I&CLC2000. Informe final.

IGN (2010). Metodología de producción de la base de datos CLC-Change 2000-2006

Instituto Galego de Estatística (2006). Galicia en Cifras. Anuario 2005. Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda. Santiago de Compostela.

Izco, J. (1992). Diversidad y originalidad ecológica y florística del litoral cantabro-atlántico español. An. Real Acad. Farm. 58 (4): 483-508.

Izco, J. (2001). La flora y la vegetación. En: A. Precedo Ledo & J. Sancho Comíns (Dir.): Atlas de Galicia. Tomo I: Medio Natural: 219-257. SITGA-Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal. Consellería da Presidencia. Xunta de Galicia. Samtiago de Compostela.

Izco, J., Guitián, P. & Sánchez, J.M. (1993). Análisis y clasificación de las comunidades vegetales vivaces de las dunas vivas gallegas. Rev. Real Acad. Gal. Cienc. 12: 79-104.

Izco, J., Guitián, P. & Sánchez, J.M. (1989). Las especies litorales de Armeria en la Península Ibérica comportamiento corológico y fitosociológico. Colloq. Phytosoc. 18 (Phytosociologie littorale et Taxonomie): 154-163.

Izco, J., Guitian, P. & Guitian, J. (1988). Presencia de la alianza Linarion pedunculatae en los cordones dunares galaico-portugueses. Acta Bot. Malacitana 13: 209-216.

Izco, J. & Ramil, P. (Coords.) (2001): Análisis y Valoración de la Sierra de O Xistral: un Modelo de Aplicación de la Directiva Hábitat en Galicia. Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental. Santiago de Compostela. 161 pp.

Izco, J. & Sánchez, J.M. (1996). Los medios halófilos de la ría de Ortigueira (A Coruña, España) Vegetación de dunas y marismas. Thalassas 12: 63-100.

JRC-Joint Research Center (1997): Technical and methodological guide for updating Corine Land Cover data base. Edited by Space Applications Institut AIS Unit.

JRC-Joint Research Center (2005): IMAGE2000 and CLC2000. Products and Methods. Edited by JRC-IES.

Loh, J., (Ed.) (2000). Living Planet Report 2000, WWF-World Fund For Nature, Gland, Switzerland, pp. 1–32

López, A.; Fernández, R.; Alonso, J.M. (2007). Impactos Humanos sobre Tartarugas e Mamíferos Mariños en Galicia. Publicación do departamento educativo da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños. Nº 7: 60 pp.

Mas, J. F. & Fernández, T. (2003). Una evaluación cuantitativa de los errores en el monitoreo de los cambios de cobertura por comparación de mapas. Investigaciones Geográficas, Boletín del Instituto de Geografía, UNAM, nº 51, pp. 73-87.

Meaza, G. (Dir.) (2000). Metodología y práctica de la biogeografía. Ediciones del Serbal. Barcelona.

Míguez-Rodríguez, L., González, C. & García-Álvarez, O. (1996). Guía Ecolóxica do Litoral Galego. 390 pp. Edicións Xerais de Galicia. Vigo.

MMA (2003). Atlas y Manual de los Hábitats de España. Ministerio de Medio Ambiente. Madrid.

MARM (2008). Inventario Nacional de Biodiversidad (Bases de datos). Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino

Molina, J. A. & Casado, R. (1998). Datos sobre la vegetación anfibia vivaz de la Península Ibérica. Doc. Phytosoc. XVIII: 151-156.

Morla Juaristi, C. (1983). Estudio ecológico de la cubierta vegetal leñosa y análisis floristico en el Macizo Manzaneda-Queija (Orense). Tesis Doctoral (inédita). 408 pp. Escuela Técnica Superior de Ingenieros Agrónomos. Universidad Politécnica de Madrid.

Observatorio de la Sostenibilidad en España (OSE) (2006). Cambios de ocupación del suelo en España: implicaciones para la sostenibilidad. Mundiprensa. Madrid. 485 pp.

Observatorio de la Sostenibilidad en España (OSE) (2010). Sostenibilidad en España 2009. Atlas. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. Fundación Biodiversidad. Fundación de la Universidad de Alcalá. Mundiprensa. Madrid. 451 pp.

Ortiz, S. (1986). Series de vegetación y su zonación altitudinal en el macizo de Pena Trevinca y Serra do Eixo. Tesis Doctoral inédita. 509 pp. Departamento de Biología Vegetal. Universidad de Santiago de Compostela.

Palomo, L.J. & Gisbert, J. (2002). Atlas de los Mamíferos Terrestres de España. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Sociedad Española para la Conservación y Estudio de los Mamíferos-Sociedad Española para la Conservación y Estudio de los Murciélagos. Madrid, 564

Palomo, L. J.; Gisbert, J. & Blanco, J. C. (2007). Atlas y Libro Rojo de los Mamíferos Terrestres de España. Dirección General para la Biodiversidad -SECEM- SECEMU, Madrid. 588 pp.

Pleguezuelos, J.M.; Márquez, R. & Lizana, M. (Eds.) (2002). Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetológica Española. Madrid, 585

Pontius Jr., R. G. Y Lippitt, C. (2006). Can error explain map differences over time?. Cartography and Geographic Information Science 33(2): pp. 159-171.

Prada Blanco, A. (2004). Economía de Galicia, situación actual y perspectivas. tresCtres Editores. A Coruña.

Pulgar, I. (1999). La vegetación de la Baixa Limia y Sierras del entorno. Tesis Doctoral (inédita). Facultade de Farmacia. Universidade de Santiago de Compostela.

Ramil Rego, P., Rodríguez Guitián, M.A.; Rubinos Román, M.; Ferreiro da Costa, J.; Hinojo Sánchez, B.; Blanco López, J.M.; Sinde Vázquez, M.; Gómez-Orellana Rodríguez, I.; Díaz Varela, R. & Martínez Sánchez, S. (2005). La expresión territorial de la biodiversidad. Paisajes y hábitats. Recursos Rurais. Serie cursos e monografias do IBADER, 2: 109-128.

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez González, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008b). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Hinojo Sánchez, B.A.; Rodríguez González, P.M.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B. ; Díaz Varela, R.A.; Martínez Sánchez, S. & Cillero Castro, C. (2008a). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Descrición e Valoración Territorial. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.

Ramil, P.; Freire, J.A. & Santamarina, J. (Coord.) (2008). Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB). Recurso en liña: http://inspire.xunta.es/siteb/acceso.php. Xunta de Galicia.

Rivas-Martínez, S.; Asensi, A.; Costa, M.; Fernández-González, F.; Llorens, L.; Masalles, R.; Molero Mesa, J. Penas A. & Pérez de Paz, P.L. (1993). El Proyecto de cartografía e inventariación de los tipos de hábitats de la Directiva 92/43/CEE en España. Colloques phytosociologiques 22, 611-661

Rodríguez Guitián, M.A. (2004). Aplicación de criterios botánicos para a proposta de modelos de xestión sustentable das masas arborizadas autóctonas do Subsector Galaico-Asturiano Septentrional. Tesis doctoral inédita. 620 pp. Escola Politécnica Superior de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela.

Rodríguez-Oubiña, J. (1986). Estudio fitosociológico de las brañas de la provincia de A Coruña. Tesis Doctoral (inédita). Facultad de Farmacia. Universidade de Santiago de Compostela.

Rodríguez-Oubiña, J., Romero, M.I. & Ortiz, S. (1997). Communities of the class Littorelletea uniflorae in the northwest iberian Peninsula. Acta Bot. Gall.144 (1): 155-169.

Rodríguez-Oubiña, J. & Ortiz, S. (1991b). Luronium natans (Alismataceae) in the Iberian Peninsula. Willdenowia, 21: 77-80.

Romero, M.I., Ramil, P. & Rubinos, M. (2004a). Conservation status of Eryngium viviparum Gay. Acta Bot. Gallica 151 (1): 55-64.

Romero, M.I., Rubinos, M. & Ramil, P. (2004b). Luronium natans, a rare species in the Iberian Peninsula. Belg. Journ. Bot. 137(1):

Saco Álvarez A. (2005). A poboación en Galicia. Pp 73-91. In: Rojo Salgado, A., (2005) Ámbitos de Galicia, análise e perspectiva da Galicia do século XXI. Concello de Vigo, Fundación Caixa Galicia. Vigo.

Sales F & Hedge IC (2001). Jasione L.. In: Flora Iberica. Vol XIV: Myoporaceae - Campanulaceae. Ed. S. Castroviejo. Real Jardín Botánico, CSIC. Madrid.

Sánchez Fernández, J.M. (1991). Valoración florística y fitosociológica de la Marisma de Betanzos (A Coruña). Memoria de Licenciatura. 162 pp. Facultad de Biología. Universidade de Santiago de Compostela.

Sánchez Fernández, J.M. (1995). Caracterización florística y fitosociológica de las rías de Ortigueira y Ladrido (Noroeste de la Península Ibérica) en relación con factores ambientales. Tesis Doctoral (inédita). Facultade de Bioloxía. Universidade de Santiago de Compostela.

Sanmartín Bienzobás, L.A. & Lago Canzobre, E. (1998). Guía da flora do litoral galego. 367 pp. Edicións Xerais de Galicia. Vigo

Shrader-Frechette, K.S. & McCoy, E.D. (1993). Method in Ecology. Strategies for Conservation. Cambridge University Press, Cambridge.

Silva-Pando, F.J. (1990). La flora y vegetación de la Sierra de Ancares: base para la planificación y ordenación forestal. Tesis Doctoral (inédita). Universidad Complutense de Madrid.

Silva-Pando, F.J., García Martínez, X.R. & Valdés-Bermejo, E. (1987). Vegetación de las Gándaras de Budiño. 47 pp. Departamento de Publicaciones. Diputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.

Soñora, F.X. (1989). Flora vascular de Valdoviño. Concepción Arenal, ciencias y humanidades 22: 93-115.

Valcarcel, N.; Villa, G.; Arozarena, A.; García-Asensio, L.; Caballero, M.E.; Porcuna, A.; Domenech, E. & Peces, J.J. (2008). SIOSE, a successful test bench towards harmonization and integration of land cover /use information as environmental reference data. The International Archives of the Photogrammetry, Remote Sensing and Spatial Information Sciences. Vol. XXXVII. Part B8. Beijing. 1159-1164.

Valdés-Bermejo, E. & Silva-Pando, F.J. (1986). Vegetación del Istmo de la Lanzada. 42 pp. Departamento de Cultura. Diputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra

VV.AA., 2009. Bases ecológicas preliminares para la conservación de los tipos de hábitat de interés comunitario en España. Madrid, Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino.

Wackernagel M & Rees W, (1996). Our Ecological Footprint: Reducing Human Impact on the Earth New Society Publishers.

Xunta de Galicia (2011). Directrices de Ordenación do Territorio. Xunta de Galicia.